

Ricardo Carvalho Calero,

ORADOR

DISCURSOS E LECCIONES

EDICIÓN, INTRODUCCIÓN E NOTAS DE MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO



Ricardo Carvalho Calero,
ORADOR
DISCURSOS E LECCIONES

EDICIÓN, INTRODUCCIÓN E NOTAS DE MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

© Ricardo Carvalho Calero, orador. Discursos e leccións

Edita:

© Parlamento de Galicia, 2020
Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
www.parlamento.gal

Diseño e maquetación:

Teófilo Comunicación | www.teofilocomunicacion.com

As fotografías incluídas neste libro pertencen á familia de Ricardo Carvalho Calero, ao Parlamento de Galicia e á autora da edición. Cando existe constancia da autoría das mesmas, así se indica: Manolo Blanco, Pablo Ces, Luís García Soto, Eduardo Rodríguez Ochoa. A todas estas persoas e ao Parlamento, o noso agradecemento.

ISBN: 978-84-7836-124-3

Depósito legal: C 349-2020

Prohibida a reproducción total ou parcial desta obra sen permiso debidamente autorizado e por escrito do propietario do copyright.





O autor: Ferrol, 3 de xaneiro de 1931

ÍNDICE

Prólogo.....	páx. 9
Introducción.....	páx. 11
Discurso de inauguración do curso 1930-1931.....	páx. 21
Aos escolares, aos universitarios, aos galegos.....	páx. 29
Poesías paralelas (BBC).....	páx. 37
Discurso de ingreso na Real Academia Galega.....	páx. 43
Discurso en Cambados.....	páx. 133
Quinze anos em Lugo.....	páx. 145
Homenaxe a Del Riego.....	páx. 159
Louvanza do Doutor Cunqueiro.....	páx. 163
Louvança do vinho do Ribeiro.....	páx. 169
Discurso inaugural do I Congresso da Língua Galego-Portuguesa na Galiza...	páx. 179
Um brinde.....	páx. 185
Aportazón de Ferrol ás letras galegas.....	páx. 191
Discurso inaugural do Congreso Rosalía de Castro e o seu tempo.....	páx. 209
Situacom presente e orientaçom futura dos problemas gerais da nossa língua...	páx. 215
Discurso inaugural do Congreso Castelao.....	páx. 231
A identidade galega na história. O pensamento contemporáneo.	
Otero Pedraio: Das Irmandades ao Seminário.....	páx. 247
Epílogo.....	páx. 261

PRÓLOGO

Como depositario da biblioteca e do legado documental e epistolar de Ricardo Carballo Calero, para o Parlamento de Galicia é unha regalía impulsar a edición do volume que o lector ten nas súas mans e co que tratamos de contribuír a un mellor coñecemento da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2020.

A palabra constitúe unha das esencias do parlamentarismo democrático. E a palabra é unha das razóns de ser deste libro, que recompila discursos e leccións de Ricardo Carballo Calero, acreditando, máis unha vez, os seus elevados dotes oratorios, mais tamén a erudición dun dos grandes polígrafoas da cultura galega contemporánea.

Quero aproveitar estas liñas para expresar o meu agradecemento ás fillas de Ricardo Carballo Calero, Margarida e María Victoria, pola acollida entusiasta que dispensaron á proposta formulada desde o Parlamento de Galicia, e pola colaboración que brindaron para materializar esta iniciativa confiada, por suxestión súa, á profesora María Pilar García Negro. Ninguén mellor ca ela para acometer este traballo na súa dobre condición de discípula e experta na vida e obra de Carballo Calero, mais tamén pola súa condición de ex-deputada do Parlamento de Galicia.

Xorde este proxecto editorial canda unha exposición do Parlamento sobre a figura e a obra do autor homenaxeado pola Real Academia Galega neste ano. Casualidade ou non, tamén en 2020 se conmemora o primeiro centenario da Xeración Nós, configurada arredor da revista homónima, na que Carballo Calero comezou a colaborar desde mociño.

Tanto o libro como a exposición respectan o enfoque suxerido polas fillas do homenaxeado, herdeiras e titulares dos dereitos da súa obra. A ausencia de interpretacións é deliberada, porque a obxectividade constitúe a maneira máis honesta de achegármosen a un persoero polifacético, rico en matices e sempre comprometido con Galicia, como foi Carballo Calero.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

INTRODUCCIÓN

O 27 de Xuño de 1997, o Parlamento galego acollía, en acto solemne, a biblioteca e o legado documental e epistolar de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990). Presidido por D. Víctorino Núñez, presidente da Cámara, e por D^a María Ignacia Ramos, viúva do profesor e escritor, contou coas intervencións de D^a Margarida Carballo Ramos, a súa primoxénita, en nome da familia, do Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, D. Darío Villanueva, dos representantes dos grupos parlamentares e, naturalmente, do propio Presidente. Depositado aquel legado na mellor sala da Cámara, ao dispor de investigadores e estudiosos da cultura galega, permitiu así arrequecer a bibliografía sobre un período decisivo da historia contemporánea da Galiza. Ten, pois, esta institución un papel central na conservación da memoria de tan ilustre personalidade, na difusión do seu legado e na divulgación do mesmo entre todos aqueles colectivos que a visitan periodicamente.

O actual Presidente do Parlamento, D. Miguel Santalices Vieira, sabedor da importancia da personalidade e da obra de Carvalho Calero, dedicario do Día das Letras Galegas 2020, honrounos cunha encomenda que supón para nós un emotivo reencontro coa persoa e obra do noso profesor, do noso mestre. Estes atributos tivemos a ocasión de llos expresar en vida e, após o seu falecemento, continuamos a tratar diversos aspectos da súa obra, tanto en publicacións galegas como en congresos internacionais. Cumprimentarmos, pois, esta encomenda é, para nós, unha feliz oportunidade de dar a valer, máis unha vez, o traballo incansábel a prol da cultura galega en xeral, da súa lingua e literatura en particular, de quen pode sen dúbida ser cualificado como o mellor polígrafo das letras galegas na segunda metade do século XX.

De común acordo co Presidente do Parlamento e coas súas fillas, legatorias e lexítimas posuidoras dos dereitos da súa obra, decidimos compor un volume que recollese unha parte ben importante da súa dedicación intelectual, embora menos coñecida ou menos tratada. Trátase dunha escolma dos seus discursos, como proba fidedigna da súa maxistral capacidade oratoria ao longo de toda a súa vida, exercida desde a máis precoz mocidade até os seus derradeiros días. Este volume contén, pois, unha mostra desta súa dimensión, que o fai continuador da mestría de grandes oradores como o seu admirado Ramón Otero Pedraio e que oferecerán ao público leitor unha mostra representativa -en tempos e en temas- da súa intervención pública en lugares e actos ben diversos, mais sempre coa dignificación da cultura galega como norte e finalidade, que agardamos ilumine como merece a súa dedicación incesante á significación cultural da nosa terra.

O Parlamento, pola súa propia natureza e función, é institución privilexiada para acoller un volume destas características: o uso da palabra pública elevado ao seu máis alto nivel de calidade e erudición.

Criterios da selección

Decidimos subtitular este libro co rubro “Discursos e leccións”, no gosto por restaurarmos, no segundo substantivo, un nome que posúe asento letrado en múltiplos autores e literaturas. Por mencionarmos só referencias do comezo e da fin da vida do noso escritor -que coincide mesmamente cos do século XX-, citaremos as *Lições de Philologia Portuguesa* (1911), de José Leite de Vasconcelos; a obra homónima de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1912) ou as *Lezioni americane* (1988), de Italo Calvino. “Lección” é un termo de rica polisemia, que encerra tanto a significación docente como a didáctica en xeral, e ambos semantemas se verifican cumplidamente na obra de Carvalho Calero. Canto ao primeiro substantivo, ben nos decatamos de utilizármolo no sentido máis amplio do termo, isto é, tanto para se referir a discursos no sentido máis convencional -alocucións públicas- canto a intervencións, igualmente públicas, que son

tanxentes a outros formatos: conferencias, pregóns, homenaxes... E é que estamos a falar dunha fronteira lábil, sen divisorias ríxidas, que nos permite unha viaxe cronolóxica e temática de grande variedade e versatilidade. De por parte, o discurso permite a expresión de pensamentos e de sentimientos -credenciais do ensaio como xénero literario- que comporá tamén unha “biografía” do autor ao longo do tempo.

Hai, xa que logo, varias “cartografías”, varios espellos en que ollarmos este aspecto da obra do noso escritor. Podemos compor un mapa locativo, espacial, que se pontuará en varias localidades galegas: Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, A Coruña, Cambados, Ribadavia, Ourense, Pontevedra, mais que comprenderá tamén lugares da Galiza extraterritorial: Londres, Buenos Aires. O segundo espello permítenos trazar un itinerario temporal que vai desde 1930 até 1988: seis décadas de vida e traballo continuado. O terceiro devólvenos a imaxe dun escritor pertencente á Universidade compostelana e á Real Academia Galega, cumpridor cabal de encomendas destas institucións. O cuarto facilítanos o coñecemento do extraordinario labor público desenvolvido na derradeira década da súa vida, en actos organizados por asociacións tan activas como a Associaçom Galega da Língua ou a Mesa pola Normalización Lingüística. Hai, en fin, un outro *mapa* de afectos particulares, tanto no literario como no persoal, que o levan a se ocupar de Rosalía de Castro, Castelao, Otero Pedraio, Cabanillas, Cunqueiro ou Fernández del Riego.

Temos así a oportunidade de asistirmos a unha tribuna de enorme riqueza e plena de suxestións. A poucos días de facer os vinte anos, é quen de proferir o discurso de inauguración do curso escolar na Universidade de Santiago de Compostela, o 1º de Outubro de 1930, por delegación expresa dos seus compañeiros da Facultade de Dereito, como de redixir o manifesto dirixido aos escolares, aos universitarios, aos galegos (1933), asinado por vinte e cinco estudiantes de todas as Facultades daquela existentes (cinco) na universidade galega. O leitor reparará nunha recorrenzia significativa en ambos: “Galicia existe” e, por existir, é suxeito de dereitos e de representación cultural e política. Leremos un discurso radial, o que

se corresponde cunha das súas dúas intervencións no programa de cultura galega da BBC; a primeira, de Febreiro de 1949 (“Galicia polo mundo”) e a que editamos, de 1950. Forma filas nesta importante xanela de difusión da cultura galega con personalidades como Ramón Otero Pedraio, Florentino Cuevillas, Ramón Vilar Ponte, Plácido Castro, Fermín Bouza Brei, Felipe Fernández Armesto, Ben-Cho-Shey, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisco Fernández del Riego, Xosé María Álvarez Blázquez, Rafael Dieste, Sebastián Martínez-Risco, Stephen Reckert, George Hills, Ánxel Fole, Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María.

Mención especial merece o discurso máis longo dos que incluímos nesta escolma. Trátase do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (o 17 de Maio de 1958, data, desde logo, simbólica e premonitoria), que vén ser, en por si, un libro enteiro, unha monografía sobre Rosalía de Castro, dotada dun rigor, uso exhaustivo de fontes, bibliografía rosaliana preexistente e amplísima erudición literaria universal que fan dela un contributo realmente singular no xénero. Relido hoxe, en que a investigación e divulgación rosaliana conta con relevantes achegas, chama a atención polas súas decisivas iluminacións sobre a personalidade e a obra única da nosa universal escritora galega.

Da importancia do seu papel senlleiro na investigación literaria dan boa proba os discursos de inauguración dos congresos internacionais dedicados a Rosalía de Castro e a Castelao no centenario do falecemento de aquela (1985) e do nacemento deste (1986). O discurso, en Cambados, dedicado a Cabanillas, no cabodano do seu falecemento, é unha verdadeira monografía sobre o grande poeta. Do seu compromiso activo coa causa da lingua galega e das solucións propostas para o seu futuro derivan o discurso inaugural do *I Congresso da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (1984) ou o discurso de clausura do *Encontro sobre o estado actual da normalización lingüística* (1986), de que derivaría a creación da Mesa pola Normalización Lingüística. O pregón de homenaxe ao viño do Ribeiro é un texto delicioso, cheo de referencias históricas e non exento de chamas á actualidade: tanto o viño como a lingua han de ser xenuíños; debe-

riámos exportar produtos, non persoas. O discurso proferido no Centro Lucense de Buenos Aires (1974) oferécenos un magnífico resumo da súa estadía de quince anos como docente e director do Colexio Fingoi de Lugo, asistida dun sentido de innovación pedagóxica admirabelmente moderna, sob a batuta do fundador do mesmo, D. Antonio Fernández López, e del mesmo.

O texto que recolle a homenaxe ao seu amigo e compañoiro Fernández del Riego transpórtanos ao Santiago que eles coñeceran e amaran como estudantes. A *laudatio* de Álvaro Cunqueiro, como recipiendario do doutoramento *honoris causa*, dentro do protocolo habitual deste acto universitario, non deixa de incluír claves ben definitorias da obra do mindonense. A súa atención ás outras *universidades* brilla no discurso pronunciado na V edición das Xornadas de Filosofía organizadas pola Aula Castelao de Filosofía (1988), lección fundamental para coñecermos o significativo percorso cultural que representaron as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos. Todo o seu cariño pola cidade natal, Ferrol, e a súa vontade de integrala, a través de escritores ao longo da historia, na historia xeral da cultura galega, reloce no discurso dedicado á achega daquela cidade a ela.

Finalmente, hai un discurso que subliñamos, pola súa singularidade e porque acredita os dotes oratorios que caracterizaron o noso personaxe até a fin dos seus días. Trátase dun discurso enteiramente improvisado, pois non fora previsto nem programado. Tivo lugar na noite do 24 de Febreiro de 1985, en que a Asociación de Escritores en Lingua Galega, presidida na altura por Uxío Novoneyra, organizara unha cea de homenaxe a Rosalía de Castro, que contou con trinta e cinco asistentes. Após as intervencións de Novoneyra e de Manuel María, algúns dos presentes pedimos a D. Ricardo que nos dirixise unhas palabras, decatándonos da nosa imprevisión ao non llo ter solicitado coa debida antelación. Non só non se opuxo senón que proferiu unha peza oratoria que cativou e emocionou todos os asistentes. Transcrita aquela mesma madrugada, ao fío da reconstrución que amavelmente nos fixo do discurso, e mecanografiada,

grafado con posterioridade, puido ser editado pola AELG e incorporado despois polo autor co título “Um brinde”, en libro publicado en 1989. Para quen sabíamos ben da súa capacidade discursiva, a sorpresa foi menor, pois forámos testemuñas, en moitas ocasións, de como compuña unha conferencia perfeita a partir dun moi breve e esquemático guión, totalmente ordenada tanto na sintaxe como na secuencia temática e argumental, sen a menor concesión ao coloquialismo ou aos altibaixos da comunicación oral de carácter informal. Unha outra proba desta súa prodixiosa capacidade foi o seu derradeiro discurso (que non podemos incluír, pois non se conserva –ou non achamos– gravación do mesmo), o que pronunciou no Concello de Ferrol, o 7 de Xaneiro de 1990 (moi pouco antes do seu falecemento, o 25 de marzo dese ano), en que foi recibido como Fillo Predilecto da cidade. As notas que escrebeu para o mesmo non deixan de incluír a petición de que o acordo que houbera para o seu nomeamento puidese existir tamén para afrontar os moitos problemas da súa cidade natal, sempre, como se ve, unindo a súa biografía, a súa individualidade, á sorte colectiva.

En suma, velaquí temos o retrato dun galego universal, no sentido que el lle deu a esta definición e que imos reproducir escrupulosamente: considerarse nativo de calquer lugar da Galiza, en calquer lugar onde houber galegos; un “galego universal, no dobre sentido da palabra, no sentido de que son de toda Galiza, e no sentido de que considero a Galiza unha parte do universo”. Na relembranza daquela máxima do Partido Galeguista de que foi cofundador: Galiza, célula de universalidade. Lonxe de toda imitación servil, considerando a Galiza centro emisor e receptor, non satélite. Consagrando, en definitiva, toda a súa vida á súa significación, á súa dignificación, cunha obra descomunal, en cantidade, en calidade e en variedade de saberes e dedicacións, obra que non ten parangón na súa xeración e no seu tempo de vida. Sempre nunha actitude e nunha posición de servidor, nunca de pontífice. A render tributo de coñecemento, de respeito e de admiración a esa súa obra queren servir estas páxinas.

Criterios de edición

Coidamos que a utilidade e a oportunidade deste volume, patrocinado polo Parlamento galego, fican á vista se atendermos non só estritamente ao seu contido senón a un outro factor editorial: tendo sido todos os textos recollidos en libros varios, dáse a circunstancia de que boa parte das editoras que os acollerón xa non existen ou ben non os reeditaron. Sendo, pois, textos éditos, en moitos casos equipáranse a textos inéditos para o público leitor de hoxe, que non ten facilidade para os atopar en publicacións actuais.

O criterio fundamental de edición que seguimos é o estritamente filolóxico, isto é, o que reproduce os textos tal e como o autor os dispuxo, corrixiu e publicou en vida. Autor, autoría, autoridade... partillan etimoloxía, e a esta *uctoritas* apelamos para a súa transcripción e inclusión neste volume. É esta a razón pola cal non traducimos o primeiro discurso, en español, ou a razón pola cal respeitamos fidedignamente a ortografía usada polo escritor ao longo dunha traxectoria bibliográfica tan dilatada e tan fecunda. Como regra xeral, optamos por aquelas edicións que el preparou para libros da súa autoría, aínda que sinalamos outras fichas bibliográficas que tamén recollen textos seleccionados neste volume. Incluímos as notas con que o escritor completou algúns deles. Todas as nosas van marcadas con asterisco (*). Consideramos oportuno anotar algunha aclaración de tipo histórico, mais non sobrecargamos de información complementar a elocuencia dos discursos, exercicio que sería ousada intromisión pola nosa parte.

Cabo

Volvemos ao comezo. Sen hipérbole, afirmamos que este é un dos libros que abordamos e ao que lle pomos agora o ramo con máis emoción e con máis admiración pola persoa nel homenaxeada. Como alumna, como discípula, é para mim unha honra, como dixen, poder corresponder deste xeito ao meu profesor e, sobre todo, ao mestre de quen tanto

aprendín e aprendo, na intelixencia de que somos elos dunha cadea que debemos coñecer e recoñecer en todo o seu valor histórico.

Na relación de agradecementos, deben figurar, en primeiro lugar, D. Miguel Santalices Vieira, Presidente do Parlamento galego, pola confianza outorgada, o mesmo que a dispensada polas súas filhas Margarida e M^a Victoria. Desta estimo igualmente a atención do epílogo que cerra o volume, como do Presidente o prólogo que o encabeza. Non quero concluir sen mencionar persoas amigas que atenderon con toda a diliexencia e afabilidade as miñas peticións de datos ou datas. Inestimábel a axuda de Carme Cao Vilariño na composición dos textos. A Vítor Vaqueiro, Xoán Costa, Xoán Carlos Garrido Couceiro, Antonio Raúl de Toro Santos, Emilia Seoane Pereira, Aurora Marco, Pablo Ces e Vicente Araguas débolles o favor da oportuna confirmación de datas por min solicitada, o mesmo que a Fernando Negueruela, da Biblioteca do Parlamento galego, a Fernando Pereira, da Real Academia Galega, ou a todo o persoal traballador da Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, que honran, todos eles e elas, o seu oficio e o seu gremio. De Manuel Ferreiro, colega e amigo, agradezo sempre os seus sabios consellos e o intercambio continuo de pareceres e opinións. Agora só resta o xuizo de quen ler o libro, neste xa inminente 2020, que coñecerá o centenario da publicación da revista de alta cultura *Nós*, en que se iniciou ben cedo (con dezasete anos) o noso escritor, dando fe así dun compromiso temperán coa cultura galega, como anuncio dunha esplendorosa floración literaria mantida até a fin dos seus días.

María Pilar García Negro
Galiza (A Coruña), Decembro 2019




Foto: Manolo Blanco



O autor no ano da súa chegada á universidade, 1926.

Fotocomposición de Pablo Ces.

“DISCURSO LEÍDO POR EL SEÑOR DON RICARDO CARBALLO CALERO, ALUMNO DE LA FACULTAD DE DERECHO DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN LA APERTURA DEL CURSO DE 1930 A 1931”*

Excmo. Sr.

Señoras, Señores:

Cabe justificar mi presencia en este acto desde dos puntos de vista: considerando mi carácter de escolar y teniendo en cuenta mi individualidad determinada. En cuanto a lo primero, sin duda alguna a todos se os alcanza la razón de que en la solemnidad inaugural del curso académico resuene la voz de un estudiante, no oída hasta el presente por este parainfo en análogas circunstancias. Se trata, como sabéis, del cumplimiento de una Real orden dictada por el Excmo. Sr. Ministro de Instrucción Pública el 18 del pasado setiembre, Real orden cuyo texto me parece pertinente transcribir a continuación, y cuya glosa eludiré, porque la disposición se comenta a sí misma.

Dice así la citada Real orden, inserta en la Gaceta del 19 de los pasados días de setiembre:

“Ilmo. Sr.: No se integra la Universidad con el Profesorado y los Doctores del Claustro sino también con los alumnos, habiéndose de considerar que los estudiantes de los Altos Cuerpos culturales, por su edad, madurez formativa del espíritu y naturaleza de sus estudios y por los trabajos a que se han de consagrar muy luego, son y significan en los Claustros universitarios todavía mucho más que sus compañeros en las demás ins-

*Tal e como indica o autor na obra que a seguir mencionamos, este discurso foi publicado pola Universidade de Santiago de Compostela e impreso na tipografía Paredes desta cidade. Nós recollémolo de CARBALLO CALERO, Ricardo: *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1987, páxs. 87-94.

tuciones de enseñanza: son los universitarios, llamados a una intervención significativa y objeto, en conjunto, de toda la afectuosa atención de sus Maestros, todos colaboradores en las tareas científicas.

Considerados estos pensamientos por muchos, un año y otro año, en la fiesta de la apertura del curso, notaban la conveniencia de que en la solemnidad del paraninfo universitario se dejara oír la voz de un calificado representante de la clase escolar, como se escucha, casi secularmente ya, la voz magistral, en turno, año por año, de uno de los Maestros.

La observación que se ocurría de la dificultad o la delicadeza de la designación personal, la de uno entre tantos centenares o millares de matriculados en el curso a inaugurar o del curso anterior ha venido a obviarse si se piensa que por la legislación vigente, y ya asentada la representación, figuran como Miembros de la Junta de Patronato de la Universidad, un alumno por Facultad, presidido por un Profesor, los que en ocasiones precisas han sido oídos por las Autoridades académicas y han comunicado con las mismas las observaciones, los deseos y las peticiones de sus compañeros. Un turno de Facultades, año por año, igual, aunque acompañado alternadamente, que el turno que se sigue para la designación del Catedrático que lleva la voz del Maestro en la ceremonia del 1º de Octubre, con igualdad de exigencias protocolares, como de designación, discurso precisamente escrito e impreso y previamente aceptado por la Autoridad rectoral, permitiría que cada año se oyera la voz juvenil y el aliento científico generoso de un representante auténtico de la clase escolar en cada una de las Facultades.

Reformas vitales, sin embargo, todas, las de grande como las de modesta entidad significativa, en los Centros Culturales, no deben ser impuestas por el Poder público, sino autorizadas y dejadas a la prudencia y al celo de las Autoridades académicas, y en consecuencia, y brindándose a la experiencia que se logre alcanzar, S. M. el Rey (q. D. g.) se ha servido autorizar al Rector y Junta de Gobierno de cada una de las Universidades del

Reino para acordar libremente, y para ordenar y reglamentar en su caso, cuanto entiendan propio y hacedero, en consecuencia y cumplimiento de lo enunciado en los anteriores conceptos.

De Real orden lo digo a V. I. para su conocimiento y efectos.
Dios guarde a V. I. muchos años.

Madrid, 18 de Septiembre de 1930.- TORMO. Señor Subsecretario de este Ministerio”.

En cumplimiento de esta disposición, convocados por el Sr. Rector los alumnos vocales de la Junta de Patronato, aquellos que pudieron concurrir me hicieron el honor de designarme para elevar mi voz en este acto en representación de los alumnos de este Centro.

Sin duda la participación que en la solemnidad de apertura del curso concede la Real orden a un representante de la clase escolar, ha de llevarse a efecto, según el espíritu y la letra de la citada disposición, mediante la lectura de una monografía de carácter científico. Mas dado lo reciente del precepto ministerial, se estimó, con justicia, totalmente imposible la realización de aquel extremo en la fecha de hoy, y se acordó encomendar al alumno que hubiese de intervenir en este acto, la exposición de las más fundamentales aspiraciones de la clase escolar, juzgando ser ésta una ocasión sobremanera pertinente para tales efectos.

Mas aun dentro de los límites de este propósito, la premura del tiempo impide el desarrollo de la idea. Perdonadme, pues que –por llenar la formalidad– me ciña a apuntar unos pocos extremos.

Inspirarse la Real orden de 18 de setiembre en el criterio que debe informar toda la vida de la Universidad: el criterio presidido por la idea esencial de una colaboración cordial y constante de alumnos con profesores. Al cuerpo de catedráticos y al cuerpo escolar interesan por igual los asuntos universitarios: de común acuerdo deben resolverlos. Mas para que la labor con que los escolares cooperen al bienestar de la Universidad sea una labor eficaz,

es menester que sea una labor metódicamente realizada. Para realizar semejante labor, necesitan los estudiantes estar organizados. Pero organizados de un modo tal que permita recoger y armonizar los esfuerzos de todos, unificar todas las tendencias, agrupar todas las energías, recibir como la taza de una fuente los chorros vivos y múltiples que de mil puntos brotan, para sosegarlos en el agua serena de un remanso único. Se debe aspirar a que los estudiantes se organicen para fines profesionales, porque sólo la profesionalidad es aglutinante capaz de unirlos a todos. Y así, unidos por aquello que realmente puede unirlos, respetándose pulquérrimamente el ideario político, moral o religioso de cada uno, podrán los estudiantes constituir una gran fuerza cultural, una gran fuerza universitaria; que es lo que sobre todo debe interesarles. Seguir otros rumbos en la obra de organización del estudiante es traer a los claustros los afanes fragmentarios, las luchas fuera de lugar, la confusión y el desconcierto: es convertir a la Universidad en un campo de Agramante inaccesible al pie pacificador de todo rey Sobrino **. Formen en buen hora los estudiantes, fuera de la Universidad, núcleos políticos animados por cualquier pensamiento; luchen como su razón les dé a entender por el triunfo de sus ideales políticos. Pero cuando se trate de la Universidad, cuando se trate de sus deberes escolares, no constituyan más bloque que el profesional, no batallen sino para estudiar, para aprender y para impedir que no se estudie o no se enseñe.

La Federación Universitaria Escolar de Asociaciones Profesionales, es la genuina representación de la clase que proyecta sus afanes dentro de la Universidad, desprovista al actuar en ella de todo prejuicio partidista. Los claustros de Profesores deben reconocer en la Federación Universitaria Escolar su única legítima colaboradora. Contra la Federación se han dicho deliciosas tonterías ***. Sepamos olvidarlo y reconstruyamos este curso la

**. As referencias cultistas do novel escritor (neste caso, ao *Orlando furioso*, de Ariosto, ou ao *Quixote* de Cervantes) proceden, como se ve, de ben cedo, na súa fecunda traxectoria intelectual e publicística.

***. Reférese, entre outras acusacións á Federación Universitaria Escolar, á de ser esta un niño de masóns. Recomendamos vivamente a leitura de “La Fuerza Pública en la Universidad de Santiago (29-I-1931)”, que figura no volume cita-

Federación compostelana, laborando por que sus afanes sean cada vez más puros, más lejanos de toda política. La Federación Universitaria Escolar debe huir como del diablo de toda actuación que no sea típicamente universitaria. No creo que por estar desprovistos en su mayoría, por razón de la edad, del derecho de sufragio, debamos negar a los estudiantes su cualidad de ciudadanos. Ciudadanos son: pueden y deben preocuparse de los negocios públicos. Pero como estudiantes tienen sólo un deber: estudiar. Y los deberes que del deber de estudiar se deducen. Los estudiantes sólo pueden lícitamente proceder contra los poderes públicos en protesta colectiva cuando han sido vulnerados los intereses universitarios. Acordeas de aquel famoso artículo 53 del Decreto-ley de reforma universitaria

do nas dúas notas anteriores (páxs. 15-86), en que o noso autor realiza a crónica da entrada da policía no claustro universitario, ordenada polo Reitor, D. Felipe Gil Casares (que ostentaba tamén a alcaldía do Concello de Santiago), após a folga xeneralizada organizada pola FUE (Xaneiro de 1931) ao seren totalmente desatendidas as súas peticións e vénndose vítima de campañas difamatorias organizadas por órgaos como *La Legión* e sancionadas coa súa aquiescencia pola censura militar. O momento político é o prologal da 2ª República, na “dictablanda” do xeneral Dámaso Berenguer (Xaneiro-Febreiro 1931), quen, considerando as peticións da organización estudantil politizadas, non accedeu a elas (o ministro de Instrucción Pública era Jacobo Fitz-James Stuart y Falcó). É entón cando a “Unión Federal de Estudiantes Hispanos” acordou convocar folga xeral en todas as Universidades do Reino. Contra ela protestaron as asociacións de estudiantes católicos, atribuíndo ao movemento carácter político revolucionario republicano. Chama poderosamente a atención a crónica en tempo real que realiza o xoven estudiante no derradeiro curso da súa licenciatura en Dereito, cunha obxectividade-ecuanimidade asombrosas. O seu propósito é “narrar los hechos. Ellos sangran elocuencia, contundente y limpísima. Sea mi relato todo lo objetivo, todo lo imparcial, todo lo frío que puede ser un relato escrito por un actor en la historia que dice” (vid. obra citada na primeira nota). O reiterado apelo, neste discurso, a os estudiantes estudaren ten a ver tamén con estes confrontos políticos trasladados ás aulas universitarias. Particularmente belixerantes contra os membros da FUE, por exemplo, serían os militantes do SEU (Sindicato Español Universitario), promovido por Falange Española en novembro de 1933. Asina a extensa crónica o 6 de Marzo de 1931.

dictado por el Sr. Callejo ***. Mas las conmociones políticas o sociales que experimente el país no justificarán jamás que las aulas se abandonen.

Este es el criterio de la Federación Universitaria Escolar. Así siempre entendí las cosas yo; y me esforcé en imprimir a la Asociación de Derecho que tuve el honor de presidir, una marcha acorde con este pensar mío. Este es el criterio del Comité Ejecutivo de la Unión Federal de Estudiantes Hispanos, cuyo secretario general, Carmen Caamaño *****, en carta dirigida al presidente de la Federación de Santiago, fecha 22 del pasado mes, se expresa en los términos que siguen:

“Asimismo comunicamos a Vd. que para esa fecha recibirán un paquete conteniendo el manifiesto que esta Unión Federal dirige a todos los estudiantes españoles, indicando la actuación pertinente en estos momentos, de serena reflexión; y que hay que procurar, tanto por esa Junta como por las directivas de las profesionales adheridas, sea mantenida y se comience el curso con la debida normalidad, en forma que podamos realizar todas las gestiones acordadas en el Congreso y preparar conjuntamente una labor seria y ordenada”.

****. Eduardo Callejo de la Cuesta, ministro de Instrucción Pública e Belas Artes (Decembro 1925-Xaneiro 1930), é o promotor dun decreto-lei que incluía o artigo citado, o 53, en virtude do cal se permitía que as universidades privadas (dúas, católicas, a xesuítica de Deusto e a agustina do Escorial) equiparasen os seus títulos aos oficiais públicos, após seren examinados os alumnos por dous profesores do seu centro e por un catedrático da universidade onde se matriculasen. Tal medida, considerada un privilexio inadmisible, provocara a declaración dunha folga estudiantil (Maio de 1928) que conllevara a detención de toda a dirección da FUE. Moitos profesores e claustros secundaron a protesta estudiantil. As universidades de Madrid, Barcelona e Oviedo foron clausuradas.

*****. Carmen Caamaño (Madrid, 1909-2006) foi, para além de dirixente estudiantil, entusiasta feminista e interviviente a prol da República; gobernadora civil de Cuenca, por moi breve tempo, na guerra civil, padeceu cárcere até 1947 e con posterioridade en varias ocasións. Vinculada ao Partido Comunista de España, foi, en 1980 vicepresidenta da “Asociación Española de Mujeres Universitarias”.

Estos son los propósitos de la Federación Universitaria Escolar, que quiere desenvolverse durante el curso que hoy comienza, en un ambiente de normalidad absoluta. En cuanto a sus aspiraciones, son las formuladas en el Congreso que la Unión Federal de Estudiantes Hispanos celebró en Madrid el mes de Abril pasado. La difusión que dio la prensa a los acuerdos tomados entonces, me releva de enumerarlos ahora. Permítaseme sin embargo recalcar de pasada la importancia y la necesidad de una revisión de la actuación docente y de una activa intervención escolar en el gobierno de la Universidad.

A estas aspiraciones, generales para toda la Universidad española, se podría añadir muchas otras que miran directamente a la Academia compostelana. Premuras de tiempo me obligan a dejar en pie, sin rozarlo siquiera, este asunto interesantísimo. Me limitaré a expresar el deseo de la clase escolar de que la Universidad gallega lo sea de cuerpo entero. En esta hora jubilosa en que parece que los pueblos que integran el Estado español acusan con más relieve que nunca su afán de personalidad y su ansia de vida propia, la clase escolar gallega auténtica cree cumplir un deber ineludible solicitando por mi boca la galleguización de su Universidad. Galicia existe; y por existir tiene derecho a tener una cultura propia; y para ello es preciso que tenga un propio centro de cultura. Aspiramos a crear una vida universitaria auténticamente gallega; aspiramos a obtener un espíritu gallego en las aulas de la Universidad. El primer paso hacia esos ideales es lograr que en nuestras cátedras coexista oficialmente con el castellano, nuestra lengua vernácula.

Y dejo de molestaros. He marcado unas pocas rutas seguras. He señalando unos cuantos rumbos ciertos. Creo que el prestigio de la Universidad y el bien de los estudiantes está en seguir esos rumbos, en explorar esas rutas. Tal es la orientación; tal es la norma. Y el primer deber, estudiantes, estudiar.

He terminado.



María Ignacia Ramos e o autor. Estudantes en Compostela, 1929



AOS ESCOLARES, AOS UNIVERSITARIOS, AOS GALEGOS (1933 [1987])*

AOS ESCOLARES; AOS UNIVERSITARIOS; AOS GALEGOS:

Un grupo de estudantes, cuíos nomes rubran esta folla, entenden oportunamente facer paladina expresión do seu pensar e do seu sentir con relación a temas de actualidade, que lles afectan, uns de inmediata maneira, en tanto se refiren a custiñas universitarias; outros, indirectamente, en tanto ollan a xerás probremas galegos que no campo escolar teñen a sua necesaria repercusión.

O NOSO GALEGUISMO, FUNDAMENTO DA NOSA POSICIÓN

Comenzaremos por manifestar que o noso disgusto do presente e a nosa arela de futuro remanescen da nosa condición galeguista. Razoar o noso galeguismo sería razoar a nosa existencia. Somos galeguistas porque somos galegos. E inda o “galegos” sobra e podemos decir: somos galeguistas porque “somos”. Xa que “sendo” na nosa circunstancia, “hic et nunc”, non nos cabe outra forma de ser que a afincada na coiuntura que o destino nos concedeu vivir, plena e fecundamente en toda a sua amplitude desenvolada. Somos galeguistas porque é a única maneira de ser refleisivamente galegos;

*. Tal e como informa o autor, este manifesto publicouse orixinalmente no xornal *El Pueblo Gallego*, de Vigo, no 13 de Marzo de 1933. Nós recollémolo de CARBALLO CALERO, Ricardo: *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1987, páxs. 105-112.

e pra un galego, ser irrefleisivamente tal, xacer como unha pedra, na coleitividade galega, é unha forma de non ser.

A estas consideracións de orde esencial que xustifican o noso galeguismo, únense o coñecimento e o estudo da persoalidade da nosa Terra. Na xeografía, na etnografía, na filoloxía e na historia galegas acouga un espírito senlleiro que deseña o perfil dos nosos artistas rústicos, que nutre o miolo da nosa fala e dirixe as pasadas da nosa vida. Únese tamén a triste esperencia do centralismo, que nos ten sin ferrocarrís, sin portos; que nos impón unha servidume tributaria descoñecedora do noso réxime de propiedade campesiña; que nos fai sufrir ainxusticia arancelaria e que imposibilita o agromar da nosa verdadeira cultura.

Esto último doinos, particularmente, como humildes cazadores que somos no couto cultural. Unha enxebre cultura galega, sobre ir directamente ao enriquentamento do noso espírito –¿qué fin mais outo pode arelar unha cultura?– faríanos xenerosos co mundo, ao que poderíamos presentar, surrintes e cordiás, o caritel da nosa aportación, na grande festa dos labregos do espírito.

De eiquí, xa unha conclusión. Queremos unha cultura galega. E queremos que a nosa Universidade sexa, ante todo, o foco dessa cultura.

Galicia eisiste. E por eisistir, ten dereito a unha cultura propia. Pra tela, precisa un propio centro de cultura. Este ten que ser a nosa Universidade. Ate o de agora, a nosa cultura foise creando ao marxe da nosa Universidade, cando non contra ela. O vello conceito da Universidade está en crisis. A nosa debe galeguizarse. Brindámosselle a posibilidade de se non convertir n-un museo paleontolóxico ou n-un bazar de eisóticas mercaderías.

O QUE DEBE SER A NOSA UNIVERSIDADE

Aspiramos a crear unha vida universitaria auténticamente galega. Queremos que se estuden os problemas xerás tendo en conta que os que

os estudan son galegos. A nosa Universidade debe darlle ao país que científicamente representa un espírito universitario; faguer investigadores e capacitarlos enteiramente pra o exercicio das nosas profesións. A nosa Universidade debe cumplir a outa misión de formar espiritualmente ao país galego.

Como consecuencia, a nosa Universidade ha ser unha Universidade moderna. En ideal remoto, as cátedras non se proveerían por oposición. A mesma Universidade nomearía o seu profesorado escolleitándoo entre os mais recoñecidos prestixios. A Universidade terá de ser autónoma e bastarse a sí mesma. Nela todas as Facultades, todos os grados. Competenciarán efectiva do profesorado e estudiantes. Orientación ao práitico e seminarístico. Ríxida moral académica. Poucas ceremonias. Nada de folgas por motivos políticos. Asociación escolar oficial única e obligatoria en cada Facultade, que envíe representantes ás xuntas da mesma. Federación Escolar Universitaria Oficial, que envíe os seus persoeiros ás Xuntas de Goberno e de Claustro. Confederación Xeral Oficial de Estudantes Galegos, que abrangue aos escolares da Universidade, das Normás, dos Institutos, das Escolas Especiás. Este organismo escolar non estaría suxeto ao réxime común de Asociacións, e a sua creación e unicidade oficial non suporía a disolución das entidades escolares hoxe eisistentes. Estas poderían subsistir sin carácter oficial e suxeitas á lei de Asociacións. Serían como partidos políticos, e a Federación Oficial como un Parlamento. Creemos que de este xeito acabarían as loitas violentas escolares, resolvéndose as discrepancias democráticamente. Os estudiantes católicos non terían incomenente en ingresar n-unha entidade sin prejuicios (cuia actuación a informaría o criterio da maoría que lograse a sua dirección) e de fins puramente universitarios. En canto á F.U.E. galega, o curso pasado accordou solicitar do Ministerio a Asociación oficial escolar obligatoria e única, que é o que agora postulamos nós. Esta entidade que propomos non dependería de ningunha outra escolar.

Somos tamén decididos partidarios da Residencia de Estudantes. Na nosa Universidade ideal é imprescindible. Deportes, os mais espirituás,

os mais hixiénicos, os menos violentos. Sin que a cultura do corpo roube tempo á cultura do espírito. O insino, un direito: non un privilexio. Facilitación aos probes do acceso á Universidade.

Cátedras especiais pra os nosos probremas galegos, sin dúbida. Lóxicamente, máis necesaria é a galeguidez espiritual que leva a facer en cada discipriña un amplio oco pra o que de noso conteña a ciencia que se estuda. O outro, conseguido esto, viría por si só. Pero mentres non se consigue o espírito, a loita ten de ser inversa. No momento actual pedimos cátedras permanentes de estudos galegos: xeografía, historia, etnografía, filoloxía e literatura.

O PROBREMA DA FALA

Un punto esencial pra nós é a inmediata cooficialidade do galego co castelán nas aulas universitarias. O respeito á nosa língua é unha elemental eisixencia de cortesía e civilización. Pol-o demais, nós pra sentir a continuidade de Galicia, no tempo e no espazo, necesitamos do idioma. A fala: eis a nosa capitá, eis o noso guieiro. Creendo n-unha cultura galega, temos que conceder ao probrema da língua a máisima importancia.

A cooficialidade estaría ben regramentada con arreglo á unhas bases que apenas variarían das formuladas en 1931 pol-a “Asociación Profesional de Alumnos de Derecho”, aceitadas íntegramente pol-a F.U.E. o mesmo ano, e modificadas restreitivamente pra o noso punto de vista, no presente, pol-a mesma entidade. Implantaríase un réxime de amplia tolerancia e sólida garantía pra as duas línguas. Habería cátedras de cultura galega en galego i-en castelán: as segundas terían por ouxeto facilitar o coñecimento de Galicia aos forasteiros, e ostentarián caráter de cursos independentes. No resto das cátedras o profesor e o alumno terían de reito a se espresar en calquera das duas falas. Igual libertade eisistiría no seo das Asociacións oficiais de estudiantes e nos orgaísmos reidores da vida universitaria.

Estes son, en síntesis, os nosos anceios, polos que nos propomos traballar. Mais xulgamos, desde logo, que pra chegar ao conseguimento total dos nosos propósitos, Galicia ten de vivir orgaizada de xeito que se reconeza a sua persoalidade xurídica. N-unha Galicia abafada polo centralismo, a Universidade que soñamos non podería erguer o seu ideal perfil. Por elo, somos partidarios de que Galicia se acolla ao artigo 12 da Constitución da República. Non estamos conformes co réxime constitucional no que se refire ao insino; pero coidamos, sin embargo, que o noso programa inmediato é de feito realizable dentro do Estatuto votado polos Concellos galegos no salón de actos da Facultade de Meiciña**.

MEDIOS PRA CONQUERIR AS NOSAS ARELAS

¿Medios pra conquerir as nosas arelas? Apoio decidido i efectivo á campaña pro Estatuto Galego. Presión constante nas Asociacións escolares e nos orgaísmos universitarios. Denuncia de calquera trato de desigualdade de que se faga vítima ao que represente galeguismo universitario. Colaboración con aquelas entidades escolares, culturais ou políticas que tendan a galeguizar o insino. Ruptura e loita implacable coas que se opoñan a ela ou representen un obstáculo no vieiro cara ese fin.

PUNTOS CONCRETOS DAS NOSAS ASPIRACIÓNS

En resumo: n-unha fórmula estremadamente comprimida, eis as nosas aspiracións inmediatas:


**. O artigo 12 da Constitución da 2ª República establecía as condicións para a tramitación dos Estatutos de Autonomía. Lembrese que Lois Tobío e el propio, Carvalho Calero, foran os redactores do anteproxecto de Estatuto de Galiza (1931) ao abeiro do Seminario de Estudios Galegos, cuxo primeiro artigo rezaba: “A Galiza é un Estado libre drento da República Federal Española”. Entre as súas atribucións figuraba o ensino en todos os seus graus. O texto votado pola asemblea de municipios galegos (en Santiago de Compostela, 16-18 de Decembro de 1932) rebaixa as definicións e facultades do poder galego, adaptándoas á xa promulgada Constitución republicana. Vid. texto íntegro daquel anteproxecto no volume citado na nota anterior (páxs. 113-125).

Galeguización da Universidade.

1. Autonomía de Galicia.
2. Independencia universitaria con relación a Madrid.
3. Federación Oficial Escolar Universitaria única e galega.
4. Igualdade de dereitos pra o galego con relación ao castelán.
5. Estabreacemento de cátedras permanentes de cultura galega.

De momento, abónanos con ceibar ao vento estas verbas, que son a expresión de un degaro limpo, afervoado, insobornable e forte de loitar sin lecer ate o conseguimento do noso ideal: A galeguización da Universidade galega.

Ricardo Carballo Calero, estudiante de Filosofía; Xosé A. Rodríguez Tenreiro, estudiante de Cencias; Xurxo Lourenzo Fernández, estudiante de Filosofía; Francisco Ugalde Fernández, estudiante de Cencias; César González Seco, estudiante de Dereito; Josep Forteza-Rei Forteza, estudiante de Meiciña; Carlos Tobío Fernández, estudiante de Dereito; Manuel Rial Martínez, estudiante de Cencias; Germán García Ávila, estudiante de Farmacia; Pere Josep Liquier Serra, estudiante de Meiciña; Manoel Santos Rivera, estudiante de Dereito; Alfonso Fraga, estudiante de Cencias; Francisco Fernández del Riego, estudiante de Dereito; Álvaro Cunqueiro Mora, estudiante de Filosofía; Raimundo Aguiar Álvarez, estudiante de Dereito; Xaquín Lourenzo Fernández, estudiante de Filosofía; Xaquín Caamaño López, estudiante de Farmacia; Isidro Suárez Paz, estudiante de Cencias; Xosé Martínez López, estudiante de Filosofía; Xosé Pla Fernández, estudiante de Meiciña; Xan Brañas Cancelo, estudiante de Dereito; Enrique Morales Sánchez-Guerra, estudiante de Farmacia; Severiano Aguiar Álvarez, estudiante de Meiciña; Constantino Cancio Díaz, estudiante de Farmacia; Pedro Brañas Cancelo, estudiante de Cencias.



Ricardo Carvalho Calero, xubilado, no gabinete da Facultade de Filoloxía da USC.

Foto: Luís García Soto.



O autor e un grupo de estudiantes do curso de verán para estranxeiros en Ourense (entre eles, Antón Risco e M^a do Carmo Henríquez Salido). Ano 1962.

POESÍAS PARALELAS (1950 [1971])*

No intre e que estoiróu a primeira guerra mundial, unha nova poesía andaba a xermolar no oucidente. A urxencia da súa epifanía amosábase en Francia con senlleiro latexar. Na post-guerra chegou ao seu preto desenrolo; i esa poesía nova comenzaba a ser vella en todo o mundo, cando os carros brindados de Hitler esmagaron a cabalaría polaca que defendía o pasigo de Danzig.

Esa vaga lírica, portadora dunha nova sensibilidade, apenas definible, máis que polo que tiña de vontade de renovación, manifestouse tamén en Galicia, con carácter serodio certamente. Dúas figuras interesantes, dous poetas mortos en plena mocedad -Amado Carballo e Manuel Antonio- inician a nova era: e se no segundo hai elementos importados, a novedade do primeiro semella outida con só a apricación dunha moderna visión poética aos motivos autóctonos. Hoxe viven e cantan dous poetas, nados en lugares moi próximos do norde lugués, maduros na vida e no canto, aos que se pode considerar en certo modo como as derradeiras consecuencias de aquela vaga lírica que se iniciou na nosa terra, cos nomes anteriormente mencionados.

Aquilino Iglesia Alvariño e Alvaro Cunqueiro Mora son, cicáis, os más famosos dos poetas galegos vivos, xuntamente con Ramón Cabanillas Enríquez e Fermín Bouza Brey. I é curioso ouservar que Iglesia e Cunqueiro –quenes en certo senso pechan un ciclo poético–, correspón-

*. Emitido no programa dedicado á cultura galega pola BBC na data indicada ao final. Reproducímoslo do volume do autor *Sobre lingua e literatura galega* (Ed. Galaxia, Vigo, 1971, páxs. 134-137). Editouno tamén Antonio Raúl de Toro Santos en *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956)*, Ed. Tambre, Oleiros-A Coruña / Xunta de Galicia, 1994, páxs. 238-240.

dense con Amado Carballo e Manuel Antonio, que o abren. Pois son evidentes as afinidades antre os autores de Proel e *Cómaraos verdes*, por unha banda, e os líricos de *De catro a catro e Poemas do sí e do non*, por outra.

A primeira parella, Amado-Iglesia, está xunguida pola súa temática campesiña e polo senso vivo que os motivos rurás adequieren nela. Os dous poetas afíncanse vigorosamente nas súas terraxes respeitivas. Beiramar de Pontevedra; terras outas e chas de Lugo. Así, en Amado Carballo hai máis ledicia, máis cintilamento, máis cor. En Aquilino Iglesia, máis amplitude, máis decoro, máis solenidade. En Amado, predomina un barroquismo popular, un hilozoísmo primitivo que, non ausentes na obra de Aquilino, ceden, nem bargante, nesta, ante a formación crásica do latinista, especialmente nos máis recentes poemas do autor de *Cómaraos*.

Amado Carballo era un sinxelo mestre de escola, e os seus versos dentro da súa sorprendente riqueza metafórica, son inxeles, populares, en certo modo infantís. Aquilino Iglesia, que provén de Noriega Varela, despois de buscar tamén a tenrura, a sinxeleza, a espontaneidade, nos seus poemas silváns cheos de persoalizacións, como os de Amado, exercítase agora na égloga de longo alento i empaque crásico, fundamentalmente descriptiva. Nela encaixa a sublimación de elementos paisaxísticos directamente coñecidos, coa forma interna crásica, virxiliana, chea de expresiva sobriedade. A paleta de Amado é máis rica, as cores máis vivas; os teitos de tella, bermellos. Alvariño prefire as cores esmaecidas, a luz peneirada; os seus teitos son de pizarra gris. Pódese decir que toda a curta obra de Luis Amado Carballo se inspira na súa paisaxe de beiramar. Aquilino Iglesia Alvariño ten ensaiado tamén outros xeitos distintos da bucólica. Pero non cabe dúbida que os mais outos cumios líricos, atínxeos cando calza os seus zocos campesiños, que semellan feitos de eminente alcipreste mantuán**.

**. Isto é, inspirados no clásico latino Virxilio, nado nunha aldea próxima a Mantua.

Manuel Antonio deixou unha obra áinda más breve que Amado Carballo. A súa temática é, tamén, más restrinxida; redúcese ao mar. Non é a temática vencello antre Manuel Antonio e Alvaro Cunqueiro. Xúngueos a súa audacia revolucionaria. No seu tempo, *De catro a catro* supuña unha grande novedade en Galicia, polo sistema de xustaposición de imaxes, pola rotura dos moldes métricos: eso soaba a cubismo, a creacionismo, a ultraísmo. Álvaro Cunqueiro aparez co seu libriño inicial, *Mar ao norde*, adoptando unha actitude parella, que se prolonga nos seus moito más maduros *Poemas do sí e do non*. Esta liberdade conceitual, esta ausencia de canon métrico, a ousadía da metáfora, a falla frecuente de vertebración no poema, son características comúns aos dous poetas, árdigos Simbades de inesprorados océanos: típicos artistas de “vanguarda” no seu tempo.

A diferencia fundamental antre eles consiste en que Manuel Antonio era un poeta estraordinariamente “serio”; e Alvaro Cunqueiro é un poeta estraordinariamente “gracioso”. *De catro a catro* é a nosa Odisea lírica***; un pequeno feixe de poemas en que o tema da mar está tratado cunha fondura, cunha intimidade, cunha lealdade, endexamáis logradas na nosa poesía. En canto a Cunqueiro, cando calza a súa zapatilha de xograr, báilanos unhas danzas, fainos uns pinchoscarneiros, péganos uns brincos tan axis, tan delgados, tan anxélicos que nos fan coidar

***. Esta caracterización do poemario de Manuel Antonio foi usada e reproducida adoito por diferentes autores, sen mención da súa filiación. En artigo publicado moitos anos despois, titulado “De Ítaca a Rianxo” (*La Voz de Galicia*, 26 de Xaneiro de 1980), Carvalho lembra que a tal expresión utilizáraa por primeira vez nun artigo en *El Pueblo Gallego* anterior á guerra civil, e ironiza sobre o feito do plaxio, que xulga con todo menor despois de ter padecido o furto íntegro do seu *Sete poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luis Amado Carballo, Manuel Antonio* (Ed. Galaxia, Vigo, 1955), plaxiado integramente (agás notas e algunas expresións) por Francisco Carvajal Capella: *Sentimiento y paisaje en la poesía gallega* (A.G.E.S.A., Madrid, 1956). O autor da fraude omite calquer referencia á autoría orixinal e permítese introducir, para maior sarcasmo, un capítulo onde trata do propio plaxiado como poeta.

en Rimbaud. Esta gracia imaxinativa de Cunqueiro, gastada ás mans cheas, con escaso senso da boa ademanistración, en case toda a súa obra, atopa un quenlle natural en *Cantiga nova que se chama riveira*, onde está mais lonxe de Manuel Antonio –a quen nunca imitou– e más pererto da súa terra e de sí mesmo.

Dous poetas da beiramar, mortos na mocedade, e dous poetas de terra adentro, próximos á edade en que o deus dos oficios, segundo Gabriela Mistral, se revela no home. Se a voz dos mortos, malia a hora temperá en que foron deitados pra o derradeiro sono na ribeira que amaron, callou nun froito maduro, *Cómaros verdes e Dona do corpo delgado*, derradeiras obras de Aquilino e Cunqueiro respectivamente, deben ser e han ser superadas. A vida llelo esixe, máis xenerosa con eles que cos dous nados orelas da mar¹.

1. Estes párrafos, radiados pola B.B.C., para a que se escribiron, o 13 de novembro de 1950, han ser completados, en proveito do leitor que non teña seguido con asiduidade a historia literaria de Galicia, con algunas indicacións *post data*. O Cunqueiro e o Aquilino deseñados por min naquela ocasión, coido que con bastante parecido, fórone facendo moi outros ao correr dos anos; e aquel paralelismo do un e do outro, respectivamente, con Manuel Antonio e Amado Carballo foi perdendo realidade. Cunqueiro acabou por abandonar o cultivo da lírica, e consagróuse á prosa narrativa, convertíndose ao neobizantinismo, e acadando unha sona que somente coa aparición de correntes neorrealistas e socialprotestarias na nosa literatura, perdéu amplitude en certos sectores do público leitor. Aquilino, denantes de morrer en Santiago o 19 de xullo de 1961, publicou varios libros moi distintos de *Cómaros verdes*. O derradeiro destes libros, *Lanza de soledá*, é unha *Ars moriendo*, de sincero, anque solene, patetismo, no que xa non fica nada do “neorrománico campesino” e do buligante animismo de cromática infantil que caracterizara a poesía descriptiva de Amado Carballo. Ramón Cabanillas Enriquez morréu en Cambados, o 9 de novembro de 1959, despóis de dar con *Samos* o derradeiro raio da súa luz. Fermín Bouza Brey, logo de *Seitura* enmudecceu como poeta, e hoxe é realmente coñecido como erudito. Por suposto, os poetas calados, mentres estén vivos, poden en calquier momento recuperar a súa voz. De outra banda, referímonos á mudez no plano da publicidade. Non sabemos se Cunqueiro e Bouza, dous clásicos xa da nosa

Ben está que a poesía galega voe con dúas azas, cara o norde e cara o sul. Ben está que a arbre da lírica galega medre nos dous sentidos, cara o ceo e cara a terra. Baixo o palio do sol de cada día, os binomios poéticos reálizanse en brillo de espadas cruzadas. Raigaña e pulo, románico e góticu, forza centrípeta e forza centrifuga. Dentro da estética de cada xeira, un dispararse cara o horizonte novo, un repousar baixo os herdados teitos. Tensión ditosa, tensión cortés; non oposición esclucente, senón contraste integrante. Amado e Aquilino, a xeórxica do muiño e do pan a encanar. Manuel Antonio e Álvaro, o ronsel da descuberta polo mar recién nado. A lámpada, de man en man, a alapear. Poesías paralelas.

BBC (Londres), 13 de Novembro de 1950

poesía, continúan a poetizar privadamente. Para o crítico, o descoñecido non pode ser ouxeto de consideración.

Houbo un tempo en que as poesías de Cunqueiro e Aquilino eran paralelas ás de Manuel Antonio e Amado Carballo. Ese tempo é o do meu artigo. Pero ese tempo hai tempo que deixou de ser.



Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela

DISCURSO DE INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA (1958 [1971])*

I

Señores académicos:

Dous sentimentos, demasiado fondos os dous pra non embargar o meu ánimo con emoción punxente, son donos de min no presente intre. Por unha banda, sinto como unha ocasión solemne na miña escura vida iste momento en que, beneficiándome da vosa ilimitada benevolencia, entro a formar parte dunha corporación ilustre, que fai meio século encetaba, baixo a presidencia de Murguía, a súa patriótica tarefa. ¿Qué galego consciente poderá afrontar sen relixioso fervor o trance do seu ingreso nista casa, habitada por tantas inesquecibles lembranzas, santificada por tantas sombras ilustres? Rapaciño ben novo, viña eu co meu pai dende o meu Ferrol nadal, a convalidar no Instituto Da Guarda os meus estudos de bacharelato. Murguía vivía daquela os derradeiros anos da súa ancianidade groriosa. O meu pai fíxome reparar na figura do patriarca nunha rúa cruñesa. Ben lonxe estaba o cativo de dez anos que eu era, de maxinar que no transcurso do tempo, tiña o home que agora son de vir a ocupar un posto nas fías que aquil grande home presidíu, incorporando así as miñas minguadas forzas ao pulo de aquela poderosa vontade.

*. Recollemos o discurso da inclusión que del fixo o autor en *Sobre lingua e literatura galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1971, páxs. 9-78, que reproduce o estudo rosaliano con *addenda final*. As partes iniciais do discurso (*laudatio* do seu antecesor no escano da Academia e xustificación do tema escollido figurán na edición orixinal do mesmo (Ed. Celta, Lugo, 1959) e tamén na edición en abierto da Real Academia Galega, disponible hoxe na páxina web desta institución.

Por outra banda, contúrbame o sentimento da humildade dos meus me recimentos perante a distinción que se me outorga. Unha teimosa adicación ao culto dos valores espiritoás da nosa terra, é indicio de boa vontade, pero non rexistro de tidiós suficientes pra ostentar con dignidade o carácter que me conferides. Houbera querido renunciar humildemente ao honor que non solicitéi. Mais a humildade ten lindes máis alá das cales pode semellar ostentación. Que tamén hai vaidade na humildade que se fai demasiado notoria. Teño, pois, renunciado, por humildade, a ser humilde. E renunciando humildemente a me sinificar na humildade, entro, humildemente obediente a quienes eiquí me trouxeron, a participar nos vosos traballos, cun profundo sentimento de gratitudade pra os que me honraron cos seus votos; pero ben certo de que non son eu, senón o amor a Galicia que vive en min, o que conqueriu os vosos sufraxios.

Faise máis vivo o sentimento da miña responsabilidade, cando coido que veño a ocupar nista Corporación, o valeiro que deixou a morte dun varón favorecido por dotes espiritoás de elevadísimo rango. Don Marcelo Macías e García foi unha das persoalidades que se impoñen a todos os criterios valorativos, vencendo todos os receos e superando todas as esixencias. A súa poderosa intelixencia estaba como alumeadas pola fogueira dun imponderabre don de simpatía e irradiación. Nado en Astorga o 1º de xullo de 1843, morto en Ourense o 8 de marzo de 1941, foi, na súa vida e na súa obra, tan leonés como galego, tan galego como leonés. A súa gracia no decir, a súa erudición no saber, a súa fascinación no insinar, consagraronse en medida sustancial ao servizo da nosa terra. Foi, como Martínez Salazar, o seu grande amigo, exemplar magnífico da caste de homes con que de cando en cando outras terras de España nos ousequian, en compensación sen dúbida de aqueles que nos arrebatan.

A vella *Asturica Augusta*, nos límites da meseta, onde se inicia a rubida ao porto do Manzanal, ingreso no Bierzo, é decir, en Galicia, xa que o Bierzo é xeográfica e etnográficamente galego, fora xa o berce do pai de don Marcelo, cuia familia era oriunda de Ponferrada por unha banda e de Valdeorras pola outra. De xeito que o pai do meu ilustre predecesor,

e iste mesmo por conseguinte, están de cheo inmersos na fluencia do sangue galego, e non só por dereito de residencia e adicación cultural foi galego don Marcelo Macías. Ordeado sacerdote en 1866, profesor no Seminario, cura de Bembibre, estudiante universitario en Madrid, infatigábre traballador nos eidos da cultura e o mester eclesiástico en Mallorca i Extremadura, finalmente cadeirádego en Gijón i en Ourense, nista derradeira cidade residiu desde 1884 ate o seu pasamento, cincuenta e sete anos, pois: toda unha vida. Ondequeira que estivo, foi mestre: na cadeira, no púlpito, na tertulia amical. Os seus intelixentes traballos de investigación lle non esixían o afastamento do trato social, que cultivaba como unha necesidade do seu simpático espirito. Aquil home, dotado de podente vitalidade, que atinxiu cáxeque o século de esistencia, espallou o seu talento e a súa sabencia con fecundidade e xenerosidade admirabres. Foi celebradísimo orador, ben educado na retórica ciceroniá, pero penetrado do alento da elocuencia bíblica e animado a miudo por un entusiasmo romántico que dende a nenez quentou a súa verba e o seu corazón. Os seus libros, folletos e artigos sobre temas históricos, as súas aportacións aos estudos epigráficos, numismáticos, arqueolóxicos e diplomáticos, constituyen, coas súas oracións sagras e profás, o más brillante da súa obra, que se estendeu dignamente a cáxeque todos os eidos das letras. ¿Qué vos diréi? Don Marcelo, tan vencellado a ista Casa desde os primeiros intres, foi mestre e amigo, deudo e colaborador de uns ou outros dos que me escoitades. Todos coñecedes os seus traballos. ¿Teréi de lembrar algúns dos más soados antre os que se refiren a Galicia? Antre os discursos ¿os adicados a San Rosendo, ao P. Feixó, a Nicomedes Pastor Díaz, a Curros Enríquez, á defensa da Cruña, á reconquista de Vigo? ¿As versións de Idacio e San Isidoro? ¿Os numerosos artigos que, dende o seu primeiro número, ilustran o Boletín da Comisión Provincial de Moimentos de Ourense, e o propio boletín dista Academia? O Tiziano pintaba con más de noventa anos ao lombo. Con igual cárrega continuaba don Marcelo a escribir. No ano noventa e sete da súa vida deixou de latexar aquil ardente, nobre e reito corazón. Vivirá perdurablemente don Marcelo na lembranza dos galegos. Un moimento de piedade filial, tan resplandecente de emoción e beleza como poucos

eleitos atinxiron, foi ergueito á súa memoria por un dos seus discípulos. Non ben se extinguíra a vida diste inesquecible mestre, cando renacía a nova vida na *Vida del doctor don Marcelo Macías y García, presbítero, príncipe de la oratoria y del diálogo, de la cátedra y de la ciencia histórica*. Iste libro prohíbeme e afórrame unha loubanza máis insistente, unha evocación máis detida da figura do meu predecesor. Todo o que eu quixera decir, está dito insuperabremente nise libro. A obra de don Marcelo, a vida de don Marcelo, os mestres, os amigos, os tempos de Don Marcelo áchanse definitivamente descritos e xulgados nun libro en que o rigor científico e a xenialidade literaria abroian xuntas da penna do escritor a cuia iniciativa debo eu hoxe a miña investidura académica, como il onte debéu a súa á iniciativa de don Marcelo.

Mais se por unha banda isa circunstancia –suliñada por sere precisamente o biógrafo do meu antecesor, a persoa que en nome dista Academia vai responder ao meu discurso– alixeira a miña obriga de lembranzas, no intre dista miña recepción véxome carregado por outra obriga dun tipo que só escecialmente ten gravitado sobre os fros dos recipientarios. Outra lembranza teño que adicar, outra homaxe teño que render, outro nome teño que pronunciar. Non fun eu orixinariamente designado pra cubrir a vacante creada nas vosas fías polo tránsito de don Marcelo. A Academia nomeóu en primeiro termo pra tan honroso posto a persoa ben máis digna: como don Marcelo, crego; como don Marcelo, mestre; como don Marcelo, sabia; como don Marcelo, historiador. Se os moitos anos de don Xosé Couselo Bouzas, se a adicación da súa ancianidade a coidados que xa non son diste mundo, se imperativos do seu ascetismo ou pesadumes da súa idade movérono a renunciar a dignidade pra a que o tiñades eleito, abrindo así as portas a unha nova elección na que trunfou a miña candidatura, a súa persoalidade non menos está presente en espírito neste acto, nista Academia; i eu comprázome en maxinar que poseo como en secuestro, como en depósito, como en vigaría por todos os días do señor Couselo, a cadeira académica do señor Macías, pra ocupar a cal fun en definitiva designado a proposta de tres académicos estreita-

mente ligados a Ourense, como don Marcelo, e un deles, precisamente, estreitamente vincellado ao señor Couselo polo sangue común.

II

Teño a ousadía de escoller pra tema diste meu discurso de ingreso un tema rosalián. É Rosalía de Castro a figura das nosas letras más estudiada e comentada. A súa bibliografía conta xa con numerosos tidoos en língoas estranxeiras. Eruditos i ensaístas galegos teñen adicado lumiosas páxinas á obra e á vida da nosa cantara. Nista mesma Academia, no seu discurso de ingreso, don Ramón Otero Pedrayo ten profundado sagazmente nalgúns aspeitos fundamentás da poesía rosaliá. E ben, ¿por qué insistir en motivo tan traballado? Podería responder con verbas da propia Rosalía:

E ben: porque así somos;
relox que repetimos
eternamente o mesmo.

Repetimos eternamente o mesmo cando é eterno iso que repetimos. ¿Qué temas poderá haber que atraian máis a nosa atención que aqueles temas que polarizaron decote a atención dos nosos devanceiros? Porque eles eran homes coma nós, e nós somos homes coma eles. I en eles operou i en nós opera i operará nos nosos fillos a mesma natureza humá que acende a mesma chama nos nosos corazóns, a mesma luz nos nosos cerebros; que pon a mesma sede nas nosas gorxas i empúrranos a saciala nas mesmas fontes. O problema do noso destino, do noso común destino de homes, ¿non foi tratado sempre?, ¿non é tratado agora?, ¿non será tratado mañá? Cando non esista a vida, poderemos nos despreocupar da vida; cando non exista a morte, poderemos nos descoidar da morte. Mais mentras esistan a vida e a morte -é decir, mentras esistamos nós-, ises doux lados do ángulo do noso ser, e o vértice -Deus- onde se xuntan ises lados, serán, nunha forma ou noutra, temas naturás i eternos da nosa meditación.

O mesmo acaesce coas grandes obras do espírito humán. Cada época, cada pensador ten algo que decir sobre elas. Porque hai sempre algo novo en cada época i en cada mente humá, e iso novo que hai en cada mente humá i en cada época reaicioa de novo xeito perante a obra que permanece. E o resultado disa reaición é unha nova perspectiva da obra esaminada. As obras do espírito verdadeiramente grandes se non esgotan endexamáis, e á luz de novos métodos, de novas creencias, de novas circunstancias históricas, confían novos segredos, deitan novos refrelos, renden novos froitos. Nisto coñécense, verdadeiramente, as obras mestras: en que eternamente nos insinan, e cada xeración extrae novas luces do seu estudo**.

Así Rosalía. Pola súa profonda galeguidade e pola súa universalidade enxebre, é un tema radical pra a meditación dos homes da súa terra. Sendo unha parte da súa obra, cume elevadísimo da literatura europea, ofrece, dende calquer punto de ollada que a enfoquemos, suxestións interesantes i escorzos fascinadores. Nunca é infructuosa a labor sobre os testos rosaliáns. E menos pra os galegos. Estudar a Rosalía é nos estudar a nós mesmos. E fainos moita falla nos coñecer, porque ¿cómo podremos actuar no mundo sen saber quén somos? Rosalía, como todo poeta xenial, é un tema que endexamáis se esgota. Pero os galegos de hoxe estamos, alén disto, moi lonxe de lle ter consagrado toda a atención que merez, de ter estudiado debidamente a súa obra dentro dos límites impostos polo carácter do noso tempo. Mil problemas graves e miudos, millenta custições fundamentás ou secundarias, pero sempre interesantes, están ainda por abordar. Todo esforzo, por modesto que sexa, feito no senso indicado –con tal que vaia potenciado pola honradez científica–, é digno de loubanza. Galegos somos, e nada rosalián enos alleo.

**. Nótese como o escritor adiántase en moitos anos a unha obra de Italo Calvino que se tornou canónica nesta materia: *Por qué leer los clásicos*, Ed. Tusquets, Barcelona, 1991. O escritor italiano encarece neste libro como toda releitura dun clásico é unha leitura de descubrimento, como a primeira, ou como o ser clásico serve para nos definirmos nós mesmos en relación ou en contraste con el.

CONTRIBUCIÓN AO ESTUDO DAS FONTES LITERARIAS DE ROSALÍA

I

Un estudo, inda que someiro, da historia da crítica perante a obra de Rosalía, resultaría estremadamente instructivo. O primeiro crítico de Rosalía é Murguía, que comenta no xa tantas vellas lembrado artigo de *La Iberia* o libro primixenio de aquela *La Flor*. Xulga Murguía este libro como escrito baixo a influencia de Espronceda. Cree ouservar na súa autora un verdadeiro talento poético; pero non vacila en afirmar que na obra hai moitos e grandes defeitos. Aconsella a Rosalía que estude e traballe, e agóiralle, baixo esta condición, un brillante porvir.

Este xuicio é abertamente contrariado por Vicetto, que non quer ouvir falar de Espronceda verbo de *La Flor*, e declarra que hai más poesía no artigo crítico de Murguía que no próprio libro comentado. O xuicio de Vicetto ten o interés de ser o máis antigo que coñecemos desfavorable a Rosalía, se ben non debe ser esquecido que se refire a unha obra primeiriza e de mocedad, escrita denantes dos vinte anos.

Rosalía era por esta época unha moza romántica que iniciaba a súa carreira literaria dentro da órbita da literatura castelá, e que proseguía ese camiño nos anos subseguentes coa publicación das súas novelas *La hija del mar* (1859) e *Flavio* (1861), que non atinxiron ningunha resoancia. Rosalía seguía o mesmo camiño dunha Gertrudis Gómez de Avellaneda ou dunha Carolina Coronado, e, segundo todos os indicios, non levaba trazas de acadar a popularidade e a consideración que disfrutaban aquelas dúas citadas escritoras. Pero en 1863 publica os *Cantares gallegos*, e inmediatamente conquira a notoriedade. Certamente, conquira a notoriedade como escritor rexional. Ningún lembra as súas anteriores obras en castelán. Orixinalmente, hai unha Rosalía que nace cos *Cantares gallegos*, distinta da Rosalía que nacera coa *Flor* e que realmente se malograra. Non porque *La flor* e os subseguientes libros en castelán, ate *A mi madre*, que é de 1863,

foran peores que outros libros de mocedade de outros escritores; senón porque cos *Cantares gallegos* Rosalía enceta un novo rumo para as suas actividades literarias, e ese camiño é o que en vida halle dar verdadeiramente sona, anque a posteridade ha reconocer tamén o mérito extraordinario dunha parte -no intre que estamos a considerar, futura- da súa obra en castelán.

Os *Cantares* tiveron franco éxito dentro e fora de Galicia Os espiritos más sagaces ou más namorados da terra galega acolléronos con entusiasmo. Disfrutaron de aprecio e cariño. *Un libro de trescentas páxinas, escrito no doce dialecto do país, era naquel entonces cosa nova, e pasaba polo mesmo todo atremento. Aceptárono, pois, i o que é más aceptárono contentos*¹.

Fora de Galicia, tamén atoparon os *Cantares* favorabres críticos. Murguía lémbranos un artigo publicado no xornal madrileño *La Democracia*², en 1864, onde don Francisco de Paula Canalejas fai o alaudo do libro. Cicáis é o mesmo artigo mencionado por González Besada no seu discurso de ingreso na Academia Española. E cicáis non é outro que o publicado sen firma no numero do 27 de marzo do citado ano³, ao que se refire Gamallo Fierros. Este erudito investigador recórdanos tamen os dous artigos de Ventura Ruiz Aguilera publicados no mes de maio do repetido

1. ROSALÍA DE CASTRO: *Obras completas*. Madrid 1952. Páx 419.

2. Id. Páx. 562.

3. DIONISIO GAMALLO FIERROS: *Evocación de un clásico del dolor. Rosalía de Castro. Patria*. Granada, 14 xullo 1944. Pra a identificación dos artigos mencionados por Murguía, Besada e Gamallo hai unha dificuldade que este derradeiro salva supondo un trabucamento na cita do segundo. Referíndose ao artigo de 27 de marzo de 1864, Gamallo di: En él, P. Canalejas lamenta que figure en la colección de cantares uno tan hiriente para los habitantes de la meseta como el de "Castellanos de Castilla", y en cambio ensalza sin reservas "Adiós ríos, adiós fontes", en que se contiene la única herejía patriótica que salió de la pluma de la compostelana. Non enxergo por ningures tal herexía.

ano en *El Museo Universal*, nos que se glosa entusiasticamente o primeiro libro galego de Rosalía⁴.

Mais non todas foron frores. Houbo tamén reparos, frialdades e incomprendisños⁵. Non embargantes, os *Cantares* foron en definitiva un grande éxito, e deron á súa autora indubidable prestixio. Compróbase coa lei-

4. En la misma contradicción incurre dos meses después R. Aguilera en los dos artículos que publica en "El Museo Universal", glosando entusiasticamente los *Cantares Gallegos*: Afirma que quisiera ver borrado de ellos el poema "Castellanos de Castilla" y desagravia a la meseta con una añoranza de su significación histórica. Ambos críticos coinciden en alabar las excelencias musicales de la obra de Rosalía, en disculpar sus desabogos anticastellanos y en concederle una fina sensibilidad para la interpretación del paisaje; juzgan como supremo acierto suyo el sumergir la inspiración en las aguas puras del manantial folklórico. P. Canalejas la reconoce capaz de emocionarse ante "el balido de un corderillo abandonado, una flor hollada y un nido disperso" y la imagina recreándose "en el eco de las melodías populares" y conservadora de la "repeticIÓN del verso y de la palabra que constituye una de las formas más primitivas de la poesía popular", y R. Aguilera compara su inspiración costumbrista con el numen pictórico de mi ilustre abuelo Dionisio Fierros, y tras afirmar que el bellísimo poemilla "Vente, rapasa" es, a su juicio, el más perfecto de la colección, concluye exhortándola cariñosamente: "Cuidadito cómo trata otra vez a mi pobre Castilla". Gamallo Fierros: 1. Cit. Onde se di P. Canalejas hai que entender o anónimo autor do artigo de *La Democracia*. 5. Soportando ciertas indiferencias que en el alma me dolían, y para ella no pasaban inadver-tidas, pues tocaban en los límites de la injusticia, muchas veces le dije que nadie en este mundo haría justicia a su obra sino yo. Ella me contestaba siempre: "Deja pasar todo; no somos más que sombra de sombras. Dentro de poco, ni mi nombre recordarán. Mas ¿esto que importa a los que hemos traspasado nuestros límites?". Y era lo cierto, porque a pesar del entusiasmo con que se acogieron sus libros todos, una frialdad dolorosa la envolvía de tal modo que entre el triunfo alcanzado y la justicia que pedía fuese como era debido, ponía un mundo de distancia. Porque al positivo valor literario de su primer volumen de versos en lengua gallega, se unían otras condiciones, no diremos superiores, pero sí muy dignas de tenerse en cuenta para juzgar su libro y la obra de regeneración con él emprendida. Verdadera reveladora del alma de su país, aparecía entonces para la generalidad como una más; para muy pocos, como la única. Y así, con una dolorosa facilidad, vinieron para el poeta las mansas injusticias, acompañadas de las limitaciones y pérpidos ejemplos de los que se le suponían iguales, cuando no superiores, con que una mala voluntad trató a su hora de herirla con gran lanzada. Murguía, en Rosalía de Castro, *Obras completas*, ed. Cit. Páx. 562.

tura das necroloxías que pubricáronas madrileñas tan importantes como *El Imparcial* e *La Ilustración Española y Americana* adicaron á nosa poetisa⁶. Os *Cantares gallegos* foi o único libro de Rosalía que atinxiu unha segunda edición en vida da súa autora.

Ningunha outra obra rosaliá outivo verdadeiro suceso. As *Follas novas* produxeron, evidentemente, un sentimento mesturado de desconcerto e repulsión. Se no libro carto, *Da terra*, e no quinto, *As viñdas dos vivos e as viñdas dos mortos*, atópanse algunhas poesías que por responder a unha inspiración semellante á dos Cantares, poderían obter sen dificultade a aprobación dos que tiñan aprobados aquéles, o lirismo suxeitivo, elexíaco e en verdade acedísimo de outros poemas destes mesmos libros, e da caxeque totalidade dos que integran os libros *Vaguedás*, *¡Do íntimo!* e *Varia*, produxo mala impresión en xeral, malia a certeira visión da obra esposta por Castelar no magnífico prólogo da mesma.

Polo que se refire a *En las orillas del Sar*, o informe de Tamayo y Baus á Academia Española⁷ demostra pouca estimanza. O autor de *Un drama nuevo* non simpatizaba coa *escola xermánica*. O propio don Xan Barcia Caballero⁸ é reticente ao se referir a aquel libro, ao cal, porén, non deixa de consagrarr loubanzas.

PEDRO IZQUIERDO CORRAL (*Notas del corrector*, en *Obras completas de Rosalía de Castro, I, Cantares Gallegos*. Editorial Páez Ferraz, 50. Madrid. S. d. Páx. 35), lembra que *un diario gallego acusaba sin beldad la deferencia de la Musa, notificándola recibo de unos "Cantares Gallegos" que no son gallegos ni cantares*.

6. Estas necroloxías aparecen extractadas por García Martí en Rosalía de Castro, *Obras completas*, ed. 1952, páx. 128 ss.

7. Pode se ver no Estudio *bio-bibliográfico crítico acerca de Rosalía de Castro*, por E. Carré Aldao. Boletín de la Real Academia Gallega. A Cruña, 1927. Tomo XVI, páx. 296.

8. JUAN BARCIA CABALLERO: “*En las orillas del Sar*”. *Poesías por Rosalía Castro de Murguía (Santiago, febrero de 1885)*. *Obras completas de Rosalía de Castro, III. En las orillas del Sar*. Editorial Páez, S. d. Páx. 215 ss. A este artigo de Barcia refírese sen dúbida Murguía cando escribe: *A pesar de ello estaba escrito que las demostraciones*

En definitiva, nos primeiros tempo, trunfou Rosalía como poeta rexional, pintor de costumes e paisaxes.

Houbo de pasar tempo dabondo para que se estimara o lirismo suxeitivo de Rosalía. Castelar é o precursor desta valoración, que trunfa de cheo a partir de Enrique Díez-Canedo⁹ e Azorín¹⁰.

Finalmente, descóbreste a Rosalía como poeta *metafísico*. Podemos centrar este intre coa pubricación do tomo 7 *ensayos sobre Rosalía* (1952). O eixo de valoración ten feito un xiro de cento oitenta graos. Son agora os poemas malditos das *Follas* e as *Orillas* os que ocupan o primeiro plano da atención.

Temos, pois, no espello da crítica, tres Rosalías; que corresponden a outros tantos períodos.

Primeiro período (1857-1863). Primeira Rosalía: unha Rosalía-Esproncada.

Segundo período (1863-1909). Segunda Rosalía: unha Rosalía-Petöffi.

de estimación pública y las de los que más la distinguían no habían de llegar todas a su conocimiento, ni a su hora, ni a su corazón. El mismo día de su muerte se recibió en su casa “La Rassegna Nazionale”, notable revista de Florencia, que contenía un breve, pero notable juicio de sus poesías castellanas “En las orillas del Sar”, recientemente publicadas. “Vorremmo –decía– che qualche gentil donna italiana ce ne regalase una traduzione, per che solo una donna puo degnamente entendere e interpretare così pura ed eletta poesia”. Y esto cuando en España el más benévolo de sus críticos, reflejando sinceramente la opinión de los que se tenían por entendidos, consignaba en un artículo que se había “encontrado en sus composiciones algo a que no se hallaba acostumbrado su oído y las han acusado de falta de armonía”. Rosalía: Ob. Comp. Madrid, 1952. Páx. 571.

9. ENRIQUE DÍEZ-CANEDO: *Una precursora* (Madrid 1908), en *Obras completas de Rosalía de Castro, III. En las orillas del Sar*. Editorial Páez, S.d. Páx. 223 ss.

10. *Los valores literarios*. Madrid, 1913; *Clásicos y modernos*. Madrid, 1913; *El paisaje de España visto por los españoles*. Madrid. 1917.

Terceiro período (1909-1952). Terceira Rosalía: una Rosalía-Heine.

Carto período (1952). Carta Rosalía: una Rosalía-Hölderlin¹¹.

Outro corte que podemos dar á historia da crítica rosaliá, nola presentaría segundo o progresivo alongamento do radio xeográfico, dividida en tres períodos.

Primeiro. Crítica de área galega (Murguía, Vicenti, Barcia, Pardo Bazán).

Segundo. Crítica de área peninsular (Díez-Canedo, Azorín, Unamuno).

Terceiro. Crítica de área universal (Bell, Brenan, McClelland)¹².

11. Para coñecer o detalle das opinións críticas nos períodos segundo e tercero, pode se ver *Xuicios críticos sobre Rosalía*, por Salvador Lorenzana, en *7 ensayos sobre Rosalía*. Editorial Galaxia, Tip. Faro de Vigo. Vigo, 1952. Ben entendido que a sistematización está feita segundo un criterio xeográfico e non, naturalmente, segundo o criterio estético que veño de desenrolar.

12. Pode se ver bibliografía sobre Rosalía de Castro no meu libro *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*. Gredos. Madrid, 1955. Páx. 218 ss. Referencias a algúns escritos publicados en América e que non se citan nese lugar, áchanse no seguinte extracto dunha conferencia de Xerardo Alvarez Gallego: *Martí conoció a Rosalía. Habla de ella en sus cartas a Gonzalo de Quesada. Se la dio a conocer en Nueva York a Rubén Darío... Poeta de dos mundos, ha llamado Juan Ramón Jiménez a Rosalía Castro... José Martí, el eminentíssimo escritor americano... en trabajo escrito el 7 de enero de 1891 pone a Rosalía Castro como paradigma y cita sus versos en el original gallego... Juana de Ibarbourou le dedicó un espléndido estudio en 1925, publicado en Montevideo... El eminentíssimo americano José Enrique Varona le dedica, ya en 1885, un ensayo en "Revista Cubana"... Modernamente se publicó en Méjico, en 1945, por la Editorial Rex, el libro sobre Rosalía de Luisa Carnés... y... Max Henríquez Ureña le dedica páginas inolvidables de su monumental tratado literario reciente. ("Rosalía, poeta del dolor". Conferencia en la Facultad de Filosofía y Letras de Buenos Aires, según Opinión Gallega. Año XII, núm. 170. Buenos Aires, agosto-septiembre de 1956).*

Inda que suxeita sen dúbida a futuras reitificacións –e eu mesmo teño traballado nese senso–, a crítica desenrolada por varios dos colaboradores dos 7 *ensayos* marca, ao meu parecer, un fito nos estudos rosaliáns. Supón unha revisión da obra da nosa autora á luz das novas ideas, revisión necesaria, e que foi feita, como debía ser, por galegos. O psicoanálise e o esistencialismo proporcionaron novas ilumiacións sobre Rosalía. A esprécación da poesía rosaliá por métodos psicoanalíticos era inevitabre. Rosalía é un ouxeto moi atractivo pra tales métodos. Os grandes temas son sempre postos de novo sobre o tapete cando xurden novos métodos de investigación. Os psicoanalistas non poden xa aspirar a curar a Rosalía dos complexos que a súa obra lles revele. Mais se Rosalía é unha encarnación do sentimento galego, o diagnóstico das súas doenzas psíquicas pode proporcionar a base pra a terapéutica que teña de se apricar a certas presuntas perturbacións da sensibilidade colectiva. Tamén era inevitabre a interpretación de Rosalía á luz do esistencialismo. É crarísima en Rosalía a sensación de desamparo perante a vida, a sensación do home deitado no mundo sen o seu consentimento, e comprometido, porén, a vivir, é decir, a elexir, sen que un mundo ideal de esencias lle dé a norma de elección. Mais craro está que cabe alumear a un poeta desde distintos ángulos. A interpretación esistencialista de Rosalía ten sido interesante e fecunda. É probabre que o pensamento contemporáneo teña de reaicioar en senso esencialista; pero non por elo teremos que encarpetar a Rosalía, á que cabe espricar segundo moitas fórmulas. De outra banda, Rosalía non pretendeu nem podía pretender –como fixeron algúns poetas actuás– desenrolar unha poesía esistencialista. Polo cal poderá se sostener que certos rasgos fundamentais do seu pensamento resultan dun carácter esistencialista; pero non que estén nela presentes os signos distintivos de ningunha das escolas esistencialistas modernas. O romanticismo, no cal, ao xeito de Aguirre e Espronceda, se formou Rosalía, é, dende logo, como o esistencialismo, antiesencialista, en canto históricamente anticlasicista. O esistencialismo, históricamente, surde como forma filosófica do romanticismo, con Kierkegaard; é unha manifestación do pensamento romántico, en canto refractaria a dogma, definición, fórmula e regua ouxetiva.

II

Rosalía de Castro pubrica en 1857 o seu primeiro libro *La flor*. Tiña daquela vinte anos e atopábase en Madrid, onde foi impresa a súa obra –un breve feixe de poemas, media ducia. Os titulados *El otoño de la vida* e *La rosa del camposanto* son longos, i, en realidade, poemas narrativos, inda que, á verdade, cunha acción moi elemental e grande inxerencia de elementos líricos. Tamén hai algunha sombra de argumento nos titulados *Un desengaño* e *Dos palomas*; de xeito que fican como puramente líricos dous somente: *Un recuerdo* e *Fragmentos*. E éses son todos os poemas da colección.

Neles Rosalía aparécesenos como unha poetisa enteiramente romántica. ¿Qué formación literaria tiña naquela época?

Nada en Compostela o 24 de febreiro de 1837, foi bautizada na capela do Hospital Real como filla de pais incógnitos, que eran, endebén, perfectamente coñecidos, e que non abandonaron de feito a Rosalía en ningún intre da súa vida. Foi a familia paterna a que se fixo cárrego da nena nos primeiros momentos, e baixo os seus coñecidos viviu, primeiro en Ortoño, en Padrón logo. Eiquí debéu de recibir a primeira instrucción. É notabre que saibamos tan pouco da vida de Rosalía, vivindo ainda unha filla súa e un grande número de persoas que coñeceron ao seu marido. Pero as circunstancias especiás do seu *status familiae* por unha banda, e a perda de testemoias escritas por outra, son causa da nosa iñorancia. Hai un intre en que dona María Tereixa da Cruz de Castro e Abadía asume pública e valerosamente os seus deberes de nai, e Rosalía reside en Santiago. Bouza Brey cree que denantes de 1852 debéu de comenzar a recibir educación en Compostela, e sospeita que durante a súa estancia nesa cidade puido frequentar as aulas da Sociedad Económica de Amigos del País, que sustentaba, con moitas outras, cadeiras de música e deseño¹. En

1853 Rosalia sabía tanxer a guitarra, segundo a testemuía de Murguía² e amosaba grande interés pola música. Sabemos tamén que deseñaba, afición que trasmítiu aos seus fillos Aleixandra e Ovidio³. Rosalía frequenta o Liceo de San Agustín onde se relacioa con Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Lois Rodríguez Seoane, e, segundo este derradeiro, co propio Manuel Murguía⁴, e intervén nas representacións dramáticas que dita sociedade orgaizaba, polo menos facendo o papel principal na *Rosmunda de Gil y Zárate*⁵. Se é verdade que escribía versos dende os oito⁶ ou os once anos⁷, é natural que continuara escribindoos ininterrumpidamente. Tiñan que ser intensamente románticos, pois naquela época era intensamente romántica toda a intelectualidade compostelá. En 1856 tivo lugar o famoso banquete de Conxo, en que leeron os seus famosos brindis Aguirre e Pondal. Nese mesmo ano trasládase Rosalía a Madrid, onde xa se encontraba Murguía⁸. Éste saúda en *La Iberia* a aparición de *La flor*.

2. *Id.* Páx. 207.

3. *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excelentísimo Señor Don Augusto González Besada el dia 7 de mayo de 1916*. Madrid, 1916. Páx. 20.

4. FERMÍN BOUZA BREY: *La joven Rosalía en Compostela*. Páx. 226-227.

5. GONZÁLEZ BESADA: *Discursos leídos ante la Real Academia Española*. Páx. 20.

6. JOSÉ CAAMAÑO BOURNACELL: *El linaje de Rosalía de Castro*. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos históricos y artísticos de Lugo. Tomo V. Primer y segundo semestres de 1952. Núms. 37-38. Páx. 97.

7. MANUEL MURGUÍA: *Los precursores*. A Cruña, 1885. Páx. 177.

8. A data de 1854 pra a primeira viaxe de Murguía a Madrid (Juan Naya: *Murguía y su obra poética*. Boletín de la Real Academia Gallega. Tomo XXV. Números 289-293. La Coruña, 1950. Páx. 96) ten que ser reitificada en vista da esistencia de poemas firmados naquela capital polo mozo escritor en 1852 e 1853 (Juan Naya Pérez: *Inéditos de Rosalía*. Santiago de Compostela, MCMLIII. Páx. 112, e *Murguía y su obra poética*. Páx. 96). Como antes de 1852 Rosalía non comprira quince anos e non sabemos xiquera con certeza que residira en Santiago, é de supor que, se non se trabuca Rodríguez Seoane escribindo máis de trinta anos dempóis da época á que se refire, respeito a unha coincidencia de Murguía e Rosalía no Liceo de San Agustín, esta coincidencia e o suposto coñecimento conseguinte se verificasen nunha data antre 1852 e 1856, cando Murguía viña

1. *La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)*. *Cuadernos de Estudios gallegos. Fascículo XXXI*. Madrid, 1955; páx. 202 e 248.

III

Este libro rexistra craramente o calco de Espronceda. Así o fai notar Murguía. *Espronceda, al parecer, fue su maestro. A cada palabra, a cada giro, a cada verso, recordamos al ilustre autor de ‘El estudiante de Salamanca’*¹. Vicetto se non amosa de acordo con esta apreciación, nen coas loubanzas que Murguía adica á autora. En carta a Murguía datada en Badajoz o 16 de maio de 1857 reprica ao artigo de *La Iberia* dicindo que no propio artigo hai mais poesía que no libro comentado, e que nel non hai Espronceda. Espronceda non houbera posto unhas mesmas vocás aos consoantes contrapostos das oitavas, defeito de novatos que destrui a armonía da rima. Noutra carta ao mesmo Murguía, de 18 de xunio do citado ano, censura a oitava que comenza

Imágenes bellísimas de amores,

pola alternancia dos consoantes en o-e con consoantes en o-a, *en lo que juega horrorosamente la o*, o que non houbera feito Espronceda que era muy mirado en esto. Esta ouservacion refírese ao mesmo presunto defeito téc-

a Galicia ao rematar o curso académico en Madrid, cousa que, ao que semella, facía normalmente todos os anos. (Murguía: *Los precursores*. Ed. cit. Páx. 235). Inda que Murguía en 1862 (*Diccionario de escritores gallegos*. Páx. 148) i en 1885 (*Los precursores*. Páx. 180) insiste en que ao sair *La flor* non coñecía á súa autora, no mesmo artigo de *La Iberia* semella ter algúna noticia dela, ao menos indireita: *Un talento modesto, a quien causas ajena a este lugar, y no el deseo de acercarse al palenque literario, obligaron a recurrir a la publicación de sus trabajos, que su timidez guardaba para ella sola.* (Rosalía de Castro. *Obras completas*. Madrid, 1952. Páx. 70-71). A filla maior de Murguía ten declarado que os seus pais se coñeceron en Madrid, presentados por Elías Bermúdez, amigo común (Carlos Martínez Barbeito, en *La Noche. Suplemento del sábado*. Núm. 7. Santiago, 26 de novbre., 1949).

1. ROSALÍA: *Obras*. Madrid, 1952. Páx. 70.

nico indicado na carta anterior, o cal na do 18 de xunio se define mais esprícitamente².

A estrofa en custión reza:

Imágenes bellísimas de amores,
fúlgidos rayos de brillante aurora,
frescas coronas de lucientes flores
que un sol de fuego con su luz colora.
Dulces cantos de amor arrobadores,
que, al delirar, el corazón adora;
todo voló con la ilusión de un día,
rota la flor de la esperanza mía³.

Pero o anatema en nome de Espronceda é completamente inxustificado. Veleiquí unha oitava de Espronceda onde se dá o mesmo xogo de consoantes en o-a e o-e:

Y entretanto, vosotros los que ahora
pinté embriagados de placer y amores,
gozad, en tanto vuestras almas dora
la primera ilusión con sus colores;
gozad, que os brinda la primera aurora
con el jardín de sus primeras flores;
coged de amor las rosas y azucenas
de granos de oro y de perfumes llenas⁴.

2 BENITO VARELA JÁCOME: *Referencias inéditas a Rosalía Castro*. Cuadernos de Estudios Gallegos. XVII. Santiago de Compostela, MCML. Páx: 424.
JOSÉ LUIS VARELA: *Cartas a Murguía. II. Cartas de Benito Vicetto*. Cuadernos de Estudios Gallegos. XXVII. Santiago de Compostela, MCMLIV. Páxinas 131 e 132.

3 ROSALÍA: *Obras*. Ed. cit. Páx. 223.

4. *El diablo mundo*. Canto IV.

O esprito de Espronceda, no que tiña de desespero xesticulante, maniféstase de xeito acusadísimo nos *Fragmentos*⁵ de Rosalía aos que pertece a estrofa criticada por Vicetto.

Todo o movemento das oitavas é típicamente esproncedián. Rosalía ha facer no futuro poesía fundamentalmente pesimista, pero seca, ascética, estoica. Polo de agora, baixo o influxo de Espronceda, o seu pesimismo é verboso, retórico e retumbante:

Hoy, yerto el corazón, falto de vida,
horas de horror e insensatez presiente,
largas horas sin fin que en la partida
marchitan su ilusión, secan su ambiente.
Y al dejar su ilusión seca y perdida,
vana esperanza el porvenir le miente;
sabe muy bien que esa esperanza es vana
sombra fugaz de su primer mañana⁶.

Citemos algúns exemplos de paralelismo antre Rosalía i Espronceda.

Rosalía:

Luego un eco
en el espacio
muy despacio
se perdió,
y en los valles
extendido,
murmuró,

con raro,
vago
son⁷.

Espronceda:

Y vió luego
una llama
que se inflama
y murió;
y perdido
oye el eco
de un gemido
que expiró.
Tal, dulce
suspira
la lira
que hirió
en blando
concento
del viento
la voz,
leve,
breve
son⁸.

Rosalía:

Sola era yo con mi dolor profundo
en el abismo de un imbécil mundo⁹.

5. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 320 ss. No sucesivo, sempre que se non faga constar outra cousa, citaréi a Rosalía polas *Obras Completas*, edición de Aguilar, Madrid, 1952.

6. *Obras*. Páx. 222.

7. *El otoño de la vida*.

8. *El estudiante de Salamanca*.

9. *Fragmentos*. Oitava VII.

Espronceda:

Y nunca aislado en tu dolor profundo
solo te mires en mitad del mundo¹⁰.

Con posterioridade a *La flor* aparecen outras pegadas de Espronceda na obra de Rosalía. Aquél é citado en *La hija del mar* (1859) por estes versos:

Hay siempre en derredor del cuerpo muerto
una tan honda soledad y olvido¹¹.

que poden ter influído nos seguintes rosaliáns:

¡Qué terrible abandono!
Antre cantos sarcasmos
hai, ha de haber e houbo,
non vin ningún que abata más ós vivos
que o da humilde quietud de un corpo morto¹².

En *Flavio* (1861) hai unha referencia a Don Félix de Montemar i Elvira, persoaxes, como é sabido, de *El estudiante de Salamanca*¹³.

10. *El diablo mundo*. Canto VII.

11. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 780.

12. *Id.* Páx. 426. Cf. Antonio Machado, *Poesías completas*, Madrid, 1933; páxina 13:

Un golpe de ataúd en tierra es algo
perfectamente serio.

Compárense tamén estes versos do mesmo poema de Rosalía (*Obras*, páxinas 425-426):

Hoxe ou mañán, ¿quén pode decir cándo?,
pero quisáis moi logo,
viránme a despertar, i en vez dun vivo
atoparán un morto.
.....

A métrica de *La flor* preséntanos os cambios de medida i estrofa dentro dunha mesma composición, característicos da escola romántica, e as escadas de versos ascendentes ou descendentes polo que respeita ao número de sílabas, que se compraceron en subir e baixar Espronceda, Zorrilla, Gómez de Avellaneda e outros versificadores do tempo, sob a influencia de Víctor Hugo¹⁴.

I eu sin calor, sin movemento, fría,
muda, insensibre a todo,
así estaréi cal me deixare a morte
ó helarme co seu sopro,

cos seguintes de Unamuno (*Poesías*. Madrid, 1907. Páx. 282).

y me digo: “Tal vez cuando muy pronto
vengan para anunciarme
que me espera la cena,
encuentren aquí un cuerpo
pálido y frío
-la cosa que fui yo, éste que espera-,
Como esos libros silencioso y yerto,
parada ya la sangre,
yeldándose en las venas,
el pecho silencioso
bajo la dulce luz del blando aceite,
lámpara funeraria”.

13. *Nuestros amores han sido un juego de niños, que os empeñasteis en que yo había de tomar por lo serio, pues queríais ver en mi una Graciella o una Elvira, que muere bendiciendo al amante que la ha abandonado, en tanto vos haríais a las mil maravillas vuestro papel de estudiante de Salamanca.* (*Obras*. Páx. 999).

14. Por corresponder ao ano 1857, o mesmo en que se publica *La flor*, coido curioso reproducir equí, tomado dun xornal galego, que cecáis o copia de outro, un poema humorístico en esqueira, titulado *El miriñaque*. A composición tipográfica, no impreso que teño á vista, imita a traza do ouxeto que dá tituo á peza. E, pois, un poema dos chamados de figura, xa coñecidos antre os gregos, por exemplo, Teócrito, e que no noso século habían ser resustados por Apollinaire. No citado impreso, cada verso sobresái con relación ao anterior por ambos la-

dos, de xeito que todo o poema ten contorno de triángulo isósceles; pero eiquí transcríbese comenzando no mesmo lugar do papel os versos isosilábicos.

El miriñaque

Van
tan
bellas,
ellas,
lás huecas,
cual lluecas;
tan quitadas
y alejadas
de los profanos
juegos de manos;
hacen un ruído
tan grato al oído,
por quanto anuncia caza
de femenina raza;
cohonestan toda *flaqueza*,
y en su porte hay tal grandeza
que me temo si el miriñaque
volverá todo cráneo zaque.
¡Verlas ya ¡qué placer! a sus anchas!
¡Juego a ti que en sus *redes* te enganchas!
¡Jindas entrar en apreturas recias,
e incólumes salir, nuevas Lucrecias!
¡Cómo! ¿al sexo débil defiende muralla,
o cerco de hierro cual cota de malla?
Sí, sí: la castidad era juego de bobos,
mas hoy, en *jaula*, ¿por dónde la entran lobos?
¡Loor al *Ballenato*, indómito tontillo
ruidoso mueble magno del moderno festín!
En *Esparta* o *Cerdeña* hecho, a gacha o *martillo*,
mi Musa te saluda por sécula sin fin.

(JOSÉ RODRÍGUEZ: Crónica general, en *La aurora del Miño*, periódico de intereses Morales y materiales. Núm. 21. (Lugo) viernes, 18 de septiembre, 1857.

IV

Era natural que Rosalía acusara no seu primeiro libro o calco de Espronceda. Chegaba Rosalía de Compostela onde frequentara o Liceo de la Juventud ou de San Agustín. Ali formárase literariamente, escoitando recitacións, representacións e concertos, e actuando ela mesma nestes festivás. ¿Quénes eran os xefes do movemento literario no Liceo? Murguía, Vicenti e Rodríguez Seoane infórmannos sobre o particular. Aguirre figuraba en primeiro termo. Aguirre, o *Espronceda galego*, como se lle chamaba en son de alaudo. O ambiente era intensamente romántico, e o culto de Espronceda afervoado.

A silueta de Aguirre foi trazada por Murguía en *Los precursores* de xeito insuperabre; pero temos outras fontes que nos informan circunstancialmente encol deste príncipe da mocidade literaria compostelá. Nado en 1833, pubricou os seus primeiros versos en 1851, e a súa popularidade ante estudantes e obreiros logróuna principalmente durante o bieñio progresista, é decir, precisamente nos derradeiros anos que Rosalía pasa en Compostela. Está perfeitamente documentada a relación antre Aguirre e Rosalía. Ésta non poido menos de someter as súas primeiras poesías ao criterio do coudel literario do romanticismo compostelán. A influencia de Aguirre foi cicáis a que apurró a Rosalía cara o lirismo esproncedián. A influencia de Aguirre confóndese coa influencia de Espronceda, e non sempre é posibre determinar o que de Espronceda chegou a Rosalía direitamente e o que chegou ao traveso de Aguirre. As *Poesías*¹ déste refrexan un espírito extraordinariamente semellante ao que refrexa *La flor*. Este derradeiro libro non se houbera escrito ou non sería o que é, se Rosalía non houbera lido e tratado a Aguirre. Coido que non sería inesaito decir que neste intre, Rosalía é unha discípula de Aguirre. Escribindo en Madrid, onde Aguirre era descoñecido, Murguía, no seu artigo crítico, non tiña por qué citalo. Pero se en troques de en *La Iberia*,

1. AURELIO AGUIRRE: *Poesías selectas*. La Coruña, 1901.

se tivera publicado o seu artigo nun periódico compostelán, houbera podido escribir: *Aguirre, al parecer, fue su maestro*.

A amistade antre os dous poetas composteláns está comprobada polo soneto de Aguirre a Rosalía² por unha carta de Aguirre a Murguía³ e polo poema de Rosalía en lembranza de Aguirre⁴.

Como coincidencias literáis antre o un e a outra, sinalaréi en primeiro termo tres pasaxes de Aguirre:

página la más hermosa
de la historia de mi vida⁵
una página triste en nuestra historia⁶,
¡Página en blanco de la humana historia!⁷

aos que corresponde éste de Rosalía:

Página extraña de mi larga historia⁸.

Pero o caso máis interesante de influencia de Aguirre sobre Rosalía é o da *negra sombra*⁹.

2. AURELIO AGUIRRE: *Ob. cit.* Páx. 151.

3. JUAN NAYA: *Murguía y su obra poética*. Boletín de la Real Academia Gallega. Tomo XXV. La Coruña, 1950. Páx. 105.

4. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 1517.

5. BOUZA BREY: *La joven Rosalía en Compostela*. Páx. 247.

6. AGUIRRE: *Poesías*. Páx. 159.

7. *Id.* Páx. 151.

8. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 218.

9. ALBERTO MACHADO DA ROSA, en *Rosalía de Castro, poeta incomprendido*, Revista Hispánica Moderna, año 20, julio, 1954, número 3; Hispanic Institute in The United States, New York, sustenta que o propio Aguirre é a negra sombra (*O frio espectral da sombra negra de Aurelio Aguirre, símbolo vivo do seu pecado irremediável*). Porque pra o señor Machado tería esistido un fadal amor antre Rosalía e Aurelio: *Ainda muito nova, em Santiago de Compostela, Rosalía foi cortejada por um jovem poeta romántico, Aurelio Aguirre, amigo íntimo de Manuel Murguía. A jovem corres-*

O poema de Rosalía provén direitamente dun fragmento de “El murmullo de las olas”, de Aguirre¹⁰, que ten como precedente a composición do propio Aguirre “Al Liceo de la Juventud de Santiago”¹¹.

Aguirre, na primeira das citadas poesías:

Dime tú, ser misterioso
que en mi ser oculto moras
sin que adivinar consiga
si eres realidad o sombra,
ángel, mujer o delirio
que bajo distintas formas
a mis ojos apareces
con la noche y con la aurora,
y a todas partes me sigues
solícita y cariñosa,
y en todas partes me buscas,
y en todas partes me nombras,
y estás conmigo si velo,
y si duermo en mí reposas,

pondeu, chegou a jurar-lle amor eterno, mas, cansada dos excesos fantasistas do lígubre vate compostelano, acabou por quebrar o namoro. Tinha ela então cerca de quinze anos. Non se funda o señor Machado pra sostener esta tese senón nunha interpretación trabucada dos escritos de Aguirre, Rosalía e Murguía. As poesías de Aguirre que, por carencia de antecedentes, dá por adicadas a Rosalía, refírense a outras persoas, como se pode ver no traballo de Bouza *La joven Rosalía en Compostela*, páginas 236 a 248. Que os testos aducidos de Rosalía e Murguía sexan alusións a aqueles presuntos amores, é tamén elucubración gratuita, moralmente imposible cando non contraditoria cos feitos. Ren autoriza tampouco a admitir unhas posteriores relacións de Rosalía en Padrón, construidas a base de interpretar como confesións autobiográficas testos rosaliáns que teñen carácter ouxetivo narrativo, ou están postos en beizos das *vindas dos vivos*, ou teñen un alcance xeral que é ilícito concretar conforme ao prexuicio do autor.

10. AURELIO AGUIRRE: *Poesías selectas*. Páx. 61-63.

11. *Id.* Páx. 79-86.

y si suspiro suspiras,
y si triste lloro, lloras ...

Rosalía:

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezais
tornas facéndome mofa.
Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.
Si cantan, es tí que cantas;
si choran, es tí que choras,
i es o marmurio do río,
i es a noite i es a aurora.
En todo estás e tí es todo,
pra min i en min mesma moras,
nín me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras¹².

Como se ve, neste caso Rosalía tomou de Aguirre todos os elementos esternos da súa composición. Vocabulario (*moras, sombra, noche, aurora, lloras; moras, sombra, noite, aurora, choras*). Métrica (versos octosílabos). Estrofa (romance). Asoancia (o-a). Anáfora (*y ... y, si ... si; i ... i ..., si ... si*). Paronomasia (*suspiro-suspiras, lloro-lloras; cantan-cantas; choran- choras*). Similicadencia (*y en todas partes me buscas, y en todas partes me nombras; i eres a estrela que brila, i eres o vento que zoa*). Tamén é común aos dous testos a vaguedade, a nebulosidade romántica. De xeito que o poema de Rosalía é, en parte, cáxeque unha tradución de Aguirre. Só que o carácter solícito

e cariñoso do misterioso ser de que éste fala, ten desparecido nos versos de Rosalía, nos que o carácter opresivo e hostil da sombra é evidente¹³.

Os problemas relativos a tradición e orixinalidade, reciben unha brillante ilustración deste caso. *El murmullo de las olas*, de Aguirre, é un poema sen especial relevo. *Cando penso que te fuches*, e decir, *Negra sombra*, como se soe designar esa canción, co tiduo que máis ben corresponde á melodía de Montes, posee, malia a estreita dependencia esterna do seu modelo, unha forza e unha emoción que lle dan categoría especial dentro da obra da autora, á luz do criterio estético actual. E así, esta peza, tan dependente de Aguirre, ten chegado a ser a preferida antre as rosaliás como suprema expresión da mentalidade da poetisa.

Pra min non hai dúbida de que a sombra de que fala Rosalía neste poema, como nos dous que inmediatamente o preceden en *Follas novas*, é a sombra do pasado¹⁴. Pero o pasado só nos pode perseguir en canto é o noso pasado, en canto somos nós. É decir, que o noso eu desdóbrase en dous, o pasado e o presente. Así, a sombra é unha ouxetivación do suxeito. O desdobramento do eu é un tema tópico na literatura romántica. Aos exemplos de Heine e Musset que teño alegado en relación con *Negra sombra*¹⁵, pódense engadir os de visionaria sobre persoalidade romántica (Jean Paul, Hoffmann, Kleist, Arnim, Chamisso, Brentano) mencionados por George Brandès¹⁶. Na literatura española, temos o caso de *El estudiante de Salamanca*, en que don Félix de Montemar ve o seu propio ente-

13. Pódense considerar tamén como precedentes de *Negra sombra* os poemas de Nicomedes Pastor Díaz *La mariposa negra y Una voz*; ENRIQUE CHAO ESPINA: *Pastor Díaz dentro del romanticismo*. Madrid, 1949. Páx. 355 ss.

14. RICARDO CARBALLO CALERO: *Negra sombra. "Galicia emigrante"*. Número 26. Buenos Aires, 1957.

15. *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*. Madrid, 1955. Páx. 35-36.

16. GEORGE BRANDÈS: *Las grandes corrientes de la literatura en el siglo XIX. Tomo II. La escuela romántica en Alemania*. Traducción de V. Orobón Fernández. Barcelona. S. d. Páx. 193 ss.

12. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 442.

rro. Semellante é o exemplo de *Les âmes du purgatoire*, de Merimée. Estes dous autores inspíranse nunha vella tradición. Compréndese así que, á luz de Heidegger, a sombra de Rosalía fora interpretada como conciencia esistencial¹⁷ pero convirá sempre ter en conta os antecedentes histórico-literarios pra estimar con xusteza a siñificación da obra artística¹⁸.

Finalmente, compre facer notar que a expresión cementerio de vivos, referida a Compostela, i empregada por Rosalía no seu poema “Santa Escolástica”¹⁹, procede de Aguirre, que, segundo Murguía, tería dito da mesma cidade *no es, ni será nunca más que un monótono cementerio de vivos*²⁰.

Antes de rematar este capítulo quero anotar o feito de que o poeta murciano José Selgas (1824-1882), no seu libro *El estío* (1853), inclúe unha composición algúns de cuios versos que reproduzo a continuación, asoméllanse aos de Aguirre inspiradores da “Negra sombra” dabondo pra preguntarmos se non terán realmente influido neles.

En la margen reclinada,
flor de su tallo caída,
fijos en el agua tiene
los tristes ojos María.
Y el agua por distraerla,
por si sus penas alivia,
rompe el cristal bullicioso
en mil fantásticos prismas.
Y en cada pliegue que forma
y en cada ligera línea,

17. DOMINGO GARCÍA SABELL: *Rosalía y su sombra*, en 7 ensayos sobre Rosalía. Vigo, 1952. Páx. 42-56.

18. *El tema rosaliano de negra sombra en la poesía compostelana del siglo XIX*. Cuadernos de Estudios Gallegos. Fascículo XXV. Madrid, 1953.

19. ROSALÍA: Obras. Páx. 628.

20. *Los precursores*. Páx. 56.

luces, sombras y colores confundiendo multiplica.
Mas jay! solícita el agua vanamente se fatiga,
que la niña la contempla cada vez más pensativa.
Y ansiosos sus ojos buscan allá en el fondo perdida una imagen, una sombra, una luz tan indecisa,
que sobre el azul del cielo que temblando el agua pinta, al resbalar por las nubes en las nubes se disipa.
Imagen que entre las ondas busca con afán la niña, luz que deslumbra sus ojos, sombra que ofusca su vista, imagen y luz y sombra que en agitación continua, como relámpagos pasan por las ondas cristalinas, y cada vez más ansiosas mueven el agua las brisas, y la niña la contempla cada vez más pensativa:
porque en el agua impaciente busca un rayo de alegría, una sombra de esperanza, una imagen... ¡Pobre niña!²¹

21. “Amor filial. María”, IV, en *La Primavera y el Estío*, páxs. 219-221.

V

Creemos que, se Rosalía e Murguía se coñeceron en Santiago, o comienzo das súas relacións debe ser datado antre 1852 e 1855, durante algunha das tempadas que Murguía pasaba en Compostela, alternándoas coas súas estadías en Madrid. Esto está conforme coas conxeturas de Rodríguez Seoane¹: *Tal vez pudo brotar entonces (no Liceo de San Agustín) ese germen de amorosa inclinación que a la distinguida hija de una de las nobles e ilustres familias de Galicia, a la virtuosa Rosalía, profesó el que más tarde habría de darla su nombre.*

Denantes de 1858, data do seu matrimonio con Rosalía, Murguía tiña xa no seu haber unha copiosa obra literaria. Figuran nela varias narracións románticas, como *La virgen de la servilleta* (1852), *Luisa* (1852), *Un can-can de Mussard* (1853), *Desde el cielo* (1854), *El regalo de boda* (1855), *Mi madre Antonia* (1856), alén de diversas poesías. Rosalía tivo que conhecer esta obra, se non denantes, inmediatamente dempós de formalizar as súas relacións co autor. Ao ano seguinte do seu matrimonio, Rosalía pubrica *La hija del mar*, coa seguinte adicatoria: *A Manuel Murguía. —A ti, que eres la persona que más amo, te dedico este libro, cariñoso recuerdo de algunos días de felicidad, que, como yo, querrás recordar siempre. Juzgando tu corazón por el mío, creo que es la mejor ofrenda que puede presentarte tu esposa. —La Autora*².

Con máis nome, máis experiencia literaria e máis cultura que a súa muller, Murguía non puido menos de influir nela, orientándoa, aconsellándoa, correxíndoa e prácticamente colaborando con ela. A sicoloxía de Murguía fai moralmente seguro o exercicio deste maxisterio. Pero tal actividade, ao meu xuicio, exercíase somente, nos termos en que fica deliñada, durante

os primeiros anos de matrimonio, cando Murguía podía aínda creer que Rosalía tiña algo que adeprender del no labor literario de creación. Dempós dos *Cantares* se non podía manter tal ficción. Entón, Murguía, que xa non pubrica novelas nem poesías, está convencido do xenio da súa muller. A súa colaboración redúcese a correicións ortográficas.

Pero *La hija del mar* semella moito ás primeiras novelas de Murguía. É un verdadeiro folletín, esaltadamente romántico, dun romanticismo inxenuo e declamatorio, como os folletíns que Murguía tiña publicados. O argumento, a técnica, o vocabulario revelan o mesmo gosto literario que Murguía tiña entón. Eu creo que non só está influida por el, senón que dun xeito ou outro, meiante suxestións ou correicións, mediante críticas ou estímulos, o marido colaborou na obra da muller.

Confirma esta tese o estilo da prosa. O gosto de Murguía polas comparanzas e apóstrofes aparez tamén en *La hija del mar*. E outro recurso estilístico máis sutil, que val a pena documentar con exemplos. É a afeición ao emprego do adjetivo demostrativo en casos en que abondaría co artigo determinado. Un adjetivo demostrativo —xeralmente *ese-esa-esas-esas*, ás vegadas *aquel-aquella-aquellos-aquellas*: nunca *este-esta-estos-estas*— que vai determinando a un nome o cal á súa vez rexexe a unha oración de relativo —pura ou adverbializada por unha preposición— ou a un complemento introducido pola preposición *de*. Non ousaréi decir que se trate dunha construcción bárbara, dun verdadeiro galicismo sintáctico, nem que repugne ao castelán enxebre, pois mecánicamente se non opón ao seu xenio; pero está usado cunha compracencia especial, como unha elegancia buscada, o que non ocorre nos clásicos casteláns; i é evidente que dá un lixeiro sabor francés á frase. Sabido é que, en certos casos, en francés o demostrativo é obligatorio, e o artigo non pode se empregar. Murguía, moi amigo de citar en francés, sen dúbida tomou desa lingua certos *ces*, que en castelán fixo demostrativos cando podían ser artigos.

1. L.R.S.: Rosalía Castro. “La Gaceta de Galicia”, núm. 1.861. Santiago, 17 de xullo de 1885. -BOUZA BREY: *La joven Rosalía en Compostela*. Páginas 229-230. Véxase agora a miña *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, 1963, páx. 146 e 228. Semella certo que Rosalía e Murguía se coñeceron en Madrid.
2. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 667.

Él rodeaba de ese misterio en que envuelven los poetas y los pintores ingleses a sus mujeres³.

Si se necesitase una prueba histórica de la antigüedad del hombre sobre la tierra nos la suministrarían esas mismas razas indo-europeas que al alborear para nosotros los tiempos históricos, hallamos repartidas por los ámbitos del mundo entonces conocido⁴.

Entonces como hoy distinguió al habitante de Galicia ese entrañable cariño a la tierra natal, que es el rasgo distintivo de los pueblos de la familia céltica⁵.

El presta con sus aguas el admirable aspecto de las campiñas que le rodean, del mismo modo que los infinitos riachuelos que riegan Galicia y que le dan esa eterna frescura y lozanía que es su mejor gala⁶.

Este xiro é moi abundante en *La hija del mar*:

Tenía el rostro oscurecido por ese color tostado que presta el mar⁷.

Un sol de invierno, claro, pero frío, iluminaba aquellas montañas, que ya graníticas, ya arenosas, tienen siempre ese aspecto desolado de las comarcas estériles⁸.

El cielo que cubre aquellos tristes paisajes no es de ese azul tranquilo en que el alma se espacia cuando nuestra mirada se alza hacia él⁹.

Los hijos de aquellas riberas abandonadas y tristes aman a su país mucho más que los que viven en esas fértiles y risueñas campiñas de los climas del mediodía¹⁰.

3. Olivia, ROSALÍA: Obras. Páx. 58.

4. Historia de Galicia. Tomo primero. Lugo. Imprenta de Soto Freire, editor. MDCCCLXV. Páx.4.

5. Id. Páx. 11.

6. Id. Páx. 199.

7. ROSALÍA: Obras. Páx. 673.

8. Id. Páx. 682.

9. Id. Páx. 683.

10. Id. Páx. 693.

Dentro de su corazón se encontraba toda esa riqueza de sensaciones que son el patri-mono de los desheredados¹¹.

Su semblante hermoso y triste y su aire desdenoso, al mismo tiempo que afligido, le daba el aspecto de algunos de esos dioses mitológicos que convertidos en pastores, buscaban su ninfa sonriente de hermosura por las orillas solitarias de los montes o los bosques sombríos de la Tracia¹².

La arena, húmeda aún por la lluvia, exhalaba ese aroma fresco y penetrante de las marinas que rejuvenece los ánimos¹³.

11. Id. Páx. 710.

12. Id. Páx. 714.

13. Id. Páx. 726. Valle-Inclán, na súa etapa esteticista, usa tamén moito, dende os seus primeiros tempos, este recurso estilístico. Os principios literarios de Valle Inclán foron patrocinados por Murguía, que prologou o primeiro libro de aquél (*Femeninas. Seis historias amorosas*. Pontevedra. Imprenta de A. Landín. 1895). Valle-Indán decía de Murguía que fora o primeiro que na tradicioal aridez da castiza prosa castelá fixera cantar as líricas labercas. Valle-Inclán aproveitouse dabondo do labor dos escritores rexionás cos que conviviu nos seus anos mozos. Do romance *O bautizo*, de Andrés Muruáis, tirou unha escea de *Águila de Blasón* (III, 6). Tense dito que *Flavio*, de Rosalía, presenta nas súas páxinas como un precedente de Valle-Inclán, ese misterio impalpable de los sazones solitarios en la noche, con las ventanas batidas por el viento, los cortinones que se mueven, el maderamen que gime y el miedo de la penumbra de las estancias y del más allá (BENITO VARELA JÁCOME: *Historia de la literatura gallega*. La Coruña, 1951. Páx. 243). O tíduo *Mi hermana Antonia*, de Valle, lembra o tíduo *Mi madre Antonia*, de Murguía. Coñecida é a amistade que ligou a éste co pai de don Ramón. Citemos algúns exemplos do referido uso do demostrativo en Valle Inclán: Recordaba esas ingenuas madonas pintadas sobre fondos de estrellas y luceros ("Femeninas"). El jardín y el palacio tenían esa vejez señorial y melancólica de los lugares por donde en otro tiempo pasó la vida amable de la galantería y del amor (*Sonata de otoño*). Era tan pálida y tan blanca como esos ramos de azucenas que embalsaman las capillas con más delicado perfume al marchitarse (Id). Direita ou indireitamente, estes xiros proceden da elocución francesa. Abrindo ao azar un libro de Lamartine, atopamos inmediatamente este símil, de estrutura idéntica -e ainda de senso análogo- ao transcritto derradeiramente: *Les traits de cet homme illustre étaient réguliers comme ces lignes pures des profils antiques*

Cicáis é tamén de sospeitar a posibilidade de que Murguía colaborase con Rosalía na elección dos cachenos de outros autores que figuran como lemas en cabeza dos capítulos de *La hija del mar*. Este costume estendérase por España dende que foran coñecidas as novelas de Walter Scott.

Con relación ao tido de *La hija del mar*, consignaréi que é tamén o dun poema de Murguía¹⁴. Nen é éste o único tido común aos dous escritores. Murguía tiña tamén composto ou proxeitado unha colección de novelas baixo o rubro *Las orillas del Sar*¹⁵.

Imos rexistrar agora algúns paralelismos concretos de expresión antre Rosalía e Murguía:

Murguía: *Y vosotros, humildes tribus de labradores y marineros cuyas pobres viviendas acabamos de visitar, vosotros entre quienes nacimos y para quien escribimos este libro que tanto tiempo tardareis en leer* (1865)¹⁶.

Rosalía: *As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles* (1880)¹⁷.

Murguía: *Recordamos en este momento a Fernán Caballero, que aunque de paso, se ocupa de nuestro país con alguna verdad en sus Diálogos entre la juventud y la edad madura*” 1865)¹⁸.

que le temps décharne un peu sans les alterer (Raphael, Paris, MDCCCLIX. Páx. 163). E unhas liñas más abaixo: *Les jones avaient cette delicatesse de peau, cette transparence de teinte d'un visage qui a vieilli à l'ombre des murs et que le vent ni le soleil n'ont jamais hâlé* (Id. Páx. 153-154).

14. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 110.

15. *Ibidem*. Outros tiduos paralelos son o de Murguía *El sepulcro de Moore*, e o de Rosalía *Na tumba do xeneral inglés Sir John Moore*.

16. MURGUÍA: *Historia de Galicia*. Ed. cit. I. Páx. XXV.

17. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 419.

18. MURGUÍA: *Historia*. Páx. 195.

Rosalía: *A Fernán Caballero ... por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país* (1863)¹⁹.

Murguía: *Don José de Castro, abuelo de esta escritora ... ; fue notable por sus virtudes evangélicas, de cuya vida ha escrito su nieta un libro que, como hemos dicho, lleva el título de "Historia de mi abuelo"* (1862)²⁰.

Rosalía: *As virtudes verdadeiramente evanxélicas deste cabaleiro, tan amado dos que o conoceron, inspiráronme un libro que non tardarei en publicalo, con o título de "Historia de mi abuelo"* (1863)²¹.

Murguía:

¡Es tan amarga del mortal la vida
que es más feliz quien llega
más temprano al lugar de la partida! (1862)²².

Rosalía:

que es más dichoso quien de la vida
mayor espacio corrido tiene (1884)²³.

Antre os manuscritos de Rosalía que dou a coñecer o señor Naya, atópase un borrador de poema, cicáis un fragmento, cunha importante corrección autógrafa de Murguía. O poema ou fragmento di²⁴:

19 *Obras*. Páx. 261. Ousérvese que este testo é anterior ao paralelo de Murguía. Eiquí pode ser Murguía o influido. Pero ¿quén pode asegurar que Rosalía non reproducía conceptos escoitados ao seu marido? Abóndenos con sinalar as relacións, sen máis profundar.

20. *Diccionario de escritores gallegos*.Páx. 148.

21 21 *Obras*. Páx. 372.

22. NAYA: *Murguía y su obra poética*. Páx. 111.

23. *Obras*. Páx. 659.

24. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 48.

Hiende el rayo el peñasco en el monte
a la nave en el mar la tormenta;
en el aire, el halcón prende al pájaro;
Y en el mar, en el aire, en la tierra
todos prenden y acosan al hombre
de desgracia acusado y pobreza.

A verba *acusado* do derradeiro verso non fai bo senso. Fonéticamente resulta ingrata pola proisimidade do *acosan* do verso anterior. É posíble que Rosalía escribira provisionalmente *acusado* pra encher a medida do verso, en agarda de outro termo máis axeitado que dempóis tería de percurar, e que precisamente escribira *acusado* por reminiscencia auditiva do *acosan* anterior, que lle suixería esa voz cáxeque homófona. Sería o mesmo procedimento provisorio de urxencia que aparez empregado noutro boorrador²⁵. Ese derradeiro verso está correxido por man de Murguía, de xeito que se sustituía por éste:

a quien hiere la pobreza.

Pero ¿de quén é, realmente, a corrección? Os familiares dun escritor sérvenlle a miudo de amanuenses. Sen dúbida Rosalía e Murguía prestábanse mutuamente, como é natural, esta cras de servicios. Murguía puido, pois, escribir ao dictado de Rosalía esa corrección. É digno de ouservación que o verso, tal como ficou correxido, é octosílabo. Os restantes son decasílabos anapésticos. O emprego de tal combinación é unha das innovacións persoás de Rosalía. Danse outros trece casos na súa obra²⁶.

Se non pode rexeitar, endebén, a posibilidade de que se trate dunha verdadeira intervención de Murguía. ¿Debemos pensar que éste colaborou substancialmente nas obras da súa muller?

25. *Id.* Páx. 27.

26. SISTER MARY PIERRE TIRRELL: *La mística de la saudade. Estudio de la poesía de Rosalía de Castro*. Madrid, 1951.

Eu creo que esa colaboración puido se dar durante a *lúa de mel*, como xa teño indicado. Mais é evidente, segundo se desprende de infinidade de testos murguiáns, que pouco a pouco Murguía foi descobrindo o xenio literario da súa muller, e se decatando de que as aptitudes dela para a creación poética eran moi superiores ás del mesmo. Estimula, pois, afincadamente a creación literaria de Rosalía e, contemporaneamente, curta a súa propia carreira de poeta e novelista, convertíndose en investigador científico. Dempois de escribir os *Cantares*, ¿qué tiña que aprender Rosalía de Murguía? Ortografía, únicamente. Rosalía ten agora en Murguía, xa, non un mestre, senón un admirador. Murguía poderá suxerir un tiduo, un troque de verbas: eso é todo. Os poemas e novelas da Rosalía da madurez son completamente distintos dos poemas e novelas de Murguía, incluso das súas obras más tardías, que non pubricó. Cando se trata de literatura de creación, entre Murguía e o papel interpónse unha fadal cortina de convencionalismo romántico, que resta ao escrito vigor, fondura, seriedade, realidade. Todo o contrario do que ocorre en Rosalía, que nos impresiona pola súa autenticidade. En fin, nese aspecto, Rosalía ten persoalidade, e Murguía, non. Ben entendido que me estou referindo ao campo da poesía e da ficción. Porque se Murguía se enfrenta cun feito real, con homes, lugares ou acontecimentos que puido directamente ouservar, destoncas desparez aquela inxenua idealización escolar, aqueles tópicos románticos, aqueles prexuicios literarios mostrencos; e as páxinas que escribe trascenden paixón persoal, visión propia, forza orixinal. *Los precursores* é un libro artísticamente admirabre, admirabreamente logrado. As páxinas que Murguía escribíu como prólogo da segunda edición de *En las orillas del Sar* son tamén maxistrás. Na literatura de *memorias*, Murguía é un escritor magnífico.

As noticias segundo as cales *Cantares gallegos*²⁷ i *El caballero de las botas azules*²⁸ houberan saído, conforme o desexo de Rosalía, co nome do seu

27. 27 NAYA: *Murguía y su obra poética*. Páx. 102-103.

28. GONZÁLEZ BESADA: *Discursos leídos ante la Real Academia Española*. Página 27. Cf. CARRÉ ALDAO: *Estudio cit.* B. R.A.G., tomo XVI, páx. 92, nota.

marido, non poden siñificar que Murguía colaborara esencialmente nelas. Os *Cantares*, dende a primeira páxina, son unha obra mestra de poesía, que Murguía –cuio espírito é completamente distinto– non podía escribir. O *Caballero* tamén rezuma Rosalía por todas partes, inda que en certas pasaxes se acaroe máis á mentalidade de Murguía. Éste, se redactou algo en nome da súa muller, foron documentos non literarios, como o proxecto de declaración encol da prostitución hospitalaria aludida nun artigo de Rosalía, declaración que, ao que semella, non chegou a ver a luz²⁹.

Murguía e Rosalía falan en todas partes das obras da segunda como escritas realmente por ela, non só nos escritos destinados á publicidade, senón nas cartas particulares. Non hai por qué insistir máis sobre este punto. Só convén engadir que Rosalía chegou a refutar irónicamente no seu artigo *Las literatas* o vulgar prejuicio segundo o cal, nun matrimonio de escritores, a xente tende a atribuir ao marido todos os escritos da muller³⁰.

O señor García Martí di que o profesor Filgueira Valverde suxire a posibilidade de que Murguía teña influído no espírito de Rosalía polo seu temperamento, un pouco dado á oratoria, no senso de lanzala a maiores desenvolvimentos cando ela naturalmente propende á canción breve. Esto tería lugar de xeito especial na obra *En las orillas del Sar*³¹. Non hai testo escrito onde o señor Filgueira desenrole esa hipótese, que foi esposta nunha conferencia de Santiago. Carecemos, pois, de suficientes elementos pra fixar o alcance da teoría. Con esta reserva, convén consignar que as primeiras composicións de Rosalía son todas de tipo estenso e declamatorio, como que foi educada literariamente no romanticismo byronián. É o caso de *La flor*. Cando en *Cantares gallegos* cambia Rosalía de inspiración, segue fiel ao poema longo. O poema ou canción breve -*lied*- non aparez ate *Follas novas*, cando Rosalia se manifesta afiliada á

escola xermánica. É evidente que se afeicioóu a este tipo de poema en Heine-Sanz. A súa primitiva tendencia ao poema longo subsiste, convivendo co *lied*, tanto nas *Follas* como nas *Orillas*. A carón do poema nórdico breve, de tema moi lírico, escrito en lixeiros versos asoantados, aparez sempre a composición longa, con elementos narrativos, de ancho alento retórico, orquestrada literariamente ao xeito *meridional*³².

29. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 96.

30 ROSALÍA: *Obras*. Páx. 1.535 ss.

31 *Id.* Páx. 176.

32 Sobre unha posible relación entre unha pasaxe de Rosalía e a novela de Murguía *El Angel de la Muerte*, vid. BOUZA BREY: *Escritos no colecionados de Rosalía de Castro; "Costumbres gallegas"* (Cuadernos de Estudios gallegos. Fasc. XXX. Madrid, 1955). Páx. 2-3.

VI

Nos seus primeiros tempos, Rosalía de Castro é unha escritora que proba fortuna nas letras castelás. A súa orientación é puramente romántica. Pero agora comenza a sua carreira como escritora rexional. É verdade que os seus ensaios de novela –*La hija del mar* (1859), *Flavio* (1861)– están ambientados en Galicia. Pero áinda non pubricara libro algúin na súa fala nadal. Endebén, pouco dempós do seu matrimonio con Murguía, comenza a escribir poesías en galego, que han sere editadas nun volume en 1863.

¿Cómo se decidiu Rosalía a emprender o cultivo da língua vernácula?

Murguía di: *Mi inolvidable esposa escribió en idioma gallego su primer tomo de poesías, no por ansia de gloria o lo que sea, sino porque perteneciendo a una familia nobiliaria, que como todas las de su tiempo hablaban gallego, le molestó leer algunas composiciones que amén de las faltas de inspiración las tenían de gramática y hasta de sentido comun. Dionos entonces sus primeros trabajos en la lengua de su país, al cual amó con amor inextinguible*¹.

E Rosalía: *Atrevíñme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer cómo algunas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e cómo o noso dialecto doce e sonoro é tan a propósito como o primeiro pra toda clase de versificación... O “Libro dos Cantares” de don Antonio Trueba, que me inspirara e dera alento pra levar a cabo este trabalho ...*²

Así pois, Rosalía se non refire a ningún versificador galego anterior. Refirese a don Antonio de Trueba³.

1. NAYA: *Murguía y su obra poética*. Páx. 102.

2. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 264.

3. Ao mesmo tempo que Trueba daba a luz os seus *cantares*, Pintos, coa súa Gaita gallega, realizaba análogo labor en galego. Pero Rosalía non mencioa este libro endexamáis. Verdade é que A gaita gallega non é unha colección de poesías de inspiración popular, como *El libro de los Cantares y Cantares gallegos*, pero

Este escritor (1819-1889), uns dazaoito anos máis vello que Rosalía, pero que tiña de lle sobrevivir, nacera na freiguesía de Montellano, concello de Galdames, provincia de Vizcaia. *El libro de los cantares* é de 1852, e foi moitas veces reeditado. Frente ao romantismo pesimista, escéptico e mouro, xa ridiculizado por Mesonero Romanos, Trueba representa o optimismo cor de rosa. A xente, cansa do tétrico, do violento, do desesperado, tanto na literatura como na vida, acollíase a esa literatura cómoda e pacífica que lle daba lecer. Un certo realismo idealista, un popularismo maino, unha honrada poesía doméstica, más ou menos sentimental e prosaica, viña se abrindo paso, estinguidas as chamas do romanticismo revolucionario. Trueba non só atinxiu un grande éxito en España, senón que foi imitado en Portugal⁴. Siñifica o trunfo do romanticismo rexionalista, e se este escritor vasco que escribíu en castelán, favorecú a redacción dos admirabres *Cantares gallegos*, el á súa vez sofrira o estímulo da poesía catalá da Renaixença⁵.

Non é mester insistir na superioridade dos *Cantares* da galega. Ésta realizou unha obra de grande orixinalidade. Coñecía moi ben o que quería cantar, e cantouno con extraordinario realismo, vizoso e rebuldeiro, ben lonxán do pálido pintoresquismo de Trueba. A influencia deste é nota-

representa tanto como estes a esaltación do pintoresco rexional, dos costumes populares, e insértase, así, na corrente do romanticismo realista -posición moderada frente ao xa descretado romanticismo esguedellado e funeral- á que Rosalía cos *Cantares* se incorpora.

4. RAIMUNDO ANTÓNIO DE BULHÃO PATO (1829-1912), escritor portugués nado en Bilbao, imitou a Antonio de Trueba no poema *Paquita*, comenzado a publicar en 1866, e a cuio acabamento o autor adicou perto de cuarenta anos de cariñoso esforzo. Tamén imitou os versos de Trueba nas súas *Flores agrestes* (1870). AUBREY F. G. BELL: *A literatura portuguesa*. Coimbra, 1931, Páxina 407.

5. *Lo gayter del Llobregat*, de Rubió y Ors (Barcelona, 1841), decidiu a Antonio de Trueba a se inspirar nos costumes e o espírito do seu país. JOSÉ PÉREZ BALLESTEROS: *Antonio de Trueba y “Lo gayter del Llobregat”*. Revista contemporánea, 15 outubro 1889. Cit. FRANCISCO BLANCO: *La literatura española en el siglo XIX*. Parte tercera. Madrid, 1894. Páx. 51.

bre, non embargantes, no aspeito retórico. As constantemente empregadas figuras de dicción –anáfora, conversión, reduplicación, epífora, conduplicación, similicadencia–, teñen nos *Cantares* o natural precedente da poesía popular; pero este precedente reforza o exemplo que a Rosalía brinda Trueba, quen á súa vez se fai eco de romances vulgares e cantares rústicos.

Vexamos un fragmento de Trueba:

Una mañana de mayo,
una mañana muy fresca,
entréme por estos valles,
entréme por estas vegas.
Cantaban los pajaritos,
olían las azucenas,
eran azules los cielos
y claras las fuentes eran.
Cabe un arroyo más claro
que un espejo de Venecia,
hallara una pastorcica,
una pastorcica bella.
Azules eran sus ojos,
dorada su cabellera,
sus mejillas como rosas
y sus clientes como perlas.
Quince años no más tendría
y daba placer el verla
lavándose las sus manos,
peinándose las sus trenzas⁶.

6 *A la orilla del arroyo*, en *El libro de los cantares*, segunda edición, páxina 17.

Este xeito de decir, empréga Rosalía –dígase se non é o mesmo– xa no seu libro *A mi madre*:

Como en un tiempo dichoso
fui al campo por la mañana,
que estaba hermosa y risueña,
que fresca y galana estaba.
Fuime al romper la aurora,
cuando tocaban al alba,
cuando aún los hombres dormían
y los jilgueros cantaban,
saltando de rosa en rosa,
volando de rama en rama⁷

e a cada pasada nos *Cantares*. Citaremos só un exemplo; pero éstos abondan estraordinariamente. Todo o libro está atravesado por esta música de danza prima⁸.

—Dios bendiga todo, nena;
rapaza, Dios te bendiga,
xa que te dou tan graxiosa,
xa que te dou tan feitiña,
que anque andiven moitas terras,

7 *Obras*. Páx. 284.

8 Todos esos distintos tipos de paralelismo en que tanto abonda a poesía popular, e tamén a nosa poesía medieval *de amigo*, teñen como fundamento o canto alterno por dous coros ou dous solistas; a este paralelismo corresponde na danza a collida dos puntos. Lémbrese o famoso romance asturián que se canta pra acompañar a danza prima:

Ay, un galán de esta villa;
ay, un galán de esta casa;
ay, él por aquí venía;
ay, él por aquí llegaba.

que anque andiven moitas vilas,
coma ti non vin ningunha,
tan redonda e tan bonita.
¡Ben haia quen te paríu!
¡Ben haia, amén, quen te cría!⁹

VII

O señor Machado da Rosa sinala como única influencia estranxeira sobre os *Cantares gallegos*, a de Luis de Camoens, limitada á composición XVIII da colección¹. Murguía tiña publicado no *Museo Universal* un traballo titulado *Camoens y sus rimas*, onde transcribe versos do autor portugués, antre eles a canción *Descalça vai para a fonte*, que Machado dá como base inmediata do aludido poema rosalián². Ese traballo de Murguía foi reproducido na *Ilustración gallega y asturiana* en 1880, con motivo do centenario de Camoens. Vexamos o comenzo da canción portuguesa:

Descalça vai para a fonte
Leonor pela verdura.
Vai fermosa, e não segura.
Leva na cabeza o pote,
o testo nas mãos de prata,
cinta de fina escarlata,
saínho de chandalote:
traz a vasquinha de cote,
mais branca que a neve pura;
vai fermosa e não segura³

O poema de Rosalía iníciase así:

Roxiña cal sol dourado,
garrida cal fresca rosa,
iba polo monte hermosa
co branco pe descalzado...
Copo de neve pousado,

1. ALBERTO MACHADO DA ROSA: *Heine in Spain*. Madison, 1957. Páx. 70.

2. *El Museo Universal*. Núm. 49; 2, nadal, 1860. Páx. 386.

3. *Apud* MURGUÍA: *La ilustración gallega y asturiana*. Tomo II. Páx. 273.

9. *Obras*. Páx. 275.

deslumbrando á luz do día,
tan branco pe parecía⁴

Fixémonos na semellanza das descripcións xa no arrinque de ambos poemas. Trátase nos dous dunha rapaza, *formosa* (hermosa), *descalça* (co pe descalzado), que vai *pela verdura* (polo monte), cunha *vasquinha mais branca que a neve pura* (cun pe tan branco como copo de neve). En canto á estrofa, é unha septina, infrecuente no tempo de Rosalía. O influxo do testo portugués é certo⁵.

4. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 3, 15.

5. De Camoens tomóu, pois, esta estrofa Rosalía, e non de Garcilaso, como di Mary Pierre Tirrell (*La mística de la saudade*. Páx. 157). Non acho en Garcilaso tal septina. Se a freira americá alude á do vilancico *Qué testimonios son éstos*, o seu esquema (*ababbc*) é distinto do que utiliza Rosalía, idéntico éste ao empregado por Camoens (*abbaacc*). Máis acertado estivo o señor Jacinto de Prado Coelho ao sospeitar *a possível inspiração camoniana*, denunciada *não só nos processos de encarecimento, como no metro e no esquema das rimas* (*O clásico e o prazenteiro en Rosalía*, en *7 ensayos sobre Rosalía*. Páx. 66).

En relación con Camoens debe tamén se lembrar o poema da nosa escritora “*Dend’as fartas arelas do Mondego*”, homaxe ao poeta luso. (F. B. B. *Escritos no coleccionados de Rosalía Castro* (IX). Cuadernos de Estudios Gallegos, III. 1948. Páx. 125-127).

VIII

Murguía di que Rosalía ven direitamente de Heine¹ —é decir, que Heine non chegou a Rosalía ao traveso de Bécquer—. Díez-Canedo afirma lle ter dito Said Armesto que Eulogio Florentino Sanz facilitara a Rosalía unha traducción francesa do poeta de Düsseldorf². Carré Aldao asegura que foi o propio Murguía quen promovéu o coñecimento de Heine por Rosalía, ao traveso das traduccións castelás feitas por Eulogio Florentino Sanz e publicadas en *El Museo Universal* o 15 de maio de 1857³.

Hoxe sabemos que con anterioridade a estas traduccións esisten outras. Así a de Andrés Fontcuberta, que polos anos 56 firmaba con seudónimo, pero como orixinás, as que fixo do poema *Deutschland*; e as de Agustín Bonnat, que nos dou, como traducción do *Neuer Frühling*, unha *Nueva Primavera*, versión da francesa de Saint René Taillandier, *Nouveau Printemps*. Esta traducción de Bonnat é de 1856. No *Álbum Del Niño* publicou Rosalía (Vigo, 1858) unhas prosas poéticas baixo o titúlo *Lieders*. Este falso plural alemán se non atopa nen nas traduccións francesas que Rosalía poidera coñecer, nen nas traduccións españolas, agás a de Bonnat. Esta razón —e outras menos convincentes— inducen ao señor Machado da Rosa⁴ a relacioar os *Lieders* de Rosalía coa traducción —en prosa— de Bonnat. Heine popularízase rápidamente. Ás mencionadas seguen imitacións e versións de Augusto Ferrán (1861), Julio Nombela (1862) e Mariano Gil Sanz (1867), publicadas todas no *Museo*. Rosalía, colaboradora desa revista, coñecéunas sen dúbida. As formas estróficas das traduccións de Eulogio Florentino Sanz e o espírito do *lied* heinián abordan en *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*. En moitas páxinas destes dous

1. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 40.

2. ENRIQUE DÍEZ-CANEDO: *Enrique Heine. Páginas escogidas*. Madrid, 1918. Páxina 403.

3. CARRÉ: *Estudio cit.*, XVI, páx. 89, e XVII, páx. 16.

4. ALBERTO MACHADO DA ROSA: *Heine in Spain (1856-67). Relations with Rosalía de Castro*. Reprint from *Monatshefte*. A journal devoted to the study of

libros Rosalía aprosimase ao poeta alemán. Mais que pegadas direitas, que eu non vexo craramente⁵ é de notar unha atmósfera común. Noutro lugar teño indicado sumariamente as afindades e diferencias antre estes dous poetas⁶. O que importa consignar agora é que ao se incorporar Rosalía á *escola xermánica*, a súa poesía entra na terceira e definitiva etapa, a de lirismo decisivo. Rosalía aprendeu en Heine que hai unha poesía que non é literatura –ate onde esto é posibre–; unha poesía que non necesita se insertar nunha tradición académica, nunha retórica escolar, senón que é ceibe expresión orixinal da postura persoal do poeta frente á vida. Se non trata simplemente da rebelión romántica. Esta sustituiu unha retórica por outra. Inda que o senso liberal do romantismo fixera posibre esta nova poesía auténtica, nen todo o romanticismo a cultiva nen deixa de se atopar fora do romanticismo. Na literatura galega ten precedentes na poesía meieval –que Rosalía descoñecéu–; pero é rarisíma na literatura castelá. O que a caracteriza é a súa sinceridade, a súa modestia, a súa sinxeleza o seu suxeitivismo, o seu intimismo, a súa espontaneidade: en fin, o seu lirismo puro. O poeta xa non é un mestre de gremio, un artesán dono dunha técnica de taller, cun repertorio profesional de temas e métodos; senón un inspirado que pontúa as súas experiencias vidás con cinxidos comentarios que iluminan –como raios de sol ou de lúa– as tebras do misterio. Non renuncia, porén, Rosalía –como non renunciou o propio Heine– á poesía artística. Moitos poemas longos de *En las orillas del Sar* están coidadosamente construídos, e dotados dunha forma métrica que require apricación e técnica de oficio. Pero aínda o contido destes poemas revela unha liberdade de expresión persoal que non desdí da que campea nas poesías máis breves, como brados, salaios, saloucos ou

german language and literature. Published at the University of Wisconsin, Madison, Wisconsin, 1957. Páx. 70-71.

5. A. MACHADO DA ROSA: *Ob. cit.* Páx. 76 ss.

6. *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid, 1955. Páxinas 34-35.

lóstregos que soan ou brillan súpetos: mensaxes do espírito que cruzan, case rápidas iluminacións, a noite do mundo⁷.

Que teña eu reparado, Rosalía só mencioa o nome de Heine unha vez. Ao falar das palmas, alude á famosa canción do lírico alemán⁸ relativa ao piñeiro que soña coa palmeira⁹.

7. A afirmación do señor Machado da Rosa (*Ob. cit.* Pax. 74-75) segundo a cal Rosalía na introducción de *El caballero de las botas azules*, espón o programa deste tipo de poesía suxeitiva e a súa *resolution to use her inner life, and even her innermost secrets as the stuff of her lyrics*, forza o senso das verbas que a Musa dirixe ao Home. Aquela, que é a Novedade, adoctrina a éste sobor da necesidade dunha palinxeñería total pra quen aspira a ser un herói dos nosos tempos.

Pode se consignar eiquí, pois estamos tratando das afindades de Rosalía con Heine, que o diálogo antre o Home e a Musa, que serve de pórtico á cita da novela, é comparado por Murguía (*Los precursores*, ed. cit., páx. 197) ao poema *Atta Troll*, do escritor xudeo alemán.

8. *Intermezzo*, XXXV.

9. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 1.512.

IX

Carré Aldao escreve: *Podemos asegurar, aun corriendo el riesgo de no ser creídos, que a Bécquer no lo leyó jamás nuestra Rosalía, ni hubo entre ellos la amistad que nos dicen. Como no lo leyó, no lo conoció siquiera. Una serie de circunstancias que sería prolíjo enumerar, se lo impidieron*¹.

Ora, sabemos que Rosalía e Bécquer coinciden en Madrid, que Bécquer e Murguía eran amigos. Segundo as noticias do señor Naya, Bécquer acode a casa de doña Carmen Lugín, onde Rosalía reside durante a súa primeira estancia na corte². Besada di que Rosalía facilitou a Bécquer o coñecimento de Heine³. Murguía asegura que Bécquer leéu a Rosalía⁴. ¿Pode se sostener que Rosalía non coñecéu a Bécquer?

Imos ademitir que as noticias recollidas polo señor Naya sexan trabucadas, e Rosalía e Bécquer, contra a información de Naya e de Besada, se non coñeceren en 1856-58. A filla maior de Rosalía, Aleixandra, testemuía un coñecimento posterior, en 1869 ou 1870. *Estabamos en Madride. Allí conocimos aos dous irmáns Bécquer ... Os Bécquer tiñan un chalet nas Ventas pra*

*editar en allí unha revista literaria e artística ... Aínda non me esquecín da casa da rúa de Claudio Coello, onde vivían e onde iba eu pra cobrar os artigos que a mamá mandaba a "Ilustración"*⁵. Análoga información foi suministrada por Aleixandra a don Carlos Martínez Barbeito en entrevista celebrada na Cruña o 3 de xaneiro de 1933. Rosalía tería coñecido a Bécquer, antigo amigo de Murguía, cara fins de 1869. Pero esta vez declarárase que Rosalía só víu nunha ocasión a Bécquer⁶. En todo caso, sendo Bécquer amigo de Murguía, tendo tido algúns contactos persoais con Rosalía e colaborando nos mesmos periódicos, é imposible admitir que Rosalía non o lera, como el a leía a ela, segundo Murguía dí i é natural creer. Ambos poetas foron colaboradores dos mesmos periódicos. Os seus nomes teñen aparecido xuntos nas mesmas páxinas⁷. A afirmación de que Rosalía non leéu a Bécquer é moito máis insostible que a de que non o coñecéu persoalmente.

Trece rimas publicou Bécquer en vida, a primeira en 1859. Como indica Alberto Machado da Rosa, ate 1867, data de *Tú para mí, yo para ti, bien mío*, non está documentado o cultivo por Rosalía do novo tipo de poesía común aos dous líricos. A cronoloxía concede a Bécquer a prioridade. Que algunhas semellanzas se espriquen polo común maxisterio de Hei-

1. EUGENIO CARRÉ ALDAO: *Estudio bio-bibliográfico crítico acerca de Rosalía de Castro (Su vida y su obra)*. Boletín de la Real Academia Gallega. Número 193. 1 abril 1927. Páx. 16.

2. NAYA: *Murguía y su obra poética*. Páxs. 101-102.

3. GONZÁLEZ BESADA: *Discursos ...* Páx. 22 e 59. Bécquer conoció las poesías de Heine por el texto que Rosalía le prestó. Fue el de Gerardo de Nerval, que tradujo en prosa el "Intermezzo". Este dato, cuia fonte ha ser Said Armesto (Besada: Ob. cit. Páx. 61), ben pode estar trabucado. Said Armesto dixo a Díez Canedo que Eulogio Florentino Sanz tiña facilitado a Rosalía unha tradución francesa de Heine (Díez-Canedo: *Enrique Heine. Páginas escogidas*. Páx. 498). Ben houbera podido Sanz facilitar a Rosalía un testo que ésta prestara logo a Bécquer; pero sospeito que Said contou a mesma cousa a Canedo e a Besada, i éste confondiu na súa lembranza as persoas a que Said se refirió. Non podo aseguralo, mais perante a dúbida, prefiro non dar por incontestable a referencia de Besada.

4 NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 40.

5 *Nuestras grandes figuras. Evocación de Rosalía*, por V. Fernández Asís; publicado en *Correo de Galicia de Buenos Aires*. Cit. VICENTE RISCO: *Murguía*. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. VI. Santiago de Compostela, 1933. Páx. XIV.

6. CARLOS MARTÍNEZ BARBEITO: *Ovidio Murguía y sus hermanas. La Noche*. Suplemento del sábado. Núm. 6. Santiago, 19 noviembre 1949 e Bécquer dejó sin pagar un artículo a Rosalía. La Noche. Suplemento del sábado. Núm. 7. Santiago, 26 noviembre 1949.

7. *There can be no doubt that Rosalía read some of Bécquer's "rimas". Of the eight included in "El Museo Universal" of 1866 two of them appeared side by side with Rosalía's own text of "Ruinas" ("Tú y yo", i. e., XV, March 4, p. 71, and "Saeta que voladora", i. e., II, April 8, p. 111) a fact which seems to have been unknown to this day.* (Machado da Rosa, Ob. cit., páxina 74).

ne, é verosímil. Outras semellanzas esixen influencia direita, e ten que ser Rosalía a influida⁸.

Pra min, xa en *Follas novas* hai algunas notorias pegadas de Bécquer. No prólogo do libro, e referíndose a “¡Padrón!... ¡Padrón! ...”, di Castelar que esta poesía alcanzará renombre tan ruidoso como la inmortal composición de Bécquer “¡Dios mío, qué solos se quedan los muertos!”⁹. Se a de Rosalía lembra esa rima do sevillán, é polo tema e o sentimento. Pero a verdadeira semellanza técnica estabelézoa eu coa que comenza “Al ver mis horas de fiebre”, polo que se refire á primeira parte do poema rosalián. As tres primeiras estrofas déste teñen o mesmo movimiento rítmico da rima derradeiramente mencioada. En ambos casos, romance en agudo dividido en períodos de catro versos, dos que o carto é mais curto que os octosílabos restantes, e consiste sempre nunha interrogación. Coido que a influencia formal de Bécquer sobre Rosalía é, neste caso, crara.

Aquellas risas sin fin,
aquele brincar sin delor,
aquella louca alegría,
¿por qué acabó?
Aqueles doces cantares,
aqueellas falas de amor,

8. A tese oposta, fundada en Besada (*Ob. cit.*, páx. 22) i en Murguía (Naya: *Inéditos de Rosalía*, páx. 40), e que nega a influencia de Bécquer sobre Rosalía, insinuando más ou menos decididamente a désta sobre aquél, está en contradicción cos datos cronolóxicos. Se Bécquer leéu algunhas poesías de *Follas novas*, as más vellas das cales semellan ser de 1870, tivo que ser nese mesmo ano, que foi o da súa morte. Pero a edición das *Rimas* por Rodriguez Correa fixose sobre un manuscrito de 1868, e inda que non aceptáramos a data de 1860-61 proposta por Gamallo pra a maior parte das poesías de Bécquer (*Gustavo Adolfo Bécquer. Del olvido en el ángulo oscuro. Páginas desconocidas*. Madrid, 1948. Páx. 516), sempre resultaría que estas teñen que ser independentes da leitura dos versos rosaliáns.
9. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 408.

aquelhas noites serenas,
¿por qué non son?
Aquel vibrar sonoro
das cordas da arpa, i os sons
da guitarra malencólica,
¿quén os levó?¹⁰

Al ver mis horas de fiebre
e insomnio lentas pasar,
a la orilla de mi lecho
¿quién se sentará?
Cuando la trémula mano
tienda, próximo a expirar,
buscando una mano amiga,
¿quién la estrechará?
Cuando la muerte vidríe
de mis ojos el cristal,
mis párpados aún abiertos
¿quién los cerrará?¹¹

Os versos da estrofa de Bécquer que segue ás que veño de copiar, e que din así:

Cuando la campana suene
(si suena en mi funeral),
parécenme tamén a fonte dos de Rosalía,

Cando me poñan o hábito
(se é que o levo)¹².

10. *Id.* Páx. 450.

11. BÉCQUER: Rima LXI. Cf. PROL BLAS: *Estudio bibliográfico-crítico de las obras de Rosalía de Castro*, -Santiago, 1917. Páx. 41 s.

12. ROSALÍA: *Obras*, Páx. 437.

Ser home é sufrir, e non podemos querer non ser homes. A saudade do cravo arrincado foi cantada por Rosalía en insuperabres versos¹³. O mesmo motivo áchase en Bécquer:

¡Ay!, a veces me acuerdo suspirando
del antiguo sufrir...
Amargo es el dolor; pero siquiera
padecer es vivir¹⁴.

Pero neste caso se non pode falar de influencia de Bécquer sobre Rosalía. Ambos poetas semellan depender de Campoamor¹⁵.

Collamos agora este testo de Rosalía:

homilde e de rodillas,
cal se adora al Señor¹⁶

e dígase se non é calco déste de Bécquer:

...mudo y absorto y de rodillas,
como se adora a Dios...¹⁷

En las orillas del Sar contén un grande número de composicións afíns ás rimas do sevillán pola forma métrica, o vocabulario e o tono xeral. O caso máis patente é éste:

Adivínase el dulce y perfumado
calor primavera!

13. *Id.* Páx. 424.

14. Rima LVI.

15. Máis adiante volveréi sobre esto.

16. *Obras.* Páx. 445.

17. Rima LIII.

los gérmenes se agitan en la tierra
con inquietud en su amoroso afán
y cruzan por los aires, silenciosos,
átomos que se besan al pasar¹⁸.

O testo correspondente de Bécquer é:

Los invisibles átomos del aire
en derredor palpitan y se inflaman;
el cielo se deshace en rayos de oro;
la tierra se estremece alborozada.
Oigo flotando en olas de armonía
rumor de besos y batir de alas¹⁹.
A las rubias envidias
porque naciste con calor moreno²⁰

lémbrame tamén a Bécquer:

Porque son, niña, tus ojos,
verdes como el mar, te quejas²¹.

Outros notabres parecidos con poemas de Bécquer, áchanse en poesías rosaliás non recollidas nos libros que se publicaron en vida da autora; inda que máis que calcos concretos, atópanse semellanzas de estilo. Así, *En un álbum*²², *Hojas marchitas*²³, *A...*²⁴.

18. ROSALÍA: *Obras.* Páx. 585.

19. Rima X.

20. ROSALÍA: *Obras.* Páx. 651.

21. Rima XII

22. 22 ROSALÍA: *Obras.* Páx. 1.524.

23. *Ibidem.*

24. ROSALÍA: *Obras.* Páx. 1527.

Estas concordancias, e outras que tal vez esistan, pero que non me semeillan tan craras²⁵, evidencian o parentesco antre Rosalía e Bécquer. Ambos, en certa medida, percuran o mesmo tipo de poesía, que o andaluz definía así:

Hay otra (poesía) natural, breve, seca, que brota del alma como una chispa eléctrica, que hiere el sentimiento con una palabra y huye, y desnuda de artificio, desembaraizada dentro de una forma libre, despierta, con una que las toca, las mil ideas que duermen en el océano sin fondo de la fantasía... Es la centella inflamada que brota al choque del sentimiento y la pasión²⁶.

Testo ao que corresponde éste en que Rosalía fala dos seus propios poemas:

Diredes de estos versos, i é verdade,
que tén estraña insólita armonía,
que neles as ideas brillan pálidas
cal errantes muxicas
que estalan por instantes,
que desparecen xiña,
que se asomellan á parruma incerta
que voltexa no fondo das curtíñas,
i ó susurro monótono dos pinos
da beira mar bravía.

Eu diríivos tan só que os meus cantares
así san en confuso da alma miña,

25. Cf. I. L. McCLELLAND: *Bécquer, Rubén Darío and Rosalía Castro*. Bulletin of Spanish Studies, XV, 1939; Dionisio Gamallo Fierros: *Una cima de la lírica del XIX. Rosalía de Castro*. "Informaciones", 25 de julio 1944; Sister Mary Pierre Tirrell: *La mística de la saudade. Estudio de la poesía de Rosalía de Castro*. Madrid, 1951.

26. Prólogo a *La Soledad*, de Augusto Ferrán.

como sai das profundas carballeiras
ó comenzar do día,
romor que non se sabe
si é rebuldar das brisas,
si son beixos das frores,
si agrestes, misteriosas armonías
que neste mundo triste
o camiño do ceu buscan perdidas²⁷.

Esa poesía que Bécquer e Rosalía definen e fan é unha poesía oposta á tradicioal poesía castelá, que, renacentista, barroca, neoclásica ou romántica, tendéu sempre á plasticidade. O mesmo pódese decir da poesía francesa ou italiá. En troques, nos países xermánicos atopamos sempre resistencia ao clasicismo grecolatino; repugnancia polas formas estatuarias, firmes e duras; amor polo vago símbolo, pola figura abocetada, polo contorno indeciso. A poesía mediterránea é asollada, a nórdica é bretemosa. A primeira é unha poesia oratoria; a segunda, unha poesía propriamente lírica. Aquela, sensual; ésta, espritoal. Perpasan a primeira deslumantes deusas espidas; erran pola segunda esguías fadas embrulladas en néboa. Agora, a carón da anxélica incorporeidade de Ofelia, semellan demasiado carnás os zugosos enlevos de Melibea. As traducións de Larrea e Sanz atragueron a atención cara a poesía loira, perante a cal a poesía mediterránea, mourena, pudo parecer ordinaria. Certamente, se pensamos que os contemporáneos de Espronceda, Zorrilla, Campoamor e Núñez de Arce son Poe, Browning, Arnold, Patmore, Rossetti, Tieck, Brentano, Eichendorff, Muller, Heine, Uhland, Hebbel, non poderemos menos de admirar a superior aristocracia dos poetas de lingua xermánica. Pero se tanto Bécquer como Rosalía se orientan ao norte, cultivando a poesía aérea propia de aquelas latitudes, as semeillanzas detéñense eiquí. Bécquer apenas cantou outra cousa que as súas persoás desditas amorosas. Amóu a melodia donda do verso. Aceptou as ideas convencionás do seu tempo encol dos sentimentos do corazón.

27. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 422.

Adoutou unha posición, xa que logo, marcadamente sentimental perante a vida. Feridos os seus sentimientos pola realidade, salouca débilmente, dando voltas de xionllos ao redor do altar onde entroniza á muller. Fál-talle a profundidade metafísica que caracterizou a Rosalía. Esta non nos presenta nunca o amor no grao primario de preocupación anecdótica persoal que arrinca os seus laios a Bécquer. En Rosalía, que está de volta de todos os sentimentos elementás, o amor se nos non ofrece en forma de estreita confidencia persoal, senón como unha forza máis da vida, contemprada en toda a súa ouxetiva realidade, sen ningunha idealización. Rosalía, a diferencia de Bécquer, non é un poeta amoroso. E ao enfocar o amor faino como parte que é da vida. Pero a súa concepción da vida non é sentimental. Lonxe de selo, está presidida por unha cruel luz intelectual que subraia sen piedade as sombras da esistencia. En *Follas novas*, e tamén no seu libro de liricas castelás *En las orillas del Sar*, Rosalía defronta os misterios da vida e da morte dende un plano de elevada universalidade; e defróntaos cunha tremenda falta de prexuicios. Inda se mantendo no terreo da más pura poesía, hai unha táctica racionalista no método con que Rosalía aborda os problemas que plantea. Pero non atopando solución racional ás custiós transcententes, a súa mesma fidelidade á razón fórzaa a se deter perante as portas pechadas. As portas están pechadas. Ésta é a súa conclusión. Ela non nos descrebe interiores que non veu. De eiquí a autenticidade, a grandeza, e tamén a desolación da súa poesía. Desolación tan fonda, que os optimistas incorrexis, cando se deteñen na obra de Rosalía, desvirtúan ou negan, sinxelamente porque eles non a poderían aturar.

Hai, pois, en Rosalía, metafísica onde en Bécquer hai erotismo elexíaco; pensamento onde no sevillán, música; autenticidade onde en Gustavo Adolfo sumisión aos convencionalismos sentimentás; forza onde nel hai esmaio. A poesía de Bécquer é indubidablemente más doada. Mesmo cando quixo, Rosalía, no terreo da música, ensaiou con asombroso éxito orquestracións wagneriás que esixen un dominio da métrica que o andaluz non probóu. É certo que Bécquer morréu novo –Rosalía tampouco

morréu vella–; pero hai que xulgalo pola obra que deixóu. Ésta, como lírica –é decir, expresión poética de experiencias persoás– non pode se comparar en profundidade coa obra da galega. Esaxerando un pouco, diréi que, pra gostar plenamente de ambos, a Bécquer hai que leelo más ben aos dazaoito anos; a Rosalía, mais ben aos oitenta e un.

X

Antre as diversas formas de reacción contra o romanticismo esaltado, hai que aliñar a obra máis persoal de don Ramón de Campoamor; é decir, a constituída polas súas *Doloras* e *Pequenos poemas*. A primeira edición das *Doloras* é de 1846. Campoamor chegou a ser o máis popular entre os poetas do seu tempo e do seu país. A primeira vista, é difícil se espriar cómo puido influir en Rosalía. Pero Rosalía vivía nun tempo en que Campoamor disfrutaba de tanto prestixio, que era imposible se non tropezar con el no mundo literario. Campoamor era o versificador máis cotizado nas revistas literarias. Campoamor era o poeta que se citaba en todos os salóns, non só polos cabaleiros de mosca e levita, senón polas donas de polisón ou miriñaque. A monarquía de Campoamor é longa. Vai do romanticismo ao modernismo, de Espronceda a Rubén Darío. Inda que convive con Zorrilla, da mesma idade, e que tamén disfruta de inmensa popularidade, Campoamor, como máis realista e burgués, é, cada vez máis, sentido como poeta actual, perante o prestixio a cada intre máis arqueolóxico do vello romántico vallisoletán. É certo que en conxunto o espírito da poesía campoamorina é completamente oposto ao da poesía rosaliá. Campoamor tivo unha filosofía de sociedade. Pra a sociedade escribe. É a sociedade da revolución e a da restauración a que describe. Dempois, este poeta tan orixinal e tan admirado, fica arquivado i esquecido. Non di ren ás novas xeracións, que o enxergan, no mellor dos casos, con xeada indiferencia. As novas escolas literarias irritanse contra el, néganlle todo valor artístico, e considéranlo antipoético esencialmente. O seu valor circunstancial está moi lonxe da categoría humá que dá universalidade á poesía da nosa escritora. En realidade, a poesía de Campoamor é unha poesía de abano. ¡Qué lonxe de Rosalía! Pero cando Rosalía escribía *Follas novas* i *En las orillas del Sar*, o asturián das brancas patillas era como un Zar ou un Kaiser no mundo literario. Algo do seu xeito deixou a súa pegada nas páxinas da compostelá. Xiquera a súa desiludida postura perante a vida, era un punto de contacto co pensamento de Rosalía. Comparemos o poema de Rosalía *Unha vez tiven*

*un cravo*¹ coa dolora *Sufrir es vivir*. O esquema do proceso ideolóxico de ambos testos é o mesmo. Primeiro, noticia da esistencia da dor. Segundo, demanda da súa eliminación a Deus. Terceiro, realización do desexo. Carto, saudade da mágoa pasada. Plan e método demasiado parecidos pra que se poda pensar nunha casual coincidencia. A execución é en Rosalía máis perfeita, como nun degrao mais adiantado de elaboración. En Campoamor trátase dunha concreta dor amorosa. En Rosalía trátase simbólicamente dunha mágoa indefida, e o símbolo pode se apricar a calquera dor. O motivo ten gañado xeralidade.

En diversas formas, o motivo do cravo –sufrir é vivir– reaparez a miúdo en Rosalía. Así, combinado co complexo de Polícrates²:

Cando un é moi dichoso, moi dichoso,
¡incomprensible arcano!,
cásique –n'é mentira anque o pareza–
lle a un pesa do ser tanto.
Que no fondo ben fondo das entrañas
hai un deserto páramo
que non se enche con risa nin contentos,
senón con froitos do delor amargos³.

A mágoa é esencial na vida. O corazón é unha rosa de cen follas, i é cada folla unha pena.

¡O corazón me arrincaras
desque as arrincaras todas!⁴.

1. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 424-425.

2. Vid. J. ROF CARBALLO: *Rosalía, ánima galaica*, en *7 ensayos sobre Rosalía*. Páx. 133-137.

3. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 425.

4. *Id.* Páx. 428.

Que ven a ser o que, na composición citada, decía Campoamor:

que una misma cosa son
mis penas y mis entrañas.

A dor necesita da vida, pero a vida necesita da dor:

llama que de la vida se alimenta,
mas sin la cual la vida se apagara⁵.

Por eso, se Campoamor escribe:

Infeliz con mi dolor,
gritó mi alma arrepentida:
Decid al tiempo, Señor,
que no me arranque este amor,
que es arrancarme la vida;

Rosalía canta:

O meu mal e o meu sofrir
é o meu propio corazón;
¡quitámo sin compasión!
despós, ¡facéme vivir!⁶

5. *Id.* Páx. 598.

6. *Id.* Páx. 495. No meu artigo *El motivo del clavo* (*“La Noche”*). Suplemento del sábado. Compostela, 12 de noviembre de 1949), tratéi por primeira vez da relación antre a dolora *Sufrir es vivir e Unha vez tiven un cravo*. Sinalaba ali outros precedentes e conseguintes, antre éstes o da *espina dorada* de Antonio Machado, cuia fonte é o *cravo de ouro, de ferro ou de amor* de Rosalía. Con anterioridade tiña rexistrado incidentalmente esa filiación Antonio Rey Soto: *La copa de cuasia*, Madrid, 1930, páxs. 194-195-hai edición anterior de Guatemala, 1928-; e Manuel Fabeiro tiña tratado o tema no artigo *Analogía en la saudade de dos poetas: Rosalía y Antonio Machado*, “*La Noche*”, 28 de diciembre de 1946 e 4 de enero de 1947. Posteriormente teñen se publicado outros traballos que insisten sobre o

Alén desto, esisten bastantes poemas en *Follas novas* i *En las orillas del Sar* que teñen a estrutura ou o espírito de doloras de Campoamor. Rexistirán os casos seguintes: *Valor, que anque eres como branda cera*⁷; *Como venden a carne no mercado*⁸; *Un verdadeiro amor é grande e santo*⁹; *Quisiera, hermosa mía*¹⁰.

mesmo. Así Carlos Antonio Areán González: *Introducción a Rosalía. La influencia de nuestra poetisa en Antonio Machado*. “Faro de Vigo. Número especial del centenario. Pliego nueve (1953); Rafael Lapesa: *Bécquer, Rosalía y Machado. “Ínsula”*. Números 100-101 (1954); Julio J. Casal: *Canción y paisaje. Rosalía de Castro. “El Ideal Gallego”*. La Coruña, 22 de noviembre de 1954; Francisco Pillado: *La huella de Rosalía en un poema de Antonio Machado. María Jesús Valdés la hizo resaltar en La Coruña. “La Noche”*. Santiago, 9 de julio de 1955. Véxase tamén a crónica *Magistral conferencia de don Carlos Antonio Areán*.

Ha llegado el momento de estudiar con toda objetividad la poesía de Rosalía Castro. “Faro de Vigo”, 18 de agosto de 1955. No meu traballo referíame a dous versos dun romance que corre por gongorino:

Anda con Dios, sufre y ama,
y vivirás si lo hicieses,

como espresivos dun sentimento análogo ao cantado por Rosalía. Na crónica citada derradeiramente se di: *Como un precedente a larga distancia, Garcilaso. Sen dúbida alúdese a estes versos da Egloga I:*

No me podrán quitar el dolorido
sentir, si ya del todo
primero no me quitan el sentido.

O mesmo motivo áchase en Bécquer, como indiquéi no meu libro *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, páx. 39. Xa Gamallo Fierros, en *Línea*, Murcia, 4 febrero 1945, relacioara o testo do sevillán, con Campoamor. Agora quero engadir que o motivo do cravo se atopa tamén en Manuel Machado, poeta sobre quen xa teño rexistrado o influxo de Rosalía.

Mi pena es muy mala,
porque es una pena que yo no quisiera
que se me quitara.

(Manuel Machado: *Opera lírica perfecta*. Madrid, 1924, páx. 2.11).

7. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 471-472.

8. *Id.* Páx. 537-538.

9. *Id.* Páx. 460.

10. *Id.* Páx. 618.

XI

Arredor de 1850, o romanticismo enxebre estaba esgotado na lírica española. A esaltación e a grandilocuencia resultan xa inaturabres. Mientras Campoamor percura saída mediante o ensaio dunha poesía de tema contemporáneo e intención reflesiva, que supón profesión de realismo, outros poetas, se mantendo sentimentalmente dentro da liña romántica, renuncian, endebén, ao tono oratorio. Collen a elocuencia e lle retorcen o pescozo, pra empregar a frase de Verlaine. Percuran ser sinxelos. Unha donda malenconía soe vear de néboa os seus versos, cantados con surdina, e que se refiren á súa vida suxeitiva. Este tenro intimismo é, como o rexionalismo de Trueba, como o filosofismo de Campoamor, unha actitude de oposición e renovación perante o romanticismo violento. Béquer ha representar a cumiación desta tendencia, patente tamén, antre outros, nun Arnao, un Selgas e un Ruiz Aguilera. O primeiro libro de Selgas, *La primavera*, é de 1850, e nel prelúdianse tonos que han soar con máis insistencia dempós da introducción de Heine nas letras españolas. Selgas colaborou con Trueba e Murguía en empresas literarias. Rosalía inspirouse en Selgas polo menos unha vez. Os versos más populares de Selgas son os seguintes, que pasaron a todas as antoloxías e a moitos libros de leituras escolares:

Bajaron los ángeles,
besaron su rostro,
y cantando a su oído dijeron:
“Vente con nosotros”.
Vió el niño a los ángeles,
de su cuna en torno,
y agitando los brazos les dijo:
“Me voy con vosotros”.
Batieron los ángeles
sus alas de oro,
suspendieron al niño en sus brazos
y se fueron todos.

De la aurora pálida
la luz fugitiva
alumbró a la mañana siguiente
la cuna vacía.

Rosalía apóiese neles pra compor os seguintes¹:

Baixaron os ánxeles
a donde ela estaba,
fixéronlle un leito
cas prácidas alas
e lonxe a levano
na noite calada.
Cando á alba do día
tocou a campana
e no alto da torre
cantou a calandria,
os ánxeles mesmos,
pregadal-as alas,
“¿Por qué —mermurano—,
por qué despertala?”²

Este é outro caso que, como os xa estudiados de *Cando penso que te fuches*, que arrinca de Aguirre, e *Unha vez tiven un cravo*, baseado en Campoamor, ilustra o proceso de elaboración por Rosalía de materiales alleos. Tamén nesta ocasión a persoalidade de Rosalía impónse poderosamente, e a súa obra resulta superior ao modelo. Rosalía comenza traducindo literalmente o primeiro verso de Selgas i empregando coma el versos hexasílabos.

1. Indicado xa por DIONISIO GAMALLO FIERROS: *Una cima de la lírica del XIX. Rosalía de Castro. II. "Informaciones"*. Madrid, 25 xullo 1944, e denantes, por JOSÉ S.PROL BLAS: *Estudio bibliográfico-crítico de las obras de Rosalía de Castro*. Santiago, 1917. Páx. 41.

2. 2 ROSALÍA: *Obras*. Páx. 472.

Pero mantén este metro en toda a composición, evitando os decasílabos que dan á de Selgas un ritmo demasiado insistente de seguidilla xitana. O remate, en Selgas, imprime a toda a composición un tono simplemente sentimental. Mais o remate de Rosalía adquiere, coa pregunta que a sí mesmos se fan os anxos, unha inquietante sublimación. Péchase así o poema embrullando nunha brétema de vago misterio os inquéritos sobre o problema da vida e da morte.

XII

Referíndose á nosa escritora, Murguía escribíu: *La clave de su talento la dan sus preferencias literarias, pues sus poetas eran Byron, Heine, Lermontoff y Poe; y sus novelistas Poe y Hoffman*¹. Na súa famosa sátira *El romanticismo y los románticos*, lida no Liceo de Madrid o mesmo ano en que nacéu Rosalía, Mesonero Romanos declarara que ao seu imaxinario sobriño –personificación do romanticismo radical– *no se le escapó uno solo de los fantásticos ensueños de Hoffman*². Endebén, E. Allison Peers considera que a influencia de Hoffmann no romanticismo español foi de lixeira importancia, e que non pode se decir que o narrador alemán fora nunca popular. Unha edición en español i en catro volumes dos seus *Cuentos fantásticos* circulaba dende 1847, e dende bastantes anos atrás existían outras versións menos importantes ou completas³. Rosalía tivo verdadeira afeición a Hoffmann. Falando do santuario da Nosa Señora da Barca, escribe: *Lugar éste el más apartado y salvaje de aquella comarca, tiene cierta ruda belleza, digna de ser descrita por Hoffman, y que tal vez sólo puede ser grata a los caracteres tétricos o a las imaginaciones exaltadas*⁴. Que realmente Rosalía leera a Hoffmann e non falaba del de ouvidas, demóstro o coñecimento concreto que amosa de algúns dos seus contos: *El mismo Hoffman al contemplarlos con aquel atavío superior sin duda al de las muñecas pintarrajadas, y al del caballero que andaba con pantuflas sobre la nieve, hubiera comprendido que los caprichos de los hombres exceden muchas veces en su realidad a cuanto la más ardorosa y creadora imaginación haya podido soñar de extravagante y de fantástico*⁵. Finalmente, temos un testemuio de cómo enxergaba Rosalía o

1. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 33.

2. Biblioteca ilustrada de Gaspar y Roig. *Escenas matritenses por el Curioso Parlante* (Don Ramón de Mesonero Romanos). Quinta edición. Única completa, aumentada y corregida por el autor e ilustrada con 50 grabados. Páxina 126.

3. E. ALLISON PEERS: *Historia del movimiento romántico español*. Madrid, 1954. Tomo I. Páx. 167.

4. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 684. Por erro de imprensa falta a terceira verba da cita (*el*). A pasaxe está tirada de *La hija del mar*, cap. II.

5. ROSALÍA: *Obras*. Páxs. 1.338-1.339.

xeito de escribir de Hoffmann, caracterizado, segundo aquela, polo corido que éste presta ás súas descripcións e relatos, e pola verdade que presta ás súas pantesías⁶.

Non cabe dúbida que así era como quería escribir a propia Rosalía as súas narracións a partir de certa data. A primeira cita de Hoffmann é de 1859; pero eu non vexo influencia efectiva ate 1867. Neste ano pubrícase en Lugo *El caballero de las botas azules*, i en 1881, en Madrid, *El primer loco*. Ambas obras son chamadas pola autora contos extraños. Segundo a tradición, Aleixandra Murguía de Castro, filla maior da escritora, queimou, á morte désta e polo seu mandado, un volume titulado *Cuentos extraños*⁷. Cultivaba, pois, consecuentemente, Rosalía dende a idade de trinta anos ate a súa morte, un tipo de narración que ela denominaba *cuento extraño*, e que non é senón o paralelo rosalián do *cuento fantástico* de Hoffmann. *El caballero de las botas azules* y *El primer loco* están na liña de pantesía do narrador alemán, a primeira de ditas novelas polo seu carácter de enxeñosa sátira romántica, tan frecuente nas literaturas xermánicas como esceicioal na española; a segunda, pola súa mestura de realidade, ilusión e alucinación. Esto non quer decir que esas obras sexan simplemente imitacións de Hoffmann. Polo contrario, a persoalidade de Rosalía impármelles un forte selo de orixinalidade. Dentro da literatura española, constitúen unha aportación moi singular, distante da novela folletinesca e da novela realista que prevalecían naquel tempo.

6. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 1.417.

7. AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA: *Rosalía Castro. Notas biográficas*. Biblioteca Hispania. Cid. 4. Madrid (1916). Páx. 104. (Nota 43).

XIII

A narración realista de costumes, máis ou menos ao xeito de Fernán Caballero foi cultivada por Rosalía en *Ruinas* (1866). A novela folletinesca, a novela por entregas, é satirizada en *El caballero de las botas azules*. A propia Rosalía cultivara o folletín en *La hija del mar* (1859). Os tidiuos das imaxinarias novelas que a nosa autora satiriza en *El caballero de las botas azules* (*El amor culpable*, *El hijo generoso*, *La mujer honrada*, *La pobreza sin mancilla*), lembran os das novelas de Pérez Escrich, *La mujer adúltera*, *La esposa mártir*, *Los ángeles de la tierra*, *Las obras de misericordia*. *El caballero de las botas azules* é en grande parte unha sátira literaria, e merez un estudo monográfico en relación coas súas fontes.

Murguía cita como precedente desa novela, en canto obra humorística de enigmático siñificado, *El doctor Lañuela*¹. Esta obra era tan familiar a Murguía –e, consecuentemente, sen dúbida a Rosalía tamén– que as dúas veces que a mencioa omite o nome do seu autor, como cousa sabida. Éste é don Antonio Ros de Olano, que a publicou en 1863².

Leva un prólogo de Manuel Ascensión Berzosa. O libro, como indica o seu subtítulo, reviste a forma de lembranzas. Están dirixidas a Cándido, amigo de Josef, que as redacta en primeira persoa. É un conto extraño, en parte semellante a certas novelas románticas alemás, pero moi influído en parte pola tradición novelística castelá, satírica e picaresca, non só na técnica, senón na enxebre lingoaxe. É, en pequeno, unha *Odisea dunha alma*, como o *Wilhelm Meister* ou *L'éducation sentimentale*. Os elementos pantásticos, dun escuro simbolismo non can enteiramente dentro do reino da meiguice, espicándose polo magnetismo animal e o hipnotismo, ao menos

1. MURGUÍA: *Los precursores*. Páxs. 197-198.

2. *El Doctor Lañuela. Episodio sacado de las memorias inéditas de un tal José*, por D. Antonio Ros de Olano, Madrid, 1863. Imprenta de Manuel Galiano, Plaza de los Ministerios 2.

parcialmente. Mestúrase na obra a prosa co verso, e o elemento filosófico e sentimental co satírico e humorístico. Unha liberdade romántica campea sobre o desenrollo da obra, i esto pode aprosimala a *El caballero de las botas azules*. Nas derradeiras páxinas de *El doctor Lañuela* fálase da mesma obra, mais como ésta ten carácter de memorias, con elo o autor se non sai do seu papel, e mal pode se comparar neste aspecto con *El caballero de las botas azules*. Éste lembra máis ben ao *Quijote*, onde Cervantes fala da crónica deste cabaleiro escrita por Cide Hamete Benengeli, e tamén do *Quijote* de Avellaneda; inda que se non chega á arbitrariedade humorística de que os persoaxes falen da mesma obra en que figuran, é decir, do propio *Quijote* de Cervantes, entendido non como tradución do árabe, senón como tal invención de Cervantes. Esta liberdade é de orixe romántica en *El caballero de las botas azules*.

Antre os versos de *El doctor Lañuela* áchanse combinados o octosílabo e o endecasílabo, o que ocorre raramente na poesía española anterior a Rosalía:

Un hoyo encierra a mi madre,
otro a su esposo sepulta...
Mas ya que a mí no me matan
recuerdos que el alma enlutan,
tributo de dolor a esos despojos
sea el raudal del llanto de mis ojos...³

Rosalía ha distinguirse precisamente na combinación de tales metros, pero distribuíndoos, a diferencia de Ros e outros poucos que os usaron –Antonio de Solís, Luis de Góngora, Modesto Lafuente, Andrés Bello, Espronceda, Pérez Bonalde– en forma que o rápido ritmo do octosílabo siga ao lento do endecasílabo, o que dá ao conxunto unha armonía completamente nova.

3. Ob. cit. Páx. 198.

A ironía e liberdade constructiva e conceptual de *El Caballero de las botas azules* son típicamente románticas, pero da escola romántica alemá, coa que presenta vinculacións moito más claras e concretas que a obra de Ros de Olano. Citaréi uns testos de Brandès apricabres á mencioada produción rosaliá.

Según la doctrina romántica, la omnipotencia del Yo y el libre albedrío del poeta no toleran ninguna ley sobre sí. En esta concepción reside el germen de la mal afamada ironía romántica en el arte, para la cual todo es a la vez seriedad y broma, y que, como eterna autoironía, como juego perturbador con la ilusión, ora suprimida, ora reintegrada, destruye todo efecto puro en muchas obras favoritas de los románticos... La doctrina y concepción de la vida de los románticos surge... por un entrelazamiento de poesía y filosofía... De ahí todo lo que en esta poesía sobre poesía... era autodesdoblamiento y esto es también el origen de todo lo simbólico y alegórico en estas obras medio poéticas y medio filosóficas... La más alta y poética sucesión de representaciones imaginativas que son introducidas ahora declara la guerra a las leyes del pensamiento, incluso se burla de ellas calificándolas de filisteísmo. Su lugar es ocupado por ocurrencias, quimeras y caprichos.⁴

O feito de que os persoaxes dunha obra falan da obra mesma no testo dela como ocorre en *El caballero de las botas azules*⁵, atopámolo en *Godwi*, novela de Clemens Brentano; pero tal feito, ou, dun xeito máis xeral, que os ditos persoaxes se saian do seu papel en calqueira forma, por exemplo, aludindo a circunstancias incompatibles co ambiente da producción literaria en que figuran é sobre todo frecuente na comedia romántica alemá. Non é verosímil que Rosalía coincidira casualmente nese meio técnico co romanticismo alemán. Máis ben hai que supor influencia do espírito de Hoffmann, en cuias narracións son frecuentes as orixinalidades desconcertantes, anque

4. *Las grandes corrientes de la literatura en el siglo XIX. Tomo II, La escuela romántica en Alemania.* Paxs. 52–53.

5. ROSALÍA: *Obras*. Páxs. 1.214, 1.383.

é no teatro –que Rosalía non pudo coñecer directamente– onde, como en *O gato con botas*, de Tieck, achamos as maiores semellanzas. Os persoaxes da comedia citada falan da citada comedia. É o mesmo caso esaitamente, da novela de Rosalía. Brandès⁶ menciona outros casos de rotura do convencionalismo teatral da ilusión de realidade en Tieck, Hoffmann, Holberg e J. L. Heiberg. Trátase de satirizar a demanda vulgar de naturalidade na arte, que formulaban daquela escritores como Kotzebue e Iffland. É, por outra banda, unha reacción libertina contra as reguas neoclásicas. Este espírito atópase en Rosalía.

No fondo, baséase nunha crara diferenciación antre a arte e a vida. O recurso técnico ou estilístico –dando a esta derradeira verba un senso amplio– a que nos estamos referindo, semella a primeira vista un expediente cómico, que se podería calificar de humorismo pueril, de falta de seriedade. Mais non sempre sería esaíta esta interpretación. Pola contra, en moitos casos siñifica precisamente seriedade perante a vida. O que non aparez enteiramente tomado en serio, o que aparez no fondo considerado como pueril, é a ficción literaria. O neno toma o xogo en serio: pra el o xogo é vida. Só pra o adulto o xogo é distinto da vida, e por tomar a vida en serio lémbrese de que o xogo é xogo, e renuncia, ao xogar, á seriedade pueril. A arte é convencionalismo sempre, e meninice fixar máis acó ou máis aló os límites do convencionalismo. Así, compréndese que no teatro, que é o xénero literario máis convencional, se den en todas partes, aínda lonxe do romanticismo xermánico, con intención cómica ou sen ela, disimulada ou desembarazadamente, esas roturas da coerencia ideal da ilusión artística⁷. *El caballero de las botas azules* está en grande parte concebido como teatro

6. Ob. cit., tomo cit., cap. XI.

7. Véxase, por exemplo, O comenzo das *Rans* de Aristófanes, onde Dyonisos e Xantias dialogan verbo das brincadeiras que lle está permitido decir ao segundo. Nos coros, por outra banda, Aristófanes fala directamente aos espeitadores, e o mesmo fan ás veces os persoaxes individuáis. Todo elo encaixa dentro do carácter de revista social e apropósito político da comedia antigua. Nas *fabulae*

que non pretende ser máis que teatro, como unha representación de mairionetas ou farsa guiñolesca, como unha comedia simbólica ou moralidade. Malia a súa estructura narrativa, nesa obra hai moitas esceas dunha peza fantástico-satírica, que se por unha banda fai pensar en Hoffmann ou Tieck, por outra evócanos as comedias de Gógol. Ousérvese a vivacidade e relevo da acción nos moitos anacos dialogados. Esta obra obríganos a matinar nunha potencial Rosalia autora dramática, que, como e sabido, non chegou a actualizarse.⁸

palliatae de Plauto, imitadas da nova comedia grega, que era unha peza de costumes burguesas, atopamos referencias aos lictores, aos edís e a outras realidades da vida romá, imposibles en estreita verosimilitude. Plauto, nestes casos, rise da verosimilitude, e quer facer rir aos espeitadores introducindo bruscamente no ambiente helenístico a realidade doméstica. Pero elo non sería posibre se considerase a súa arte de comediógrafo como unha realidade vital absolutamente seria. No *Stichus* os persoaxes falan ao flautista -que estaba encarregado de dar o tono á decramación-; non de outro xeito que os persoaxes de *O mundo ao revés*, de Tieck, se dirixen ao maquinista. A mesma traxedia coñece estes convencionalismos. O coro dos Persas, na peza de Esquilo, dáse a coñecer ao público espresamente nas primeiras verbas da obra. Os prólogos monolóxicos de Eurípides, en que un persoaxe esprica a súa persoalidade e os antecedentes do drama, non están moi lonxe da práctica do teatro chino, en que cada figura, ao sair á escea, se presenta aos espeitadores, indicándolle a súa identidade e informándolle dos presupostos que o autor xulga oportuno. No drama indio aparecen en escea o diretor da compañía e unha actriz (Kalidasa) ou o axudante do director (Tchemisvara), o que foi imitado no *Fausto* por Goethe. Sustancialmente, moitas destas licencias áchanse en Shakespeare, i é tamén o caso -para citar un exemplo dos nosos días- de Thornton Wilder na súa peza *The skin of our teeth*, na que, análogamente ao ouservado en *El caballero de las botas azules*, hai un persoaxe que fai comentarios sobre o que se representa.

8. Agora sabemos que Rosalía escribiú, polo menos, dúas pezas de teatro: o “proverbio” Romana, e un testo solicitado polos mozos de Pontecesures. Véxase “Nótulas rosalianas”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIII, fascículo 69, Madrid, 1968, páxs. 121-123.

XIV

Dos escritores que Murguía cita como preferidos por Rosalía, Lord Byron é o máis frecuentemente nomeado ou aludido por ela. As referencias áchanse nas obras en prosa. Dous fragmentos de Byron, un en castelán e o outro en francés, son postos en cabeza de sendos capítulos de *La hija del mar*¹. Califícase a ese poeta como o primeiro, sen dúbida, do século, e fállase da súa ollada penetrante e ousada, das súas grandiosas creacións². Hai referencias a *Manfredo*³, *Don Juan*⁴ e *Caín*⁵. Na figura de Flavio hai rasgos byroniáns. Pero en realidade o espírito de Rosalía ten pouco ou nada que ver co espírito de Byron. A poesía de aquela é completamente distinta da déste. Eu creo que Rosalía adeprendéu a admirar a Byron ao se formar na literatura romántica, e non podía se agardar outra cousa dunha discípula de Espronceda. Pero unha vez que se atopou a sí mesma, Byron resultaba algo estranxo ao seu xenio. Se conservó o costume de citalo con loubanza, elo, ao meu xuicio, é resíduo dunha dogmática escolar, e non responde a unha actitude de íntima afindade.

Máis auténtica é a afeición a Lérmontov. Murguía citao antre os *poetas* que Rosalía prefería; pero as citas rosaliás do ruso refírense á novela *Un herói do noso tempo*. Petchorin, que ven a ser un Byron eslavo, impresionou a Rosalía. A Condesa Pampa cree recoñecer a Lérmontov-Petchorin no Cabaleiro das Botas Azús⁶.

Só teño acoutado un lugar de Rosalía en que se fale de Poe. Nunha carta a Murguía, dille que ten lido dous contos deste autor, *un precioso aunque sencilllo*; outro, que a Rosalía lle lembra a maneira de Larra⁷.

1. ROSALÍA: *Obras*. Páxs. 706 e 749.

2. *Id.* Páx. 684. Véxase tamén a 723.

3. *Id.* Páxs. 684 e 1.537.

4. *Id.* Páx. 1.325.

5. *Id.* Páx. 780.

6. *Id.* Páx. 1.330-1.332. Véxase tamén páxs. 1.184 e 1.237.

7. *Id.* Páx. 1.354. O máis próximo a Poe de todo o que poseemos de Rosalía é *El primer loco*. Poe ten un conto de misterio e horror titulado Berenice. Berenice chámase tamén a principal figura femenina daquel relato rosalián.

Rosalía expresa a súa admiración por George Sand nestas verbas:

Jorge Sand, la novelista profunda, la que está llamada a compartir la gloria de Balzac y Walter Scott ... ¿Se escribieron acaso páginas más bellas y profundas, al frente de las obras de Rousseau, que las de la autora de "Lelia"?.

Tres veces utiliza Rosalía lemas de Sand pra encabezar capítulos de *La hija del mar*².

Nunha carta escribe a Murguía:

*Las damas verdes de Jorge Sand tienen muchísima semejanza en cierto estilo con mi joven azul. ¿Qué te parece? Van a decir que he querido imitarla*³.

Rosalía alude á novela de George Sand *O misterio das donas verdes* e á súa propia *El caballero de las botas azules*. Non atopo semellanzas importantes antre ambas obras nen nunca se me houbera ocurrido que a de Rosalía fora unha imitación da de Sand. Querendo achar parecidos, podería sinalar algúns débiles dabondo. En primeiro lugar o paralelismo dos títulos, aludido pola mesma Rosalía (donas-cabaleiro; verdes-azul). Nunha e noutra novelas hai esceas de pantesía con intervención do maravilloso, pero na francesa trátase dun maravilloso aparente, é decir, de superchería; mentras que na española trátase dun maravilloso alegórico. A situación do Home perante a Musa no diálogo inicial de *El caballero* ten alguna lonxana analogía coa do mozo Nivières perante a Nereida no capítulo IV de *As donas*. Polo demais, a novela de Sand é un fino relato de entretenimento, mentras que a de Rosalía é unha satira social e literaria.

1. ROSALÍA: *Obras*. Páxs 669-670. Véxase tamén a 1.537.

2. *Id.* Páxs 687, 726 e 810.

3. *Id.* Páx. 1.554.

Sabido é que a morte impidiu a Nicomedes Pastor Díaz escribir o prólogo de *Cantares gallegos*¹. Gamallo Fierros relacioa co poeta vivariense a escenografía sepulcral do poema de Rosalía *A mi madre*². Admite tamén afindades con Pastor Díaz nas *Orillas del Sar*³, reducidas na exemplificación ao caso da negra mariposa. O poema de Pastor Díaz que leva este título –*La mariposa negra*– foi sinalado tamén como precedente de *Negra sombra*⁴, i, en efecto, hai parecido antre os dous. Endebén, sabemos que é Aguirre a fonte efectiva da canción rosaliá.

O señor García Martí parez insinuar sen moita convicción algunha semeillanza antre *El caballero de las botas azules* e a obra de Nicomedes *De Villahermosa a la China*⁵.

Gamallo sinala tamén afindades de Augusto Ferrán con Rosalía⁶. As influencias son problemáticas.

Ventura Ruiz Aguilera tivo frecuentes relacións co matrimonio Murguía. As tres firmas aparecen a miúdo nas mesmas publicacións. Ruiz Aguilera foi decidido apoloquista dos *Cantares gallegos*, aos que adicou dous artigos no *Museo Universal*. A Murguía adicou o seu poema *La gaita gallega (Eco na-*

1. MANUEL MURGUÍA: *Los precursores*. Páx. 187 ss.

2. DIONISIO GAMALLO FIERROS: *Una cima de la lírica del siglo XIX. Rosalía de Castro. II*. “Informaciones”. 26 xullo 1944.

3. Cf. *Nada me importa, blanca o negra mariposa* (ROSALÍA: *Obras*. Páxina 610) coa poesía de Díaz *La mariposa negra*.

4. ENRIQUE CHAO ESPINA: *Pastor Díaz dentro del romanticismo*. Páxinas 355-357.

5. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 186.

6. DIONISIO GAMALLO FIERROS: *Evocación de un clásico del dolor. Rosalía de Castro. “Patria”*. Granada, 14 de julio de 1944.

cional), ao que contestó Rosalía con *A gaita gallega. Resposta*⁷. Hai en Follas novas unha tradución de Ruiz Aguilera⁸.

O paralelismo Ruíz-Rosalía, rexistrado por Gamallo en sendos octosílabos:

sin árbol que le dé sombra
e
nin arbres que che den sombra,

non semella casual. A súa importancia, dende logo, é mínima; e, outramén-tes, non é posibre determinar a prioridade cronolóxica⁹.

XVII

Teño me ocupado ate eiquí das relacións literarias antre a obra de Rosalía e a de outros autores que creo que influiron nela, ou cuia influencia e probable, ou ten sido aducida sen probas, ou con probas que non me convencen. Pra completar estas notas sobre a formación literaria da nosa escritora vou presentar agora un catálogo dos autores citados ou aludidos por Rosalía e que non figuran antre os que teño mencionado xa. Sen dúbida hai en Rosalía máis alusións literarias das que rexistro. Rara vez as recollo como non sexan moi concretas. Alén deso, ben poden se me ter escapado algunas que, de reparar nelas, houbera anotado. Quen poda engadir algo a este respecto, fará ben en engadilo.

Dos autores a que Rosalía se refire, uns están mencionados de pasada, de outros reprodúcense anacos, algúns son ouxeto de comentarios. Figuran antre eles o dos Cantares¹, Xeremias², Homero³, Safo⁴, Platón⁵, Virgilio⁶, Séneca⁷, Dante⁸, Petrarca⁹, Macías¹⁰, Garcilaso¹¹, Santa Teresa de Jesús¹², Ariosto¹³,

1. Así menciona Rosalía o más comúnmente chamado *Cantar dos Cantares*. Refírese á esposa que pergunta polo seu amado aos guardas da cidade (*Obras*, pág. 780), e utiliza, citando a súa procedencia, a imaxe dos cedros do Líbano. (*Id.*, pág. 866).

2. *Id.* Pág. 1.168.

3. *Id.* Páxs. 672 e 1.170. Mención de Ulises e Penélope, Pág. 655.

4. *Id.* Pág. 669.

5. *Id.* Pág. 1.187.

6. *Id.* Pág. 1.170.

7. Sen dúbida é de Séneca (*De brevitate vitae*) o libro que lee un persoaxe de “El caballero de las botas azules”, e que ten por tituto *Consideraciones sobre la brevedad de la vida humana*. (*Id.* Pág. 1.378).

8. *Id.* Páxs. 799 e 1.233.

9. *Id.* Pág. 1.233.

10. *Costumbres gallegas*. Cuadernos de Estudios Gallegos. Fasc. XXX. 1955. Pág. 10.

11. Alusión á Egloga III. (*Obras*. Pág. 732). Mención na páx. 1.170.

12. *Ese espíritu ardiente, cuya mirada penetró en los más intrincados laberintos de la Teología mística*. (*Id.* Pág. 669). Vid. tamén páx. 699.

13. *Id.* Pág. 788.

7. ROSALÍA: *Obras*. Pág. 355 ss.

8. *Id.* Pág. 489.

9. GAMALLO: *Evocación de un clásico del dolor*. Sabido é que Rosalía traduxo ao galego vintecinco cantares de Ruiz Aguilera, antre os que figura o que contén o citado verso “sin árbol que le dé sombra”, referido a unha fonte. Pero o paralelismo indicado no testo non é, craro está, o naturalmente esistente antre o verso de Aguilera e a súa versión galega por Rosalia senón, como fica dito, o que se dá antre aquel verso do cantar do salmantino e o de Rosalía que figura na súa composición orixinal *Castellanos de Castilla*, número XXVIII dos *Cantares gallegos*. (*Obras*, pág. 353).

San Juan de la Cruz¹⁴, Herrera¹⁵, Cervantes¹⁶, Shakespeare¹⁷, Quevedo¹⁸, Góngora¹⁹, Calderón²⁰, Malebranche²¹, Madame de Sevigné²², Feixoo²³, Samaniego²⁴, Voltaire²⁵, Leandro Fernández de Moratín²⁶, Ossian²⁷, Rousseau²⁸, Ducray-Dumesnil²⁹, Bernardin de Saint- Pierre³⁰, Goethe³¹, Madame Staël³²,

14. *Id.* Páx. 712.

15. *Id.* Páx. 1.170. Os versos de ROSALÍA: *lúa descolorida/ en ben sei que n'alumas/ tristeza cal a miña* (*Obras*. Páx. 447), lembran os de HERRERA: *Cándida luna que con luz serena/ oyes atentamente el llanto mío: / ¿has visto en otro amante otra igual pena?* (Elegía XVII. E os de MELÉNDEZ VALDÉS: *¡Luna!, ¡piadosa luna!, cuánto pena./ No, jamás otro en tu carrera viste/ otro infeliz, cual yo, de angustia lleno.* (Elegía V).

16. O Cabaleiro das Botas Azús ten, como o Cabaleiro da Triste Figura, unha misión de campeón dun ideal no mundo corrompido. (*Obras* Páxs. 1.171, 1.183, 1.382, 1.383). Os lugares citados son de *El caballero de las botas azules*. Fora desta novela, páxs. 1.099, 1.108, 1.538. É notabre a semellanza do nome do persoaxe rosalián *El Caballero de las Botas Azules* co do persoaxe cervantino *El Caballero del Verde Gabán*.

17. Cita de Macbeth en *Obras*, páx. 782. ¿É de Hamlet en 429? Outra alusión a *Macbeth* en *Las inundaciones de Padrón*. C. E. G., II, 121.

18. *Obras*. Páx. 1.382.

19. *Id.* Páx. 796.

20. *Id.* Páx. 1.170.

21. Citado como feminista. *Id.* Páx. 669.

22. *Id.* Páx. 1.262.

23. *Id.* Páxs. 489, 669.

24. *Id.* Páx. 860.

25. *Id.* Páx. 1.207.

26. *Id.* Páx. 1.244.

27. Unha cita en francés (*Id.* Páx. 682) e outra en español (páx. 768).

28. *Id.* Páx. 670.

29. Referencia irónica aos *Seráns da Granxa*. *Id.* Páx. 1.537.

30. *Id.* Páx. 757.

31. Citadas en francés como lema do capítulo IV de *La hija del mar*, as dúas derradeiras frases do *Werther*. *Obras*. Páx. 776, Mefistófeles é mencionado nas páxinas 624, 645, 1.243, 1.395. Víd. tamén páx. 1.513.

32. *Obras*. Páx. 669. Corina, persoaxe da novela da Staël, é mencionada na páxina 489. Non é verosímil, polo contemento, que se trate dunha poetisa grega. TIRRELL: *Ob. cit.* Páx. 76.

Walter Scott³³, Chateaubriand³⁴, Larra³⁵, Lamartine³⁶, Soulié³⁷, Balzac³⁸, Fernán Caballero³⁹, Dumas⁴⁰, Victor Hugo⁴¹, Béranger⁴², Zorrilla⁴³, Madame Girardin⁴⁴, Miss Cummins⁴⁵, Smith⁴⁶, Van der Welde⁴⁷, Andrés Muruais⁴⁸, Roberto Robert⁴⁹, Xan Compañel⁵⁰, Segade Campoamor⁵¹, Paz Nóvoa⁵². As referencias a algúns dos derradeiramente citados son más ben persoais e amistosas que literarias.

Non recollo alusións a persoaxes como Xob, Xosé, Lázaro, Narciso, Tántalo, Guillermo Tell, Bertoldino e outros que, inda incorporados á cultura ao traveso de obras literarias, son tan coñecidos que a súa mención non garantiza a leitura de tales obras. Rosalía podía ter coñecimento deses per-

33. ROSALÍA: *Obras*. Páx. 669.

34. *Id.* Páx. 1.303.

35. *Id.* Páx. 1.554.

36. Mención de Graciella (sic): *Id.* Páx. 999.

37. *Id.* Páx. 698.

38. *Id.* Páx. 669.

39. Mención persoal dabondo desfavorable nunha carta sin data. NAYA: *Inéditos de Rosalía*, páx. 84. Adicatoria dos *Cantares* en 1863. ROSALÍA: *Obras*, páxina 261. Segundo Besada (*Discursos ...*, páx. 27), a novela *El caballero de las botas azules* (1867) foi *efusivamente celebrada por Fernán Caballero*.

40. *Obras*. Páx. 680.

41. *Obras*. Páx. 823.

42. *Id.* Páx. 1.178.

43. *Id.* Páxs. 692, 805. O aleixandrino rosalián ten xeralmente o ritmo do de Zorrilla. Véxase especialmente *Obras*, páx. 1.519 s.

44. *Id.* Páx. 818.

45. *Id.* Páxs. 739, 786. Citas en francés.

46. *Id.* Páx. 763. Cicáis é a escritora inglesa Carlota Turner Smith (1749-1806).

47. *Id.* Páx. 671.

48. *Id.* Páx. 661.

49. *Id.* Páx. 336.

50. *Id.* páx. 1.554.

51. NAYA: *Inéditos de Rosalía*. Páx. 83.

52. *Id.* páx. 85.

soaxes sen ter lido as Escrituras, Schiller, Ovidio ou os demais autores correspondentes. En troques, inda que non mencioa a Octavio Feuillet, consta por Murguía que asistiu a unha representación de *Dalila*⁵³. Indubidablemente, coñecía tamén a novela por entregas do seu tempo, a *histórico española e a contemporánea*; a ridiculizalas consagró moitas pasaxes do *Caballero de las botas azules*.

Naturalmente, Rosalía leéu moitos máis autores dos que aparecen citados nas súas obras. Sen dúbida coñecéu a maoria dos poetas e novelistas que Murguía cita nos seus propios libros. Murguía recomendaría á súa dona a leitura dos escritores que el máis estimaba. É inverosímil, por exemplo, que Rosalía non leera a Augusto Brizeux, a quen non cita, pero que Murguía cita a cada paso. As citas de Murguía, pois, son unha fonte pra o estudo da formación literaria de Rosalía; pero unha fonte que, lóxicamente, hai que manexar con método e prudencia, e non absolutamente, en bruto.

XVIII

Como poeta, Rosalía formouse no romanticismo español radical¹, cultivou logo a poesía rexional² e, finalmente, o lirismo de tipo nórdico³. Como narradora –xénero pra o que estaba admirabremente dotada, pero que non traballou con apricación nen sistema– aparécesenos na súa estrema moçade cultivando o folletín á Suë⁴, afinando logo á Sand o análise dos sentimientos⁵, ensaiando dempónis o relato de costumes á Fernán Caballero⁶, e, finalmente, o conto estranxo ou pantesía á Hoffmann⁷.

Craro está que este esquema evolutivo non ofrece na realidade rixidez cronolóxica, i en libros que se poden considerar representativos dunha determinada etapa, atopamos elementos da que establecemos como anterior. Así, en *Follas novas* hai partes que continúan a *Cantares gallegos*, i en *El caballero de las botas azules*, páxinas tan realistas como en *Ruinas*. Non estrañaría que fose esa ita a referencia de Besada segundo a cal Fernán Caballero recibiu con efusión aquela novela. As esceas de “la corredera del Perro” semellan de dona Cecilia.

E así chegamos ao final. Quenes se acaroen á obra de Rosalía sen outro propósito que a percura do goce estético, cicáis non amosen interés pola crase de estudos da que neste traballo fica dada unha pequena mostra. Ben seguro, a creación e a comunicación da beleza literaria é o principal e supremo fin a que se dirixe a obra poética. Mais un pobo debe aos seus grandes artistas unha homaxe que se alonga máis aló do puro éstase admirativo. O estudo da estructura e xénese das grandes creacións literarias,

1. *La flor*. Madrid, 1857.

2. *Cantares gallegos*. Vigo, 1863.

3. *Follas novas*. Madrid, 1880; *En las orillas del Sar*. Madrid, 1884.

4. *La hija del mar*. Vigo, 1859.

5. *Flavio*. Madrid, 1861.

6. *Ruinas*. Madrid, 1866.

7. *El caballero de las botas azules*. Lugo, 1867. *El primer loco*. Madrid, 1881.

53. Murguía: *Los precursores*. Páx. 261 ss.- Un libro inédito de Rosalía, *Romana*, queimado á súa morte, subtiduábase proverbio, o mesmo que a forma primitiva da *Dalila*. Esto derradeiro é aludido por Murguía no lugar citado.

pode aportar unha maior comprensión das mesmas, e, ás derradeiras, unha más intensa, más consciente, más intelixente fruición. Hoxe, cando Rosalía ten adquirido un posto na literatura universal, cando a obra de Rosalía comenza a ser desmontada e analizada por críticos i eruditos dos máis diversos países, compre que os galegos ocupemos o lugar correspondente nesta xeral preocupación. As páxinas que veño de ofrecer non son senón unha pequena contribución a tal tarefa.

POST DATA

1. No parágrafo V deste traballo faise notar que nun borrador de Rosalía que contén versos decasílabos anapésticos, aparez un deles correxido de man de Murguía e convertido en octosílabo. Dado o meu orixinal á imprensa, decátome de que esta combinación de decasílabos e octosílabos fora empregada por Murguía en 1857. Un poema dólite publicado no *Álbum del Miño* áchase dividido en estrofas de catro versos, o primeiro e o segundo, octosílabos; o terceiro, decasílabo anapéstico; o carto, hexasílabo:

Qué bien los rízos te caen
en la frente de alabastro;
que parecen decirme traidores:
¡Besadnos!, besadnos!¹

Como se ve, nos versos de Murguía, o decasílabo segue ao octosílabo: esto remansa o ritmo, que vai de rápido a lento. O procedimento habitual de Rosalía é o inverso: o decasílabo vai seguido do octosílabo, co que o ritmo é acelerado.

Si medito en tu eterna grandeza,
buen Dios, a quien nunca veo,
y levanto, asombrada, los ojos
hacia el alto firmamento

1. O poema pode se ler en *Murguía, poeta*, por José G. Acuña; Boletín de la Academia Gallega, núm. 248, Coruña, 17 mayo de 1933; pág. 177. A estrofa transcrita é a segunda. Na primeira, o terceiro verso padez evidente erro, que o priva de senso e medida.

que llenaste de mundos y mundos ...
 toda conturbada pienso
 que soy menos que un átomo leve
 perdido en el Universo...²

2. Non deixaría de ser curioso rastear as pegadas de Zorrilla na Rosalía moza. No bienio progresista, que é a época en que se componen os primeiros versos coñecidos da nosa autora, non soaban só por Galicia as voces esproncediás de Domingo Ubiña (1828-1854) e Aurelio Aguirre (1833-1858), senón tamén as zorrilescas de Xosé Puente Brañas (1824-1857) e Benito Vicetto (1824-1878). Se Aguirre era o Espronceda galiçán, Puente era o Zorrilla galego. Espronceda e Zorrilla que morren polos mesmos días en que Rosalía nace á literatura. Ademáis da Poesía citada no testo § XVII³ considérese en relación con Zorrilla o comezo da lenda *La rosa del camposanto*:

Y sin embargo, velando
 una mujer algo espera,
 que mira inquieta la esfera
 de un anticuado reló:
 del que la aguja dorada,
 girando siempre impasible,
 vio que pasando terrible
 las doce en punto marcó⁴;

así como os versos

Luego al cielo exclamé puesta de hinojos,
 y el cielo mis clamores no advirtió⁵

que lembran os do Tenorio,

llamé al cielo y no me oyó.

3. A miña sospeita de que a referencia de Besada segundo a cal Fernán Caballero tería recibido con efusión *El Caballero de las Botas Azules* podía ser esa ita, sospeita que se consigna no parágrafo XVII deste traballo, fica confirmada. Remexendo os papés inéditos procedentes do arquivo da familia Murguía que se achán depositados na Academia Galega, e que son propiedade de don Xan Naya, puiden leer unha interesantísima carta de Fernán Caballero dirixida a Rosalía, en que aquela acusa recibo da novela desta. É un plego autógrafo escrito polas catro caras, sen endrezo e con data 20 de maio de 1868. Non se indica lugar de expedición. É realmente unha carta efusiva, moi coidada literariamente, sen dúbida trazada sobre un borrador previo. A sinceridade das loubanzas é evidente. Fernán Caballero sintíuse fascinada pola novela, cuio enigma a intrigou moito, sen que atopara unha espricación terminante do misterio. A novela é realmente unha pantesía romántica, a meias simbólico-satírica e a meias poético-imaxinativa. Algo ao xeito da *Princesa Brambila*, de Hoffmann, onde se atopa unha formal apoloxía do humor caprichoso e da imaxinación arbitraria, que Hoffmann considera típica do pobo italián e vía refrexada nos costumes do carnaval román; a diferencia do humor alemán, de tendencia máis alegórica. Fernán Caballero achégase a *El Caballero de las Botas Azules* dando por suposto que se trata dunha alegoría, e fica perplexa sobre a súa interpretación. Pregúntase se o Cabaleiro será un símbolo do século XIX. Agora sabemos que as verbas que Murguía adica en *Los precursores a El Caballero* están en grande parte inspiradas nesta carta –todavía hoxe inédita– de dona Cecilia. Cán estreita é esa dependencia

2. *Obras*, páx. 634.

3. *Obras*, páx. 1.518 ss.

4. *Obras*, páx. 231.

5. *Obras*, páx. 221. O motivo repítense en *Follas novas*: “Bon Dios, axudáime, berrué, berréi inda ... / Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra”. *Obras*, páxina 444.

veráse cando a carta de Fernán Caballero sexa publicada. Non deixa de ser curioso que tratándose de interpretar unha obra da súa propia muller, Murguía reproduza ideas de Fernán Caballero. Murguía non estaba especialmente informado sobre o senso da novela. Esto proba que pra a mesma Rosalía, *El Caballero de las Botas Azules* era ante todo unha novela pantástica. Cicáis, aleicioada polo éxito de misterio de *El doctor Lañuela*, propúxose principalmente outer resultados semellantes. Na súa carta, Fernán Caballero expresa a súa admiración de xeito inequívoco:

... toda mi admiración por el libro ... La novela de usted es un misterio, aun para mí que lo he leído y releído, estudiado y meditado, pero un misterio lleno de atractivo y de interés; es una cosa nueva en su género ... una obra escrita con tanto saber, talento y gracia ... el libro de usted se levanta muy alto sobre las obras morales e inmorales que nos inundan.

Fernán Caballero acusa tamén recibo dos versos de *Rosalía A mi madre*, que di leéu con máis fervor áinda, pois refrexan sagros sentimentos. Na carta comeza a súa autora disculpándose da tardanza en escribila, motivada por doenzas e viaxes⁶.

Outros dous documentos inéditos relativos ao *Caballero* atopéi no mesmo arquivo. Un é un borrador autógrafo dunha carta de Murguía sen data, dirixida a Annette M. B. Meakin, pola que autoriza a esta escritora a traducir ao inglés a referida novela⁷. O outro documento é un oficio dirixido ao editor lugués Manuel Soto Freire pola Promotoría fiscal da dió-

6. En Naya, *Inéditos de Rosalía*, -páxs. 83-84, -pubrícase un anaco dunha carta de Rosalía a Murguía en que se fala en tono de queixa de Fernán Caballero. Iñórase a data; polo que non pode ser decidido se é alusivo ao silenzo con que acolléu a novelista andaluza o envío da novela da galega; silenzo cuia tardanza en ser roto é cousa que esprica e pola que se disculpa dona Cecilia na carta a Rosalia de 1868.

7. Annette M. B. Meakin é a autora do libro *Galicia / The Switzerland of Spain / by / Annette M. B. Meakin / Methuen & Co / 36 Essex Street W. C. / London* (1909). O Chapter XV -tidúase Rosalía Castro, e nel conténse unha traducción en verso do poema *Unha vez tiven un cravo* (páx. 186).

cese de Lugo, negociado de Imprentas, con data 26 de marzo de 1867. Maniféstase que a censura eclesiástica non pode dar a súa aprobación á novela *Un hombre y una musa* se non se modifican as esceas que ocupan da páxina 94 á 102. Anque o desenlace da pasaxe é sadisfadoiro, a presenza de Mariquita no coche do Duque de la Gloria considérase incomente. Feitas as reitificacións suxeridas, a novela podería se leer, se non con froito, ao menos sen perxuicio. Firma José Gabriel González.

Un hombre y una musa non é, naturalmente, outra cousa que *El Caballero de las Botas Azules*, ao que se dá polo Promotor fiscal lugués o tiduo do seu prólogo. As páxinas 94 a 102 da primeira edición da novela non conteñen nada que poda xustificar a censura. Logo, hai que supor que esas páxinas corresponden á numeración do manuscrito presentado á curia episcopal. A alusión do escrito do Promotor parece apuntar ao capítulo XVIII do testo impreso. Aparentemente, Rosalía non tomou en consideración os reparos da censura eclesiástica.



DISCURSO EN CAMBADOS (1961 [1982])*

Ao comprar o mandado da Academia Galega**, e comparecer hoxe ante vós para evocar a poesía de Cabanillas, non podo afastar da miña lembranza que foi aquí, na súa propia terra, onde viro os meus ollos por derradeira vez, e por derradeira vez apertaron os meus brazos, o corpo cangado pola vellice no que alentaba aquel profundo e armonioso espírito, hoxe incorporado ao ceo da nosa gloria.

Unha tarde de vran, a do 1º de xullo de 1958, á hora da sesta, pasaba eu por Cambados, e petéi na porta da casa do poeta. Aínda que estaba descansando, quixo me recibir. Fumamos, e falamos dos libros, dos amigos, das arelas comúns. Regalóume Cabanillas un vello volume en pergameno, invitoume a volver con máis calma para pasar con él todo un día, e dímonos a derradeira aperta. Vivo, non tiña de velo máis.

Vino morto a tarde do 10 de novembro de 1959, na súa capela ardente, afiadas e xiadas as faccóns de petrucio, envolto no saial de Francisco, no pardo saial da humildade, que, iluminado polas raiolas con que de esguello o fería o sol, tinxiase de cárdenas solemnidades. Os humildes serán ensalzados. O sol de Arousa convertía en groriosa púrpura o hábito franciscán. Un sudario de sol poente agarimaba o corpo dun dos

*. Publicado orixinalmente no *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXIX, nº 339-344, 1961, páxs. 319-327. Recollido en *Libros e autores galegos. Século XX* (Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, páxs. 25-33), de onde o reproducimos.

**. A Real Academia Galega organizara esta homenaxe a Cabanillas no seu cabodano e no seu lugar natal o 3 de Xullo de 1960.

espíritos cardináis da nosa terra, o corpo do que foi –do que é– un dos quicios da nosa poesía.

Non houbera podido ser Cabanillas o poeta que foi se non houbera sido o home que chegou a ser. A súa alma estaba feita da suprema sabiduría. Esa sabiduría que os anos dan a algúns espíritos escolleitos, esa sabiduría tecida de desenganos aturados docemente, de renuncias aceitadas sin amargueso, de serenidade profesada sin afectación. Cabanillas puido ser un grande poeta porque foi un home sinxelo. Nada desexaba, nada pretendía en canto a honores e distincións mundanas. Non por atrabiliaria misantropía, pois era apacíbel e afectuoso. Tampouco por rixidez estoica, pois era humán, benigno e cordial. Poeta verdadeiro, endexamáis se creu un inspirado. Fiou o seu fio, tecéu a súa tea con honradez de bo artesán, mainamente sumiso ao vento do destino, tranquilo na tempestade, indiferente ás honras, ceibo de vanagloria. ¡É tan pouca cousa a vida! ¡É tan levián criatura o home! Hainos que se cansan por rubir aos cumes. Se Cabanillas os atinxiu, foi pola alta espiritualidade da súa obra, nunca polo fato esforzo dunha arela de medro persoal.

Mais este asceta era, como San Francisco, un amante da vida. Un doce amor aos fremosos dons da natureza, que cantou con casta paixón remansada en cristalinas loubanzas, quentaba o seu enxebre corazón. O ideal, que nimba a realidade dun halo luminoso, embelecíalle o mundo. Non percibimos nos seus versos a anguria do desespero, senón a morna saudade de quen apacentou a súa alma no enlevo malencónico da beleza mortal. Non estamos en presencia dun pensador que descubriu o absurdo da esistencia. Na poesía de Cabanillas transparéntase a crencia nun orde lóxico e ontológico, nun logos que rexe o devir do cosmos, un conductor benigno do que a vontade insondábel dirixe a cabalgada dos tempos, e mantén as rédeas nas súas mans divinas, mesmo cando semella que nos despenamos no abismo.

En Cabanillas latexaba a esperanza. O seu corazón descansaba no ben. Por eso a música dos seus versos foi se facendo cada pouco máis enxe-

bre, más sotil, más calada. Chegou a ser unha música de órgano, unha música litúrxica, unha música relixiosa. O seu derradeiro poema foi un grave oratorio, entoad o coa voz pura dun neno que con corazón limpo eleva o seu cantar.

*Rende en ofrenda ó Todopoderoso
o fiel, sinxelo, puro e piadoso,
o froito de máis celmes, escolleito
no recóndito eixido do seu peito.
Moitos aforran con fervor diñeiro
pra manenza de probes mendicantes;
en consagro a El Señor iambos lixeiros
e troqueos rolantes,
xa que, sin dons do ceo e bens do mundo,
ni a Dios teño qué dar ni ó xemebundo.
Dios, endebén, o meu versar estima,
e escouita con bondade a endebre rima.
O dono do casal empoleirado
arrecada un tesouro
de trebellos, eiquí e alí espallado:
relumbra, cirio aceso, a copa de ouro;
mais non falla o metálico cacharro
nin a ola de barro.
Bandexas hai de prata e de bo peso,
e ricas pezas de almasí labradas,
sin que marren por eso
as en carballo e ulmeiro foradadas.
Calquer cunca é de aprecio si se axusta
ó servizo do amo da vaseira,
que ó par enchen a casa as de gran custa
que as entalladas en levián madeira.
No paterno fogar, carón da entrada,
a min, como escudela esportillada,
dáme Cristo un emprego veláño,*

*e consinte me acolla a un currunchiño.
Do Salvador no pazo,
cátame ola de barro na borralla;
mais acarriño o fervoroso azo
de servilo, siquer unha migalla.
¡Leve onde leve a senda escurecida,
sóio cobizo a sorte
de cantar até a morte
a Cristo, rexidor da nosa vida!*

¡Unha ola de barro! ¡Un cazolo sinxelo onde o orballo da gracia e a beleza das rosas triunfan do tempo e da dor!

Mais esta alma donda e serea non ardéu nos altares do civismo? Esta voz tranquila ¿non chamou ao combate aos irmáns?

Cabanillas dou voz á rebeldía do agro contra o asoballamento, e logróu cos seus versos cívicos, que chamaban aos labregos á redención, unha grandísima popularidade. Esto non desminte a caracterización da súa poesía denantes intentada. Non era Cabanillas un escritor indiferente aos problemas do seu país. Endebén, as raigañas do seu espírito estaban afincadas no terreo do lirismo máis puro. Pero Cabanillas foi poeta en todo, cicáis o derradeiro dos nosos poetas totáis, e, aínda que craramente xerarquizados, son moitos os aspectos da súa integral poesía.

Na orientación da mesma podemos distinguir, esquemáticamente, tres estratos. En liñas xeráis desenvólvense segundo un orde cronolóxico, e amosan unha crara e progresiva depuración das súas esencias líricas. Mais esto non quer decir que, para un observador atento, se non manifesten en todas as etapas como episódicos os elementos relativamente episódicos, e como substancials os elementos absolutamente substancials.

A primeira etapa da poesía de Cabanillas encétase en 1913, data da primeira edición de *No desterro*, e culmina en 1917, ano en que se edita por

primeira vez *Da terra asoballada*. En 1915 publícase *Vento mareiro*. Estes tres libros son realmente misceláneos. Pero nos tres hai poemas de carácter social. Ao prologar o primeiro, Basilio Álvarez saudaba a Cabanillas como o sucesor de Curros. *No desterro* e *Vento mareiro* foron editados na Habana, onde residía entón o poeta. Éste torna á terra en 1915. Presencia a loita contra o caciquismo, o puxante esforzo das sociedades agrarias, o xurdimento das Irmandades da Fala. Cabanillas, en *Da terra asoballada*, tórnase verbo lírico daquel idealista movemento. O balbordo da súa poesía cívica apaga a fina melodía de outros versos seus de más sosegado sentir. Estamos perante *o poeta da raza*, para quen Galicia se identifica co agro.

Dentro desta etapa, hai un intre moi interesante na produción de Cabanillas. É o intre en que, debido principalmente ao estímulo de Antonio Villar Ponte, Cabanillas dá a súa aportación ao teatro galego.

De 1921 é a edición de *A man de Santiña*, apacíbel comedia que fica fora da dirección agraria, non só porque non manifesta ningunha mensaxe de redención social, senón porque, alén desto, rompe coa tradición labrega do teatro galego. En *A man de Santiña*, son os señores, e non os paisanos, os que interesan a Cabanillas. Cando esta obra se estrenou, en 1919, os espectadores poideron escoitar falar galego nas táboas aos señores. É evidente o propósito de acadar prestixio social para a nosa lingua. Pero mentras na lírica cabaniliana daqueles tempos o señor é sempre o cacique, e o pazo é o tobo do lobo, o pazo e os fidalgos de *A man de Santiña* achán gracia aos ollos do poeta, que os reviste con todos os enlevos da elevación moral.

A verdadeira proxección dramática da lírica agraria de Cabanillas –coas reservas que logo faréi– é *O Mariscal*. Postos a escribir un drama histórico, Villar Ponte e Cabanillas houberan debido compor o drama dos Irmandiños. Mais tal posibilidade non tiña de se realizar ata moito tempo despóis, e achóu expresión nunha peza escrita en galego, aínda que publicada en castelán, *La soldadera*, de Lois Seoane. Villar Ponte, que non

era precisamente Basilio Álvarez, prefiriu ao drama agrario e social dos Irmandiños, o drama patriótico e político de Pardo de Cela. Certo que éste fora xa transformado por Vicetto en xefe de campesinos alzados, pero o que na obra á que agora me refiro se salienta, é a oposición do Mariscal á política centralizadora dos Reis Católicos. No drama aceitase un pasado *irmandiño* do Mariscal, o que permitiu aos autores exilio como herói en troques dun Rui Xordo. De todos xeitos, é santificada a figura dun nobre. A conciliación cos fidalgos, outrora satirizados, avanta outro paso no vibrante drama de Cabanillas.

A poesía agraria do cal, tan representativa dun intre da nosa vida colectiva, supón realmente unha ofrenda do poeta á súa terra; mais non nos dá o máis íntimo da súa inspiración. A profundidade e delicadeza do espírito do poeta non podían se revelar inteiramente nunha temática más propia do comicio que da intimidade. O sentimento da terra en Cabanillas ten máis de emoción lírica que de emoción cívica. Cabanillas non podía se esgotar neste episodio da súa loita poética.

Mais hai unha segunda etapa da súa produción na que o lírico continúa sacrificando os seus pulos suxeitivos nos altares da terra. Pode se centrar no ano 1926. A axitación agraria dera paso a un brillante abrante científico. Novos métodos de estudo aplicados ao noso pasado, abrirán novas fiestras á nosa tradición. Un senso europeo e moderno da nosa cultura manifestábase raiolante. Os escritores ourensáns que se agrupaban en torno á revista *Nós*, e os profesores e estudantes de Compostela que convivían no Seminario de Estudos Galegos, deron ao galeguismo unha grande fasquía cultural. Cabanillas adírese a esta nova forma de galeguideade. A súa poesía faise máis aristocrática. A súa fala recámase de galas arcaicas. En Mondariz, onde convive Cabanillas co seu grande amigo Enrique Peinador, impréntase o volume *Na noite estrelecida*. O idealismo céltico, artúrico, sustitúi ao ideal agrario. Xa non se trata agora de redimir a terra asoballada mallando nos caciques, negando os trabucos ou incendiando os pazos. A musa de Cabanillas fixose hierática e cabaleiresca. As sagas do Santo Graal son a xeito de solemnes himnos rituáis dunha

liturxia de escolleitos. O vago ensoño céltico é unha ascensión cara o mundo de pureza suxeitiva que decote tentou a musa cabaniliana. Unha irmandade de cabaleiros monxes, como a dos gardadores do Graal, tería por breviarios estes poemas de Cabanillas, que semellan matinados por un pintor prerrafaelista, e que Dante Gabriel Rossetti houbera escrito ou ilustrado. Mais tamén este intre do pensamento poético de Cabanillas está ligado a un episodio da nosa cultura. Florentino López Alonso-Cuevillas, o prehistoriador de Nós, deixóunos no seu libro *La civilización céltica en Galicia* o seu definitivo pensamento sobre a importancia do elemento celta na formación do pobo galego. Todo o occidente de Europa foi celta, e con él a meseta castelá. Non foron os celtas, senón unha xente anterior, os misteriosos oestrimníos, os que constituiron o nó da nosa liñaxe. As nosas relacións con Armórica e Britania son anteriores á invasión dos celtas. Hai quen, máis celta que galego, considera blasfemo ao que se considera máis galego que celta. Pero hoxe non sabemos cántas pingotas de sangue céltico levamos nas veas. O celtismo artúrico de Cabanillas, como o celtismo ossiánico de Pondal, son grandes creacións poéticas. Cicáis mañá teremos un poeta que cante a resistencia dos oestrimníos aboríxenes ante os celtas invasores. Poesía ésta ligada ás descobertas dos arqueólogos, os seus supostos históricos están suxeitos ao avalo e devalo das opinións.

A partir de 1927, Cabanillas entra na terceira etapa da súa poesía, que se caracteriza polo triunfo definitivo da súa suxeitividade. 1927 é o ano de *A rosa de cen follas*, breviario dun amor. Péchase o ciclo en 1958 coa publicación de *Samos*. Aos cincuenta anos, Cabanillas canta o seu derradeiro canto de amor. Aos oitenta, entoa un himno relixioso. Xa a piedade frorecera en rosas recedentes de gracia humilde e popular na devoción sinxela de *O bendito San Amaro*, que, ilustrado por Castelao, imprentárase en 1926. Nos derradeiros anos, Cabanillas traduce aos poetas amados, pasa tempadas na abadía samonense, e na súa celda vai compondo a loubanza do mosteiro. A súa canción é pregaría. Á luz deste solpor cobran relevo as vellas cancións do corazón que forman o lírico río, oculto ás veces polos frondentes amieiros da poesía cívica ou narrativa, pero que

nunca cesou de marmurar quedamente ao longo de toda a vida do poeta. E o soar das ondas deste río é o que nos di con más pureza e verdade qué poeta foi o que pulsou tantas cordas.

*Eu tiña unha arela:
¡quería ser fror!
E un día, unha fada,
rosiña cheirosa, xentil, me tornou.
Lucín no teu peito,
sentín os latexos do teu corazón.
¡O lume era tanto e estaba tan preto
que a rosa queimou!
¡Azas!, pedín logo,
trocando de afán.
E a fada, outro día,
volvéume paxaro de soave cantar.
Copriñas de amores
triéi na túa reixa, rendido galán.
¡A neve do inverno firéume na gorxa,
matóume ó xiar!
¡Pedín ser Legría!
E a fada tamén
axiña tornoume
soído de ledo, ridor cascabel!
Surrín nos teus beixos,
brincando nos ollos, na frente e nas sens.
¡Teu mozo, unha noite, bicóute ... : de celos
tristeira quedéi!
¡Non vía camiño
e quixen ser Dor!
Enchéuse de néboas,
de bágoas e feles o meu corazón.
Miña alma, doente,*

*buscando consolo, a ti me levó.
¡Un día ... outro día ... e a dor nunca morre!
¡E vai a maior!*

Esta contida emoción de signo clásico, esta delicadeza do sentimento digna de Heine, caracteriza verdadeiramente a Cabanillas. Os versos que veño de ler aparecen na súa primitiva versión xa no primeiro libro do noso lírico. Os anos non embazaron esta cristalina craridade. Que forá, ademais, un escelente pintor de esceas populares, que renovara a nosa poesía narrativa con orixinalidade grande, que espresara con forza sentimientos colectivos, proba que Cabanillas era un artista superiomente dotado. Pulsou todas as cordas da lira. Foi o noso derradeiro poeta de grande alento, de grande plenitude humá. Os tempos que seguiron, deron poetas menos completos. Poetas que cultivaron intensivamente pequenas parcelas do mundo poético. Poetas especializados, nos que a técnica convertíuse en virtuosismo. Comparados con Cabanillas, semellan poetas mutilados. Son miniaturistas apricadísimos frente a un pintor de grandes frescos, de pincelada solta e franca, que logra sin esforzo sensíbel un ritmo de riqueza e amplitud xenerosas. Pola temática, pola gramática espresiva, Cabanillas foi poeta enteiro, abundante e valente. Algo que foi de onte, que cicáis será de mañá, pero que de hoxe non é.

Hoxe, na nosa terra e no noso tempo, a grande poesía é a poesía dunha Rosalía, dun Pondal, dun Curros, dun Cabanillas. Eles viviron en tempos nos que a poesía gozaba ainda dun grande prestixio popular. Os que viñeron despóis tiveron outra tarefa que comprir. Inevitábelmente, foron poetas menores, anque foran grandes poetas. Cabanillas foi grande poeta e poeta maior.

Onde rolou o berce de Cabanillas, está a súa cova. Galicia erguéu á súa gloria, na súa terra nadal, unha ofrenda de pedra que labróu a man de outro grande artista, fillo dos mesmos lares***. Por todo elo, Cambados

***. Francisco Asorey (Fefiñáns, 1889 - Santiago de Compostela, 1961).

é xa terra sagra para os galegos. No cimiterio de Fefiñáns, como Rosalía outrora no de Adina, agarda Cabanillas o intre do definitivo repouso en Santo Domingo de Compostela.

Santo Domingo, en donde canto eu quixen descansa,
vidas da miña vida, anacos das entrañas.

Así decía aquela que o día 25 de maio de 1891 comenzaría a repousar no calado recinto. No cortexo que acompañó a Rosalía polas rúas compostelás cara o lugar do seu final descanso, figuraba Cabanillas, entón seminarista en San Martiño Pinario. Todos os galegos alentamos na esperanza de que algúñ dia Cabanillas entre polas portas de Santo Domingo para tecer un eterno diálogo de silencios coa nosa morta inmortal. A vila de Cambados, ao render así a Galicia o froito máis granado da súa colleita, dará un exemplo de piedade filial que a fará predilecta do corazón materno.





O autor e Carmen Blanco no claustro da catedral de Lugo.
Foto: Eduardo Rodríguez Ochoa

QUINZE ANOS EM LUGO (1974 [1984])*

Meus paisanos lugueses, minhas senhoras, meus senhores:

Ao falar neste Centro, bem podo considerar-me dentro do meu âmbito familiar. Um home coma mim, que tem consagrado a sua vida ao serviço da cultura galega, especialmente ao estudo da língua e da literatura de Galiza, acha-se em condiçons de considerar-se no seu lugar nativo em calquer ponto de Galiza, e, com certeza, o Centro Lucense de Buenos Aires, ainda que honrosamente ubicado na generosa terra argentina, é tamém espiritualmente terra galega em virtude de um direito ideal de extraterritorialidade que lhe outorga o ordenamento da emoçom. Mas, tenha um nado dentro de Galiza da terra santa ou na Galiza da diáspora, sempre nace um num lugar determinado. O que me correspondeu a mim, nom foi nengum lugar, nem grande nem pequeno, da província de Lugo; pois arroláromme as mesmas ondas da ria a cuja beira abalárom os berces de Benito Vicetto, Concepción Arenal e, sem dúvida, Fernando Esquio, para nom citar senom nomes de escritores soados, ja que um é tamém, ainda que nom soado, escritor. Contodo, nom só, sem míngua da minha calidade nativa de marinhám, devo considerarme luguês por razom de longa vizinhança, mas porque os meus filhos e os meus netos levam sangue luguês, pois luguês é o sangue da nai daqueles e avoa destes, e porque a metade dos meus filhos e a totalidade dos meus netos fórom nados em Lugo, e em Lugo vive hoje toda a minha descendênciа.

Umha parte do meu bacharelato foi realizado no Instituto Geral Técnico de Lugo; ou, para ser mais exacto, sofrim exame de diversas matérias,

*. Recollémolo da súa edición en *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984, páxs. 113-121.

como aluno livre, naquel Centro, do cal os locais estavam situados no edifício da Deputaçom Provincial, na rua de Sam Marcos. Muitas vezes depois visitei de moço a capital da provincia. Em Lugo casei, na igreja de Santiago da Nova, e o crego que abençoou aquela uniom, dom Federico Somoça, era abade de Sam Pedro de Esperela, parróquia em que a noiva nacera. Residente, polos azares da vida, em distintos lugares, na minha mocidade e na minha maturidade, sempre mantivem relaçom estreita com a cidade de Lugo, aginha emparentado com gentes daquelas terras; e em festas e vacaçons costumava passar dias ou semanas de lazer numha casa próxima à porta de Sam Pedro, na rua de Sam Roque, perto da capela da mesma advocaçom.

Criado à beira do mar ártabro, onde os efeitos da Corrente do Golfo adoçam a temperatura, tardei muito em conhecer a neve. Lugo, alta acrópole de claridades e purezas, como lhe chamou Otero Pedraio, surprendia-me polos seus duros invernos, que às vezes registam as temperaturas mínimas entre as capitais peninsulares, acarom de Cuenca ou Sória. Aos meus olhos de neno, as lajes de piçarra que cobriam os teitos dos edifícios, o mesmo os públicos que os privados, o mesmo a igreja catedral – primeira que vim na vida– que as casoupas arrabaldeiras ou campesinas, infundiam à paisage urbana umha vaga tristeza grisalha que contrastava com a vermelha ledice dos telhados da minha terra alapeados pola soalheira. Senhores constipados e reumáticos fardados em samarras guateadas, cregos abufandados, moças de rostos amoratados com as pernas enfundadas em calcetas da lá, povoavam umha cidade onde o gelo e a neve eram umha presença imperante num duro inverno continental de atmósfera mui distinta à húmida, mas lene, do meu porto natal.

De outra banda, filho de umha cidade de forte fisonomia castrense e obreira, o peso eclesiástico, fidalgo e artesao de Lugo, centro de umha economia gadeira e agrícola muito mais natural que a economia burocrática e industrial dos funcionários e técnicos que rodearam a minha nenez, puxo-me em contacto com realidades da vida galega apenas percep-

tíveis para um observador infantil nas formas de vida mais estratificadas e convencionais que constituíram o meu primitivo entorno.

Contra a leda e buligueira Corunha, para um ferrolano concreçom mais livre e variegada do seu próprio âmbito cidadao, Lugo resultava um mundo novo, mais enraiganhado no contorno rural. Nom era um porto nem umha fortaleça. As suas abraiantes muralhas, perante as cais os restos de Baterias ou do Parrote resultavam insignificantes, falavam certamente de um passado militar; mas esse passado era remoto, e já só arqueologicamente presente. Mais preservada da influencia forasteira que funcionários militares e colónias veranegas acarretava ás vilas marinhas, Lugo aparecia-se-me como umha capital silenciosamente encravada desde sempre no torrom labrego. Lugo era um mercado, desvanecida a tradiçom romana de campamento militar, mas conservando, nom só, como em nengum outro ponto do antigo Império, o recinto fortificado, senom outros vestígios do traçado castrense, juntamente com restos arqueológicos –dos cais sem dúvida nos agardam novas descobertas– próprios da capitalidade de um convento jurídico.

Os estratos sociais que se ordenavam na vida da cidade eram os mesmos que constituíam a estrutura social na província, de jeito que a capital oferecia-se aos meus olhos como um núcleo de coordenaçom espontânea das terras que a rodeavam. Ainda polos anos vinte, a aristocracia de sangue, integrada por fidalgos, rara vez titulados, com poder económico baseado na propriedade agrícola, e poder político derivado desse poder económico, dominava a vida da capital em artelhada harmonia com a autoridade dimanante do paço do Bispo. Apelidos como Montenegro, Neira, Saavedra, Ulhoa, Gaioso, Pedrosa, de reconhecida avoença, conservavam o prestígio popular antigo, e as corteses relaçons que vinculavam os seus membros e os da cúria eclesiástica com os funcionários mais distinguidos da administraçom provincial –magistrados da Audiênciac, catedráticos do Instituto–, de origem foránea, nom erosionavam ainda o poder social que as velhas famílias representavam. Esta jerarquiizaçom

contrastava com a que me rodeava no meu mundo vernáculo infantil, onde privava, mália a caréncia de fortificaçons defensivas do perímetro cidadao –pois a defensa da praça estava projectada sobre a base de um sistema de castelos que controlavam os acessos marítimos–, umha classe dirigente formada, como é natural numha zona de grande importânciia estratégica, pola oficialidade da numerosa guarniçom, oficialidade entre a que destacava a que rodeava ao Capitám-General do Departamento marítimo.

Assi, Lugo foi para mim a primeira cidade de Galiza que se me apresentou como expressom urbana da nossa terra, como esta seria na sua vida espontânea, independente das instalaçons militares ou das afluências turísticas.

Lugo foi tamém a última cidade de Galiza que me viu polas suas ruas em 1936. De ali partim para Madrid a fazer umhas provas para ingressar no professorado oficial, provas que, interrompidas pola contendia civil, pudem acabar trinta anos depois. Lugo foi tamém a primeira cidade de Galiza que pisei ao meu retorno; mas havia ser em 1950 cando me transformaria por primeira vez em vizinho de Lugo, onde trabalhei arreio no ensino privado durante quinze anos, e onde continuei tendo o meu domicílio até 1968, cando já era professor do Instituto Rosalia de Castro e da Universidade de Santiago. Mas foi umha quinzena longa a que vivim do exercício da docênciia na cidade de Lugo, como professor e director do Colégio Fingoi.

Fingoi e Magoi som dous lugares das imediaçons da capital, duas aldeias do termo municipal. Hoje estám absorvidas polo alargamento da cida-de. O polígono de Fingoi inclui arestora o edifício e as dependências do meu Colégio; mas em 1950, cando tal edifício e tais dependências estavam ainda sem rematar, o campo, a agra de Fingoi, sementada de centeio, os soutos e as carvalheiras, as gesteiras e os pinheirais rodeavam por todas partes os locais dedicados a docênciia. O Colégio, que levava o nome do seu empraçamento –um acerto do bom gosto do fundador–,

estava, pois, encravado numha zona rural, de acordo com a orientaçom que animava as suas actividades. Aspirava-se a centrar o ensino no meio galego, a arraigar fortemente a educaçom no ambiente do país. Rejeita-va-se toda pedantaria livresca que confundisse a formaçom dos rapazes com a erudiçom infantil, despersonalizada e apátrida. Nom se tratava de educar os alunos como se fossem habitantes de calquer país, como se existisse umha educaçom uniforme para calquer país. Sem pretender introduzir novas teorías, senom aspirando somente a praticar teorías razoáveis, procurávamos, sem míngua de lhes fornecer os conhecimentos hoje necessários para calquer home civilizado, proporcionar aos alunos umha imagem imediata do mundo em que viviam, que lhes permitisse desenvolverem-se com eficaz soltura no seu próprio meio. Mais importante que aprender nos livros e nos mapas os afluentes do Óbi, como se fossem siberianos, ou os do Congo, como se fossem bantus, era levá-los à meseta das Pias para que estudassem sobre o terreno a dispersom das águas e vissem com os seus próprios olhos como, ao Norte, fluía o Mandeu cara a ria de Betanços; como, ao Leste, as águas do Narla iam empatar com o Minho; de que jeito, ao Sul, a corrente do Furelos procurava a bacia do Ulha; e como, em direcçom occidental, fluíam cara o mar as ondas do Tambre. As excursons ou viages de estudos por Galiza, realizadas os dias feriados, e precedidas de umha cuidadosa planificaçom, permitiam aos alunos familiarizarem-se com a sua terra. A observaçom da paisage, dos tipos de cultivo, das formas de populaçom, dos monumentos arquitectónicos e das manifestaçons da vida artesá e industrial, aspiravam a proporcionar aos escolares um conhecimento directo da realidade galega, que lhes servisse de base prática para a comprensom das diversas facetas da realidade universal.

Mas o Colégio contava com instalaçons permanentes onde estudar empiricamente nas aulas diárias esse mundo que se visitava nas excursons para comprehendê-lo na sua plenitude. No parque acogulavam-se as es-pécies arbóreas; havia parcelas assinaladas aos distintos alunos, que eles cultivavam, sob a direcçom dos seus mestres. Pitas, parrulos, pombas, coelhos, porcos, enchiham os currais e as granjas. Os alunos, assi, partiam

do conhecimento efectivo do mundo rural que os sustentava. Era um esforço que realizávamos para conseguir que cando aqueles alunos, em intercâmbios que organizávamos, saíssem a completar a sua educação no estrangeiro, levassem os chumbos de um arraigo efectivo na realidade do seu país, que lhes permitisse contrastar a experiência que com as suas viagens adquiriam. Umha cultura livresca faria deles fora e dentro desvalidos eruditos. Se os rapazes aprendessem a sachar umha leira, a sementar o grao, a trabalhar o torno, a manipular num quadro de electricista, a erguer umha cabana e a criar umha rolada de pitos saídos da incubadora, estariam melhor situados para afrontar a vida real, disporiam de umha concepçom do mundo mais prática e comprensiva calquer que fosse o seu destino profissional, ainda que seguissem o caminho das mais especializadas carreiras universitárias.

O principio da unidade do mundo, e, portanto, da unidade de conhecimento, era fundamental no nosso conceito da educação. Havia que cumprir o velho preceito, mil vezes repetido e mil vezes esquecido, de que ensinávamos para a vida, e nom para a escola. E como a vida é umha sendo múltipla, toda a educação em Fingoi, orientada a servir a vida, estava organizada sobre a base da coordenaçom dos distintos aspectos do ensino. Tomando como base as ciências da natureza, no seu mais amplo sentido, traçava-se um esquema de trabalho, aprovado em reunions regulares celebradas polo professorado, e os distintos educadores ajeitavam o desenvolvimento das suas explicaçons, na medida do possível, a aquel esquema, a fim de que a concentraçom num foco de interesse das distintas actividades formativas, provocasse o máximo rendimento com o mínimo gasto de energia no alunado.

Certamente, existia o perigo de esnaquizar a metodologia e o plano de cada matéria de conhecimento numha utópica pretensom de unidade científica. Isso seria voltar ao filosofismo enciclopédista do abrente da cultura ocidental, cando sábio, filósofo e científico eram a mesma cousa. Umha certa aproximaçom à actitude pedagógica derivada dessa

concepçom primitiva, estava se calhar ontogeneticamente justificada para o grau primário do ensino, organizado basicamente ao redor da direcçom de um só mestre. Este, responsabilizado de um conjunto de alunos, podia praticar as liçons de cousas segundo um método empírico, ajustado ao plano coordenado geral, devolvendo à unidade natural, mediante o estabelecimento das oportunas relações, o fragmentário material que a especializaçom ordenadora e simplificadora lhe suministrava como elemento de comunicação do saber. Mas o pluralismo de professorado, necessário, nom só por imperativo legal, senom tamém por exigência pedagógica no grau médio de ensino, impunha umha realista moderação na ingénua, e simplista concepçom unitária do elenco educativo. Como tantas vezes ocorre, umha verdade historicamente obscurecida tende a reafirmarse extremando a sua vigênci no mundo da realidade em termos que suponhem a confusom total do real com o ideal: a infantil crença de que a estrela polar ou a Cruz do Sul som, nom ja signos astrais que orientam os navegantes, senom portos de destino em que ham desembarcar os passageiros.

Um candoroso idealismo unitário, como reacçom contra um fragmentarismo caótico, nom deixou de nos apresentar problemas na prática, e o mesmo sucedeu perante o principio de método que supunha como quantitativa e nom qualitativa a diferença entre os distintos graus do processo formativo. Do mesmo jeito, a inclinaçom especulativa dos mestres de ensino primário –aos cais nas Escolas Normais se lhes fornecera umha doutrina pedagógica–, e a falta de formaçom oficial neste sentido dos licenciados universitários em Letras ou Ciências –educados no conhecimento especial das suas disciplinas, mas nom na arte de transmitir os seus saberes–, nom deixou de engendrar, como no Instituto Escola, que em parte prefigurara o Colégio Fingoi, desajustes que promoverom freqüentes plantejamentos de questons de política pedagógica. De outra banda, o primitivo propósito de manter a máxima independênci de métodos didácticos e organizaçom escolar respeito do Estado, tivo de ser rectificada perante a impossibilidade de ajustar tam absoluta autonomia

à filosofia da legislaçom, que propugnava um intervencionismo incompatível com o experimentalismo imaginativo que presidiu a criaçom do Centro.

A todos estes problemas fixo-se cara sem dogmatismos intransigentes, e a principal missom, ás vezes mui difícil, e, em definitiva, esgotadora, do Director, foi durante os quinze anos longos que regentou o Centro, procurar a viabilidade do mesmo dentro do marco real em que funcionava, sem renunciar aos princípios que constituíram a sua razom de ser.

Como conseqüênciainescusável do espírito de referência ao meio em que o Colégio estava encravado, o cultivo dos herdos autóctonos no campo artístico era um feito que dava carácter á nossa actividade. As danças galegas, os instrumentos músicos do nosso país, o teatro em língua galega merecerom sempre especial atençom. O Director consagrhou uma dedicaçom particular ao teatro, e chegámos a ter um grupo de actores de que pudemos estar satisfeitos. Numha época em que a legislaçom excluíra a coeducaçom, conseguimos para Fingoi o reconhecimento oficial como Centro experimental, o cal nos permitia educar conjuntamente nenos e nenas. Assi, as actividades artísticas contavam com elementos de um e de outro sexo. Nom só nas festas que celebravámos no Colégio, senom tamém em saídas fora do nosso recinto, representámos obras, em textos originais ou traduzidos, que, em parte, nunca foram objecto de encenaçom nom ja en Colégios da península, senom em calquer local da península mesma. Umha das nossas realizaçons mais entusiasticamente trabalhadas foi a Pimpinela de Castelao. Mas chegámos a representar textos de Herondas, de Plauto, de Courteline, de Baring, de Lope de Rueda, de Lope de Vega. Fixemos mesmo teatro chinês –O círculo de giz– e japonês –Kantán–. Algumhas destas peças –mesmo francesas e latinas– foram representadas na língua em que as escreverom os seus autores.

Constituída finalmente a educaçom primária em regime de escolas de Patronato, dispuxemos de mestres nacionais elegidos por nós, especiali-

zados no ensino de acordo com as peculiaridades do ambiente em que iam actuar, como diplomados nos cursos correspondentes organizados pola Inspecçom Provincial com assessoramento e subvençom do próprio Colégio. Menos estabilidade lográmos para o professorado de Ensino Médio, por nom se ter chegado nunca a umha soluçom paralela à adoptada com os mestres de ensino primário, por causa das dificuldades de ordem administrativa.

Em todos os graus aspirava-se a promover a formação do persoal docente, para o cal se proporcionavam bolsas à gente moça devidamente titulada. Por Fingoi passárom licenciados que hoje som catedráticos em diversos liceus do Estado e que connosco fixérom os primeiros ensaios de docênciia. Alguns som figuras mui destacadas das letras galegas. Lembreros tres escritores ben conhecidos.

Bernardino Granha, hoje catedrático em Reus, poeta de nomeada temporá, autor da *Profecía do mar*, contribuiu ao teatro galego com a sua tragédia naturalista *Vinte mil pesos crime* inspirada numha novela de Boccaccio, e acaba de dar ao prelo as narrativas de *Fins de mundo*.

José Luís Mêndez Ferrim, outro precoce engenho, que, mui bem dotado para a poesia, na cal se estreou com *Voze na névoa*, derivou logo cara o relato e a novela breves, em que introduziu novidades técnicas que o conectam com o *nouveau roman* francês e outras escolas da nova narrativa europeia e americana. Hoje catedrático em Vigo e figura bem conhecida dos galegos de América.

Arcádio López Casanova, catedrático en Valencia, cultivador da tragedia *palliata* e poeta de grande habilidade técnica, de grande flexibilidade estilística, vantajosamente julgado, entre outros, polo seu volume de versos *Palavra de honor*.

Mais próxima seria a lista dos alunos de Fingoi que hoje destacam em diversas actividades intelectuais. Temos mesmo catedráticos de Universidade, como Emílio Valinho del Rio, colega do seu antigo professor na Fonseca compostelana.

Cando depois de trinta anos de ausênciia do ensino oficial, pudem ocupar um posto na mesma, e fum chamado a encarregar-me dos cursos de Língua e Literatura galega na Universidade de Santiago, tivem de deixar, paulatinamente, primeiro, o trabalho docente, e, afinal, o meu posto de Conselheiro Delegado do Patronato ou Director Geral do Colégio Fingoi.

Durante todo o tempo que ostentei aquel cargo sustivem umha relaçom quase diária com o Presidente do Patronato, fundador da instituiçom e grande mecenas da cultura galega, dom António Fernández López. Quero dedicar-lhe neste momento, aqui no Centro Lucense de Buenos Aires, umha lembrança emocionada. Em circunstâncias para mim nom doadas, dom António –como familiarmente se lhe chamava na Casa– assessorado por amigos queridos que tamén o eram del, mas sem conhecer-me persoalmente, ofereceu-me a direcçom do Centro que ideara, e a política cultural, pedagógica e administrativa daquela entidade –que em regime de meiopensionado, com um número limitado de praças para alunos, mas com umha complicada organizaçom, exigia umha atençom constante de parte do director gerente–, foi traçada decote por el e por mim em incessantes entrevistas. Vivia eu interno no Centro, e dom António nas proximidades do mesmo. Tínhamos, à parte das reunions com o professorado ou com o Patronato, conferências quase diárias. Abundava com umha chamada telefónica desde o meu gabinete para concertar calquer entrevista extraordinária. Dom António personava-se no Centro assi que lhe era possível, e mantínhamos longuíssimas conversas, em que discutímos com toda liberdade os problemas pendentes. A miúdo, depois de despachados os assuntos, prolongava-se a conversa informalmente, e filosofávamos um pouco sobre educaçom, sobre cultura galega, sobre persoas e instituiçons, sobre os mesmos temas familiares que nos preocupavam. Home de exquisita cortesia, modesto e singelo no seu trato,

chegámos à força de luir os nossos cerebros mediante o contraste contínuo de opinions, a estimar-nos mutuamente e a ser verdadeiros amigos. El era, sob umha aparênciia reservada e correctamente impassível, um sentimental, que por alto sentido da dignidade professava umha moral estoica, ao menos polo que se referia às suas exigências para consigo mesmo. Era tamén, no fundo, um home ingénuo, no sentido mais nobre da palavra, a quem, no encanto, os desenganos fixeram, numha dolorosa experiência, desconfiar da sinceridade e generosidade dos mais. Home de vida austera, quase ascética, pai de doze filhos aos que amou com amor afervorado, gastou somas elevadas de dinheiro e energia mental em servir à sua terra. A caridade, a filantropia –para que cada um recolha o termo que pertença ao seu vocabulário–, todas as formas da cultura tivérom nel, mais que um condescendente favorecedor, um servidor leal. Muito lhe deve o Museu de Lugo, construído polo grande arquitecto Gómez Romám, autor tamén do edifício do Colégio e da própria vivenza próxima do seu fundador.

Dom António Fernández López era filho de Antom de Marcos, traficante em gado, que puxo os cimentos da fortuna familiar. Em Barreiros de Sárrria, onde nacera o seu pai, fixo dom António construir a sua residênciia de verao, ou umha delas, pois para que os seus filhos desfrutassem da praia dispunha tamén de umha casa no Pinhal de Bacelos, sobre a praia de Lourido, hoje chamada Praia América. Em Barreiros montou umha granja e umha Escola de especializaçom agropecuária que regerom mestres tam entregues à sua profissom como dom Avelino Pousa e dom Valentim Árias. Ja dimitido do meu cargo em Fingoi, continuei sustendo estreitas relaçons com dom António, que me visitou muitas vezes no meu Seminário da Universidade e me facilitava bolsas para estudantes e graduados. Um número mui crecido de licenciados e doutores por Compostela, boa parte dos cais som hoje professores em distintas Faculdades, forom bolseiros do Centro de Estudos Fingoi, que assi mesmo publicou livros como os *Versos inborados e esquecidos de Eduardo Pondal*, *O Cancioneiro de Pero Meogo* e *Contos populares da província de Lugo*, que servírom de base a estudos importantes, como os recentes de Harry Meier sobre problemas de uso do galego.

Foi para mim um dia de profunda afliçom aquel em que tivem de trasladarme precipitadamente a Lugo para dar-lhe o meu derradeiro adeus e assistir às honras fúnebres que se tributárom a um dos homes mais bons e mais autenticamente galegos que tenho conhecido.

De 1950 a 1970, desde que no Café Méndez Núnhez me apresentárom dom António Fernández até que o vim por derradeira vez, ja cadáver, na sua casa de Fingoi, o Lugo que conhecera na minha nenez adquirira umha fisionomia que pouco a pouco o transformara profundamente. A complaçaçom burocrática multiplicara os altos postos de funcionários. Médicos distinguidos atingiam os primeiros renques da sociedade luguesa. Agora era a era dos engenheiros, dos cirurgiaos. Surgiam tamém grandes capitais burgueses. O comércio, a indústria criavam umha nova aristocracia. O mesmo Fernández López pertencia a este estamento social, e era engenheiro de caminhos, ainda que sempre foi persoalmente, mais que modesto, ascético, de umha singeleza franciscana. As velhas famílias de gineia fidalga, alheadas as suas terras, perderam toda importânci, todo peso, na vida da capital. E ja nom eram os cónegos da catedral e os catedráticos do Instituto as veneradas persoas que eu conhecera nos meus anos da nenez.

Cando em 1950 passei a viver em Lugo, primeiro em Sam Roque, logo no Bom Jesus, depois em Fingoi, ainda a cidade conservava parte do seu enlevo de pequena capital de província. Ainda a gente passeava sistematicamente no Cantom, na Alameda, na rua da Rainha. A tertúlia do Méndez Núnhez reunia umha brillante representaçom da intelectualidade lucense. O poeta Luís Pimentel, cantor da sua cidade natal, escutava entre cordial e irónico os moços escritores ou pintores que compartiam as nossas horas. Entre eles estavam Constantino Grandio, hoje artista mui cotizado em Madrid, e Manuel Fernández Teixeiro, fertilíssimo poeta. Figura destacadíssima naquela polivilada era Celestino Fernández de la Vega, espírito mui agudo, mas filósofo tam avisado e crítico que nom fixo seguir nengum outro volume ao seu magnífico *Segredo do humor*. Anjo Fole, escritor boémio, narrador mui estimado, possuidor de raros saberes, e, como Pimentel, figura luguesa característica, era tamém juiz distinguidís-

simo naquel areópago. O esculcador da saudade, Ramom Pinheiro, home de talento tam profundo como de rija fibra moral, foi tamém fraternal contertúlio da pena. E, que home galego de letras nom passava por ali se passava por Lugo? Ali se escutava a voz de Ramom Cabanilhas que chegava de Samos, e que departia com o denso poeta Anjo Joám ou com o hábil caricaturista Mouriz que nos tem duplicado a todos com o seu lápiz. Álvaro Gil, um dos fundadores, com Pimentel, Bal e Correa Calderom, da revista *Ronsel*, amigo de todos os citados, nom deixava tampouco nunca de visitar a pena cando a sua saudade de luguês o traía ao recinto amuralhado. E todos temos escutado naquelas mesas as últimas confidências de Faustino Santalices sobre a arte de tanger a sanfona.

Muitos destes paisanos e amigos, como Pimentel, Anjo Joám, Cabanilhas, Santalices nom som ja deste mundo. Deles e outros muitos, dos lentos solpores na muralha, das mestas névoas do Minho, do arrecendo do polvo na Mosqueira, do correcans nas procissons, das feiras de gado do Sam Froilám, do domingo das moças, de figuras relevantes da vida social, como dom Francisco Vázquez Saco, catalogador das igrejas da província; dom Manuel Vázquez Seixas, estudioso das fortalezas; dom José Trapero Pardo, que acunhou nas suas crónicas jornalísticas o tipo popular de Pelúdez; do forte sabor dos invernos gelados e os frescos veraos no Parque de Rosalia de Castro; dos problemas do urbanismo; das relações da capital com o seu entorno, de tantas cousas! teríamos podido departir, de luguês a lugueses, durante tanto tempo!

Mas a conversa ha de rematar. Vós e mais eu compartimos a saudade da acrópole que se assoma ao Minho polas costas do Parque. Nom quero alimentá-la mais com lembrancas gozosas e dolorosas. Aqui se pom fim a esta conversa sobre Lugo que temos sustido entre lugueses; e como onde estám os lugueses está Lugo, temos falado em Lugo sobre Lugo, e a plática tem sido um monólogo doméstico e familiar.

Conferência no Centro Lucense, Buenos Aires, 25 Julho 1974



Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carvalho Calero, estudiantes en Compostela.

HOMENAXE A DEL RIEGO (1975 [1982])*

Nos nosos anos de estudantes en Santiago, Francisco Fernández del Riego e máis eu, rematadas as clases da mañá, íamos, cando o tempo era bo, a dar un paseo pola Ferradura. Gardo unha fotografía na que campamos os dous á entrada da Alameda, el de paisano, con gravata de lazo e aspecto dabondo literario, e eu de soldado de artillería montada, con gorra de prato e polainas de coiro. Ás veces, cando a insino, digo que pertece aos tempos en que fun milite no Xapón, e o mozo que me acompaña é un príncipe da Casa Imperial, encarregado daquela das relacións cos mercenarios do exército. Algunhas exemplares vagamente esóticos de arbres e arbustos que escuramente se dexergan ás beiras do carreiro que seguimos, arqueantan a verosimilitude da inocente invención, que se sustenta sobre todo no ánimo do ouservador engaramelado, pola real fasquía de oriental fateado á europea que Paco poseía e que a pasada dos anos non esvaeu de chan. Nun libro como éste, galano de amigos, polavila de voces fraternas, de destinación privada, de íntima evocación sentimental, non me será administrado palmetazo de dómine porque, vello dabondo para ser serio en demasia, fale destas lembranzas, xogue con estas garrutaxas, abandonado ao ceibo xorrar do pensamento en vacacións de precisión, asisado o que compre para deixar de selo cando cadra.

Nunca Del Riego deixó de ser para mim o que era e eu maxinaba que era naquela lonxana fotografía, vella hoxe de case medio século. Sempre me recibe con aquel ar de bonzo rebuldeiro e inxel, disposto á indulxencia e á sorpresa, que amosa na súa vedraña efixie compostelana. Como nunca loitamos antre nós por nada; como el, sempre que puido e eu o

* Editado, de onde o reproducimos, en *Libros e autores galegos. Século XX*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, páxs. 319-321.

necesitéi, tivo para miñ aberta a súa casa, posta a súa mesa, percibido o seu consello, aberto o seu corazón e tensos os seus brazos, varonilmente cordial, e enérxicamente delicado; como se os nosos camiños se atoparon decote, foi para andármolos xuntos e non para disputármonos o paso, todas as miñas lembranzas deste home, mesmo a derradeira, de hai oito días, en Ourense, a carón da dor de outro amigo de ambos, venerado mestre dos dous, todas as lembranzas deste Paco del Riego son das que confortan cando a un o visitan, sin que haxa nelas nada, nada, nada, que un quixera borrar, áinda que fora só trabucamentos, erros, pequenas impaciencias ou fuxidíos afunicos. Como a súa compañía, de mozos, na Alameda de Santiago, nunca me faltou del a letra na desgracia, a voz no silencio, a presencia na soíidade, o alento no traballo, o apoio na angustia, unha pinga de dozura no acedume, unha moxena de lume na escuridade. Da caste dos bos por nacencia, dos xenerosos por xinea, da raza dos que son magnánimos por natureza, non por estudo, nin por ascética, nin por arruallo, nin por vaidade, nin por deber, a súa imaxe, cando xurde na mente dos que vivimos en perpetuo combate con nós mesmos, cobra valor icónico de paradigma vital. Podía que o seu rexo temperamento o alporice como a calquera; mais a abundancia moral que espontáneamente flúe da súa conducta, é onda corroborante e optimista que nos axuda a vivir.

¿Cántos galegos teñen consagrado a Galicia a súa esistencia con tanta devoción coma él? Moitos foron os chamados na mocedade. A cada instante vemos cómo xurden entusiasmos colectivos, cómo se encenden fogueiras rituáis, cómo se formulan xuramentos de fidelidade. O home novo percura ideas novas. Préndase delas, pero non se prende. Satisfeito o seu pulo combativo, derramada a enerxía premente, os anos tran a relaxación e, como noivas temperás, as ideas sustentadas con violenta paixón nos días da verde mocedade, xacen esquecidas nos trasacordos da madurez. Feliz aquel que ceibo de desenganos, con enxebre corazón doncel, traballa os eidos que debruó de mozo, sempre no mesmo suco con unidade de espírito vencedora do tempo. Hainos que morren de mozos para renacer de maduros e morren de maduros para renacer de vellos. Infeliz aquel que se

suicida simbólicamente moitas veces na vida e se desfai para se refacer a cada intre, eterno divorciado dunha cambiante idea, sempre home novo, envellecendo na inmudurez e na frustración para atinxir na morte só fisonomía definitiva. Francisco Fernández Del Riego, grande servidor de Galicia, fixo deste servicio rectilínea norma de conducta. Sin dúbidas, sin vacilacións, con fremosa fidelidade conxugal, acha, no constante ritmo leal da súa esistencia, armonía moral como gozoso equilibrio do seu ser.

Falo para o meu irmán Del Riego, falo para un fato de queridos amigos. Non sei ben o que falo, que neste non saber ben o que se fala, que neste non ter que coidar o que se fala, está a esencia do falar fraternal, do falar amical. Falo do amigo que agora aclamamos, falo de min, falo da nosa mocedade. Todo é falar de Galicia. Outros dirán as gabanzas que Del Riego merece. Este home de Lourenzana, tan ricaz de enerxías, e estou tro que escribe esta páxina, xa non pasean xuntos baixo os pradairos da Alameda. Vense de cando en cando, escribense pouco, fálanse por teléfono un algo. Mais, cada un coa súa alma no almario, diferentes en tantos riscos, conservan a amistade que os axuntou de mozos e o amor común á cultura galega que serviu de canle a aquela amistade. O máis vello dos dous, na ocasión en que un fato de galegos rende homenaxe ao máis novo, envíalle por escrito, entusiásticamente, no proprio humilde nome e en nome de todo o que lles é común, o testemuño do seu agradecimento e, como nas raras cartas que hoxe lle escribe, a forte aperta de sempre.



Álvaro Cunqueiro e o autor, 20 de xaneiro de 1980.

LOUVANZA DO DOUTOR CUNQUEIRO (1980 [1982])*

É para min unha alta distinción representar á Universidade en que me formei e en cuxo claustro de profesores cheguéi a integrarme, no acto solene de recepción de don Álvaro Cunqueiro Mora, figura ilustre das letras galegas, a historia das cuais ten ocupado tantos anos do meu traballo cotián; de don Álvaro Cunqueiro Mora, meu camarada de mocidade, con quen tantas veces, en tempos tan alongados, teño tripado as lousas das rúas compostelás, cando non as dos propios recintos da nosa Casa central, esta mesma en que hoxe ambos nos atopamos cara a cara.

A Universidade de Santiago de Compostela, que quer ser, sen perxuizo da ecumenidade e a ecuanimidade do seu saber, a Universidade galega, hónrarse hoxe acollendo *honoris causa* no seu Claustro de Doutores o que xa ostentaba esa mesma distinción por outras Universidades de nomes coñecidos no mundo das letras, áinda que encravadas en lugares reáis onde, se cadra, só os ollos do espírito poden enxergar os edificios onde se aloxan as Facultades, onde se asentan os Reitores, onde se extenden os títulos e onde se celebran os exames. A Universidade de Elsinor, a Universidade de Ítaca, a Universidade de Basra, a Universidade de Pontivity. O pálido mancebo escandinavo, o matreiro raposo aqueo, o aventureiro navegante dos mares arábigos, o sochantede compañoiro dunha descomunal estadea, foron os meus predecesores na liturxia da recepción académica. Humildemente, amezo a miña persoa á ringleira que prestixian Hamlet, Ulises, Sinbad e Charles Anne Guenolé de Crozon, que, filialmente agradecidos, criaturas criadas ou recriadas polo grande criador e recriador que Cunqueiro é, lle tiñan xa encaixado nas tempas o

*. Reproducímolo de *Libros e autores galegos. Século XX*, Fundación Barrié de la Maza, 1982, páxs. 302-305.

barrete de borlas que o acredita doutor honorífico no amplio, múltiple, ilustrado e empoleirado mundo da poesía. Qué moito que a Universidade do seu país, na que se estuda o idioma en que Cunqueiro escrebou tan formosas páxinas, se sume a esas outras Universidades dese outro mundo, dese trasmundo sen o cal só sería po o mundo noso, e me outorgue a min o mandado para pronunciar a louvanza do meu novo compañeiro de Claustro, xa, desde hai tanto tempo, compañeiro de culto no altar da poesía da nosa terra.

Don Álvaro Cunqueiro Mora pertence na historia da literatura galega á xerazón do Seminario, á que eu mesmo pertenzo, *si parva licet componere magnis*; xerazón do Seminario, chamada así non porque todos ou os máis representativos dos seus membros cursasen toda a carreira, ou parte da carreira eclesiástica –aínda que o fixo o saudoso Aquilino Iglesia Alvariño–, senón porque o agromar da obra daqueles escritores coincidíu cos anos floridos e frutíferos do Seminario de Estudos Galegos, institución coa que, dun xeito ou outro, material ou espiritualmente, directa ou indirectamente, todos estivemos relacionados. É a promoción dos nados arredor de 1910, cando áinda vivía Carolina Coronado; cando, como Cunqueiro cantou, o primeiro aeroplano sulcaba os ares, ensaiando os seus voos; cando o cometa Halley brillaba no ceu agoirando a primeira guerra mundial; cando Tolstoy morría, a fuxir de Yásnaia Poliana. Son tempos recuados que nos parecen míticos anque foron os nosos. Moitas mulleres que daquela vivían, usaran polisón na sua mocidade, testemuñas dunha moda que apreciaba as formas calipixias, e, por suposto, neses mesmos anos, e áinda moitos depoís, o corsé de baleas procuraba a altura dos seios e a cintura de vespa no tipo de muller ideal. O século era neno, e, como agora é vello, podemos dicer, Álvaro, que vivemos no século, que somos puros fillos do século XX.

Pola sua idade, Cunqueiro, como poeta, actividade literaria que enderezou os primeiros pasos, coñecéu todas as vanguardas europeas, e apresentouse como membro das mesmas no seu primeiro libro, *Mar ao norte*, que pode considerarse afín pola sua estética ou cubismo francés,

así como nos *Poemas do sí e non* encaixa dentro do suprarrealismo. Mais noutro libro de mocidade, o que logróu sona más cumprida nos meios literarios, *Cantiga nova que se chama ribeira*, aparece como neotrovadorista, enlazando coas cantigas de amigo, as que resucita no seu corpo espiritual para estilizalas con moderna gracia. Así, este poeta é tan actual como tradicional, é un poeta de hoxe que non espile estúpidamente o tesouro arrecatado polos seus devanceiros, e que contribuí destacadamente ao Enriquecemento do patrimonio común.

Mais este alto poeta dos tempos da nosa preguerra, que era como o príncipe daquela mocidade dos anos trinta, convertéuse depoís da guerra nun prosista excepcional, que hai que agrupar á beira dos mestres da xerazón “Nós” no conxunto de escritores que remodelaron e vivificaron a prosa literaria moderna. Libre de toda preocupación didáctica, mais capaz de trazarnos penetrantes retratos de persoas, esenciáis deseños de lugares da nosa terra, ten sublimado con cariño temperado polo humor, con lirismo equilibrado pola ironía, as cousas e os homes que tratou; e, misturando Roma con Santiago, beneficiando os mitos célticos en competencia cos clásicos, e os motivos populares máis directos e auténticos cos motivos literarios máis requintados e eruditos, ten criado unha literatura onde a terra e o ceu, a realidade e a imaxinación se combinan nunha fórmula de aparente facilidade, de aleixandrinismo moi sabio, de bizantinismo moi espontáneo. A enxeiosa parodia da novela de aventuras e de cabalarías, escrita desde supostos culturais que nos distancian da temática co segredo artificioso da finxida inxenuidade, pero que nos achegan a ela pola fina saudade daquela beleza morta, embalsamada con ungüentos de piedade, amortallada con sudarios de fantasía, é para os galegos unha oferenda de amor, unha invitación ao soño, ao xogo, á danza, ao voo que, ao nos elevar, en asas de illusión, sobre a realidade, fai que vexamos esa realidade con ollos de reconciliación, porque a arte de Cunqueiro non é propriamente unha arte de evasión, como se ten dito, senón unha arte de reconciliación. As historias de Cunqueiro, ao elevarnos sobre a vida, reconciliánnos coa vida, porque, como nun enredo de pombas ou de anxos, como nun voo de paxaros ou de meigas, nos dotan

da perspectiva necesaria para ver da vida o que realmente é o formoso da vida, o que realmente hai de formoso en nós.

Gracias sexan dadas, pois, ao doutorando pola sua benéfica obra. Como outras poucas figuras da nosa literatura, o autor de *Merlín e familia* ensinóunos a ver o noso país desde un ángulo orixinal. Renunciando sabiamente, pasados os anos de formación, a estar de moda, pois aprendéu que a moda, como dicía Cocteau, é o que pasa de moda, Cunqueiro paira porriba dos movementos gregarios e das catequeses masivas, manténdose, con sinxela e elegante modestia, tan mozo e tan lizgairo agora como nos tempos en que paseaba comigo baixo os soportáis de ambas as Rúas.

Álvaro, sí, nacemos a principios de século; a fins do século pasamos o sarego da senectude. Case septuaxenarios, co século fomos mozos e co século envellimos. No cumio do teu xenio poético chegas a Santiago, de novo peregrino, a recoller o testemuño de estima e afecto que a túa terra, a través do seu máis alto órgao de cultura, che tributa. Que sexa un amigo tan vello e tan devoto o que, en tal ensexo, en nome da Universidade te acolle, e que el teña compartido contigo as inquietudes que nos vinte anos empurraban a tua poesía, tan tenramente, tan docemente advocada ao amor dos teus lares, é só unha casualidade, mais unha casualidade feliz, que me permite dar o primeiro parabén ao meu amigo Álvaro, ao meu irmán Álvaro, *poetae tenero, meo sodali*, coas palabras do lírico latino.

Santiago de Compostela (Paraninfo da Universidade),
20 de Xaneiro de 1980.



Ricardo Carvalho Calero, xubilado, no gabinete da Facultade de Filoloxía da USC.
Foto: Luís García Soto.



O autor con Aurora Marco e Antón Avilés de Taramancos,
no Concello de Noia, homenaxeados pola A.C. Catavento. Maio de 1983.

LOUVANÇA DO VINHO DO RIBEIRO (1980 [1984])*

Em Santiago de Compostela, desde a Carreira do Conde à Praça de Maçarelos, o trajecto é curto. Nas circunstâncias em que hoje se desenvola o tránsito, fai-se em tempo mais breve aquel caminho de a pé que sobre rodas. De por parte, a persoa que vos fala, que tem o seu domicílio naquela Carreira e o seu posto de trabalho naquela Praça, carece de rodas sobre as que rodar. Todos os dias, entre oito e nove da manhã, pola Senra, a Fonte de Santo António e o Tránsito dos Gramáticos, acede ao Mercado Velho para entrar, sob o imponente escudo de armas que brasona a fachada, *in eremum*, quer dizer, na sua Faculdade de Filologia, o edificio que para Colégio de Exercitantes erigiu o Arcebíspou Yermo, segundo projecto de Lucas Ferro. *In eremo*, reza a lenda do brasom, lembrando, em admoniçom equívoca, o nome do fundador e a austeridade como de eremitório que deve reger a vida do que se exerceita na disciplina eclesiástica, e, segundo a opiniom de muitos, na própria disciplina universitária.

Mas, do mesmo jeito que o deserto pode florecer em rosas, porque o inundem as fontes do milagre, como na lenda dourada, ou o irriguem as águas conduzidas de longe por poderosas obras hidráulicas, como nas terras de Israel, onde hoje vivem, se calhar, descendentes dos valentes judeus que defenderom a Porta Nova da vossa vila contra os besteiros do Duque de Lancastre, assi tamérm a nobre sobriedade do exercicio espiritual e da dedicaçom docente é compatível, em clássica alternância aristotélica ou em romántica síntese hegeliana, com a doce lediza da vida, com o beneficio alegre dos dons da natureza, com o usufruto saudável dos bens temporais que nutrem com o seu zume assoalhado o sustento

*. Reproducímolo de *Letras Galegas*, AGAL, Ourense, 1984, páxs. 127-131.

material do home, obra de luz e nom de trevas, como duplamente justificada pola criaçom e pola encarnaçom.

Desta arte, a cifra arquitectónica do urbanismo compostelano resulta símbolo do côncavo e o convexo da esfera da uniom substancial do home na formosa e melancólica Praça do Mercado Velho, com os seus pradairos e o seu magnólio, onde cantam os melros do solpor, porque ali junto, acarom dos muros que ergueu a religiom e hoje povoa a ciéncia, se abre a Porta de Maçarelos, a única em pé das sete portas que davam aceso ao recinto da cidade nos tempos descritos polo Código Calixtino, porta que se abria aos caminhos do Sul, aos caminhos do Ribeiro, a rota de Ribadávia, porta por onde, no lombo das mulas de ajóujeres cacarelos e estribilhantes, conduzidas por arrieiros de altas vozes, o precioso dom das videiras entrava na cidade: *pretiosus Baccus venit in urbem*.

Todos os dias vejo eu a porta de Maçarelos, a porta que, nos caminhos do tempo, abre Compostela a Ribadávia, a porta por onde Ribadávia entra em Compostela, e onde umha inteligente decisom administrativa fixo que se fixasse a praça que recolhe a formosa metonímia do Calixtino: *pretiosus Baccus*, o rico dom dionisíaco, o loiro ribeiro medieval, hoje –renovadas as cepas– arreiganhado no mesmo sábrego, madurecido debaixo do mesmo sol, agarimado polo mesmo rio, saudado polos mesmos vimieiros, a cambiar arrecendos de vida e cintilaçons de luz com as mesmas pavias.

Nesta celebraçom, pois, de hoje, em que, por carinhosa cortesia do Concello de Ribadávia e da Universidade de Compostela, me corresponde oficiar, como outros colegas meus o fixérom antes, num rito dionisíaco, sinto-me suficientemente justificado. Pois, ainda que a minha fasquia nom é –julgo– a de um Otero Pedraio, a de um Cunqueiro, a de um Rodríguez Gonçález, escritores que brilhárom como glossadores opulentos, generosos e imaginativos das graças e riquezas do nosso agro, do bom jantar e do bom beber, dos produtos da nossa terra que alegram os nossos coraçons e levam polo mundo o nosso nome, hai umha tradiçom

humanística que, sem necessidade de fazer profissom de epicureísmo, ainda mantendo-se na petrarquesca e herreriana devoçom platónica, eleva o seu canto à glória das rosas e das vides, doas reconhecidas como benéficas entidades divinas, as que se pode amar como realizaçons da ideal beleza, da eufória ideal, acaroando as respeitosamente aos nosos beiços, ainda renunciando a abusar do seu arrecendo e do seu lábio.

De outra banda, a Compostela em que vivo e a Ribadávia em que agora ergo a minha copa de cordialidade verbal para o brinde em honor da flor do vinho, da palma da vinha, nom só se comunicam através da Porta de Maçarelos –e todas as entradas de hoje na cidade apostólica– pola presenza ilustre dos caldos do Ribeiro na mesa familiar e hosteleira da metrópole galega. Tendo sido Compostela o centro da história de Galiza na época medieval, cando o primeiro señor do reino era o seu Arcebispo, ambas as vilas, mália as muitas léguas que as separam, estivérom ligadas por muitos vínculos além dos económicos; vínculos religiosos e políticos que determinárom muitas vezes a isocronia dos seus latejos. Compostela, empurrada pola mao poderosa do seu destino católico, quer dizer, ecuménico, tivo de medrar mais a partir do medievo, tivo de transformar-se, de fazer-se renacente e barroca, neoclássica e romántica, mentres que Ribadávia, nom muito menor que Compostela nos alvores da sua existência documentada como cabeça da Castela galega, permaneceu em maior medida no seu medievalismo, fiel ao seu carácter militar e feudal, confinada até tempos modernos no seu recinto fortificado com catro portas e no seu arrabalde encostado na muralha, o que nom significa que o sangue das suas videiras nom circulasse além das terras do seu vale, embarcando as suas barricas de treixadura em Baiona ou em Vigo com destino aos portos da Flandres e Inglaterra.

Ribadávia, como Compostela, foi das vilas galegas mais afectadas pola grande revoluçom demográfica do século XIV, cando, morto em Montiel o rei Dom Pedro, as mercês henriquinas implantárom no país umha nobreza foránea, que se em Santiago ameaçou e contestou o senhorio do Arcebispo, em Ribadavia, que era vila real, suplantou a influênciam

linhages indígenas dos Nôvoas, Pugas e Moscosos, entregada ao senhorio dos Sarmientos, logo condes, de nome tam próprio para exercer o mando em terras de bacelo, mas com o seu ditongo castelhano, indicativo da profunda alheacôm que se iniciava na fasquia da nossa lingua. E nas postrimarias do Medievo, cando lavradores, mesteirais e fidalgos se alçam inmandados contra a alta nobreza feudal, e os «condes tolos» levam ao cume a anarquia senhorial antes de ser reduzidos pola autoridade dos Reis Católicos, se a figura lendária de dom Pedro Álvarez de Soutomaior fixo dos paços e as ruas de Ribadávia tabulado das suas façanhas entre homéricas e histriónicas, foi nas alturas da Almáciga, aforas de Compostela, onde o terrível bastardo, o Pedro Madruga matreiro e diligente, decidiu, com a impetuosa carga da sua cavalaria, a vitória final contra os Irmandinhos.

E agora me decato de que o meu discurso, que do ponto de vista da composiçom semelhava nos começos, pois todo o dito pode parecer exórdio, decorreu por unhas cales que me permitiriam quase que pôr-lhe o ramo com mui poucas palavras de mais. De jeito mais ou menos satisfactorio, tenho apresentado o passaporte para entrar na vila, tenho quase que sugerido ter, como vizinho de Compostela, um a modo de direito de proxénia na flor gentil da Avia, a Florávia que Otero bautizou. Tenho-me reclamado da minha condiçom de humanista –ainda que humilde– para fazer umha louvança decorosa e comedida do alegre dom de Baco, que desata o riso da mocinha viçosa e acende umha faísca de vida nos olhos do petrúcio vedraio. Mas ao teimar para legitimar a minha presençā perante vós, tenho misturado à descriçom dos riscos que conformam a minha credencial, alguns que desenham o vosso semblante. A beleza geórgica do Ribeiro, a formosura tam antiga e tam nova de Rivadavia, o lábio engaiolador dos caldos galegos recebêrom de mim, como rebentos que abrolhassem ventureiros de umha cepa retorta sem cultivo, alguns galanteios marginais, que nom soubem esladroar com a podadeira. Sirvam-me de adianto na quota de saudaçom que nesta feira me cumpre dirigir à terra que o Ávia rega e à capital que a coroa, aos re-

gedores que a administroram, aos lavradores que a bordam e aos romeiros que a visitam.

Detido um instante neste canto do tempo, como no do Preguntoiro compostelano onde é fama que o pregoeiro do Concelho deitava os pregons das autoridades, eis-me, pregoeiro da XVII Feira do Vinho do Ribeiro, sucessor de ilustres colegas, prosélito, que nom rabino da vossa sinagoga, oferente profano, que nom hierofante do vosso ledo culto, a enxergar as últimas adoas do meu rogo, devotas palavras de peregrino obrigado, que se acolhe ao pórtico da vossa glória e é honrosa e indulgentemente recebido polo cabido da vossa egrégia Corporaçom.

Velaqui que o vinho do Ribeiro, como um deus agrário que reveste mil formas, se nos amostra em todas as suas variedades, em todas as suas manifestaçons, com a sua gradaçom de cores, arrecendos, lábios e envases. O grande órgão do Ribeiro, com o seu rico teclado de graves e agudos, brancos e tintos, densos e difusos, apresenta-se em toda a sua opulência para ser pulsado polas maos adoitas do catador, que sabe arrancar a esse teclado umha sinfonia para o gosto que equivale à sinfonia para a vista que oferece decote o vosso vale, com o cambiante triunfo da cor dos pámpanos segundo a sazom, que vai do verde tenro ao verde escuro, do ouro pálido ao ouro velho, do vermelho ao púrpura, do violeta ao morado, do cobre ao prata, do sol nacente ao solpor. O Ribeiro, em vinhos, em vinhas, em paisage, em humanidade, em arte é a mais pura exaltaçom do Barroco galego. Os ácios de brenzelhau ou de garnacha, de treixadura ou de godelho, pendentes entre pámpanos de esmeralda nos lóvios, como motivos ornamentais de um retábulo de igreja campesina, tenhem a mesma majestade risonha e serena das garcetas, das tranças femininas das vindimadoras, cabeleiras pesadas de grave negro azulado ou angélicos anéis de riços obriços, que nas páginas de Otero Pedraio cantam ledas cantigas entre o zoar das vespas ao redor dos culeiros onde os bagos acougam.

O vinho do Ribeiro de Ávia, o rei dos vinhos galegos, tem, justamente, umha magnífica projecçom literária. Cita-o Rosalia muitas vezes, cantou-no expressamente um poeta ribeirám, Eládio Rodríguez Gonçález. Mas as citas superiormente expressivas, as páginas em maior medida ajeitadas temo-las de procurar em Otero Pedraio, congenial na sua opulenta imaginaçom ornamental de grande escritor barroco, gozador desde neno, nos recantos da encosta de Canedo, da cromática das vinhas outonicas, em que o sol alapeia faíscas semelhantes as que sobem e baixam polos banzos dos socalcos de Ribadávia; congenial, digo, na sua generosa condiçom de tecedor de grinaldas de tropos, com a riqueza de ácios, com a bençom de pámpanos, com a convulsom laocónica de sarmentos e varas que na fastuosa ribeira do Ávia cristalino, baixo a esculca da atalaia de Pena Corneira, campa na manhã loira que alumia o fiascante sol de abril.

Pantelas, o velho herói de várias narraçons de Otero, o home que chegou a encarnar o espírito do vinho, figura real elevada pola arte do senhor de Trasalva à categoria de mito, poderia ser glorificada como a forma antropomórfica do vinho galego, e, se houvesse nestes tempos a comunicaçom cultural entre o artista e o povo que conheceu a Atenas do ditirambo e a tragédia, nom caberia descartar a possibilidade de um culto em que o pagao e o cristao, o eruditio e o folclórico se fundissem num complexo símbolo expressivo de umha das grandes forças da nossa natureza, poderosa pujança, demoníaca presença agrícola, santo padroeiro do pobre vinhador que se ajoelha no socalco, e na adega impetra do dono do universo a protecçom para as suas vides contra a névoa que amera, a saraiva que apedra, o fungo que seca, a geada que queima, o rapaz que furta e o trabuco que grava.

O grande poema do vinho galego é *A lagarada*, a tragédia da vindima, com a sua grandeza dionisíaca, em que, como nas Bacantes de Eurípides, se dramatiza o poder numénico do mosto. Por esta obra, à vez realista e simbólica, se queredes de um realismo mágico, Otero Pedraio inscreve-se no cánone dos maiores dramaturgos da nossa terra. É umha

obra para representar ao ar livre, em tempo de outono **, ou em calquer tempo, e –por que nom? – nesta capital da ledá e profunda terra do vinho, na Praça Maior, ou pé dos muros do Castelo, ou na ribeira do Ávia rumoroso.

Noutro tempo chegava o ribeiro a alongadas latitudes europeias. Modernamente, a emigraçom abriu-lhe as portas de algumhas terras americanas. O vinho do Ribeiro, o vinho galego, como a língua galega, está ameaçado decote por poderosas competências. Nom pode viver se nom luita teimosamente por sobreviver. O nosso vinho, a nossa fala necessitam, em primeiro termo, ser autênticos, ser eles mesmos, rejeitar energicamente toda adulteracçom, apresentar-se puros no concerto dos vinhos e das línguas. O tempo decorre, a historia flui, a vida avança. As cepas renovam-se, as palavras cambeiam. Mas se o ribeiro ha de ser ribeiro e o galego ha de ser galego, o que é o mesmo que dizer, se o ribeiro e o galego querem ser algo, e nom nada, ham manter as essências que os fixérom serem o que som. Só assi se poderám abrir novos mercados, novos espaços vitais para o um e para o outro. Se o vinho nom sai da adega, nom pasa de afago doméstico. Se a nossa língua nom se oferece fraternalmente, como na Idade Média, à comunicaçom com outras áreas hispánicas, nom passará de gíria arquidiocesana. Será melhor que algum dia nom exportemos homes, senom produtos. Todo galego deve consumir vinhos galegos, todo galego debe ler literatura galega. No entanto, para que a balança de pagos nos seja favorável, é preciso que, cada dia mais, em competência pacífica, polo esmero do cultivador, o nosso vino se beba, a nossa literatura se leia além das catro províncias.

A primavera estende o seu manto sobre a ribeira do Ávia. O jubiloso coro dos vinhos que os colheiteiros nos oferecem, canta nas cores dos diversos embotelhados. É um canto de esperança. Sobre o verde da terra

**. E, efectivamente, así aconteceu: o Centro Dramático Galego representouna na propria casa de Otero Pedraio, en Trasalba, en Setembro de 1992, sesenta e catro anos após a súa publicación, en 1928, e dezaseis despois de falecido o autor.

ribeirana, amanhá se alçará o sol. E será como umha fervente cunca de alegre treixadura que transbordando o barro que a contém, derramará os seus raios de luz sobre esta terra. Regedores e povo de Ribadávia, brindo por que aqueça perpetuamente as vossas almas esse vinho solar.

Discurso em Ribadávia, 30 de abril de 1980



Francisco Pillado, o autor, Miguel Anxo Fernán-Vello. Compostela, 1986.

Foto: Moncho Rama



I Congreso internacional da língua galego-portuguesa na Galiza,
Ourense 20 setembro de 1984: Xoán Costa, Ramom López-Suevos, o autor,
Manuel María, R. Reimunde Norenha, J. C. Rábade.

I CONGRESSO DA LÍNGUA PORTUGUESA NA GALIZA (1984 [1990])*

Como único residente na Galiza entre os presidentes de honra, considero-me na obriga de aderir às palavras de saudaçom já pronunciadas, e que acolhem a todos os assistentes ao Congresso; e também, se me é permitido, no dever de fazê-lo especialmente no que di respeito aos meus companheiros de distinçom, ilustres colegas, entre os que figuram representantes dos mais antigos ou mais importantes âmbitos históricos de vigênciā do ibero-românico ocidental, e cuja companhia é umha honra suplementária para mim, que acrecenta a que me confere a afectuosa prova de benevolênciā com que, mais umha vez, quigerom sinalar-me os meus generosos amigos da Associaçom Galega da Língua.

Reunimo-nos aquí os estudiosos do romanço hispânico atlântico que quigerom e puderom concorrer, para falarmo-nos e escutarmo-nos mutuamente, dando fé da realidade, reconhecida tradicionalmente polos grandes mestres da Filología, da unidade substancial do sistema lingüístico do qual som realizações distintas, mas non excluientes, as variantes normativas ou as modalidades locais que constituem os nossos habituais veículos de comunicaçom e os nossos acostumados objectos de estudo.

E reunimo-nos em Ourense, que, se foi a cidade eleita por radicar nela a Presidencia da Associaçom convocante e por ser sede de umha Deputaçom Provincial que agarimou a ideia cordialmente, tem tamém outros títulos simbólicos que lhe outorgam altas credenciais ao respeito. Aquí se escreveu, aquí se publicou em 1868, por autor nado em terras ourensanas e que em Ourense exerceu o seu magistério, a primeira Gramática

*. Recollido de *Do galego e da Galiza*, Sotelo Blanco Ediciones, Santiago de Compostela, 1990, páxs. 23-26.

galega planeada com critério científico, se bem já para entom superado no âmbito europeu: a Gramática de dom Joám António Saco e Arce, contemporânea, pois, da obra que em Portugal introduz propriamente a Filologia Românica, *A Língua Portuguesa*, de Francisco Adolfo Coelho. Mas dentro da Monarquia espanhola, a recepçom solene do Romanismo nom há de verificar-se até já entrado o século xx, coa primeira ediçom da *Gramática Histórica Espanhola* de Menéndez Pidal, e só cinco anos depois, em 1909, o galego vai contar com umha Gramática histórica, a de Garcia de Diego, tamém romanisticamente orientada. O isolamento cultural entre Portugal e Galiza explica estes desequilíbrios, tam prejudiciais para a comprensom da totalidade de um âmbito lingüístico no que o protótipo galego e o arquétipo português nom podem separar-se nem diacronicamente nem sincronicamente, se pretendemos algo mais que umha mera descriçom estrutural ou estatística de carácter pontual dialectológico.

Mas Ourense foi tamém em ocasions a capital literária de Galiza, pois o cultivo do galego, de Lamas Carvajal a Otero Pedrayo, atingiu ao pé das Burgas umha alta manifestaçom. As ruas desta cidade están cheias, pois logo, de placas, bustos, estátuas e lembranças de homenagem a escritores galegos, cultivadores da língua própria, nativos da capital ou da província, ou vizinhos daquela, como os dous já citados, Garcia Mosquera, Garcia Ferreiro, Vicente Risco, Florentino Cuevilhas, Eugénio Montes, Blanco Amor e muitos outros que criaram um clima cultural que entre nós vive como umha tradiçom irrenunciável.

Se estas som, ao de leve apontadas, as circunstâncias em que se vai desenvolver o nosso Congresso polo que di respeito às coordenadas locais, no que se refere às coordenadas temporais bem sabemos que nos reunimos num momento crítico. Fenómenos contemporâneos de grande transcendênciia histórica, como a independênciia da maior parte dos territórios que formavam outrora o império português, e a constituiçom de regimes autonómicos dentro do domínio lingüístico, como é o caso da própria Galiza, nom podem menos de afectar ao presente e ao futuro do

sistema hispano-atlantico. A nossa língua, agora cooficial co castelhano neste país, nom por isso deixa de estar ameaçada de desorbitaçom ou esmorecimento. Mas o próprio português, o arquétipo actual do sistema de um ponto de vista geral, tem de fazer frente a graves problemas, e reiteradamente se fala hoje dos perigos que o espreitam. E nom som somente transformaçons políticas de carácter nacional e internacional, mas tamém situaçons derivadas dos avanços tecnológicos, as que ponhem em teia de juízo seguranças que agora se nos revelam frágeis e comportamentos que no presente se manifestam de duvidosa eficácia. Assi, toda meditaçom sobre a língua, ainda aquelas que nom constituam prospecçons no porvir, senom análises do passado ou comprovaçons do presente, mesmo as alheias à política lingüística, e cientificamente constringidas à pura descriçom, tenhem alto valor e força impulsiva na luta pola nossa pervivênciia, pois é mester aprofundar no nosso próprio conhecimento para usar economicamente os nossos meios de açom.

A coordenaçom, pois, entre as diversas formas do galego-português é umha exigênciia da hora actual, e se o antigo castelhano é hoje hispano-americano, como quer Dámaso Alonso, o antigo galego, ou portugalego, deve seguir análogos caminhos de ecumeneidade. Nom pode admitir-se o sinecismo para umha língua peninsular, e propugnar-se a desmembraçom para o resto. Nom cabe assentar a unidade do sistema central e propugnar a dispersom para os sistemas oriental e ocidental.

Para nós, falantes deste último, em território incluído dentro de um Estado que tem como língua geral o romanço castelhano, os problemas som, como se comprehende, especialmente complicados. O professor Piel escreve a este respeito: «Em comparaçao com o porto-galego, que se orientou por novos horizontes geográficos e históricos, o galego propriamente dito vem a ser –se esta metáfora nos é permitida– como uma mãe, que ficou em casa quando os filhos emigraram, sofrendo através de quatro séculos o impacto avassalador do vizinho castelhano».

O contacto, em conseqüênciia, dos estudiosos galegos cos estudiosos do resto da área lingüística, é de capital importancia, importânciia que nom é mester sublinhar com maior insistênciia.

O galego é galego-portugués, mesmo na classificaçom por Menéndez Pidal das línguas peninsulares. Pertence à área ibero românica ocidental, nom à área ibero-românica central. E lógico que, consoante a geografia e a história, isto repercuta na plasmaçom gráfica do idioma.

Mas como o galego possui personalidade própria dentro do sistema, nom se lhe pode negar o direito a projectar na escrita os traços peculiares que julguem imprescindíveis.

A rectificaçom da desnaturaçom da nossa ortografia há de fazer-se co ritmo que aconselhem as circunstâncias temporais e espaciais em que se apresente o problema.

Uma comunicaçom regular cos colegas do resto do domínio lingüístico ajudaria aos galegos no seu lavor além dos meros problemas da grafia, bem entendido que, conheedores das circunstâncias em que aquel lavor se desenvolve, necessitam dispor de completa e nom mediatizada capacidade de decisom para chegar aos accordos indispensáveis.

O Congresso há de redigir as suas conclusons, e os conceitos que acabo de exprimir estarán seguramente presentes no momento oportuno na mente dos redactores do documento correspondente. Fagamos votos por que as ponências e comunicaçons que a esta reuniom se acarretem, contribuam a clarificar as nossas ideias e a facilitar o desenvolvimento futuro do sistema lingüístico em que todos estamos naturalmente integrados.

Ourense, 20 de Setembro de 1984





Ricardo Carvalho Calero e María Pilar García Negro, na inauguración do ciclo “Os Xoves Literarios”, da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, da Coruña. 18 de Febreiro de 1982

UM BRINDE (1985 [1989])*

Mais velhos e mais novos

Submisso aos vossos desejos, tomo a palavra para participar neste rito de celebraçom, sem outra justificaçom para isso, fora da exortacôm que se me fai, que aquela que me confere o feito de ser o mais velho dos presentes, testemunho de umha geraçom que cumpriu a sua tarefa e que passou a outras mans as armas com que outrora luitou polos mesmos objectivos por que vós agora luitades.

Som dos poucos que restam daquela promoçom tam castigada polos acontecimentos históricos, que, certamente, se me permitirom sobreviver, nom foi sem ilustrar-me, sem condecorar-me coas cicatrizes que constituem as insígnias do meu humilde grau dentro do exército que emprendeu as acçons em que estivem presente.

Mais e menos felices

Os que éramos moços na preguerra, ao livrar as nossas batalhas, tam semelhantes no fundo às que vós lîravades agora, devemos ser considerados assemade mais felizes e mais infelizes do que vós. Mais felizes em canto despregávamos as nossas forças e realizávamos os nossos movimentos num ambiente de claridade nom turbado por nengumha dúvida, por nengumha suspeita em verbo da sinceridade da nossa confissom galeguista. O que daquela se intitulava galeguista, era-o. Minoría que nom

*. Editado pola Asociación de Escritores en Língua Galega en *Homenaxe a Rosalía*, 1985, páxs. 6-8. Recollémolo de *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1989, páxs. 168-171.

podia esperar da sua actitude senom inconvenientes para o seu medro pessoal, reputada polos conformistas ou poderosos do momento como constituída por românticos sonhadores, cando nom por ridículos insensatos, transbordábamos orgulhoso ascetismo, ledos na nossa indigência, no nosso isolamento —que fazia mais apretados os laços fraternais que nos cingiam—, na penúria da nossa logística, mesmo na precariedade do nosso armamento. Esse alegre ar de alvorada, essa atmósfera virge de matinal empenho, essa sensaçom de cavalgada jubilosa e espontânea em procura de um graal arelado a coraçom aberto, nom som já os que presidem as vossas empresas, que, sendo as mesmas que noutrora encandearom os nossos olhos, foram inevitavelmente marcadas polas novas condiçons dos tempos, mais complexos, mais maduros, mais sujeitos a planejamento e reflexom. Hoje, entre vós, nom avonda chamar-se galeguista para sé-lo. O galeguismo, nalgumha medida, fixo-se rendível, e quem agora se confessa galeguista, nom está por riba de calquer suspeita de insinceridade, como cando nom se podia esperar rendimento material algum do galeguismo. Umha profissom de galeguismo pode traduzir-se hoje num posto e num soldo no professorado e na administraçom. Neste sentido sodes menos afortunados que nós, porque a atmósfera em que vos moveades, se mais tépida, é menos diáfana que aquela em que nos movémos outrora.

Mas, por outra parte, luitades com melhores armas e em mais firme terreno, principalmente polo feito de que vos beneficiades das nossas próprias luitas. Detrás de vós estamos nós. Detrás do que fazedes ou fagades, está o que nós fixemos. Por pouco caminho que nós tenhamos andado, o vosso já nom está obturado desde o seu arranque pola touça da incomprensom e as silvas da hostilidade na medida em que o estava o que nós emprendémos.

Os Precursors

Duro como é o vosso trabalho, duro como foi o nosso, que diremos da dureza do trabalho daqueles devanceiros dos que a figura mais relevante nacia, nom longe de aqui, tal dia como hoje, o 24 de Fevereiro de 1837?

Ainda nós, os homes da geraçom do Seminário, achamos mestres nos homes de Nós, nos homes das Irmandades, nos Precursors. Mas os Precursors, e entre eles Rosalia, pouco podiam aproveitar de um lavor anterior quase inexistente, de uns esforços prévios que quase nom se tinham realizado.

O Ressurgimento

A personalidade de Rosalia está fortemente incrustada na história de Galiza. Que seria hoje Galiza se tivesse fracassado o seu renacemento cultural do século XIX? Os meritórios achegos dos escritores que precedem a Rosalia e que iniciam a sua actividade em voltas aos anos 40 da pasada centúria, nom asseguravam a persistênciade desse movimento de recuperaçom colectiva. Falto de um pulo genial, esse movimento podia esmorecer e apagar-se. Rosalia aporta à moderna literatura galega a primeira obra magistral, e com ela consolida as tentativas anteriores e asegura a persistênciade movimento iniciado, que conta agora com um modelo, com um clássico. *Cantares Gallegos* realizou essa funçom, que foi transcendente nom só na orde puramente literária, porque o livro de 1863 é um manifesto em defesa do povo galego, escrito com um expresso propósito reivindicativo, e dotou aos galegos que nom foram insensíveis à sua mensage de umha consciênciade própria dignidade que possibilitou o desenvolvimento futuro de um movimento, nunca inteiramente paralisado, de afirmaçom nacional.

A consagraçom do galego

Esta começou pola reivindicaçom e dignificaçom do idioma, como forma ostensível, como signo visível da personalidade galega. E como o idioma é um veículo de comunicaçom, como a língua nom se fixo para o monólogo robinsónico, senom para o diálogo entre os compatriotas, essa consagraçom do idioma é umha consagraçom de Galiza, porque a adesom a essa forma cultural de expressom, supom o sentimento de que a realizaçom dos valores espirituais que latejam em cada indivíduo

galego, só pode verificar-se plenamente no marco da realizac̄om da autenticidade do país.

Língua matrizial e língua filial

E a comprensom desta verdade empurrou muitos galegos que nom só, como todos, foram escolarizados na língua do Estado, mas que tinham essa mesma língua como língua familiar, a interessar-se pola língua do país, e, num lento processo, a ampliar os limites de uso desta segunda língua, que, ampliados por Rosalia, ainda em Rosalia eram estreitos, porque se reduziam a um sector da literatura. E assi se fixo possível, e seguramente este é o caso de um bom número dos presentes, assi se fixo possível que muitos galegos que nom ouviram o galego cando nenos nos beiços da sua nai, alienada por umha pedagogia e umha sociología desgaleguizadora, realizaram a obra de piedade filial de devolver-lhe, co uso e acceptaçom do idioma próprio, à própria nai, a orgulhosa consciéncia da propriedade de um idioma que o curso dos acontecimentos lhe fixera distante.

Realidade do mito

Nom podemos afastar Rosalia da história da nossa odisseia, da história do nosso regresso ao lar. Com certeza, polo que di ao idioma, temos que chegar além de onde Rosalia, condicionada polas suas circunstâncias, pudo ou soubo chegar. Mas nom se pode pedir aos devanceiros que se comportem como contemporáneos. A história, dando a cada um o seu, conforme a sua cronología, nivela justamente uns e outros. O buligante brilhar da nossa poesía actual, tam belamente representada nesta reuniom, está causativamente ligado à obra de Rosalia. E só é possível num ambiente de dignidade colectiva que a nossa escritora contribuiu decisivamente a formar. Nela a poesía é umha glorificaçom do idioma, e o idioma é umha consagraçom da nacionalidade. O nosso povo bem percebeu a significac̄om de Rosalia na vida de Galiza. Este é o sentido do mito de Rosalia. E cando se fale de desmitificaçom neste caso, haverá que entender umha referêncià à necessidade de estudar rigorosamente a

figura de Rosalia evitando toda fantasia arbitrária e calquer tergiversaçom supersticiosa. Cremos ter feito algo em tal sentido. Mas é natural que um povo glorifique figuras, como as de Rosalia e Castelao, que tanto fixerom por comprehendé-lo e confortá-lo, corroborando a sua realidade e defendendo os seus valores. Rosalia tem assi um trono e um altar no santuário da consciéncia colectiva do povo, e é justo que assi seja. Este ano cumprê-se cem do passamento de Rosalia. Ham ser cem anos de soledade? Ha permanecer Rosalia em Bonaval isolada do calor popular, do culto dos seus filhos, ela, Nai de Galiza? Quixéramos, bem ao contrário, que os cem anos transcorridos desde 1885 fossem cem anos de companhia de Rosalia e Galiza, e que venham outros cem anos de companheirismo e solidariedade galega, nos que a figura matrizial de Rosalia reine na galeria dos nossos antepassados e sobre o altar dos nossos coraçons.

Santiago de Compostela, 24 de Febreiro de 1985

cadernos da escola dramática galega

N.º 56 - Setembro, 1985


Sta. Teresa, 18 - baixo

Administrador: XOSE M. VAZQUÉZ

Coordinador: MANUEL LOURENZO

númeras informaciones e datos que con diverso
pacto nos per-

Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR



RICARDO CARBALLO CALERO
SOBRE O SEU TEATRO

Foto: Moncho Rama

APORTAZÓN DE FERROL ÁS LETRAS GALEGAS (1985 [1989])*

Debo, naturalmente, comezar expresando o meu agradecimento ao meu presentador, que, como é costume hospitalario, e máis, se a hospitalidade se tributa no proprio lugar de nacemento do hospitalizado, se distinguiu polas loubanzas corteses, ainda que desmedidas a propósito da miña modesta persoa en canto traballador intelectual. É certo que son ferrolán de nacencia e ferrolán de corazón, porque o feito do meu distanciamento físico da miña cidade natal non supón máis que unha imposición das realidades da vida; por outra banda, Ferrol está sempre presente na miña lembranza. Teño salientado non hai moito, nunha exposición que publiquei, que Ferrol é unha parte da nosa terra, e como eu me considero galego universal, no dobre sentido da palabra, no sentido de que son de toda Galiza, e no sentido de que considero a Galiza unha parte do universo, Ferrol, integrado na Galiza, e integrado no universo, está sempre presente na miña vontade, no meu espírito e na miña emoción. Por iso, non deixo de abordar o tema obxecto desta conferencia, co sentimento de que debería sustituila por unha obra máis granada, por unha obra máis completa; se cadra, por un libro no que se contivese detalladamente a historia da aportazón do noso pobo ás letras galegas, á literatura na lingua do país. Mas teño xa anos dabondo, teño traballado dabondo, as miñas forzas declinan, e son outros ferroláns, tal vez alumnos meus, antigos discípulos meus, os que realizarán probabelmente este labor, con métodos máis modernos, con pulos máis xuvenís, e, polo tanto, con máis probabilidades de éxito completo.

* Editado, de onde o reproducimos, en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1989, páxs. 48-60.

Non é de ningún xeito exacto, o prexuízo que se mantén nalgúns superficiais sectores intelectuais, segundo o cal Ferrol está alongado dos problemas culturais galegos, dos problemas culturais específicamente galegos. Como queira que Ferrol, a partir da descoberta que os monarcas do Despotismo Ilustrado fixeron das súas excepcionais condicións para realizar no seu ámbito instalazóns navais, é unha cidade na que un continuo trasego de funcionarios militares e civís adscritos ao ramo de guerra, constituíron a cúpula da sociedade do lugar, hai quen pretende que Ferrol é como un enclave da cultura castellana dentro da terra galega. A realidade é que nos tempos modernos non podemos isolarnos dun xeito total, e que a necesidade da intercomunicación das culturas, da intercomunicación das sociedades, dos estados, é algo consustancial coa eficacia nos nosos tempos; mas, se ben é certo que por esta estratificación demográfica da sociedade ferrolana, é importante a contribución dos nosos paisanos á literatura en español, en español xeral, en castellano, ainda que, ás veces, cunha temática galega, non é menos certo que hai unha realidade, e esta realidade é a situación de Ferrol dentro das Mariñas, unha terra de tanta tradición galega, de tanta historia galega como as Mariñas; as Mariñas, cuxa capital histórica, Betanzos, foi cedendo por imperativo dos tempos a sua hexemonía económica e administrativa a outros núcleos de poboación, entre os cuais Ferrol debe destacarse. Así que, se as letras castellanas contan con ferroláns que desempeñaron un papel importante na historia das mesmas, por exemplo, Goy de Silva, poeta moi importante dentro do modernismo, e que marca, ademais, a transición aos movimentos de vanguarda, non é menos certo que Ferrol nunca estivo ausente: agás naqueles momentos en que a ausencia cultural caracterizou toda a vida peninsular, nunca estivo ausente do desenvolvemento da literatura na lingua do país. Hai unhas clases populares, un artesanado e un campesinado na comarca ferrolana, que están absolutamente integradas dentro das grandes liñas da vida social e económica galega; e é curioso que a pesar da oriundez forasteira de moitos intelectuais, algúns deles funcionarios dentro da organización estatal da superestrutura administrativa da vida ferrolana, a pesar desa oriundez forasteira, hóuboos que desempeñaron un papel importante no desenvolvemento da cultura

galega; lembremos aqueles anos en que existía un brillante Ateneo, o primeiro Ateneo ferrolano, e funcionarios militares, como os xenerais Saralegui e Comerma, se preocuparon de facer estudos relativos á arqueoloxía da comarca. Precisamente, D. Leandro de Saralegui e Medina, é autor, e publicou o seu traballo no anuario do *Ateneo Ferrolano*, dun estudio sobre Fernando Esquío, un trovador ferrolán.

Foi D. Leandro de Saralegui o primeiro que chamou a atención sobre a ubicación ferrolana deste trovador, cuxas obras figuran dentro dos cancioneiros galego-portugueses, e ao que teremos que adicar uns minutos posteriormente no decurso desta conferencia.

De xeito que Ferrol, na época medieval, aparece ilustrando, co nome de Fernando Esquío, as letras galegas, porque a obra relativamente curta de Fernando Esquío, indudablemente de familia ferrolana, é, sen embargo, importante, e nos deixou algunas das más formosas composicións poéticas, das más formosas cantigas de amigo que se conteñen nos apógrafos italianos.

Ferrol era unha pequena localidade na Idade Media, non tiña sequer a importancia que tiña un Mugardos, unha Xubia; era o Ferrol Vello, onde eu nacín, o Ferrol Vello, acuñulado ao redor do Peirao, e que remataba en San Roque, no Cristo, e ainda antes, xa que, primitivamente, o convento de San Francisco, que non era, naturalmente, o edificio actual, senón o edificio góticu que o precedeu, estaba situado xa nas aforas. Ferrol dependeu primeiro dos Condes de Traba, e logo dos de Andrade, que foron os señores que desencadearon os acontecementos militares de tipo protestatario, que se coñecen co nome das guerras irmandiñas; de xeito que a nosa historia está moi ligada a esa familia señorial, que, por ter seguido o partido de D. Enrique de Trastámarra na loita que éste sostivo co seu meio irmán D. Pedro de Borgoña, despois da traición de Montiel, conseguiu agrandar extraordinariamente os seus poderes, ensanchar enormemente os seus dominios territoriais e dominar toda unha franxa de territorio galego que lle permitía trasladarse desde a orela

do mar até o Bierzo sen deixar de pisar terra propria. E esta familia dos Andrade é a que vai gobernar praticamente a comarca ferrolana, desde que decaeu o poderío dos primeiros Condes de Traba. Precisamente, relacionados cos Andrade, están os Esquíos; esta familia dos Esquíos á que pertece o trovador Fernando Esquío, que é a primeira figura ferrolana dentro da Literatura galega. Evidentemente, non hai ningún documento notarial que probe que Fernando Esquío naceu na comarca ferrolana, pero non hai Esquíos fora da comarca ferrolana en Galiza. Os Esquíos, posibelmente son de orixe galego-asturiana; hai unha localidade con este nome, Esquío, situada perto de Castropol, en terra administrativamente do Principado, pero desde o punto de vista histórico-cultural, e desde o punto de vista lingüístico, inteiramente galega. Sabemos que Galiza, desde o punto de vista natural, se extende polo Norte, polo menos até a Serra do Rañadoiro. Segundo o padre Crespo, desta localidade proceden os Esquíos que habitan no fondo da ría ferrolana, e que teñen sepulturas en San Nicolás de Neda, e que teñen un calco diplomático no cartulario de San Martiño de Xubia. Hai Esquíos que participaban en empresas guerreiras, como a toma de Alxeciras, e que conseguén para o seu pobo privilexios económicos. Estes Esquíos, indudabelmente, constitúen a familia á que perteceu Fernando Esquío, porque outra localidade con este mesmo nome de Esquío, situada perto de Coimbra, posibelmente non ten relazón algúna cos Esquíos ferroláns, ou, en todo caso, é un exemplo de colonizazón ao sur de Galiza de territorios que poboaron individuos procedentes do norte do Miño.

Non é seguro, desde logo, que estes topónimos e antropónimos, os Esquíos de Castropol, os Esquíos de Xubia e Neda, os Esquíos de Trasancos, e os Esquíos de Coimbra pertezan a un mesmo tronco común. Para min, a palabra Esquío designa un animal, un roedor, que en castelán se chama *ardilla*, en galego-portugués *esquito*, e que é un alcume que se convirteu en apelido, como é o caso doutros moitos nomes de trovadores galego-portugueses como Golparro, como Buiturón; nesta comarca son frecuentes os apelidos de orixen zoológica; todo o mundo sabe que aquí hai familias que levan os nomes de Cabalo, Lobo, Golpe, porque se crían

ver certas semellanzas físicas, ou de actitudes, de movimentos, ou, metafóricamente, mentais, entre algún individuo dalgunha destas familias e os animais correspondentes: xa sabemos que os apelidos moitas veces proceden de observazóns deste tipo. Fernando Esquío é, entre os trovadores galego-portugueses, un dos más distinguidos. Era posibelmente cabaleiro, xa que se autodenominaba Don Fernando Esquío; e naquela época non todo o mundo era DON, non todas as mulleres eran DONAS; e esta familia dos Esquíos é evidentemente unha familia nobre, relacionada por parentesco cos proprios Andrade, e que despois van relacionarse cos Mandiá, e van fundirse con eles, de xeito que as armas dos Mandiá e as armas dos Esquíos conflúen, por exemplo na pedra correspondente do pazo de Mandiá. Non podemos converter esta conferencia nun estudo sobre Fernando Esquío, imos abandonar ao noso trovador, pero quixería que a miña humilde voz de escritor ferrolán fose reforzada pola voz de Fernando Esquío, así que, en homenaxe a este antecesor noso, a este devanceiro, a esta primeira figura ferrolana dentro da literatura galega, imos recordar unha das súas más formosas composizóns, que posibelmente alude a un lago da comarca ferrolana, un lago que ao meu xuízo é o lago da Frouxeira, pero que outros pretenden que podería ser o lago de Doniños; en todo caso, o lago da Frouxeira, onde hai unha localidade que se chama Lago, e que nos interesa polo que despois diremos, non está moi lonxe do lago de Doniños. Trátase de dúas cuncas lacustres da mesma comarca de Trasancos.

Nesta composición, que reviste os caracteres dunha cantiga de refrán paralelística, a moza, a namorada —porque é unha cantiga de amigo en que fala a muller—, excita, impele a súa confidente a quen dá, segundo é costume, o nome de *irmána*, a trasladarse con ela as ribeiras do lago, onde o seu amigo, o seu namorado, se adica á caza de aves palustres:

Vaiamos, irmána, vaiamos dormir
nas ribas do lago, u eu andar vi
a las aves meu amigo.

Vaiamos, irmana, vaiamos folgar
nas ribas do lago, u eu vi andar
a las aves meu amigo.

E nas ribas do lago u eu andar vi,
seu arco na mão, as aves ferir,
a las aves meu amigo.

E nas ribas do lago u eu vi andar,
seu arco na mão, a las aves tirar,
a las aves meu amigo.

Seu arco na mão, as aves ferir;
a las que cantaban léixalas guarir,
a las aves meu amigo.

Seu arco na mão, as aves tirar;
a las que cantaban non as quer matar,
a las aves meu amigo.

Poucas veces o paralelismo, o leixaprén, o refrán teñen sido manexados na nosa poesía medieval coa graza con que o son nesta cantiga do noso venerábel poeta ferrolán, o cal pon na boca da súa amiga palabras de simpatía respeito ás aves cantoras, que, como membros, se cadra, da mesma confraría –cantan, como o poeta canta–, deben ser respeitadas polas frechas que o seu arco tire.

Mas nun dos epígrafes desta conferencia fálase de Esquios e Lagos, e con motivo desta rúbrica quero dicer que non sabemos con exactitude se existiu outro poeta da comarca ferrolana, Fernando Lago, contemporáneo de Fernando Esquío, e tamén mui importante dentro das realizacións estéticas da lírica trovadoresca, ainda que se conserve del somente unha composición. De Fernando Esquío temos unha excelente edición moderna, feita con arrengio a todas as exixencias da filoloxía contemporánea.

Hai unha escola italiana de editores de textos medievais galego-portugueses que se distingue pola súa pulcritude; Fernanda Toriello, que foi leitora de italiano na Universidade de Compostela, onde eu a coñecín, é autora desta edición, que moitos de vostedes coñecen; e Fernanda Toriello identifica a este Fernán do Lago, do que se conserva un só poema, con Fernando Esquío. As razóns que alega son discretas, pero, ao meu xuízo, non concluyentes, de xeito que eu considero posíbel que Fernán do Lago sexa un poeta distinto de Fernando Esquío, pero, curiosamente, posibelmente emparentado con el.

Hai na comarca ferrolana unha liñaxe que leva o apelido Lago, e que está relacionada xeográfica e xenealóxicamente coa que leva o apelido Mandiá, a cal, á súa vez, como dixemos, se relaciona coa liñaxe dos Esquíos, e acabou por absorber a esta última. Fernanda Toriello, baseándose en Saralegui, menciona a lápida que cobría os restos dun Pedro Morel Esquío de Mandiá, na capela de San Miguel Arcanxo da igrexa de Santa María das Neves, contigua ao muro oriental da igrexa conventual de San Martiño de Xubia. Mas os Lago estaban tamén emparentados cos Mandiá. O Padre Crespo, o xenealoxista, o heraldista, ao publicar as armas de Lago, declara que as reproduz da pedra armeira que figura no pazo de Mandiá; no momento en que aquela pedra se labra, é dono do Pazo de Mandiá D. Francisco Pita da Veiga Ortiz de la Torre y Pardo de Lago; é o primeiro Pita da Veiga que habitou o Pazo de Mandiá, polo seu enlace con Dona María de Mandiá e Parga. De xeito que aquí atopamos por un lado os Esquío xa absorbidos polos Mandiá; e por outra banda os Mandiá relacionados cos Lago. Así que, como digo, os Esquío emparentaron cos Mandiá, e estes cos Lago. Todos eles habitaban nas proximidades de Ferrol, nas terras de Trasancos, e, como é natural, relacionábanse continuamente, de sorte que o Fernán do Lago, se non era un nome alternativo de Fernando Esquío, como insinúa que pode ocorrer a propria Fernanda Toriello, podía ser o nome dun contemporáneo, parente ou veciño do noso poeta.

Todos vostedes saben que existe un libro moi interesante, o de Vasco da Ponte –esta Ponte debe de ser Pontedeume–, que nos traza un cadro das principais familias, das principais liñaxes galegas a fins da Idade Media; era, indudabelmente, un escudeiro dependente dos Andrade. Pois ben, segundo Vasco da Ponte, a casa de Lago contábase no seu tempo por moi antiga, dicíase que os desta liñaxe viñeran a poblar Galiza procedentes de França ou Inglaterra. Das sete ou oito casas nobres da diócese de Mondoñedo, era ésta, orixinariamente, a máis poderosa e a máis antiga. Escrituras de Xil Rodríguez de Lago, ou de Xil Pérez de Lago, acreditan que esta casa tiña moito señorío de vasalos.

Cando comenzaron a prevalecer nas Mariñas os Freire de Andrade, ainda que estes, como dixemos, eran parentes dos Lago, ambas casas guerreaban entre elas, e o señor de Lago, nunha determinada altura, tivo sitiada a casa de Rui Freire das Mariñas, que non é outro que o pai do famoso Fernán Pérez de Andrade o Bon, cuxo sepulcro, que repousa sobre os dous animais heráldicos, temos admirado todos na igrexa conventual dos Mínimos de Betanzos.

Por certo que consta que ás voltas da era de 1340, ou 1380, un membro desta familia, Xil Pérez de Lago, matou á súa muller, como consecuencia do cal perdeu as súas terras e señoríos.

Cen anos despois, había un que se chamaba Gonzalo de Lago, que tiña catro ou cinco escudeiros ao seu servizo e vivía co duque de Arjona, chamándose o seu parente. Falecido este, dinos Vasco da Ponte: “Non houbo después otro tal y por no querer vivir en la casa de Andrade no les fue por eso mejor, porque vivían debajo de sus alas”; o propio Vasco da Fonte cita como un contemporáneo, ou case contemporáneo seu desta familia, a un Fernando de Lago, que leva exactamente o mesmo nome que este posíbel antecesor, que é o poeta que Fernanda Toriello identifica como Fernando Esquío.

O Padre Crespo sitúa o lugar destes Lago a orellas do Lago de San Román de Doniños, mas o máis probábel é que se trate dunha familia orixinaria da localidade de Lago, situada nas inmediazóns da lagoa da Frouxeira. Estes dados permítennos resolver a cuestión relativa á posíbel identidáde dos trovadores Fernando Esquío e Fernando de Lago, non dunha maneira concluente, non; de todos xeitos, como digo, é posíbel que se trate de dúas persoas. E neste caso serían dous, e non un, os trovadores ferroláns que aparecen representados nos cancioneiros galego-portugueses, que, compostos polos escribas do humanista italiano Angelo Colocci, conteñen un corpus extraordinariamente importante, é dicer, dunha grande beleza, no que se reúne a maior parte da poesía medieval galega coñecida.

A esta etapa brillante da literatura galega, polo menos da poesía galega trovadoresca, na que hai unha evidente influencia transpirenaica, pero na que afloran elementos da poesía popular autóctona nas cantigas de amigo, suceden os séculos de silencio, aqueles séculos en que o goberno centralizado dos Reis Católicos e dos seus sucesores, vai poñer de moda o castellano en toda España, e esmorecen as literaturas periféricas. Mas, cando o resurximento das letras galegas ao redor do ano 1845 se produciu, entón nomes de escritores ferroláns de indudábel importancia, anque ningún poda compararse coas grandes figuras da nosa literatura do século XIX, unha Rosalía, un Curros, un Pondal..., deben ser anotados, polo menos por nós, cronistas que debemos ser, apaixonadamente obxectivos, das nosas glorias locais.

O meu querido discípulo e colega, Xosé María Dobarro, que me honra hoxe coa súa presenza, como outros antigos alumnos, ten sacado á luz a personalidade de Domingo Díaz de Robles, que naceu en Ferrol o dous de Xuño de 1812, e morreu en Madrid o primeiro de Abril de 1867. Pola súa cronoloxía, é dos máis antigos escritores galegos do rexurdimento, ainda que a maior parte das poesías que del se coñecen están datadas nos últimos anos da súa vida. Traballou como militar ás ordes dos xenerais

cristinos nas guerras carlistas, e, establecido en Compostela, foi vice-presidente da Academia Literaria daquela cidade; e pódese considerar o fundador do periódico “El Idólatra de Galicia”; este título tan enfático, tan extremado, indica cómo estaba xurdindo entón un sentimento de concienciazón da nosa personalidade colectiva, que entón se chamou provincialismo, que despois tomou o nome de rexionalismo, e que máis adiante había de calificarse de nacionalismo.

Deste Domingo Díaz de Robles coñécese hoxe unha ducia de poesías en galego, que hai que anotar como interesantes, porque moitas delas son anteriores ao desenrollo definitivo do Resurximento. Hai poesías de Domingo Díaz de Robles firmadas en 1858, e polo tanto, anteriores á publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía en 1863, data en que o Resurximento se consolida definitivamente, xa que o talento poético xenial de Rosalía crea unha obra maestra, a primeira da nosa literatura, e asegura así a existencia dun clásico que vai servir de base á futura evolución dun renacemento das letras galegas até entón vacilante. Pero tamén naceu en Ferrol o máis interesante, o máis fino, o máis delicado dos poetas galegos precursores de Rosalía: Alberto Camino, cuxa figura tamén foi estimada por Dobarro na súa tese doutoral. Non podemos deternos, por razóns de tipo cronolóxico, no exame detallado desta interesante personalidade; digamos que as súas elexías “Nai chorosa” e “O desconsolo”, todo o sentimentalmente románticas que queiramos, están escritas con grande finura, e foron moi famosas e consideradas como as más delicadas pezas líricas do Resurximento, até que Rosalía superou todos os seus precedentes. Por outra banda, temos poesías de tipo folclórico, cheas de colorido, como “A foliada de San Xoán”, ou “A beldrica” que tamén firma Alberto Camino, e que o acreditan –hai que ter en conta que morreu novo– como un dos mellor dotados entre os escritores galegos que precederon á Cantora do Sar.

Pero é que aquí, en Ferrol, naceu tamén Benito Vicetto –Benito Vichesto, se queremos pronunciar á italiana o seu nome–, que era fillo dun

xenovés e dunha ferrolana, e que foi no seu tempo famosísimo como propulsor do provincialismo ou rexionalismo. Aquí editaba a súa *Revista Galaica* e as súas novelas, novelas de tipo folletinesco histórico. “El lago de La Limia”, por exemplo, “Rojín Rojal”, “Los hidalgos de Monforte”, foron leituras dos nosos trasabós, que co mesmo entusiasmo con que leeu esta última das citadas novelas Murguía, se deleitaban nas páxinas románticas, exaltadas, e moi literalmente históricas, desta figura tan extraordinaria como fonte de enerxía vital, ainda que como historiador, naturalmente esté inteiramente superado, e como narrador perteza a un xénero literario, esta novela histórica, que había de ilustrar tamén D. Manuel Fernández y González, que hoxe non goza de especial aprecio, sobre todo despois das grandes novelas históricas, tipo Umberto Eco, que hoxe están pululando polas literaturas europeas, e mesmo pola literatura galega. Pero de Benito Vicetto hai algunas composicións poéticas escritas en galego: “A balada dos Montenegro”, publicada no periódico “Heraldo Gallego”, ourensán; “A cantiga dos Borboriños”, incluída na novela “El lago de la Limia”, e “O soño dunha noite de verao” publicado no “Museo Universal”, a revista romántica madrileña onde Rosalía publicou os seus primeiros versos galegos, e onde chegou a publicar mesmo unha novela completa, a súa novela “Ruinas”.

Ferrolán foi tamén, por esta época, José López de la Vega, que naceu ao redor do ano 1825; era máis ou menos da mesma idade de Benito Vicetto e Alberto Camino, e morreu en Madrid o ano 1888, o ano en que naceu Otero Pedrayo; foi médico, sociólogo, romancista, dramaturgo, e figura no *Álbum de la Caridad* unha das súas composicións dedicada a Galiza, que contén unha imaxe na que se fala dun puñal cravado no peito da nosa terra, que sen dúbida é a inspiración dun pasaxe moi coñecido da poesía de Curros Enríquez. Pero é que no *Álbum de la Caridad*, esa primeira antoloxía de poesía galega que se publica no ano 1862, mercé aos desvelos de D. Antonio de la Iglesia, aparecen outros poetas ferrolanos. Don Antonio de la Iglesia era tío de Don Santiago de la Iglesia, unha figura que, se vostedes non, os seus pais recordarán, porque era unha figu-

ra señorial dentro do noso pobo. Era o xefe dos republicanos, o xefe do partido federal en Ferrol. Eu lémbro moi ben, co seu ar de fidalgo, con barbas brancas e estatura prócer; e do que se conta que salvou ao rei de España dun asasinato que se fraguara en determinados círculos secretos da localidade, aos que el pertecía; pero el propugnaba unha loita política nobre, opúxose a que se realizase ese acto de violencia. D. Francisco de la Iglesia era o pai de D. Santiago, e D. Antonio de la Iglesia, o irmán de D. Francisco, foi o que reuniu no *Álbum de la Caridad*, esa primeira antoloxía de poetas do noso rexurdimento inicial, que hoxe lemos con grande interés e que teñen, sobre todo, o valor, filolóxico máis do que literario, de escreber nunha lingua que estaba libre de sospeita de neoloxismos, como non está a que escribemos hoxe, baixo outras circunstancias e presionados por outras forzas.

Tamén figuran no *Álbum de la Caridad* os escritores ferrolanos Romualdo: Casal, Xoán López Muñiz, Quintín Garda Calvo, Xan Gómez do Ferrol, éste último, autor dun texto en verso, “O Pleiteante”, que consiste nunha relación que un litigante chamado Farruco fai ao cura da súa parroquia a respecto do que lle sucede no tribunal da Coruña o ano 1837, o ano en que o pistoletazo de Larra detona dentro do inicial romanticismo español, o ano en que nunha casa do Camiño Novo, nunha casa cuxo solar está hoxe incluido na Praza de Vigo de Compostela, nace Rosalía de Castro.

Tamén forma parte dos escritores ferroláns, ou relacionados con Ferrol, que se insertan no *Álbum de la Caridad*, Santiago Montenegro e Vilamar, cultivador dun tipo interesante, desde o punto de vista social e histórico, de poesía daqueles tempos, a poesía áulica, a poesía consagrada á celebración de acontecimentos dinásticos, o nacemento dun infante, a visita dunha persoa real a un determinado punto do país. *O Príncipe de Asturias na súa entrada no Ferrol en 1866*, é o título dunha poesía de Santiago Montenegro. Outra titulouse *Canto Gallego á fragata Branca na súa entrada no Ferrol*. De maneira que temos aquí un enxebrismo ferrolán moi marcado; o poeta é ferrolán seguramente, reside desde logo en Ferrol e canta os

fastos da súa vila, relacionados coa Mariña e coas persoas reais, como compre a un ambiente tan estreitamente ligado á cúpula do goberno civil e militar do país.

E non quixera rematar esta conferencia, que se aproxima ao seu fin, sen mencionar algúns outros escritores modernos posteriores aos xa citados, por exemplo, algúns, como Nicolás Fort Roldán, que traballaron sobre a historia da imprensa en Ferrol; Nicolás García Pereira, ao que eu coñecín persoalmente, autor dun libro de versos de influencia principalmente cabaniliana, de influencia de Ramón Cabanillas, por entón moi prestixiado, e que se titula *Nó de saloucos e bágoas*; e dunha narración intitulada *A costureira*, publicada naquela colección de novelas curtas e de textos non novelescos, que baixo a dirección de Xaime Quintanilla, se editaba en Ferrol co título de “Céltiga”. Xaime Quintanilla non nacera en Ferrol, pero a súa nai era ferrolana, e desempeñou un papel moi importante como impulsor da cultura galega. Perteceu ás Irmandades da Fala, e a súa colección “Céltiga”, que se mantivo bastante tempo a partir de 1922, incluíu nas súas publicacións non a primeira edición propriamente, pero si a edición más cuidada, a edición definitiva de *Un ollón de vidro* de Castelao.

Tamén recordo a Rodrigo Sanz López, un impulsor da reforma agraria, que algunha vez escrebeu en galego; a Francisco Cabo Pastor, que murió aos cento un anos de idade, nesta cidade, non hai moito.

E lembramos tamén a Aurelio Ribalta, un ferrolán que residía en Madrid nos últimos anos da súa vida, e que tomou elementos da vida colectiva ferrolana como fondo da súa narrativa *Ferruxé*, que traza un quadro dos costumes artesanos neste pobo voso e meu, ao que denominaba *Miramar*. Fora a época en que os lugares importantes, as cidades, levaban certos nomes supostos: Clarín, na *Regenta*, fala de *Vetusta*, ou dona Emilia Pardo Bazán, nas súas novelas coruñesas, fala de *Marineda*. Pois ben, Ferrol aparece denominado *Miramar*, designado con este seudónimo, na novela *Ferruxé* de Aurelio Ribalta. Pero más importante ainda é outra novela máis longa, que está lindando xa co que en todos ou case todos os idio-

mas romances se chama *roman, romanzo, romance ...*, é dicer, novela larga e que se titula *O derradeiro amore*, obra na que Aurelio Ribalta é, en certo modo, un precursor de Castelao. Castelao chega á culminazón do tratamento dramático do tema do vello namorado na súa peza *Os vellos non deben de namorarse*. Pero este tema está xa apontado e resolto con bastante felicidade por Aurelio Ribalta (que tamén eu coñecín persoalmente), na súa novela *O derradeiro amore*.

Non podemos tampouco esquecer a dous astesáns ferroláns, Charlón e Hermida, que escreberon graciosos e enxeñosos sainetes que eles mesmos representaban. Eran actores excelentes, e escribían sainetes de ambiente popular de dous personaxes masculinos, ás veces de máis que dous personaxes, porque con tal que non estivesen en escena constantemente dous personaxes, podían eles actuar como actores e intérpretes de máis de dous personaxes. Sería moi interesante que estes dous comediógrafos, dos cuais Hermida foi coñecido tamén persoalmente por mi, tivesen acertado en reproducir sen prexuzos a lingua popular falada nos bairros artesáns da nosa cidade; mas eles quixeron prematuramente, sen dúbida aconsellados por algúin intelectual das Irmandades da Fala que tal vez correxiu a súa língua, quixeron prematuramente escreber nun galego común, e o que falsamente gañaron en intergaleguidade nese aspecto, perdérono en documentación da fala galega dos bairros populares de Ferrol, que naquela época era todavía unha fala moi auténtica, naturalmente moi influída polo castellano, como todo o galego de entón, como todo o galego popular de hoxe, pero, de todas maneiras, vigorosa, grazosa e que merecía ser reproducida sen escrúpulos.

Tamén foi amigo meu, e mestre meu, don Manuel Comellas, director do Colexio do “Sagrado Corazón”, que era lembrado durante as palabras de presentación con que se me honrou neste acto; D. Manuel Comellas, bon latino, que é estudiado hoxe na Universidade de Santiago, nalgúns seminarios en que se está traguendo á superficie a figuras das letras, da política, da xurisprudencia galega; D. Manuel Comellas Coimbra, que nos deixou, polo menos, unha obra interesante, *Pilara ou Grandezas dos*

Humildes, unha obra de teatro, que ven ser unha resposta galega ao *Alcalde de Zalamea* de Calderón. Hai tamén nesta peza unha moza asovallada, pero o seu pai, que é alcalde, o mesmo que Pedro Crespo, non quer aceitar que a ovella se case co lobo, que a moza asovallada teña que soportar como marido ao seu asovallante. Neste senso, supón un conceito do honor e un conceito de moral sexual avanzado e interesante.

Finalmente, achámonos xa no momento en que debo falar dos meus propios contemporáneos; en realidade, máis ben, daqueles que son más novos ca miñ. Da miña idade, ou un pouco maior algúin deles, eran un Dictinio de Castillo Elejaveitia, que tivo un momento en que, como poeta en castellano, foi moi celebrado polo seu libro *Argos*, pero que publicou tamén un libro de poemas galegos, premiado en Buenos Aires; ou Xosé Pérez Parallé, que estudou comigo en Santiago e que hoxe é un poeta moi popular.

E discípulos meus, ambos non nados en Ferrol, pero criados en Ferrol, ferroláns realmente desde o punto de vista espiritual, e desde o ponto de vista da realidade vital, son Xoana Torres e Tomás Barros.

Xoana Torres foi discípula miña en Ferrol desde os nove anos de idade, e chegou a ser unha poetisa moi distinguida, sobre todo unha novelista importante. A súa novela *Adiós, María* merece ser reeditada, e somente o feito de que a direcpción das editoriais galegas hoxe está determinada ás veces por motivos extraartísticos, pode explicar que esa novela non se reimprima. É unha novela monolóxica, na que a rapaza, filla duns pais que emigran, ten que facer frente a obrigas que exceden realmente a súa capacidade, e que no seu diario, ou nas confidencias que dirixe ao leitor, nos pinta un panorama interesante tanto desde o punto de vista social como desde o punto de vista da análise psicolóxica dos fenómenos que se verifican no espírito dunha adolescente.

E Tomás Barros, nado en Toledo, pero criado tamén en Ferrol, poeta e pintor, que cultivou o galego a carón do castellano, e que hoxe é profesor na Coruña.

E finalmente, quero rematar referíndome a un poeta máis novo, e que está relacionado coa mesma comarca en que se desenvolve a vida dos Esquío, un poeta que se pode considerar sucesor, desde o punto de vista xeográfico concreto, dun Fernando Esquío, un Fernán do Lago. É o poeta Vicente Araguas, do que vou ler, para rematar, unha composición poética, na que se di adeus, se consagra unha sentida elexía a outro escritor, que, se non naceu na súa comarca, morreu nela. “Para Alvaro Paradela onde queira que estés”.

Esta noite pra nós ten de ser Schumann
e o riso no estronício do Hospital de Marina,
con Xoan Rubia, e a túa barba máxica de sempre,
as sabencias túas, os lieder e o tabolete
á beira do piano e tí, meu ben, calando
poetas mangallóns, amolo da tardiña
en Mugardos; de cando en vez os teus cadernos
pra amigos e compañeiros, Álvaro, luxo,
que te fixeron? os teus ollos pechados
ollos de vagallón e de vagalumes, Álvaro
na Residencia Arquitecto Marcide, onde
o humor da mañanciña? Eu non sei
os nomes dos teus cans, e sei, noustante,
da tua calor e sei, e xa choveu, da tua amistade.
Álvaro, onde sexa que estés, pra ti o meu canto
a voa pruma, aquí no pupitre a tua carta
esta vez derradeira, “escríbemos se queres”
e como non, meu vello (sei que estás de acordo),
afora o pranto.

Con esta tan sentida elexía quero rematar esta convivencia cos meus paisanos, expresando, unha vez máis, a miña sincera ferrolanía, e desexando que nos volvamos a ver en calquer ocasión. Isto é todo.

Ferrol, 27 de Marzo de 1985



Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1985.
Claude-Henri Poullain, o autor, Carlos Pajares (reitor da USC), Dieter Briesemeister,
X. R. Barreiro Fernández, Benito Varela Xácome.

CONGRESSO ROSALIANO (1985 [1989])*

Excelentíssimo Senhor Presidente, Excelentíssimos Senhores, Ilustríssimos Senhores, Autoridades e Congressistas:

Cumpren-se hoje cem anos do passamento de Rosalia. Numha casa alugada, actualmente convertida em Museu, e situada apenas a vinte quilómetros do lugar em que nacera, extinguiu-se hai un século a vida da que desde a sua glória nos convoca para esta homenaxe à que concorremos, claro está, os galegos, que somos, como é natural, os organizadores desta juntanza; mas tamén, como é natural, os demais hispanos, peninsulares e extrapeninsulares; e nom menos os estudiosos de Rosalia, ou os amorosos de Rosalia, de outros países, de outros climas da terra: porque se a terra de Rosalia é a nossa terra, a terra galega, de que chegou a converter-se em símbolo e mesmo em referéncia titular e tutelar, a terra de Rosalia é tamén a terra onde se falam e se escrevem as duas línguas em que falou e escreveu, em que imos falar e escrever nós mesmos; e nom menos a terra inteira, onde queira que se estude e se ame a Rosalia, que, sem míngua da sua vinculación radical á sua propia natureza galaica, atingiu, pola sua profunda humanidade, pola sua clarividente apreensom da condición humana, rango e categoria de poeta universal. Se a sua voz tem servido aos galegos de lábaro reivindicativo, e as suas inovaçons

*. Este discurso corresponde ao inaugural do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, entre os días 15 e 20 de Xullo de 1985. O Presidente, por esta universidade, foi Carvalho Calero. As *Actas* editáronse no ano seguinte, a cargo desta institución e do Consello da Cultura Galega. Estranamente, este discurso inaugural non figura nas mesmas, que si reproducen os do Reitor (D. Carlos Pajares) e o do Presidente do Consello da Cultura Galega (D. Ramón Piñeiro). Reproducímoslo de *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1989, páxs. 113-115.

em matéria de pensamento e métrica a fam umha figura capital na poesia hispánica do século XIX, a sua capacidade para exprimir os desejos e as dúvidas, as senhardades e as angústias do ser humano, além dos acidentes que configuram o nosso documento individual de identidade, situam-na entre as grandes personalidades da literatura mundial, que se caracterizam por ter-nos legado umha mensage inteligível a todas as consciências e traduzível a todos os idiomas.

Por isso estamos aqui presentes filhos de muitas pátrias, unidos na nosa comum devoçom à escritora, a quem imos estudar com aquela objectividade e com aquela liberdade que som próprias de um Congresso científico internacional, um Congresso cuja organizaçom se encomendou à Universidade, que rejeita todo particularismo excluente e toda imposiçom sectária, como Casa que é da Ciéncia, que só na liberdade de pensamento e expressom se realiza. Em Galiza, celebrámos o centenário da morte corporal e a vida póstuma desta grande galega; e, na linha tradicional entre os galegos, esse centenário é celebrado mediante umha convençom internacional, em Santiago de Compostela, a grande urbe espiritual de Ocidente, em cujas ruas é adoito desde que a cidade existe, o ressoar de muitas falas e o conviver de gentes muitas, e en cujos limites veu ao mundo Rosalia de Castro.

Rosalia leva um século morta, Rosalia leva um século viva. Porque o 15 de Julho de 1885 iniciou-se umha segunda vida, a vida da fama, para a nossa Cantora. Desde entom, andamos a apurar os perfis e atesourar as faces desta singular realidade que é a sua obra. E Rosalia tem sido, desde aquela, sucessiva ou simultaneamente estudada nos seus distintos aspectos e sob diferentes luzes. Rendeu-se culto já em vida da escritora à sua criaçom como poeta popular do seu país, cantor das suas desditas e as suas belezas, da sua paisage e das suas luitas; sublinhou-se logo o seu lirismo pessoal; ponderou-se a sua capacidade para penetrar no mistério da realidade humana sem lindes individuais nem nacionais; chamou-se a atenção sobre a sua arela de justiça social, sobre a sua concepçom

das relações entre os sexos; aprofundou-se no que hai de coerente ou de contraditório na sua visom de femineidade, no seu espírito de religiosidade ou scepticismo, de progressismo e tradiçom. E, consoante o aparecimento de umha nova visom do mundo, de umha nova teoria da vida ou da ciéncia, ou da técnica, Rosalia foi submetida a análises que corroboram a sua riqueza de contido. Rosalia, poeta romântico; Rosalia, escritor realista; Rosalia, modernista; Rosalia, existencialista; Rosalia à luz de Marx; Rosalia, à luz de Freud; Rosalia, através do prisma da estilística; Rosalia, através do prisma da semiología; Rosalia como realidade antropológica; Rosalia como realidade familiar; os contornos geográficos; os contornos económicos, os contornos políticos de Rosalia... Muitos de vós, senhores congressistas, estades inscritos nalgumhas destas direcções do pensamento crítico, e aportades comunicaçons que nessa linha enriquecem e depuram o nosso conhecimento da obra e do tempo da escritora que nos congrega.

O primeiro intento de recopilaçom das *Obras Completas* de Rosalia, que som em realidade umhas *Obras Escolhidas*, ou umhas *Obras Relevantes*, foi iniciado em 1909 por Manuel Murguia, e aquela selecçom continua vigente. Dous livros galegos: *Cantares e Folhas*; dous livros castelhanos: *En las Orillas del Sar* e *El Caballero de las Botas Azules*. Hai ponências e comunicaçons a este Congresso que julgo de sumo interesse e versam sobre esses catro livros, estudando o seu fundo ideológico, a sua estrutura literária, a sua técnica expositiva, a sua language. Mas devemos anotar o feito de que tamén hai trabalhos esmerados sobre as obras menores de Rosalia; as obras narrativas distintas da sátira social e da literatura de consumo que é o romance de 1867; os textos breves de carácter costumista, poemas esquecidos ou ignorados...

Em Rosalia hai umha obra relevante e umha obra menos significativa. Mas cando um escritor atinge a importânciam da nossa escritora, nada dela podemos reputar alheio ao investigador. Hai umha substancial contribuiçom de comunicaçons, que recolherám as actas do Congresso, relativas, como dixem, às catro grandes obras rosalianas. Como preocupado

desde sempre polos aspectos técnicos e sociais de *El Caballero de las Botas Azules*, felicito-me polo feito de que som numerosos os contributos ao esclarecemento dos problemas que apresenta esta singular narraçom. Mas as restantes, obras talvez imaturas, como *La Hija del Mar*, ou afe-rradas a fórmulas românticas superadas no seu tempo, como *El Primer Loco*, e nom menos *Flávio e Ruinas*, som tamén, felizmente, objecto de umha atençom que raramente se lhes prestara com anterioridade; e isto é bom, porque contribui a perfilar a figura de Rosalia nos aspectos nom especialmente relevantes da sua personalidade, ao que tamén conspira a exhumaçom de textos poéticos olvidados ou desconhecidos.

Estamos, enfim, senhores companheiros, ao pé do berce, ao pé da tumba de Rosalia, para colaborar numha obra científica, certamente, mas, no entanto, emotivamente motivada polo amor que todos professamos à grande escritora galega. Imos escuitar-nos mutuamente e a contrastar as nossas opinions coa cortesia e a medida que exige o respeito aos colegas de estudos e trabalhos. E imos viver, na terra de Rosalia, uns dias de cordial cooperaçom e de recíproco aprendizado. Fago votos por que todos levedes da nossa terra e da nossa gente lembranças de lediza e de amizade cando retornedes, os que sodes peregrinos desta romaria rosaliana, aos lugares da vossa residênci habitual, esteja em terras de Galiza, em terras de Portugal e Espanha, em terras extrapeninsulares; pois calquer lugar da terra é bom para ler um poeta universal, como Rosalia, e para lembrar umha terra universal, como Galiza. Polo de agora, só procede dar-vos calorosamente a benvida e agradecer-vos fraternalmente a presença. Isto é todo.

Santiago de Compostela, 15 de Xullo de 1985



Concesión do Pedrón de Ouro. 21 de maio de 1967,
perante a casa da Matanza, Padrón.



O autor en Sargadelos, 1981.

SITUAÇOM PRESENTE E ORIENTAÇOM FUTURA DOS PROBLEMAS GERAIS DA NOSSA LÍNGUA (1986 [1990])*

As entidades que organizarom este “Encontro” que hoje atinge o seu fim, tiverom a cortesia de convidar o até agora único catedrático numerário de Universidade na especialidade de Lingüística e Literatura Galega ingressado directamente por oposiçom à docênciā dessa disciplina, para que fechasse com umha conferênciā as actividades que estes días se virherom desenvolvendo, e que culminarom cos acordos que acabam de ser lidos.

Nom é missom minha glossar essas conclusons, que coroam uns debates nos quais nom participei. Os problemas concretos que forom objecto de deliberaçom, forom-no, como é razoável, por pessoas activamente interessadas nos mesmos. Eu, pola minha condiçom de jubilado, fora de contexto, e, se queredes, pola minha idade fora de combate; afastado mesmo, pola minha independênciā tanto como polas minhas limitaçons individuais, das canles por onde flui a corrente organizada de actividade institucional, só som apto para oferecer aos que desejam ouvir-me o testemunho da minha experiênciā, que pode infundir algumha pertinênciā ao meu comentário sobre a situaçom actual no que di respeito à nossa língua, sequer polo feito de que, como antes apontava, cumpriu-me um tempo, por inexistênciā de émulos, ocupar um posto e desempenhar umha funçom inaugural num sector mui caracterizado do estudo e a promoçom do idioma.

Mesmo houvo um momento em que interpretei um papel na história da ordenaçom da nossa fala, e essa circunstânciā, unida ao antes indicado,

*. Editado, de onde o recollemos, en *Do galego e da Galiza*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1990, páxs. 47-59. Conta tamén cunha edición conmemorativa da fundación da Mesa pola Normalización Lingüística (clausurada por este discurso), 2019.

pode explicar o feito de que hoje me tope ante vós para comunicar-vos algumhas reflexons pessoais sobre a situaçom presente e a orientaçom futura dos problemas gerais da nossa língua.

A convocatória e celebraçom deste encontro supom o reconhecimento de que, contrariamente ao que parecem crer algumhas pessoas que ocupam determinados postos em certas instituiçons, as questons relativas à normalizaçom lingüística nom están resolvidas. Isto é umha realidade que se impom aceitar. Nom faltam funcionários públicos e executivos privados que parecem assumir o contrário. Estas pessoas, com referências às disposiçons do legislativo e o executivo autónomos, adoptam a atitude de quem considera formulada a doutrina verdadeira, como umha bula pontifícia poderia declará-la, e estima fora da lei toda opiniom dissidente. Roma falou, a causa rematou. Os que discrepam da doutrina oficial ham ser considerados heréticos, rebeldes que se movem na ilegalidade, sobre os que deve cair a pesada maça da excomunhom. Postos de acordo a Académia Galega e o Instituto da Língua Galega em matéria de normativa ortográfica e morfológica, e oficializados os acordos logrados mediante Decreto assinado polo conselheiro de Cultura, toda resistênciam a essa regulaçom é tida por essas pessoas como subversiva e ilegal, ou polo menos antipatriótica e impolítica, merecedora de diversas formas de repressom, incluída —é umha postura benévol—a emascarada sob a forma de tratamento psiquiátrico, já que nom falta quem considera que essa dissidênciam é, pura e simplesmente, cousa de tolos.

Sobre essa base, claro que nom cabe concórdia, diálogo nem convénio algum. Os filólogos nom som médicos, e constitui um caso de intromissom e intrusismo a conduta de tais calificados, que, se nom podem esmagar, desejam recluir o adversário ideológico. Nesta matéria, —di-o a razom e confirma-o a experiência— nom cabe o Partido único. Toda uniformidade coactiva, apoiada num Decreto de Unificaçom, está condenada ao fracasso, por muitas almas rendidas que poda haver no nosso país, como cria o pensador castelhano. Como nom se recorra à prática da traqueotomia, será impossível acalar as vozes que protestem.

Se hai vontade de concórdia por parte do poder público, este deve começar por rectificar a sua política. Tem que substituir a sua doutrina de «um monarca, um império e umha espada» por umha política de pluralismo ideológico que respeite a oposiçom e que confie numha unidade flexível, possível no futuro pola decantaçom em soluçons harmónicas das teses em presenza, nengumha das quais pode ser objecto de perseguicôm legal ou de abafamento económico. A subsistênciam das opinions discrepantes apesar das excomunhons e paulinhas, a mesma celebraçom deste encontro, provam que fracassaram os objectivos do pacto que pretendia resolvê-lo todo mediante umha diarquia ditatorial, e que procede a *restitutio in integrum* para promover um progresso fundado no respeito à liberdade.

Entenda-se, pois, que o feito de que a política lingüística em matéria normativa tenha sido equivocada e se revelasse inoperante, nom significa, ao nosso parecer, que deva ser substituída simplesmente por outra de signo contrário. Nom é que o Decreto Filgueira, inspirado polos isolacionistas, deva ser substituído por um Anti-Decreto Filgueira, ou um Decreto Anti-Filgueira, inspirado polos reintegacionistas. Nom se trata de que umha ditadura deva ser substituída por outra. Trata-se de que a Administraçom, ou o consórcio cultural que ideologicamente a amamanta, renunciem ao seu dirigismo autoritário e admitam umha natural evoluçom das opinions sobre a matéria, fundada no livre câmbio de experiências. Como nom hai religiom de Estado, nom deve haver normativa oficial religiosamente obrigatória. Do mesmo jeito que um governo conservador reconhece a licitude de umha oposiçom socialista, e se livram cantidades pressupostas para os devengos dos legisladores dessa oposiçom, um governo, de qualquer classe que seja, nom pode negar as subvençons previstas para as actividades culturais a grupos ou pessoas que nom professem ou nom finjam professar as ideias lingüísticas que umha Administraçom equivocadamente confessional decidiu erigir em dogma. Isto é confundir o estatal co social, isto é confundir um regulamento administrativo interior com umha lei de carácter geral. Umha matéria que se relaciona coa mesma image que se tem sobre o que é e debe ser o galego, sacramento que nos

caracteriza, non pode resolverse coactivamente. Non é umha questom de Estado, mas umha questom social. O Estado –ou seja, a Administraçom autónoma– deve registar a realidade social, non totalitariamente modelá-la. Hai anos, a autoridade administrativa regulava as formas e medidas dos trajes de banho. Esse tipo de Administraçom, que fazia redadas nas praias e conduzia em camions à Comissaria as banhistas que circulavam ou permaneciam nas praias sem albornoz, tem umha continuaçom na interpretaçom dos que crem possível resolver consoante os princípios do despotismo ilustrado problemas vivos no organismo social.

Um simples regulamento interior pode instruir à burocracia dependente das correspondentes conselharias sobre a normativa lingüística que lhe cumpre observar nos documentos oficiais. Mas non procede que os galegos em geral, mesmo os que temos demonstrado algumha competéncia em matéria lingüística e algumha preocupação polos problemas do nosso país, sejamos intimados para submeter-nos a umha autoridade político-professoral sob pena de sermos fustigados de férula de dómine, como insensatos e indisciplinados doutrinos.

Pode ser que alguns dos que me escutam e talvez se sintam próximos à minha postura crítica no que di respecto à política da actual Administraçom, estimem que está já todo dito, ou pouco menos; que este programa de liberdade e livre competéncia das distintas opçons é suficientemente operativo para conduzir-nos a umha ordenaçom espontânea da realidade lingüística, e que mesmo temos tratado com excesiva prolixidade o problema formal da normativa, cando –*that is the question*– o verdadeiro problema é o da normalizaçom.

Este enfoque considera essencial a implantaçom social do idioma, e acidental o problema da sua regulaçom técnica. Chama normalizaçom aquilo, e normativizaçom isto. Crê que hoje é aquel o problema posto, e que, resolta a normalizaçom, a normativizaçom fará-se de seu no momento oportuno. Mal podemos atingir umha norma ajeitada para estandardizar

a nossa fala, se non conseguimos antes que realmente essa fala seja a nossa. Expomo-nos a sonhar na utopia de regular a vida de um morto, porque mentres discutimos o regime a que deve sujeitar a sua conduta, a sua existéncia vai-se-nos das maos. O importante é, pois, non se temos de escrever geral com g ou x, e se temos de conjugar o verbo viver de acordo coa segunda ou a terceira conjugacjom; o importante é que a sociedade galega fale e escreva galego a todos os níveis. Logo já se resolverá o problema da normativizaçom.

Nesta doutrina coincidem alguns nacionalistas galegos com muitos nacionalistas castelhanos. Adiar o problema da normativizaçom, suspender as discussons sobre este ponto, é conferir vantage à normativa oficial. Se suspendemos a nossa loita pola autenticidade do idioma, favorecemos a consolidaçom da situaçom oficial. Imos concentrar-nos em conseguir que a gente fale e escreva em galego. Mas, em que galego? Se non existisse umha norma privilegiada polo poder oficial, teria sentido essa preferéncia. Mas tal como está situaçom, non hai igualdade de oportunidades. Mentres se adia a propaganda de umha normativa, o ensino e a literatura oficial afiançariam de tal jeito a regulaçom decretada, que, cando hipoteticamente lograda a normalizaçom, procedesse pôr o problema da normativizaçom, seria sumamente difícil depor aquela da sua privilegiada posiçom, que lhe teria permitido, durante a trégua outorgada, afiançar-se, ainda coa sua anti-histórica fasquia, polo uso coactivo prolongado, de jeito que haveria que desmontar todo o aparelho que a sustentava para nivelá-la em oportunidades coas opçons competentes. Assi que umha postura nacionalista castelhana non pode hoje, se é realista, propugnar táctica melhor.

Por outra parte, non pode haver implantaçom geral do idioma no país –o que se acostuma chamar normalizaçom– sem algumha forma de normativizaçom, por mui flexível que seja. Se temos de falar e escrever em galego, temos que fazê-lo de algum jeito, de forma que as diversas images que do galego tenhamos, entrem em livre certame. E, segundo

o nosso critério, o poder político tem que ser imparcial, e non pode apresentar-se como beligerante nem como juiz, mas como notário que regista o resultado do debate, e mentres este se celebra, como garante da igualdade de oportunidades dos intervenientes. Segundo fica dito, eu non creio que deva existir nunca um código sagrado que reja a práctica lingüística. Todas as instituições, mesmo as oficiais, todas as pessoas son donas de articular formas de conducta lingüística de uso interior, mas sem que os funcionarios que pagamos os membros da comunidade podam rejeitar um documento que se lhes apresente ou negar umha subvençom a umha empresa que se lhes propom, porque esse documento ou essa empresa testemunhem ou propugnem umha normativa lingüística que difira da promovida para o uso desses mesmos funcionarios.

Fique claro que non se impugna o domínio legal de umha oligarquia para favorecer o domínio legal de outra oligarquia mais ampla, nem sequer o de umha democracia totalitária. Se o pacto Ribbentrop-Molótov que permitiu a desmembraçom de Polónia, fosse ampliado e se transformasse num pacto Ribbentrop-Molótov-Roosevelt-Churchill, ou mesmo subscrito pola maioria relativa, ou pola maioria absoluta, ou praticamente pola totalidade dos pessoeiros –ainda legítimos– das diversas potências; mesmo se tivesse sido acordado unanimemente pola Assembleia Geral de Todos os Povos do Mundo –coa excepción de Polónia, entende-se–, a destruiçom daquel país non ficaria legitimada, e continuaria a ser um atropelo, pois os direitos humanos, os dos individuos e os das colectividades que instituem, son anteriores a toda legislacjom, e esta somente se justifica, coas limitaçons que supom para a liberdade, enquanto garanta aqueles direitos.

Aprovo, pois, todas as reunions, conferências, seminários e convénios, concórdias ou pactos que queiram celebrar-se. Toda discussom é frutífera, sempre que se chegue a ela com ânimo de ilustraçom e non revista o aspecto de umha exhibiçom pública de capacidade retórica e dialéctica apoiada por coros de apaixonados encirradores dispostos a esgançar-se em berros de exaltaçom e denigraçom entusiástica. Mas os úteis acor-

dos que polos sectores especializados ou interessados podam adoptar-se, haverám ter carácter de recomendaçons, pois –como fica mais que suficientemente estabelecido– non cabe umha decisom oligárquica nem demagógica que imponha umha soluçom capaz de abafar a espontânea evoluçom do problema. Se a razom non no-lo desse a entender, a história seria davondo para amostrar-nos a eficácia dos decretos de unificación.

Temos de deter aqui as nossas consideraçons a propósito dos problemas da normalizaçom lingüística neste país? Bem poderíamos fazê-lo, pois temos marcado o método que cremos ajeitado para defrontar os temas propostos, e como non podemos admitir um código obrigatório imposto por ninguém, seria bastante com ter sugerido que caminho havería que seguir para melhorar a situación presente. Mas, ainda que de um ponto de vista geral, quiçá proceda indicar que horizonte é o que contempla a posicjom em que me acho ubicado, sem descer a marcar etapas tácticas de aproximaçom à meta imaginada. Esse traçado de avanços graduais –ou entom de radicais inovaçons– corresponde mais bem às pessoas que desempenham um papel activo na cultura galega.

Creio que qualquer que seja o programa de normalizaçom e normativizaçom que em definitivo se enxergue, haveria que esclarecer de antemám que relaçom se admite ou se projecta entre o galego e o castelhano. Seja a que for a filosofia que professemos sobre o valor social do monolingüismo e do bilingüismo, e os limites entre bilingüismo como comutabilidade entre duas línguas e diglossia como reparto de zonas de uso entre elas, parece razoável partir do feito de que o nosso problema para o presente e para o futuro previsível está condicionado pola presenza do castelhano. Admitido esse feito, a questom da normalizaçom social do galego é umha questom de diglossia. Hai que ganhar ou recuperar para o uso normal do galego aqueles sectores sociais que hoje tenhem como língua normal o castelhano. A língua própria de Galiza é o galego, segundo declara o mesmo Estatuto de autonomia, e esta formulaçom legal deve ter as suas consequências sociais, ainda dentro dos atrancos que produz

umha legislaçom estatal residuariamente centralista. Mas sobre o campo de uso que deve cobrir a língua galega cabem duas posturas.

Umha postura considera o galego como umha língua «regional». O seu uso nom se prevê como assobardando os limites das provincias que constituem a comunidade autónoma. O galego entom nace e morre nesse âmbito provincial. É umha língua doméstica, cuja vigênciā nom pode exceder o marco da divisom provincial de 1833. Para actuar fora desse marco, os galegos disponhem da língua estatal.

Esta concepçom do galego, que o afasta da comparecência nos foros internacionais, nom é económica. Supom conferir ao galego a condiçom de língua B, reservando o estatuto de língua A para o castelhano. No mundo actual, de intensa actividade internacional, umha língua confinada em estreitos limites funcionais e geográficos carece de porvir. A língua A assumiria as funçons da língua B, elaborando se é preciso um registo ou dialecto em que a antiga língua regional subsista em certos traços substratísticos. O proceso de castelhanizaçom do galego prosseguiria inexoravelmente, ainda que umha artificiosa montage administrativa sustenha por mais ou menos tempo e em mais ou menos caracterizados níveis a fala minoritária. O galego terá um destino semelhante ao do gaélico, ou ainda mais desditoso, porque as diferenças entre umha língua céltica e umha língua germânica dificultam a contaminaçom do irlandês polo inglês numha medida que nom admite parangom coa resistênciā que pode opor ao castelhano outra fala romântica e hispânica com ela emparentada estreitamente.

Mas se o galego é a língua da naçom galega, o galego nom pode admitir como definitiva a subordinaçom ao castelhano em nengum aspecto social. Esta é a posiçom normal dos galegos, coa excepçom de um grupo pequeno, mas bem situado, de afectados polo síndrome de Estocolmo. Em conseqüênciā, a recorrênciā, para o amelhoramento da fala –tal como no-la conservou ou perturbou um secular abandono– às instâncias temporais e espaciais que nos mostram o idioma em estado

de autárquico desenvolvimento, nom só é lícita, mas necessária, pois a desmembraçom dos sistemas lingüísticos da periferia peninsular, face ao mantimento unitário do bloco central coa sua projecçom ultramarina, supom a aplicacôom de umha política discriminatória sem fundamento moral. A história do desenvolvimento e expansom do galego é, de acordo coa doutrina de Menéndez Pidal, essencialmente paralela à do castelhano. Nom podemos dizer que o castelhano de hoje se reduza à fala de Villarcayo; mas se na bacia rioplatense se fala o mesmo idioma que em Villarcayo, haverá que admitir que na bacia amazónica se fala o mesmo idioma que em Rianjo, sob pena de considerar que é falso para Santiago de Compostela o que é verdadeiro para Madrid.

Podemos ater-nos a umha norma galega dentro do sistema ibero-romântico ocidental, como os valencianos, se assi o desejam, podem ater-se a umha norma valenciana dentro do sistema ibero-romântico oriental. Mas nom se pode considerar que castelhano e andaluz som realizaçons de um mesmo sistema lingüístico, e que na franja atlântica sejam outras leis as que regem a realidade idiomática. Os problemas de soberania política nom podem afectar as definiçons culturais.

Esta realidade está-se impondo, bem que parcialmente, mesmo nos meios controlados polo aparelho oficial, onde se estám naturalizando empréstimos léxicos da língua padrom do nosso vizinho meridional, porque de outro jeito haveria que manter e reforçar a dependênciā do castelhano. A necessidade de reconversom da nossa assilvestrada fala popular e o imperativo de sinecismo que exige o principio de economia internacional, operam inexoravelmente nesse sentido. De jeito que na prática nom som tam encontradas as posiçons extremas das escolas em litígio, pois cada vez se apresentam mais como concentradas na questom ortogràfica, e esta é um puro problema de pedagogia.

O essencial, pois, conforme se vai vendo, é reconhecer que nom tem possibilidades de pacífica vigênciā umha política que fecha os olhos à realidade da existênciā de umha vigorosa oposiçom aos critérios decre-

tais. Essa evoluçom desde arriba, essa perentória pragmática resolutiva nom conseguiu liquidar o problema. Nom todos os galegos a aceitarom como umha declaraçom pontifícia ou umha decisom conciliar.

Nom todos os galegos. Certamente, si alguns. Pessoas que nos seus tempos de generosa mocidade denunciavam airadamente as descalificaçons que com um sentido inadmissível da deontologia formulavam outras pessoas em ocasions inoportunas, pronunciarom eventualmente, ao chegarem a *l'âge de raison*, a profissom oficial de fé, forçadas pola necessidade ou aconselhadas polo ceticismo, para integrar-se no garimoso mundo do estabelecido. Isso é problema delas. Mas excede o problema individual a conduta de algumhas editoriais que acomodam os nossos clássicos à normativa decretada, como se até os mortos tivessem que erguer-se das suas tumbas para prestar juramento de póstuma e retroactiva fidelidade à citada ordenaçom. Ao circularem estas ediçons entre os alunos de língua e literatura galega, cria-se na mente dos mesmos umha image falsa do que os nossos escritores forom, do que os nossos escritores escreverom, ao serem convocados mediante nigromântico esconjuro para que acudam desde o além a prestar acatamento a umha lei que nom conhecem; espécie de lúgubre ressurreiçom que pom em marcha umha santa companha sacrílega. Macabro *flash-back* que invejaria a mais arrepiante superproduçom cinematográfica de terror.

Nom vou prolongar artificiosamente estas consideraçons. Muitas das cousas que me ouvistes, sem dúvida se dixerom e se debaterom nas sessons deste encontro. A minha participaçom no mesmo neste momento final nom pode ser entendida de outro jeito que como corroboração do interesse demonstrado e dos esforços realizados para melhorar a situaçom do galego. Esta é realmente crítica encanto está em perigo de desnaturalizaçom e arrincoamento como consequênciа de umha deformada image da sua essênciа. Esta imagem é o resultado de umha acomodaçom, às novas circunstâncias legais, da velha tendência centralista segundo a cal o Estado espanhol devia exprimirse numha só língua oficial, a língua espanhola, que era, naturalmente, a castelhana, porque

foi Castela a estruturadora do Estado unitário. Reconhecida a legalidade do regime autonómico, este centralismo tivo que rectificar a sua doutrina. Entom revestiu a forma de neo-regionalismo. A língua do Estado continua sendo a língua castelhana, mas nas nacionalidades históricas o castelhano avém-se a compartir a sua oficialidade coas línguas nacionálitárias, próprias desses territórios –constituídos inescusavelmente por províncias–, línguas que nom podem exceder na sua cooficialidade os limites das províncias agrupadas para integrar a comunidade autónoma.

Explorando ao máximo as possibilidades legais, promovendo a modifiçaçom da legalidade no que seja justo, hai que submeter o idioma galego à preparaçom necessária para a sua plenitude usual. Nom podemos limitar o seu funcionamento a ocasions subalternas ou subsidiárias. Se noutrous territorios do Estado hai umha continuidade histórica na fala, umha persistênciа na escrita, umha avaliaçom social da língua própria superiores às que se dam em Galiza –é o caso de Catalunha–, objectivamente o nosso é o romanço periférico com mais apoio volumétrico para subsistir. O catalám e o basco podem ser arrincoados nas respectivas províncias, incluindo se se quer no primeiro o rossilhonês e no segundo o labortano. Mas o caso do galego, pola sua expansom, é semelhante ao do castelhano. Umha política repressiva franco-espanhola pode sonhar com reducir a zero o uso do eusquera e o catalám. Mas se essa classe de política –pura hipótese– reduzisse a zero o uso da nossa língua na nossa terra, o nosso sistema lingüístico subsistiria nas formas adoptadas nos territorios que o galego culturalmente colonizou. Pois, como dizia Castelao, «o galego é um idioma extenso e útil, porque com pequenas variantes se fala em Brasil, em Portugal e nas colónias portuguesas». Assi, as circunstâncias favoráveis objectivamente à subsistênciа do galego, só admitem parangom coas do castelhano, e nom coas do eusquera e o catalán polo que se refere à expansom e número de utentes dos sistemas respectivos; e unicamente a deixaçom dos galegos poderia ser causa de que o galego fosse suplantado polo castelhano numha parte do territorio em que se formou. Umha parte só, porque o galego se formou a ambas as beiras do Minho.

O nosso é, pois, um dos grandes idiomas de cultura, o segundo em volume de falantes dentro das línguas românicas, e assi como as distintas formas, peninsulares e extrapeninsulares, do castelhano, que som muitas e mui variadas, mantem a sua unidade sistemática e intercambiam influências e experiências, assi o galego, por razons de economia histórica e social, há aproveitar os logros das demais normas do complexo hispânico de que é torgo, e manter a identidade essencial dentro do mesmo e coas demais realizaçons do mesmo, evitando inúteis ou custosas arbitrariedades nas soluçons dos seus problemas cando outras formas do sistema lhe dam feitas e consolidadas as que por coerênciia, harmonia e economía lhe conferem craveira do idioma internacional.

Enfim: o problema do galego é um problema de modernizaçom, é um problema de reconversom. Por motivos históricos, chegou até nós como fala popular num estado que o fazia injeitado para o seu uso a todos os níveis numha sociedade moderna e num foro internacional. As tendências cooperativas e federativas que na ordem política e sobretodo na económica –se é possível distinguir estas esferas– regem hoje as relaçons entre os povos, vam reduzindo as línguas de uso internacional a umhas poucas, e a importânciia que o factor internacional tem na vida actual dos povos tende à relegaçom das falas que nom som competitivas. Esta ameaça, à qual tenhem que fazer frente línguas de âmbito reduzido, como o catalám e o eusqueria, nom asseja ao galego, representado fora de Espanha, em Europa, Ásia, África e América por formas modernas das quais nom tem nada que temer. Impom-se como natural a cooperaçom com todas as variantes do sistema, sem prejuízo de conservar com dignidade e orgulho as características originais que algumhas destas variantes perderam, mas nom empenhando-se em defender como próprio o que os accidentes históricos incorporaram como formas de adstrato ou superstrato perturbadoras da autêntica estrutura.

Mas toda esta política, a de manter o galego como língua competitiva e rendível, supom a negaçom de um galego burocrático, de um código lingüístico corânico orientado polo receio às osmoses que o nosso idioma

pode suster com relaçom a ramos do mesmo tronco que hoje se sustentam sobre terras nom submetidas à mesma soberania estatal. Nom podemos os galeguistas compartillar esses receios. As palavras, como os páxaros, voam por riba das fronteiras, e as línguas nom se constrangem aos limites administrativos, de resto sujeitos a possíveis variaçons. Fala-se o catalám em territórios politicamente espanhóis, franceses, andorranos e italianos. Renunciamos a formular o censo de unidades políticas em que o castelhano, nas suas diversas formas, é língua oficial ou comum.

Só é preciso que a cooperaçom que muitos galegos estám dispostos a desenvolver para defrontrar os problemas presentes e futuros do galego, se faga em condiçons de igualdade e liberdade. Se o que se pede é pura obediênciia, esses galegos responderám que nom lembram ter feito voto algum de especial submissom a nengumha autoridade pontifícia, e que crem representar fielmente a tradiçom de Murguia, Viqueira e Castelao, que à sua vez se funda na de Feijó, Sarmiento e Pintos. Afogar, pois, a sua voz, é afogar a dos clássicos do galeguismo. Os tempos podem aconselhar rectificaçons, mas mentres nom se declare francamente que se condena a ideología desses clássicos, nom cabe negar o direito dos seus seguidores a exercitar e propagar a sua doutrina.

Oxalá que este encontro tenha contribuído a restabelecer um clima de comprensom entre todos os galegos interessados no problema, que lhes permita colaborar na defesa e promoçom da nossa língua. Cando menos os que estiverom presentes e contrastaram as suas opinions, terám enriquecido as suas ideias, afortalando-as ou modificando-as por um maior conhecimento do pensamento do próximo. É umha boa base para conseguir umha superaçom das diferenças que afastam as posiçons distintas, e procurar umha inteligênciia dentro da pluralidade. A isto é ao que hoje podemos aspirar. Avonde-nos com fazer frente aos problemas de hoje. Mas para que haja colaboraçom leal, esta tem que produzir-se dentro dos postulados jurídicos que som a base da vida colectiva moderna nos países que de um jeito ou outro se consideram filhos da revoluçom que inicia a contemporaneidade: o postulado da liberdade e o postulado da

igualdade; aos quais, superando agrávios e pessoais rancores, devemos acrecentar o outro elemento da tradicional trilogia, que já nom pertence ao campo do direito, mas o campo da moral: o postulado da fraternidade, naturalmente.

Santiago de Compostela, 20 de Abril de 1986



O autor e Rafael Mouzo, alcalde de Corcubión: conferencia sobre Castelao,
10 de setembro de 1984.



Rianxo: Homenaxe a Castelao organizada por AGAL (1986)

CASTELAO AGORA E SEMPRE (1986 [1989])*

Universidade de Santiago

Castelao agora reclama especialmente a nossa atençom enquanto este ano se cumprem cem do seu natalício. É boa ocasiom para repormo-nos os problemas que a sua personalidade, tam rica e fecunda, suscita. Assi que este Congresso está sobejamente justificado. Que eu seja quem abra com umha liçom inaugural a série de ponências e comunicaçons previstas, nom me é, claro está, imputável, porque nom fago outra cousa que obedecer o convite da Comissom Organizadora. É umha prova de estimaçom que nom podo menos de agradecer, ainda que o encargo que se me fai me obriga a intentar umha aproximaçom, umha introduçom a Castelao que, conforme os desejos, cortesmente exprimidos, dos convidadores, haverá de contemplar macroscopicamente a figura profética do nosso Daniel, como humilde pórtico erigido respeitosamente em calidade de entrada ao edifício de firmes alicerces científicos que os especialistas vam construir. Gostaria eu de somar-me a estes e achegar um pequeno contributo, forjado cos instrumentos que o meu ofício me habituou a manejar, em troca de traçar o mapa a grande escala que prepare os assistentes para a viagem através dos muitos caminhos que a personalidade de Castelao nos convida a calcar. Mas defronto a tarefa que se me assinalou, sem preocupaçons de luzimento, e desde logo coa natural emoçom em quem foi, como outros galegos comigo sobreviven-

*. Este discurso inaugural do Congreso dedicado a Castelao no centenario do seu nacemento (24-29 Novembro 1986) foi publicado nas *Actas Congreso Castelao* [Justo G. Beramendi e Ramón Villares, eds.], Universidade de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Fundación Castelao, 1989, páxs. 9-19 do vol I. O autor incluíuno en *Escritos sobre Castelao*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1989, páxs. 9-23, de onde o recollemos.

tes da desfeita dos tempos, amigo, colaborador e discípulo de Castelao, emoçom acrecentada polo feito de que esta homenagem que se rende ao grande home, e na que eu devo pronunciar, como estou pronunciando, as palavras do introito, tem como lugar de celebraçom um recinto para mim sagrado, ainda que profanado muitas vezes, ao que tivem acesso por primeira vez hai agora sessenta anos –nada menos–, cando cos dezasseis nom cumpridos ingressava como aluno na Universidade em que havia outer duas o grau de licenciado.

Castelao mito

Castelao nace o ano que segue ao da morte de Rosalia, cando se esperava o nacemento de umha criatura, filha póstuma do rei Afonso XII, que, de ser varom, herdaria a coroa de Espanha e levaria o nome do seu pai, como assi foi. Por isso Castelao, da mesma idade de Afonso XIII, levou o nome do que foi rei desde o mesmo dia do seu nacemento. Entre o falecimento de Afonso XII e o reinado de Afonso XIII houvo um breve interregno. Exercia a regência a viúva real, dona Maria Cristina de Habsburgo-Lorena, e era princesa de Astúrias e herdeira do trono enquanto nom assumise eventualmente esse título um futuro possível irmao varom, a criança real dona Mercedes, a maior das duas filhas do rei defunto.

Umha situaçom paralela produzia-se no reino dos mitos ou símbolos de Galiza. Uns meses separam a morte de Rosalia do nacemento de Castelao, que havia ser o sucessor daquela no sólio da representatividade galega. Tamém hai um interregno nesta esfera. Ainda que haveria que esperar o advento do século XX para que Castelao assumisse realmente o papel que como defensor e intérprete do povo galego desempenhava com anterioridade Rosalia.

Temos aqui umha linha dinástica de popularidade e de representatividade galega que nem antes nem depois regista mais nomes. Claro está

que estes, os da autora dos *Cantares* e o autor das *Cousas*, pertencem ao campo da cultura, mas entendendo este termo na sua mais ampla significaçom. Porque ainda que Rosalia e Castelao forom criadores artísticos, escritores ambos, e o segundo pintor e desenhista, a sua assimilaçom polo povo galego como figuras representativas nom se funda na perfeiçom técnica da sua arte, mas no que nela hai de reflexo, por umha banda, da realidade essencial do seu país, e por outra da defesa que do mesmo se contém nessa obra.

Decerto que houvo muitos artistas galegos que com maior ou menor fortuna reflectirom a realidade galega, e uns poucos que cultivaram umha arte reivindicativa dos valores da colectividade. No entanto, a fortuna de Rosalia e Castelao como encarnaçons daquela realidade e campeon daqueles valores excede a qualquer outra fortuna. Reduzindo-nos ao terreno da literatura alcançaram feliz êxito um Curros, um Pondal, um Cabanilhas, um Otero Pedraio. Mas com gozar estes catro escritores –e outros, em nom pequeno número– de fama e simpatia indubitáveis por parte dos galegos, nengum deles, nem sequer aqueles que forom objecto freqüente de homenagens colectivas, como Curros e Otero, passaram os limites que separam os homes celebrados e queridos, dos heróis elevados a categoria de génios familiares, de lares ou manes instalados apoteosicamente na galeria de antepassados e no panteom nacional de potências protectoras e espelhos reflectores das essências da etnia.

Na realidade, estas duas pessoas, Rosalia e Castelao, forom escolhidas pola consciênciam nacional para a heroizaçom, para a beatificaçom; e assi ocupam lugares sobranceiros no templo das nossas liturgias e nos altares das nossas devoçons comunitárias.

Enfim, Rosalia e Castelao forom objecto de mitificaçom. Bouça Brei ou Paz Andrade escreverom sobre as vidas daqueles, e graças a esses e outros biógrafos conhecemos em linhas gerais –e às vezes em concretos

pormenores— as incidências dos seus passos pola terra. Mas além das suas vidas, ainda que como sublimaçom das mesmas, estám as suas lendas, quer dizer, a projecçom, nos céus dos impulsos idealizadores, da sua realidade humana, transformada em sacralizaçom arquetípica.

Algo houvo, pois, em Castelao que nom se dava, ao menos com igual intensidade, nos outros petrúcios mencionados. Curros, Pondal, Cabanilhas, Otero som figuras de importânciá capital na história da literatura galega, e os catro tiverom admiradores entusiastas e devotos amigos. Mas Castelao é sentido polo povo galego como algo mais que um político. Forom essas actividades, desde logo, as que lhe fornecerom os caminhos polos que logrou penetrar na mente e na entranya cordial do povo galego; mas isso foi possível porque o povo galego percebeu nesas actividades, um grau superior, a galeguidade. Castelao foi talvez um grande artista, um grande escritor, um grande político. Cada quem é dono de crê-lo ou non crê-lo assi. Mas o povo que o conheceu, o povo que tivo acceso à sua vida e à sua obra, na terra da sua crucifixom ou no céu da sua glória, tivo-o, sem vacilaçom, por um grande galego. A Galiza viu-se reflectida nel. E admirou-no e amou-no com amor próprio.

Isto é o que hai de natural e sao na “mitificaçom” de Castelao. Se se quer, umha cristalizaçom, como a que na teoria de Stendhal sofre o ramo de abeto que se transfigura na mina de Salzburgo. Assi que se trata de umha visom verdadeira de um feito complexo no que se tem isolado a essênciá, a entranya, prescindindo da casca intranscendente, accidental e anedótica. Non tem pois, sentido *demitificar* Castelao. É justo separar na sua vida o verdadeiro do falso, e na sua obra o relevante do irrelevante. Mas a apoteose com que o seu povo o honra é um dado mais que ter em conta para compreender a sua personalidade e traçar historicamente a sua figura. Essa apoteose rende-nos valiosa informaçom, porque autoriza ao nosso home como congenial co seu país.

Castelao e Galiza

Esse país nom tem umha consciênciá unitária. Ainda que as rápidas transformaçons dos dias que correm, estám pondo em questom muitos dos nossos tópicos antigos, é evidente que na Galiza moderna duas etnias convivem. A etnia da cultura tradicional, elevada dificultosamente do nível popular ao nível ilustrado polos esforços de umha aristocracia intelectual, e a etnia da cultura importada. Aquela, mesmo na sua sublimaçom mais consciente, espiritual e distinguida, tem por língua a galega, que em virtude de um inexorável processo dialéctico deve caminhar para a depuraçom de elementos exógenos ou para a resignada ou inconsciente confusom coa língua do Estado. A etnia da cultura importada, herdeira de sangue ou de adopçom dos chegados de fora, fala a língua destes. Castelao consagrhou o fundamental da sua obra a dar voz ao silêncio de séculos da etnia primitiva, a que conservou a fala própria, e a advogar, como desenhista, como escritor, como político, polos interesses espirituais e materiais desse mesmo grupo social. E esse grupo reconheceu-se em Castelao. E por isso Castelao foi o sucessor de Rosalia.

Esta modesta meditaçom nom pode converter-se em exercício retórico ou em discurso político. Assi que haverá que fazer certas pontualizaçons para que nom se confunda co que nom quer ser. Hai, pois, que insistir no feito de que umha grande parte dos avizinhados nesta comunidade autónoma, protegidos polas leis constitucionais, se sentem alheios a essa comunhom na adesom à pessoa e à obra de Castelao que caracterizamos como expressiva dos sentimentos dos galegos. Os galegos que se interessam cordialmente pola vida e a obra de Castelao, som, em princípio, aqueles que inconsciente ou conscientemente obram e vivem como galegos e estám marcados pola condiçom de tais. Mas, sem ânimo de negar a ninguém credenciais de cidadania galega, parece-me que, culturalmente falando, é esse grupo que actua e existe, na medida do possível, dentro dos limites da continuidade histórica e do património local, o que aos efeitos que consideramos representa a Galiza.

Essa Galiza é a que hoje estuda ao mais querido dos seus filhos, ao que gozou em vida de umha popularidade mais ampla e sustida. Porque a sua consagraçom à sua terra foi ainda mais constante que a de Rosalia, e nesse sentido entranhou-se na vida do seu povo ainda mais que a autora dos *Cantares*. Bem que em Castelao, como em tantos outros pessoeiros de Galiza, havia gotas de sangue forasteiro, a sua traça individual, os seus acenos, a forma interna da sua conversa, eram, como os seus costumes, tipicamente galegos. Qualquer marinheiro de Rianjo, qualquer paisano da Amaía podia comodamente dialogar ou conviver com Castelao, cujo repertório ceremonial de conduta, cujas formas de comunicaçom social, eram natural e fundamentalmente as mesmas da gente do mar e da terra à que pertencia a sua estirpe. O seu humor popular, a sua afectividade expansiva suscitavam confiança. Nunca adusto, jamais soberbo, em nenhum caso pedante, provocava a simpatia e a admiraçom do seu interlocutor pola sua cordialidade singela e a sua faiscante palavra.

De por parte, operou tamém significativamente nessa aceitaçom de Castelao polas camadas populares do nosso país, o feito de que o escritor, o orador, o humorista, empregasse sempre, tam natural como sistematicamente, a fala desse mesmo povo como instrumento de criaçom literária e veículo de comunicaçom coloquial. Nom me estou referindo a um uso, propositado ou irreflexivo, da fala tal como a ouvia ao seu redor na boca das gentes que a receberam por tradiçom iletrada, ainda sólida na sua estrutura, mas profundamente erosionada nos seus paradigmas pola pressom do castelhano oficial. Nos seus escritos literários, Castelao cuida extraordinariamente a sua linguagem, e na medida em que se lhe alcança, elimina barbarismos e afina o seu léxico, de jeito que este aparece como um galego de base popular depurado por um gosto artístico que o enobrece e o transporta ao registo culto. Mas nesse idioma de Castelao, o povo reconhece-se como num espelho favorecedor. Rosalia foi toda a sua vida umha escritora bilíngüe, mas Castelao foi rigorosamente monolíngüe na expressom literária. Falou ou escreveu em castelhano –umha vez calhada a sua personalidade– cando tivo que dirigir-se a auditórios ou públicos nom galegos, com fins didácticos concretos, e nom nos

demais casos. Isto achegou-no ao seu povo, conservador dessa língua, intimamente instalado nela, ainda cando umha educaçom centralizante suscitasse na sua avaliaçom da mesma um perturbador complexo de inferioridade. Obscuramente sentia esse povo que Castelao, que tam bem o interpretava, que tam bem o conhecia, era como umha sublimaçom da sua decaída realidade, que simbolicamente o redimia da mesteriosidade que essa realidade supunha.

Um crítico minucioso poderia arguir que se está magnificando a repercussom de Castelao na consciênci popular; mas tal argúcia constituiria só umha verdade a meias. Nos tempos de Castelao havia ainda entre as classes populares muitos analfabetos e um grande número de campesinos que mal podiam, ainda que soubessem ler, consagrar umha parte do seu tempo ao gozo artístico ou literário, luxo da sociedade culta e acomodada. Mas contudo, as *Cousas da vida* de Castelao, difundidas pola imprensa, cuja penetraçom nos lugares mais afastados era já umha realidade, derom a Castelao popularidade verdadeira. De jeito que a imadurez da consciênci galega dos habitantes de Galiza, nom era já tam absoluta que umha obra tam ligada às formas de vida tradicionais e realizada mediante umha gramática tam singela e tam congenial côa mentalidade do povo, nom pudesse transmitir eficazmente a mensagem que constitui a sua substânci.

Valedor do povo

Logrou, pois, Castelao o seu primeiro impacto no público galego como artista gráfico, como desenhista satírico, como humorista, como registador de tipos e costumes, como denunciador de estigmas, como flagelador de injustícias. Lirismo, humorismo, ternura e censura, ironia e solidariedade cos oprimidos constituíom-no numha espécie de defensor do povo, que, sobre todo a partir das estampas do álbum *Nós*, foi reconhecido tamém polos ilustrados como um artista de poderosa inspiraçom social.

A sua actividade política achegou-no mais aos seus compatriotas. Se a sua intervençom nas públicas liortas da sua vila natal figerom do moço Castelao umha figura sobresaliente, mas controvertida, no reduzido âmbito municipal, já na madurez, cando se traslada a Pontevedra, desde o momento em que começa a sua actividade no seio das Irmandades da Fala, um cenário mais amplo acolhe a sua actuaçom, que ecoa em toda a nossa terra desque consegue a sua primeira acta de deputado a Cortes. Orador mui eficaz, que preparava cuidadosamente os seus discursos e os recitava com grande sentido da receptividade do ouvinte e espectador, chegou a ser a mais popular das figuras políticas de Galiza, ao mesmo tempo que conquistava, coas suas obras literárias dos anos da República, o sufrágio dos intelectuais, que descobriam um grande escritor no que já todos consideravam um grande artista.

Do modernismo ao expressionismo

Nom creio que se poda desdenhar a obra pictórica de Castelao, que é resultado de umha vocaçom espontânea e de umha educaçom autodirigida. Os óleos e as aguarelas de Castelao inserem-se dentro da corrente modernista que produziu na nosa terra tantos excelentes pintores. Hai nas mais antigas destas obras um realismo costumista já mui alongado do que dominou a obra dos pintores decimonónicos do tipo de Dionísio Fierros. Como no caso de Corredoira, trata-se mais bem de umha utilizacjom dos motivos locais focados de umha perspectiva que descobre neles o atractivo do exótico. Tem-se passado da interpretaçom romântica e naturalista do galego, ao jeito de um Nicomedes Pastor Díaz ou umha Emilia Pardo Bazán, a umha interpretaçom estilizante, como a romântica, e pintoresquista, como a realista, mas que procura um distanciamento estetizante e umha idealizaçom arquetípica do objecto inspirador, de forma que o assunto é tratado dentro de umha sorte de transfiguraçom simbolista. Agora o correlato literário, e muitas vezes o estímulo directo da obra plástica, é a narrativa lírica –quer dizer modernista– do Valle-Inclán novo: um “regionalismo modernista”, mui aparente no verso e na prosa de alguns

dos amigos escritores do Castelao mais antigo: um Fernández Mato, um Rei Soto, o mesmo Fernández Flórez. Ainda que defendida eficazmente do decadentismo polo vigor da sua raizeira popular, a arte de Castelao nesse género, ou nessas técnicas, e nesses anos, possui as características do estilo de moda no marco geográfico em que trabalhava, que era o estilo modernista. Mesmo as estampas em que o Paranhó se estiliza ao jeito das paisagens das estampas japonesas, ou se desdibuxam entre manchas de cor as nenas que brincam à roda num parque, bosque ou vergel, está presente o gosto da época da formaçom de Castelao. Nom prosseguiu Castelao muito tempo por este caminho, ainda que esta educaçom modernista permaneceu sempre como um substrato da sua interpretaçom artística do mundo, pronto a aflorar cando o assunto da obra serôdia –talvez imposto por exigências laborais– o permite ou favorece. Mas o estilo dos seus grandes álbuns, tanto o *Nós* como os inspirados pola Guerra Civil, suponhem un avanço, ou umha imersom, na estética do expressionismo, tam natural num cultivador da caricatura e o desenho satírico, e tam interessado por Bosch, Brueghel e Huys na súa viagem a Bélgica de 1921, sem esquecer os evidentes contactos com Goya.

O génio de Castelao

Arastora, algumha voz autorizada, e alguns ecos dessa voz, pronuncian-se com certa insistência contra a tendênciam, que se julga produto de um entusiasmo acrítico, a sublinhar a condiçom genial da obra pictórica de Castelao. Se nos situamos no plano da história universal da pintura, ou da história da pintura ocidental, resulta evidente que Castelao nom figura entre os nomes dos pintores que marcam fitos na evoluçom dessa arte. Pode-se editar ou escrever umha historia da pintura em Paris, ou Londres, ou Roma, ou Berlim, em que Castelao nom seja mencionado. Ainda que a carreira de Castelao como pintor regista êxitos da importânciam da medalha de ouro na Exposiçom de Arte Galega de 1909, e mesmo da terceira medalha na Exposiçom Nacional (española) de Belas Artes de 1915, é certo que, fosse por dificuldades procedentes da sua doença dos

olhos, fosse por falta de tempo umha vez advocado definitivamente à sua actividade cívica, fosse por qualquer outra causa, Castelao praticamente interrompeu aquela carreira numha determinada altura, renunciando a procurar a culminaçom da mesma. Concentrou-se no desenho, sector no qual de tempo atrás vinha trabalhando, especializado na caricatura e o debuxo satírico, ou na estampa que podemos chamar épica, porque reflecte os trabalhos e os dias do seu povo. Mas nom se pode afirmar que Castelao tenha sido um desenhista puramente didáctico, um apóstol consagrado exclusivamente a pregar um evangelho patriótico com desprezo da estética, ou servindo-se desta como mera técnica expressiva da sua mensagem ideológica. Nom só porque nom faltam realizaçons de assunto galego dominadas por umha finalidade puramente artística, ainda que se poderia afirmar juizosamente que o assunto galego supom já um compromisso patriótico; mas tamém porque hai outras realizaçons que nom som de assunto galego, como as estampas da *Faunália* ou as mesmas de negros de Cuba. Nestas últimas, o assunto pode arguir simpatia por umha raza oprimida, mas em todo caso, por muitas analogias que queiramos estabelecer, nom se trata de propaganda galeguista, A simpatia que desde logo caracteriza a Castelao polos débeis ou inferiorizados social ou biologicamente –nenos, velhos, labradores, marinheiros–, abrange certamente os negros; mas os negros em Cuba nom se sentiam menosprezados, e, em todo caso, quem encare sem prejuízos as estampas de pretos de Castelao, há de ver que é o espectáculo exótico, o cânon estético divergente que rege a graça corporal e a mímica, assi como a paisagem da maníqua, o que atrai a Castelao para a execuçom daquelas estampas.

Castelao é um artista, e nom repudia de feito a criaçom puramente estética, ainda que no conjunto da sua obra domine a referência ao seu país. Isto é claramente perceptível na sua obra literária.

A literatura

Esta é de capital importância na história da literatura galega. *As Cousas* e os *Retrincos* som deveras fitos na história da prosa galega. Tidas em conta

as datas de composiçom dos mais antigos destes textos, posteriormente recopilados, podemos considerá-los como fundacionais no que di respeito à prosa galega do nosso século. Todo o anterior é decimonónico. Por mui interessantes ou curiosos que sejam os ensaios prosísticos de um Valhadares, um Lamas, um López Ferreiro ou um Labarta, estám mui longe da modernidade, do classicismo, da economia e da coerênciam das prosas de Castelao. Aqueles escritores parecem dirigir-se a um tipo de leitor educado ainda na confusom entre o galego e o rural. Ainda que o tema rural aparece com freqüênciam na obra de Castelao, a sua literatura nom procura sistematicamente os motivos campesinos. A sua vila natal é cenário de moitas das suas narraçons –nunca citada polo seu nome próprio–; e é a vida vilega e urbana, mesmo a que se desenvolve às portas do campo, assi como tamém em terras de imigraçom galega, a que buliga com mais novidade nas páginas deste grande narrador. Mais que na sua obra gráfica, onde achamos por vezes umha geografia temática nom galega, na obra literária de Castelao está presente como espaço ou cenário Galiza, a Galiza metropolitana e a Galiza colonial. E no entanto, esta obra literária nom se acha dominada pola denúncia profética, mas polo desejo de elevar umhas estruturas poéticas de base galega semelhante à intençom dos escritores de costumes, ainda que depuradas de todo pintoresquismo realista. Tamém neste sector da obra de Castelao podemos registrar a evoluçom do modernismo ao expressionismo. O ritmo reiterativo, a salmódia métrica de muitas das suas *Cousas* encaixam dentro das cadências e correspondências de que gostavam o simbolismo e o modernismo, tam propensos ao paralelismo musical e à melodia cromática. Mas em *Os velhos nom devem de namorar-se*, a sua derradeira obra poética propriamente dita, onde literatura, música e pintura conspiram para desenhar um espectáculo artístico tam plural e composto como o drama wagneriano, a estilizaçom tem abandonado a idealizaçom modernista para acentuar os traços em sentido expressionista.

Como pura literariedade, talvez as *Cousas* e os *Retrincos* nos dem o mais grado da arte do escritor. Este manifesta-se especialmente dotado para o relato breve, que às vezes deixa de ser narrativo e se reduz à descriçom

lírica. As *Cousas* som, neste sentido, as células autónomas, as mónadas, da sua obra literária. Os *Retrincos*, *Os dous de sempre* e *Os velhos nom devem de namorar-se* som tecidos nos que aquelas células se associam. Mesmo o romance e a peça teatral podem analisar-se desse modo. A lei que rege aquela associaçom é por via de regra a simples parataxe. Nos *Retrincos* podemos advertir umha estrutura constante, que nos conduz de umha situaçom inicial a umha situaçom final através de umha modificaçom caracterizada por um duplo nó que se desenlaça finalmente. Hai, pois, dous tempos no desenvolvimento da açom. A situaçom inicial experimenta umha modificaçom, mas esta nom nos transporta directamente ao desenlace, pois sempre aparece umha complicaçom que retarda ou dificulta aquel. O seguinte cadro facilitará a comprensom desta leitura dos relatos.

Ainda que nom excluo a possibilidade de outras análises, esta que proponho mostra a unidade dos procedimentos literários do autor, e ao mesmo tempo a concreçom e solidez das suas estruturas narrativas. Até certo ponto, os *Retrincos* som *Cousas* modificadas e complicadas, ou seqüências de *Cousas*, como *Os dous de sempre* estám compostos mediante a sucessom coordenada ou a juxtaposiçom continuada de capítulos, que funcionam à maneira de retrincos autónomos da história. No texto da peça teatral hai umha série de seqüências paralelas em todos os lances, que combinando-se segundo ordens distintas, constituem sucessons lógiças inteiramente simétricas. Enfim, Castelao nom é um romancista ao jeito dos clássicos do século XIX, os grandes criadores da forma narrativa orgânica, articulada segundo umha sintaxe hipotáctica mui complexa. O relato breve, a miniatura literária em muitos casos, é o campo em que se move com mais perícia este criador literário. Mas teríamos que ser mui prudentes se quigèssemos outorgar ou negar a Castelao o título de romancista baseando-nos no único ensaio de narrativa longa que realizou. A técnica empregada polo rianjeiro no que se refere à distribuiçom em capítulos da substânci narrativa, nom é a que adoitam os grandes mestres do romance europeu. Dentro da geraçom Nós é Otero Pedraio quem representa essa linha: a linha de um Stendhal, de um Balzac, de um Tolstoy. Mas nas origens, o romance moderno construía-se mediante a

juxtaposiçom de microrrelatos; era umha sucessom de contos emarcados. A novela “picaresca” espanhola, e antes o romance cavaleiresco, como a sua paródia cervantina apresentam umha série de aventuras do pícaro, ou do cavaleiro, que é o procedimento que achamos em *Os dous de sempre*, texto no que hai muito de “novela picaresca”.

Título	Motivo	Introduçom	Modificaçom	Complicaçom	Desenlace
O Segredo	A prova	A armazom de campanha	Morte do gaucho	Ordem de segredo	Segredo mantido
O inglês	A frustraçom	O patriotismo do narrador	Desastre de Cuba	Propósito de assassino	Salvaçom do inglês
Peito de Lobo	A reversom	Confecçom do cabeçudo	Côlera de Peito de Lobo	Reconciliaçom	Decadênci do modelo
O Retrato	A ilusom	Solicitude do retrato	Retrato realista	Rejeiçom do retrato	Retrato fantástico
Sabela	A transformaçom	Castelao nas festas	Sabela, mestra de Dança	Castelao deputado	Transformaçom de Sabela

A língua

Para findar estas consideraçons, cumpre insistir na importância que a língua galega tem na obra de Castelao. Umha grande parte da sua produçom gráfica dobra-se de umha legenda, de um comentário verbal, cando nom é o desenho o comentário, e o essencial o texto escrito. E, como fica dito, toda a obra de criaçom poética do nosso autor está em galego. Umha glorificaçom de Castelao que nom vaia acompanhada de umha glorificaçom da língua galega, é inconcebível. Castelao tem-se definido como um artista que pujo a sua arte ao serviço do seu povo; e isto é verdade ainda admitindo que umha finalidade puramente estética adjaze tamém por vezes acarom da sua obra mais comprometida. Mas tratando-se da sua obra literária, nom cabe fazer distingos deste tipo. No conjunto, a criaçom poética de Castelao nom se pode considerar directamente encaminhada a um objectivo propagandístico. Nom está,

evidentemente, dentro das características da literatura interveniente, que polos anos sessenta, como consequênciâa das circunstâncias políticas, havia proliferar no nosso país. Mas se a literatura de Castelao nom é, nesse sentido, em termos gerais, literatura social nem política, bem se pode dizer que é literatura patriótica enquanto está profundamente arraigada na vida e nos costumes da terra e enquanto o uso exclusivo nela do idioma nativo supom a declaraçom de princípios galeguistas absolutamente concluinte. E esta utilizacôom da língua galega nom responde meramente, como nouros escritores, a umha emotividade populista. Nado num meio vilego onde o galego é a forma natural de expressom, Castelao nom assume o idioma de Rianjo por simples rotina ou comodidade loclista ou superstiçom etnográfica. Move-se em virtude de princípios que confirmam o seu apego natural ao próprio. A sua conduta está fortemente ideologizada, e significa umha consequênciâa do seu.nacionalismo. Está inserida na doutrina comum a todos os membros das geraçons do 16 e o 20, as geraçons das Irmandades da Fala e da revista *Nós*, doutrina clara e inequívoca, qualquer que fosse em cada escritor a sua projecçom no terreno da prática. Castelao esforça-se por elevar a supradialectal o seu dialecto, por transformar em literária a língua coloquial. E esta língua nom é para Castelao umha língua administrativamente espanhola, encerrada em catro províncias traçadas em 1833, com umha fronteira sul desenhada pola realeza e contra a realidade em 1095 ou 1138. A língua de Castelao, o galego, nom é para a sua teoria, exposta definitivamente desde o exílio, umha lingua que troque de substância enquanto passamos pola ponte de Tui a Valen a, ou no transbordador de Salvaterra a Mon o. É, non umha língua provincial, mas umha língua de uso transcontinental, umha língua extensa e útil, pois com ligeiras variantes fala-se em todo o ocidente ibérico, e em muitos territórios de África, Ásia, América e Oceania. Estas palavras nom som minhas, mas de Castelao, que, como é sabido, propugna a aproximaçom da nossa fala ao português até confundir-se com el. O qual pode agradar ou nom agradar a quenquer que seja, mas é a doutrina de Castelao, que, como vemos, nom professava o separatismo lingüístico dos que negam a unidade sistemática do ibero-románico occidental.

Castelao sempre

Mal ficam perfiladas nas ideias que acabo de expor as características mais acusadas da personalidade de Castelao, figura sem a qual nom se pode compreender a significacôom da Galiza contemporânea. Artista que acerta a sintonizar, como Rosalia, co mais autêntico do ser do povo galego, este aderiu espontânea e firmemente à obra plástica e poética do seu grande intérprete no século que corre. A sua actividade como home público, naturalmente sujeita à crítica mais imprevisível, nom foi um epifenômeno da personalidade do desenhista e o escritor, mas, de feito, um elemento integrante da sua fasquia histórica, Hoje, umha vez morto e soterrado, ninguém ousa em Galiza negar a sua galegideade eminent. O seu sentimento e o seu humor, a sua entrega ao seu povo, a sua obra e a sua vida tam integradas na vida colectiva, figerom del um dos grandes símbolos ou encarnaçons da nossa essênciâa comunal. Neste Congresso, especialistas dos distintos campos vam fornecer-nos informaçom e interpretaçom de muitos aspectos da realidade humana que foi o nosso profético Daniel. A biografia de Castelao, o seu pensamento político, a sua obra artística e etnográfica, a sua criaçom literária, todo, enfim, canto atinge ao inesquecível e querido amigo e mestre que, como na famosa sardana, *canta dintre de la terra a falar-nos de lo passat jamai passat*, será iluminado polas ponências, conferências e comunicaçons que imos escutar. Será um tributo filial e fraternal a este rebento de Galiza que ao mesmo tempo é pai de Galiza, pois contribuiu poderosamente a formar a sua consciênciâa actual, na que nom poderá menos de viver Castelao sempre. Porque se Castelao nom vivesse, a Galiza, tal como nós a concebêmos, tampouco poderia viver.

Santiago de Compostela (Paraninfo da Universidade)

24 de Novembro de 1986

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS




SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Don Ricardo Carballo
Calero
foi nomeado socio ditivo
o 29 de abril do 1927
Sant-Iago 28 outono 1931
O Segredario Xeral
Levanti aujouralem
Visto Bon
O Presidente
J. Labera

REXISTRADO CO N.º 14

Carnet do autor como membro do Seminario de Estudos Galegos



A IDENTIDADE GALEGA NA HISTÓRIA. O PENSAMENTO CONTEMPORÁNEO. OTERO PEDRAIO: DAS IRMANDADES AO SEMINARIO (1988 [1989])*

De acordo coa Aula Castelao de Filosofía, acometo o traçado de umha ponêncía que tentará pôr de relevo como funciona o conceito da identidade galega, ou, se se prefere, o conceito da Galiza, nos anos finais da Monarquía española de dom Afonso XIII e os primeiros da Segunda República, dentro do círculo de professores e alumnos que por entón integrávamos o Seminário de Estudos Galegos. Somos já poucos os sobreviventes desse círculo, e comprende-se que os estudiosos da nossa historia, da nossa cultura e da nossa ideología que hoje se acham no vigor da sua idade, e por isso assumem naturalmente o papel de organizadores e programadores das investigaçons ou indagaçons correspondentes, se sintam especialmente inclinados a solicitar a nossa colaboraçom em quanto testemunhas que somos de uns feitos consumados, mais que como partícipes das esculcas que eles mesmos, amiúde com métodos mais modernos e apurados que os que nós aplicamos, estám a praticar sobre a documentaçom e a historiografia da época. Ainda que às vezes esfumada nalgúnha medida pola distância cronológica ou mesmo modificada pola influênciia —se calhar, inevitável— da nossa pessoal filosofía ou das paixons e interesses que nos moviam daquela e por ventura agora nos movem, a lembrança dos sucessos e dos ambientes nos que estiveemos imersos apresenta uns caracteres de realidade vivida que seducem aos historiadores porque nom os acham na pesquisa exercida sobre as fontes cristalizadas em textos e monumentos cos que o diálogo do his-

*. Este discurso correspón dese coa intervención de Carvalho Calero nas V Xornadas de Filosofía, organizadas pola Aula Castelao de Filosofía, celebradas en Pontevedra, no mes de Abril de 1988. O autor incluí o texto en *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1989, páxs. 234-243, de onde o reproducimos.

toriador só metaforicamente é possível, enquanto cabe em sentido recto co home que estivo presente no desenvolvimento do sucedido.

Assi que darei a esta contribuiçom às jornadas previstas umha dimensom preferentemente testemunhal, renunciando a convertê-la numha investigaçom científica. Tratará-se mais bem de um fragmento das memórias nom escritas de um velho que evoca as suas lembranças, apoiadas somente por excepçom em citaçons ou consultas livrescas.

Pertenço como humilde cultivador das letras galegas e mesmo em oca-sions meditador curioso sobre a sua problemática, à que às vezes é cha-mada geraçom do Seminário, porque os seus componentes temos tra-balhado na nossa mocidade no Seminário de Estudos Galegos, fundado em 1923. A pegada desta Instituiçom, hoje revestida de um prestígio mítico, foi efímera em muitos, mas outros nom nos explicaríamos a nós mesmos em relaçom coa cultura galega sem referéncia ao Seminário. Eu nom figem parte do grupo dos fundadores, todos mais velhos ca mim, e cujo peso na nossa cultura é mui desigual. Aqueles moços ainda estudantes o 12 de Outubro de 1923, cando na casa do Castro de Or-tonho pensam constituir umha sociedade de estudos galegos, foram os irmãos maiores dos que ingressamos no Centro no curso 1926-1927, o primeiro que seguiram em Santiago, e deles aprendêmos muitas cousas. Mas daqueles que a começos do indicado ano académico nos achegámos ao edifício do antigo Colégio de Sanclemente, onde o Seminário estava instalado, somente eu permanecim ligado ao mesmo, e cheguei a ser o seu Secretário. Ao ausentar-me de Santiago, terminados os meus estudos de Direito, passei a ser membro do Conselho Director, e por esse motivo tenho hoje um cartom que me acredita como membro numerário daque-la entidade renacida na posguerra.

Os fundadores do Seminário aspiravam a emular, de umha banda, o *Institut d'Estudis Catalans*, e de outra, a *Real Academia Gallega*. Tinham o Centro citado em primeiro termo como modelo do que devia ser um agrupamento de investigadores e estudiosos das cousas do país nos dias

que corriam entom, e o segundo como exemplo do que nom podia ser esse agrupamento. O nome de Seminário indicava claramente a arela de formaçom de investigadores, mui afastada do carácter panteónico que à *Academia* se lhe atribuía. Mas, ainda que trabalharom ou colaboraram co Seminário especialistas formados ao modo antigo, politicamente neutratos em matéria de galeguismo, ou afectos ao regionalismo tradicional, o espírito dominante, no que pesavam decisivamente as ideias dos mais activos dos fundadores, entre os quais o mais velho era Fermim Bouça Brei, e entre os quais figuravam tamém José Filgueira Valverde e Luís Tobio Fernández; o espírito dominante, digo, o que fecundava as realizaçons do Seminário, e alentava o esforço geral, era um conceito da Galiza como entidade nacional, afervoradamente aceitada em quanto nai e senhora, para empregar a expressom de Cabanilhas. Na medida em que a vida quotidiana do Centro se sustentava sobre a actividade dos fundadores –e logo das promoçons sucessoras daqueles–, o Seminário era umha instituiçom juvenil polo seu pulo, que com métodos modernos tencionava projectar nos eidos da investigaçom o espírito do nacionalis-mo galego, tal como o estavam conformando os membros da geraçom *Nós*, renovadores em sentido europeu e exigentemente culto da doutrina das Irmandades da Fala, primeira organizaçom de carácter galeguista em que militaram aqueles intelectuais.

Impossibilitados de umha actividade política legal pola ditadura do General Primo de Rivera, refugiados na investigaçom científica e na criaçom literária, os moços que, com um Presidente catedrático da Universidade, governam e inspiram realmente a vida do Seminário tenhem como au-tênticos mestres aos homes da geraçom *Nós* –Risco, Cuevillas, Castelao, Otero Pedraio–, aos que encomendam a direcçom das secçons em que o Centro se diversifica. Ora, estes homes som os teóricos definitivos da doutrina nacionalista, que, conversos às ideias defendidas polas Ir-mandades da fala, sistematizam os fundamentos da sua concepçom da galeguidade. Risco sobressai como o principal ideólogo do grupo. É o que vai redactar as obras fundamentais da doutrina nacionalista. Mas, ainda que como etnógrafo foi o mestre dos fundadores do Seminário,

nom suscitou continuadores seus propriamente ditos entre aqueles na conformaçom dessa doutrina. Risco era especialmente prestigioso no círculo dos velhos galeguistas procedentes das Irmandades. Nesse círculo tivo que afrontar a competênciā de António Vilar Ponte, mais dota-dō para o activismo político, menos inclinado à elucubraçom filosófica; competênciā que produziu umha cisom nas Irmandades que nom afecta directamente ao nosso propósito.

Mas si interessa consignar que no mesmo seio do Seminário a doutrina nacionalista de Risco nom foi mui operante. Constrangido pola ditadura governante desde 1923, Risco, que nos primeiros tempos, o mesmo que outros galeguistas, colaborara com ela, concentrara-se no seu labor de etnógrafo, e somente há retomar o fio do seu doutrinalismo político can-do a exoneraçom do Marquês de Estella possibilite um ressurgimento da democracia que rapidamente há desembocar na República. Mas entom achará muita resistênciā ao seu magistério. Surgirám homes melhor dotados do que el para a propaganda política. Risco retrai-se, resmunga, isola-se. A sua concepçom da Galiza foi devidamente estudada. Nom insisteremos nela. Nom só por essa razom, mas tamém porque, centrândomos este trabalho em torno ao Seminário, nom podemos ignorar que, como já se indicou, entre os aprendizes de pré-historiadores, historiadores, geógrafos, paleógrafos, filólogos, etnógrafos, zoólogos, botânicos, mineralólogos que nos movíamos primeiro em Sanclemente, e logo em Fonseca, cujo salom artesoadō convertêmos em museu, as suas doutrinas sociopolíticas, para a comprensom cabal das quais muitos nom estávamos preparados, causaram menos impacto e eram realmente menos operativas que a visom da Galiza, mais geral, mas por isso mesmo mais assimilável, que nos fornecia a obra e a extraordinária capacidade de comunicaçom oral de Ramom Otero Pedraio.

Ramom Otero Pedraio, nado no mesmo prédio da antiga rua dos Capateiros ourensana, home de galeguismo pouco convincente para o Risco dos primeiros tempos, e severo juiz, na intimidade, do Risco dos últimos tempos, ou dos tempos da guerra civil e o governo do General Fran-

co, estava dotado para a política ainda em menor medida que Risco, possivelmente. Mas as suas magníficas qualidades de escritor e orador, com umha capacidade de improvisaçom poética verdadeiramente as-sombrosa, davam-lhe enorme prestígio entre os moços «seminaristas» de inclinaçons literárias e historicistas. Para erigir-me em exemplo de como reagíamos os seminaristas perante a visom da Galiza na história formulada por Otero Pedraio, e como foi essa, e nom outra, a que conformou o nosso conceito sincrónico do nosso país, autoriza-me umha razom de método, pois a minha introspecçom é a minha melhor e mais dodata forma de experimentaçom ou observaçom neste caso, e, decerto, nom fum eu umha *rara avis* naquela paxareira juvenil. Mas, por outra parte, se examinamos a obra das promoçons que deixaram obra na qual pola sua natureza poderia reflectir-se o magistério de Otero Pedraio, podemos comprovar como este deixou um calco indelével naqueles tex-tos. O corpo e a alma, a matéria e o espírito da Galiza, a sua realidade sincrónica e a sua realidade diacrónica som vistos e compreendidos por todos nós através das sistematizaçons e as intuiçons com que Otero Pe-draio deu forma cósmica –quer dizer, harmoniosa e ordenada– ao caos de dados fenoménicos que apreendem os nossos sensos. A sua *Guía de Galicia* e o seu *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* descrevem-nos, res-pectivamente, a fisionomia da nossa terra e a evoluçom da sua cultura de jeito tam fascinante que marcou para sempre a visom do país galego, geográfica e historicamente, nom só para os moços seminaristas, mas para todo home culto de época posterior à publicaçom desses livros. Nom nos engane a generosidade barroca de certas glossas oratórias que contenhem. Trata-se de obras concebidas dentro do espírito e o méto-do que privavam nos modernos círculos ocidentais da investigaçom e a descriçom geográfica e histórica. A geografia humana e a história da cultura dominam nas páginas da *Guía* e do *Ensayo*, interferindo-se ou completando-se nom só no díptico que formam, mas mesmo no interior de cada umha das unidades daquel. Se na *Guía* a descriçom da terra, a geografia, é o fundamental, nom faltam os informes históricos que em cada momento som precisos; e na diacronia que o *Ensayo* reflecte, a pre-sença do âmbito geográfico como palco em que se desenvolve a caval-

gada da história, acusa-se com marcado relevo. Mas esta teoria científica da Galiza está replicada pola teoria poética que constitui a obra literaria de Otero, especialmente a sua narrativa. Deixando à parte inumeráveis peças curtas, algumas de tam importante significacōm ao nosso propósito como *O fidalgo* ou *A sirena*, os romances do escritor ourensano nom tenhem outra finalidade em último termo que os seus livros científicos ou ensaísticos. Se ordenamos esses romances segundo a cronologia dos acontecimentos narrados, incluindo mesmo os escritos em castelhano, assemade concessons às adversas condiçōns da posguerra e formas perifráticas de resistēncia contra essas condiçōns, teremos umha espécie de discurso histórico literario sobre a Galiza inteiramente paralelo às sistematizaçōns que se contemhêm nos livros e artigos de carácter científico ou ensaístico do nosso autor. Toda a obra de Otero tem como objecto a Galiza, e a Galiza é o protagonista das suas narraçōns –como tamém, de por parte, da sua dramatúrgia e a sua lírica. Desde o seu *Gelmírez* até o seu *Devalar*, Otero percorre o caminho da história da Galiza, do esplendor cluniacense à esperançada recuperaçōm da consciênciā galega que representa o Seminário de Estudos Galegos; e obras menores dilatam ainda os limites desse percorrido. No romance que narra a romaria do prelado compostelano para impetrar de Pasqual II a concessom do pálio arcebispal, contém-se no capítulo segundo aquela poderosa síntese da realidade galega da época, traçada pola pena de um geógrafo que é poeta, e que reflecte a visom europeia e ecuménica com que o filho pensador e artista transfigura a terra mai¹.

Este «retrato da mai do artista», ainda que referido circunstancialmente à Galiza gelmiriana, apresenta os caracteres fundamentais que configuram o concepto oteriano da identidade galega. Começa com umha representação da realidade física da terra; segue com umha exaltaçōm dos ofícios que o home exerce sobre o corpo geográfico do país: o pedreiro, o labrego, o moinheiro, o segador, o carpinteiro, a tecelá, o pegureiro,

o viticultor, o marinheiro. Logo, as construções ergueitas para albergue da vida humana: o casal do lavrador, o castelo do nobre. A vila do burguês. O coro, a coroa, a guirlanda das velhas cidades, romanas e cristiás. Os ilustres mosteiros. As igrejinhas campesinas. A Compostela de voz universal.

Esta Galiza medieval, a do momento mais brilhante da Galiza na ordem política, cando se consumava a fábrica românica da catedral apostólica e a cultura cluniacense florecia na sé compostelana, cando toda Europa afluía ao sepulcro de Santiago e era decisivo o peso da mitra na história da cristiandade peninsular, é a culminaçōm da realidade galega no pensamento oteriano. Realidade que, imediatamente depois, já deminuído o poderío compostelano na política castelhana, há superar ainda o seu esplendor cultural, ao verificar-se um fenómeno de secularizaçōm relativa da poesia lírica mediante a recepçōm da cançōm trovadoresca, que adopta a língua galega como instrumento de expressom hispânico.

Estes grandes triunfos culturais nom ham de repetir-se. Todo o que segue é mais bem decadênciā, pois ainda que o poente barroco na nossa terra há criar maravilhas arquitectónicas, esse florecimento nom se verá acompanhado de umha prosperidade da consciencia colectiva no terreno da política e da conservaçōm da identidade lingüística. Se hai logo sucessivos ressurgimentos das essências galegas, nom som assumidos pola totalidade do povo, desgaleguizado nas suas capas sociais superiores, e empobrecido e degradado nas inferiores até a ignorânciā e a renúncia da sua personalidade histórica. As classes dominantes vivem ao jeito provinciano a história de Espanha, e as dominadas vivem a-historicamente a sua existênciā de proletariado que conserva a tradiçōm étnica reduzida a decadente superstiçōm.

Sen embargo, a recuperaçōm da personalidade colectiva, esmorecida pola colonizaçōm e a alienaçōm do elemento indígena, vai ser o único ideal que de verdade inspire todo programa autenticamente regeneracionista.

1. Ramón Otero Pedrayo, *A romeiría de Xelmírez* (novela), ilustrada por Castelao, Nós, volume LXII, Santiago, 1934; pp. 59-62.

Historicamente, Otero Pedrayo regista catro momentos em que, de um jeito ou outro, Galiza, plena ou imperfeitamente, pudo e soubo desenvolver as suas forças naturais: o momento céltico, o momento românico, o momento barroco e o momento romântico².

O *Ensaio sobre a cultura galega*, de que hai umha versom portuguesa mais recomendábel editorialmente que a castelhana original –e que a galega posterior e supérflua–, contém a interpretaçom da história do nosso país à luz dessas ideias³. A importancia fundacional do elemento céltico é um herdo da historia romântica, que o próprio Cuevilhas tivo que matizar aceitando a realidade de um fundo étnico anterior representado polos oestrymnios⁴. Mas a Galiza é o resultado da fixaçom de um povo numha terra. Um povo que mantivo sempre estreitas relaçons cos povos europeus. O galego foi tanto mais galego canto mais europeu foi. O galeguismo de Otero Pedraio é eurogaleguismo.

Mas ao falarmos da Galiza, a que terra nos referimos?; quais som os seus limites? Otero tem declarado que numha organizaçom política do seu país, el sonha coa grande Galiza, a Gallaecia romana, umha Galiza à vez lucense e bracarense. Quer dizer que nom aceita como realidade territorial galega a fixada administrativamente em 1833 pola divisom provincial de Xavier de Burgos.

2. R. Otero Pedrayo, *Morte e resurrección*, Ourense, 1932; p. 37.

3. A ediçom castelhana, nomeadamente nas citaçons, está cheia de gralhas que o tradutor português procurou acertadamente subsanar. Pôr no galego arbitrário que a língua falada entre nós favorece, um texto já fixado na forma padrom do português moderno, quer dizer, na forma mais prestigiada do galego-português actual, parece antieconómico e extemporâneo sacrificio a umha política de isolacionismo fanático. Um ensaio de alta cultura, como este, nom vai ser melhor entendido polos galegos iletrados escrito em convencional galego que em contrastado português.

4. Cf. F. López Cuevillas, *La civilización céltica en Galicia*, Santiago de Compostela, 1953; especialmente, p. 29.

Daqui, a necessidade da estreita colaboraçom com Portugal que Otero propugnou, como todos os homes de *Nós*. Nas eleiçóns celebradas ao advento da Segunda República Espanhola, Otero Pedraio obtém umha acta de deputado pola provincia de Ourense, como nacionalista galego. Reunidos os deputados galeguistas com muitos galegos residentes em Madrid, em agosto do mesmo ano, num restaurante de La Bombilla, Otero, num famoso discurso, encara-se coas reticências e resistências que no mesmo seio do republicanismo se opunham ao desenvolvimento das liberdades do seu país, e manifesta que este poderia pedir ajuda a Portugal para neutralizar essas resistências, o qual produziu grande es-cândalo nos círculos madrilenhos.

No Parlamento, Otero Pedraio reiterou a doutrina galeguista e romanista da unidade lingüística galega-portuguesa.

«El señor Unamuno, autor de unas páginas maravillosas sobre el paisaje gallego, sabe muchísimo mejor que yo que Galicia, tanto etnográfica como geográficamente y desde el aspecto lingüístico, es una prolongación de Portugal, o Portugal es una prolongación de Galicia: lo mismo da».

«Por algo nuestra lengua es la misma de Portugal»⁵.

Mas a Galiza que para Otero é a Galiza autêntica comprende espiritualmente Portugal.

«Pra o noso galeguismo a historia é sempre vital e moza, e por sélo debe reitificar o feito dooroso do arredamento de Portugal. Os millores espíritos portugueses e galegos son cibdadaos da integridade da Galiza amiga no ordeamento civil, sempre vivente na sistemáteca íntima das concénceas. A língoa debe voltar a ser a mesma para fortalecemento do ser trascendental da Céltiga ibérica. Como o poema de sombras de Teixeira

5. Cf. «Discursos parlamentários», em Ricardo Carvalho Calero, *Letras Galegas*, Associaçom Galega da Língua, A Corunha, 1984; p. 83.

acompaña co doloroso solpor da y alma de Rosalía, o grande optimismo da galeguidade abrangue as esenzas criadoras de Portugal. Sin conquistados, nin conqueridores. Ca fraternidade dos hirmans que se atopan ledamente despois de ter equivocado o camiño das mesmas arelas»⁶.

Mas se a língua é o primeiro, se “a língua, forma psicolóxica da Raza, tende a ser a primeira obligación de todos, pois co uso e cultivo cotidián chegaráse aixiña ó punto de unanimidade mínimo pra que a galeguidade seña a fórmula completa das arelas de todo-los galegos»⁷, o nosso pensador, que non é revolucionario mas regeneracionista, venera as formas da tradición, comprendendo no entanto a necesidade da renovación da Galiza.

Fidalgos, clérigos, lavradores foron os esteios da sociedade tradicional. Non se trata de castas xebradas, mas de funcións harmonizadas na ordenación platónica da historia real. A fidalguía regenera-se coa transfusión do sangue labrego. Como tem indicado Rodrigues Lapa, tal fenómeno vem reflectido no conto *A criada*⁸. Enquanto em Valle-Inclán o señor abusa feudalmente da moinheira, en Otero –onde, naturalmente, non falta ese motivo– aparece registrado como algo positivo a infusión de sangue plebeu nas veias da decaída nobreza.

Esta debería ser o instrumento de transformación da sociedade rural para a sua modernización sem márgua de conservación do tradicional. Noutro conto, *A sirena*, o señorito do paço da Mirteira non só renuncia, como o Paio Soutelo de *Os caminhos da vida*, a afastar-se da aldeia, mas assume a tarefa de redimir da sua miseria moral a pobre terra de Galiza. Coa colaboración da sua mujer, europea do Norte –mais umha vez, o eurogaleguismo–, vai trocando a vida dos labregos e vilegos. Os señores da Mirteira ensinam novos deportes, fundam e dirigen esco-

6. R. Otero Pedrayo, *Morte e resurrección*, ed. cit., p. 69.

7. *Ob. cit.*, pp. 67-68.

8. M. Rodrigues Lapa, «A ideia da comunhão em Otero Pedrayo», em *Homaxe a Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo, 1958; pp. 73 e ss.

las, traen conferencistas, aconselham outros tipos de vivenda, mejoran e renovam as industrias do mar e do agro. A aristocracia insere-se na democracia. Um fato de rapazes que já bulem muito, apresentam a candidatura do señorito da Mirteira para as próximas eleccións de deputados a Cortes⁹.

Posto nos derradeiros tempos da República na Galiza o problema da aliança coas forças integradas na Frente Popular, Otero defendeu no seio do Partido Galeguista a abstención daquel compromiso. Como este se considerou necesario para conseguir a aprobación do Estatuto de Autonomía, Otero submeteu-se à decisión e permaneceu na organización, sem somar-se ás císons direitistas de Filgueira Valverde e Vicente Risco. Mas no próprio órgano jornalístico do Partido defendeu a necesidade de non manter a aliança umha vez que se resolvesse o problema que a motivara. Pois supunha que o Partido non pensaría rematada a sua función histórica coa esmola de um Estatuto¹⁰.

Non podemos entrar agora no estudo do pensamento galeguista de Otero Pedraio nos tempos que seguem a guerra civil, durante os quais, proscritas as suas ideas políticas, atingiu non obstante niveis de popularidade e adesión persoal que nunca alcanzara anteriormente.

Convertido –morto Castelao, arrepentido Risco– em símbolo vivo da galeguidade, Otero prestou a esta imponentes servicios oficiando como mantedor do lume sagro no lar da casa petrual. Mas as suas funcións foron puramente litúrgicas. Nesta época, Otero reina mas non goberna. Acada umha popularidade geral. É realmente Dom Ramón de Galiza. Emporiso, sempre conservando a máxima lealdade ás doutrinas que na força da idade tam poderosamente contribuíra a

9. Ramón Otero Pedrayo, *Contos do camiño e da ría*, Santiago de Galicia, 1932; pp. 5 e ss.

10. *A Nosa Terra*, núm. correspondente ao 15 de Maio de 1936.

criar, reduze-se agora, mui brilhantemente, a actividades representativas e protocolárias. A sua ideia da identidade galega estava já perfilada. A Galiza que amava, a dos fidalgos, os monges e os lavradores, fora modificada polo advogado das silveiras e o tendeiro castelhano. Umha aceitaçom do regime liberal, co triunfo da pequena burguesia que mercara igrejários, só era possível se a velha fidalguia se tornava ilustrada e colaborando cos moços galeguistas modernizava, sob a inspiraçom da sereia do Norte, a deturpada tradiçom. No seu derradeiro grande romance –breve em volume– *Devalar* (1935), articula a visom ideal e actualizada da sua utopia galeguista. Depois da guerra, o seu pensamento nom medra. Otero parece decatar-se de que os tempos reclamam novas atitudes, e, sempre disposto a servir ao seu país coa palavra e a pluma, reduze-se ao hino patriótico e à meditaçom lírica. Ganha umha cátedra universitária, revela umha assombrosa capacidade de penetraçom erudita nos seus estudos sobre Feijó; mas nom profunda em problemas ideológicos. Parece feliz nas suas tertúlias, rodeado de novos amigos que o agasalham acotio. Em todo caso, nós detemos aqui as nossas consideraçons. Nom cremos que no Otero posterior à Guerra Civil se achem aportaçons ao seu pensamento galeguista que podam modificar as nossas conclusons.

Podemos resumi-las sem pretensons de fórmula acabada.

A Galiza constitui umha unidade cultural, produto de umha comunhom de umha raça e umha terra; en suma, umha naçom.

O fundo étnico do povo galego é europeu –céltico– e a sua espiritualida-de é cristá. As renovaçons necessárias ham respeitar esta tradiçom.

O sacramento da galegideade á a língua. A língua é o primeiro, pois, no programa da restauraçom da autenticidade.

O galeguismo, fundamentado no europeísmo e no catolicismo, é umha forma ilustre de universalismo. Galiza, célula de universalidade, como reza um princípio do Partido Galeguista, a cuja fundaçom em Pontevedra, em Decembro de 1931, assistiu Otero, como assistim eu.

Pontevedra, 7 de Abril de 1988



De esquerda a dereita: Octavio Sanmartín, J.R. Santos Júnior, Ricardo Carvalho Calero, Ramón Otero Pedraio, Fernando de Castro Pires de Lima. 1967.

EPÍLOGO
MARIA VICTORIA CARBALLO-CALERO

1.- Xa hai anos, desde 1997, que o Parlamento Galego é depositario e custodio da biblioteca e legado documental do meu pai, Ricardo Carvalho Calero. Cando, a tal fin, se levaron a cabo as xestións coa miña nai que culminarían na mudanza dende o seu domicilio na Carreira do Conde á sede do Parlamento, era Presidente Victorino Núñez Rodríguez e parlamentaria Pilar García Negro, auténtica artífice da negociación. Trasladábase así un importante acervo bibliográfico, epistolográfico e histórico que había servir para poñer ao dispor do público interesado datos e documentación sobre un capítulo fundamental da nosa historia contemporánea, a través do labor de quen dedicou a vida enteira á investigación e á divulgación da lingua e da literatura galegas. Cando saiu da casa a derradeira caixa de libros, miña nai exclamou: “por fin terei na miña vida un cuarto de estar”, porque os libros, na vivenda, ocupaban non só a mellor habitación senón todo o espazo.

Pareceume lóxico, pois, que o Parlamento actual presidido por Miguel Santalices Vieira, e con ocasión de ser Carvalho Calero o dedicatario do **Día das Letras Galegas neste ano 2020**, desexara honrar o seu nome e a súa obra con varias iniciativas entre as que estaría a edición dun volume que, logo de varias conversas, acordamos sería de “discursos e leccións” da súa autoría. Se o Parlamento é, e debe ser, a casa da palabra por excelencia, ten toda a coherencia que se saliente esta dimensión dun autor reconecido en moitas ocasións pola súa elocuencia e dotes oratorios desde a mocidade até a fin dos seus días.

2.- Son, pois, seis décadas de traballo continuado as que Pilar García Negro selecciona nestas páxinas, con dedicación privilexiada a escritores fundamentais da nosa historia: Rosalía, Castelao, Cabanillas, Otero Pe-

draio ou Cunqueiro, e sempre cunha liña de esclarecemento da natureza da lingua, das súas orixes, do porqué da deriva histórica acaecida, e da necesidade da súa normalización.

Mais tamén estes textos recollidos no presente volume contribúen a esclarecer a biografía do autor. Entre o primeiro (1930), como estudiante elixido polos compañeiros para pronunciar o discurso de inauguración do curso universitario, e o derradeiro (1988) na Semana Galega de Filosofía, dáse unha evidente conexión que vai desde o protagonismo en tempo real dos traballos e os días do Seminario de Estudos Galegos e da vida universitaria compostelá, e do inminente cofundador do Partido Galeguista, ao historiador deste período crucial da historia contemporánea de Galiza. Entre estes dous marcos transcorre toda unha vida consagrada sen desmaio e sen procura de recompensas nin honores ao rigoroso estudio e significación da más senlleira producción cultural galega contemporánea, a que permitiu devolverlle á lingua o estatuto de calidade e prestixio que estimulase asemade a normalidade social e pública.

Traballador incansábel, a súa obra é tributaria dun fondo sentido de responsabilidade social que, mesmamente, obrigouno ás veces a deixar nun segundo plano a faceta de creación literaria –cada vez mais estudada e valorada- para dotar á bibliografía galega de obras tan necesarias como unha gramática ou a *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, acompañadas de centos de estudos, artigos, colaboracións xornalísticas, conferencias por todo o país e fóra del.

Por outra banda estes “discursos e leccións” antologados e anotados maxistralmente por Pilar García Negro, que transitán por Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela..., iluminan o desempeño dun labor docente admirábel levado a cabo en centros privados, no ensino medio público e, finalmente, na Universidade, da que será o primeiro catedrático por oposición de Lingüística e Literatura Galegas. Na década posterior

á xubilación – a derradeira da súa existencia- a actividade vaise acrecentar con recompilacións da obra poética, narrativa, teatral; conferencias e discursos polos lugares máis dispersos do territorio, e unha constante atención á actualidade xurídica e sociolingüística derivada do actual réxime. A defensa permanente da pertenza da lingua galega ao sistema galego-portugués, como matriz do mesmo, e das vantaxes da reintegración dela no seu espazo natural ten sido a súa bandeira.

Para rematar, quixera apontar que sempre se recoñeceu membro do Seminario de Estudos Galegos, así como fillo intelectual e político, tamén discípulo, de mestres como Castelao ou Otero Pedraio, e continuador dun maxisterio e unha ideia da Galiza á que, como militante do Partido Galeguista, nunca renunciou. A súa aspiración era que a fortuna histórica do galego mudase e volvese ser restaurado como lingua normal de todos os galegos.

3.- Como filla do autor homenaxeado neste volume, transcorridos trinta anos do seu falecemento, non deixa de ser grande motivo de alegría para a familia comprobar como tanto a persoa como a obra do meu pai suscitan o interese de tantas xentes, novas de idade ou novas na descuberta do seu papel na historia galega do século XX. Desexo, pois, que o presente volume contribúa a un reencontro necesario cun dos seus protagonistas.

Non podo rematar sen agradecer a Miguel Santalices o interese e desvelo demostrado en todo momento para que a publicación saíse do prelo o mellor posibel, e a Pilar García Negro, o seu inmenso traballo como responsable da edición e autora da Introdución na que, entre outros aspectos, se expoñen e aclaran os criterios utilizados na selección dos “discursos e leccións” e os criterios de edición, e autora así mesmo das notas a rodapé, tan esclarecedoras como imprescindíbeis, que acompañan ao lector na contextualización e comprensión dos textos, isto é, do traballo enteiro. Moitas grazas, Pilar.



Foto: Eduardo Rodríguez Ochoa

